



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 22

**Sesión plenaria**  
27 de xaneiro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGLPpy1eyic8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## ORDE DO DÍA (continuación)

---

### Punto 2. Comparecencia

#### 2.1 7586 (11/CPP-000036)

Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre as medidas que se van adoptar para frear a terceira onda da covid-19, o plan de vacinación e as medidas para compensar os sectores económicos máis afectados pola pandemia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 13.01.2021

### Punto 4. Proposicións non de lei

#### 4.1 1280 (11/PNP-000113)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co investimento da Xunta de Galicia en I+D+i e as condicións laborais do persoal investigador

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

#### 4.2 4024 (11/PNP-000448)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Francisco Rivera, Juan Carlos e tres deputados/as máis**

Sobre o establecemento polo Goberno galego de axudas directas para o sector dos autónomos e pemes ligadas directamente ao sector da hostalaría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

#### 4.3 4867 (11/PNP-000554)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co aumento do nivel de mortalidade e morbilidade en Galicia desde o inicio da pandemia da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 44, do 11.11.2020

#### 4.4 6202 (11/PNP-000717)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020



**4.5 6466 (11/PNP-000738)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa achega da Administración autonómica ao Servizo de Axuda no Fogar ordinario, así como co copagamento das persoas usuarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 23.12.2020

**4.6 7581 (11/PNP-000805)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rey Varela, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia relativas ao pazo de Meirás e a súa cesión e xestión

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 75, do 13.01.2021

**Punto 5. Interpelacións****5.1 4718 (11/INT-000316)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no sector da hostalaría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 44, do 11.11.2020

**5.2 7367 (11/INT-000462)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a intensificación da campaña de vacinación para a covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

**5.3 7388 (11/INT-000465)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre os integrantes, os plans e o tratamento de residencias, fogares e centros de día en relación co Comité Asesor Sociosanitario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

**Punto 6. Preguntas ao Goberno****6.1 8335 (11/PUP-000143)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para abandonar o Padroado da Fundación Sargadelos apenas un mes despois da súa entrada nel para impulsar a marca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021



**6.2 7262 (11/POP-000908)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e tres deputados/as máis**

Sobre a partida orzamentaria relativa ás axudas para o pequeno e mediano comercio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

**6.3 8334 (11/PUP-000142)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón**

Sobre os plans da Xunta de Galicia para evitar unha crise sen precedentes na comarca de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

**6.4 8341 (11/PUP-000144)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para apoiar a actividade industrial na planta de Siemens-Gamesa nas Somozas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

**6.5 7171 (11/POP-000871)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as políticas que vai pór en marcha a Xunta de Galicia para intervir sobre o parque de vivenda baleira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

**6.6 7008 (11/POP-000826)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre o compromiso adquirido pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para poñer en funcionamento un conservatorio profesional de música no concello de Begonte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

**6.7 7478 (11/PUP-000096)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e dez deputados/as máis**

Sobre as liñas de traballo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para impulsar e consolidar a investigación científica e universitaria en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 13.01.2021

**6.8 7350 (11/POP-000949)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a constitución inmediata dunha unidade especializada en xeriatria no hospital de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021



**6.9 7574 (11/PUP-000121)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Calvo Pouso, Diego e sete deputados/as máis**

Sobre as continuas variacións do prezo da electricidade e as medidas que activou a Xunta de Galicia para apoiar as familias máis vulnerables

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 13.01.2021



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.*

**Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre as medidas que se van adoptar para frear a terceira onda da covid-19, o plan de vacinación e as medidas para compensar os sectores económicos máis afectados pola pandemia. (Punto segundo da orde do día.)**

Intervención do Goberno: *Sr. presidente da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo).* (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 23.), *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 27.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 31.)

Réplica do Goberno: *Sr. presidente da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo).* (Páx. 35.)

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 45.) Nesta rolda interveñen a señora Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 45.), o señor Caballero Miguez (S) (Páx. 48.), o señor Puy Fraga (P) (Páx. 51.) e o Sr. presidente da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo). (Páx. 53.)*

**Proposición do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e tres deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego de axudas directas para o sector dos autónomos e pemes ligadas directamente ao sector da hostalaría. (Punto cuarto da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Francisco Rivera (S).* (Páx. 60.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Pérez López (BNG)* (Páx. 63.) e *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 66.)

*Nova intervención do señor Francisco Rivera (S).* (Páx. 70.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co aumento do nivel de mortalidade e morbilidade en Galicia desde o inicio da pandemia da covid-19. (Punto cuarto da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 73.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 76.) e *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 79.)

*Nova intervención da señora Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 83.)



**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria de Galicia.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 84.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Francisco Rivera (S)* (Páx. 87.) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 90.)

*Nova intervención do señor Puy Fraga (P)*. (Páx. 92.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa achega da Administración autonómica ao servizo de axuda no fogar ordinario, así como co copagamento das persoas usuarias.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 94.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 95.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 98.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 100.)

*A señora Ortega Otero (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 104.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D. José Manuel Rey Varela e seis deputados/as máis, sobre as actuacións da Xunta de Galicia relativas ao pazo de Meirás e á súa cesión e xestión.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 106.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 107.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 109.) e *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 112.)

*O señor Puy Fraga (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 115.)

***Votación das proposicións non de lei***

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co investimento da Xunta de Galicia en I+D+i e as condicións laborais do persoal investigador: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 117.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e tres deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego de axudas directas para o sector dos autónomos e pemes ligadas directamente ao sector da hostalaría: *aprobada por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 117.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co aumento do nivel de mortalidade e morbilidade en Galicia desde o inicio da pandemia da covid-19: *aprobada por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 117.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria de Galicia: *aprobada por 58 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.* (Páx. 118.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa achega da Administración autonómica ao servizo de axuda no fogar ordinario, así como co copagamento das persoas usuarias: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 118.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Rey Varela e seis deputados/as máis, sobre as actuacións da Xunta de Galicia relativas ao pazo de Meirás e a súa cesión e xestión: *aprobado por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 33 abstencións.* (Páx. 119.)

### **Declaración institucional**

*O señor presidente dá lectura e somete á aprobación da Cámara unha declaración institucional sobre o Día da conmemoración anual en memoria das vítimas do Holocausto, que se aproba por asentimento.* (Páx. 119.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> María do Carme González Iglesias e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no sector da hostalaría.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Pérez López (BNG). (Páx. 120.)

Resposta da Xunta: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela). (Páx. 123.)

Réplica do autor: Sr. Pérez López (BNG). (Páx. 127.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela). (Páx. 129.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Olaia Rodil Fernández e dous deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os integrantes, os plans e o tratamento de residencias, fogares e centros de día en relación co Comité Asesor Sociosanitario.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 131.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Política Social (García Martínez). (Páx. 134.)

Réplica da autora: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 136.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Política Social (García Martínez). (Páx. 138.)





**Pregunta de D<sup>a</sup> María Leticia Gallego Sanromán e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a partida orzamentaria relativa ás axudas para o pequeno e mediano comercio.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 140.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 141.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 142)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 142.)

**Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonso, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os plans da Xunta de Galicia para evitar unha crise sen precedentes na comarca de Ferrol.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Alfonso (BNG)*. (Páx. 143.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 145.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Alfonso (BNG)*. (Páx. 146.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 146.)

**Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para apoiar a actividade industrial na planta de Siemens-Gamesa nas Somozas.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Calvo Pouso (P)*. (Páx. 147.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 148.)

Réplica do autor: *Sr. Calvo Pouso (P)*. (Páx. 149.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 150.)

**Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as continuas variacións do prezo da electricidade e as medidas que activou a Xunta de Galicia para apoiar as familias máis vulnerables.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 151.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 153.)

Réplica da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 154.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 154.)



**Pregunta de D<sup>a</sup> Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as políticas que vai pór en marcha a Xunta de Galicia para intervir sobre o parque de vivenda baleira. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 156.)

Contestación da Xunta: *Sra. Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 157.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 158.)

Réplica da Xunta: *Sra. Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 159.)

**Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o compromiso adquirido pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para poñer en funcionamento un conservatorio profesional de música no concello de Begonte. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 160.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 161.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 162.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 163.)

**Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as liñas de traballo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para impulsar e consolidar a investigación científica e universitaria en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Rodeiro Tato (P)*. (Páx. 164.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 165.)

Réplica do autor: *Sr. Rodeiro Tato (P)*. (Páx. 166.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 167.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da Xunta de Galicia para abandonar o Padroado da Fundación Sargadelos apenas un mes despois da súa entrada nel para impulsar a marca. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 168.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 169.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 170.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 171.)



**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a constitución inmediata dunha unidade especializada en xeriatria no hospital de Ourense. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 172.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 173.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 174.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 175.)

**Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a intensificación da campaña de vacinación para a covid-19. (Punto quinto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 176.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 179.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 184.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 187.)

*Remata a sesión ás oito e vinte e oito minutos do serán.*



*Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Reanudamos a sesión co punto segundo da orde do día.

**Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre as medidas que se van adoptar para frear a terceira onda da covid-19, o plan de vacinación e as medidas para compensar os sectores económicos máis afectados pola pandemia**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o presidente da Xunta, don Alberto Núñez Feijóo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor presidente do Parlamento, señoras e señores deputados do Partido Socialista, do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Popular de Galicia.

*Exitus* por coronavirus, muller de 92 anos. Sufría outras patoloxías de base.

*Exitus*, varón de 66 anos. Estaba ingresado en planta de hospitalización convencional.

*Exitus*, muller de 84 anos ingresada en planta con patoloxías previas.

*Exitus*, home de 69. Fora diagnosticado de coronavirus hai uns días.

Tres *exitus*: varón de 94 anos, varón de 97 anos e muller de 91 anos.

*Exitus*, varón de 63 anos falecido en urxencias.

*Exitus*, home de 28 anos. Procedía da residencia de persoas con discapacidade de Mos.

*Exitus*, varón de 46 anos ingresado en UCI sen patoloxías previas.

*Exitus*, muller de 37 anos embarazada.

Como todos vostedes saben, *exitus* significa falecemento. Pois ben, ata 1.659 mensaxes de falecemento son as que chegaron nos últimos meses aos nosos teléfonos e aos dos sanitarios encargados da xestión pandémica.

*Exitus* en Santiago, muller de 87 anos. Este é o último que acabamos de recibir. O pésame de todo o pobo galego ás súas familias e aos seus amigos. (*Aplausos.*)

Detrás de cada *exitus* hai unha familia que sofre e tamén un equipo de profesionais que se frustra, porque nin décadas de experiencia preparan para afrontar con enteira unha situación como a que vivimos. Non fago esta reflexión en primeira persoa, senón sobre todo pensando en miles de traballadores que todos os días se ven na obriga de afrontar os efectos que o virus ocasiona nos hospitais e nos centros sanitarios, nos coidadores das persoas máis vulnerables, nas residencias, nos fogares e nos expertos que nos asesoran para axustar con precisión as restricións de cada fase.



Señorías, a crise inédita que vivimos é un desafío anímico para todos, sen excepción. Desmoraliza e fatiga de maneira indiscriminada, seino, pero o meu deber segue sendo o de recordar que é o máis importante. Non todos pagamos as consecuencias da pandemia na mesma medida, pero todos temos o mesmo obxectivo común: preservar vidas humanas garantindo que os hospitais non colapsen para que os cidadáns que precisen atención a teñan garantida en todo momento. Para que iso sexa posible, adoptamos decisións que afectan negocios —seguro que ás veces nalgúns casos de forma irreparable—, adoptamos decisións que limitan as relacións sociais privándonos a todos de compartir cos que queremos un tempo que nunca poderemos recuperar, adoptamos decisións que coartan liberdades e dereitos en moitísimos ámbitos da vida. E por moi duro e indesexable que isto sexa, non é o primeiro no que debemos pensar —nin os responsables públicos, que temos a obriga de proporcionar as decisións, nin tan sequera os cidadáns que se ven afectados por elas—. Todos os esforzos que lles pedimos aos galegos son para que outros galegos poidan ter sempre un respirador dispoñible nunha UCI ou un profesional sanitario preparado para atendelos. Iso, na nosa opinión, é o primeiro. Por iso o facemos e o faremos sempre, sempre que sexa preciso e coa intensidade que requira cada momento.

Foron 91.178 cidadáns de Galicia os que recibiron un diagnóstico covid dende o pasado mes de marzo. A maioría deles, o 91 %, pasárona nos seus domicilios con sintomatoloxía leve —dende un bebé de poucos meses ata un home de 108 anos—. Pero moitos requiriron atención hospitalaria para poder superala, e, por suposto, recibírona. No que levamos de pandemia, 997 persoas sobreviviron ao coronavirus tras recibir coidados nas unidades de coidados intensivos —tamén foron de todas as idades— e 6.807 persoas de entre 4 meses e 106 anos saíron adiante nalgunha planta hospitalaria. Pese a ter case o 25 % de persoas maiores, as máis vulnerables, somos a comunidade peninsular con menor mortalidade de España por cada 100.000 habitantes dende que comezou en marzo a pandemia ata o día de hoxe. Afortunadamente, hai miles de curados ao longo destes meses. E o prioritario é seguir dando esa resposta e que en Galicia non teñamos que dar nunca ningunha vida por perdida sen antes facer todo o que sanitariamente sexa posible. (*Aplausos.*)

Moitos de vostedes, señorías —e seguro que tamén moitos cidadáns—, poden pensar que esta introdución é innecesaria. Sen embargo, eu creo que máis ca nunca é necesario reconciliar. Hai que reconciliar porque estamos a pasar un momento de enorme dificultade. Sempre —directamente aos galegos e tamén nesta Cámara— lles dei conta da pandemia coa maior transparencia e rigor do que son capaz —e de xeito especial nas fases de maior gravidade, como a que vivimos—, porque ningún problema está á altura e moito menos ningún gobernante está á altura se se esconde nos peores momentos.

Aquí ninguén imaxina que os profesionais sanitarios non o deran todo nesta crise. O que eles fan ofrecendo o mellor de si mesmos, sen descanso, supera con creces o que fagamos todos os demais. Pero cada un, no exercicio das nosas responsabilidades, debemos responder a unha pregunta: ¿é momento de poñerse de perfil, de esconderse en voceiros que mitiguen o desgaste propio?, ¿é momento de dedicarse a outras cousas en lugar de estar ao cen por cento na loita contra a pandemia, de pensar en índices de popularidade en lugar de facelo en taxas de contaxio ou de ocupación hospitalaria? Dende logo que non, e por iso en Galicia



hai e seguirá habendo un goberno no que ninguén se esconde. Se hai que tomar decisións duras, tómanse —empezando, por suposto, por min—.

Con claridade quero hoxe insistir en que Galicia está inmersa na terceira onda da pandemia. E, como o resto do mundo, está a sufrila con máis virulencia que as anteriores. No día de hoxe hai 21.193 casos activos e, malia que nos últimos días o incremento vaise mitigando, o certo é que os contaxios seguen avanzando a gran ritmo. En consecuencia, crece a presión nas UCI —hoxe hai 178 persoas, igual, sorprendentemente, que no pico máximo que se rexistrara en abril—. E hai 1.093 que están sendo atendidas nas plantas dos hospitais, que superan xa o pico da primeira onda.

É certo que seguimos en mellor situación que a media nacional, porque a comunidade ten unha incidencia a catorce días por cen mil habitantes de 726 fronte a 894 de media, porque a incidencia a sete días é de 405 fronte a 421 de media, e porque a nosa é a cuarta comunidade autónoma con menor presión nas unidades de coidados intensivos —a metade que no resto de España—. En España o 41,2 % das camas UCI están ocupadas; e en Galicia, o 23,7 %. E tamén seguimos sendo unha das comunidades con menor ocupación de cama hospitalaria. En España está en máis do 24 %; e en Galicia, no 15,3 %. E, como lles dixen, seguimos estando entre as comunidades autónomas con menor mortalidade, a de menor mortalidade de todas as comunidades autónomas peninsulares. Pero asegúrolles que iso non é un consolo, porque, malia estar mellor que a media, a progresión preocúpanos.

E ¿por que o nivel de contaxios agora é superior ás ondas anteriores? Na miña opinión, por dous motivos. O primeiro é polo que supón o feito de que ao longo da pandemia a afectación da covid está sendo menor en Galicia que no resto de España. O número de persoas infectadas en Galicia é a metade do número de persoas infectadas en España. Efectivamente, a prevalencia na nosa comunidade autónoma é do 4,5 % mentres que a porcentaxe é máis do dobre a nivel nacional. Somos a comunidade, xunto con Canarias, con menor prevalencia e, en consecuencia, estamos máis expostos porque existe unha menor inmunidade. A segunda causa é que a progresión do virus dende hai semanas revela que lamentablemente as novas cepas que están circulando non van ser marxinais, como se nos dixo inicialmente. Están a afectar xa, e a previsión é que se sigan incrementando de forma continuada.

Estas son as razóns polas que é preciso reforzar a protección e polas que desde hai semanas nos estamos vendo obrigados a seguir endurecendo as restricións. Por moi difícil que sexa tomar medidas que comprometen o futuro de bastante xente, de moita xente, non dubidamos en adoptalas cando os datos o exixen e cando os expertos nolo recomendan. É así como actuamos dende que todo isto comezou e como seguiremos actuando ata que todo isto finalice.

Contar cun comité clínico que avalíe en tempo real e tecnicamente a evolución da pandemia é un recurso ao que non imos renunciar en ningún momento. ¿Que outro criterio hai máis autorizado que a opinión dos expertos sanitarios, señorías? ¿Quen mellor ca eles nos pode guiar para axustar as restricións a cada momento epidemiolóxico e a cada territorio? Grazas aos trinta e cinco expertos que nos asesoran dende o primeiro instante ata o de agora tentamos sempre ser contundentes pero tamén proporcionados na aplicación das medidas.





Adoptámolas por territorios cando é posible, distinguindo segundo a incidencia. Aplicámolas gradualmente porque cada nivel de peche ten un custo social de grandes dimensións. E, cando a situación o exige, endurecemos as restricións a nivel de toda a comunidade, como fixemos desde que comezou a terceira onda —e con máis énfase esta semana coas medidas que entran en vigor—.

Con esta visión, nos últimos meses fomos tomando decisións progresivamente. En novembro, ante unha incidencia alta, intensificamos as restricións co establecemento das almen-dras perimetrais arredor das cidades, co peche da hostalaría nas cidades —unha medida que non tomaron moitas comunidades con incidencias máis altas que Galicia— e prohi-bindo reunións cos non conviventes —sendo a primeira comunidade que adoptou esta me-dida, que é durísima e que meses máis tarde adoptarían outras como Baleares, Valencia, A Rioxa, etc.—.

Cando a situación mellorou e a curva aplanou no mes de decembro, actuamos, en conse-cuencia, diferenciando por zonas. Establecemos un modelo con catro niveis de restrición fundamentado en criterios epidemiolóxicos obxectivos de incidencia e tamaño da poboación. E seguimos este modelo para actualizar as restricións dúas veces á semana —todos os mar-tes e venres—, aliviándoas ou endurecéndoas en tempo real.

En Nadal apostamos por ser a comunidade máis restritiva despois de Valencia. Mentres que o Goberno propuxo abrir a mobilidade quince días por motivos familiares, aquí permitiuse en sete. Noutras autonomías a hostalaría pechou en noiteboa e en noitevella á unha da madru-gada. Aquí non, proseguiu durante todo o período ata as 23.00 horas. Mesmo en cidades como Vigo, Pontevedra e Ferrol a hostalaría pechou ás 17.00 horas ou ás 18.00 horas todos os días das festas de Nadal. E ante as novas repuntas, dende o 4 de xaneiro volvemos graduar as res-tricións limitando a mobilidade e as saídas das residencias, e elevando o nivel de restricións nas áreas de máis incidencia. O día 13 de xaneiro illamos no ámbito do seu concello o 64,3 % da poboación galega ante a evolución preocupante de practicamente todas as áreas sanitarias.

Señorías, a resposta é versátil e progresiva, porque aplicar sempre sen cambios a mesma regra suporía penalizar innecesariamente uns territorios ou minusvalorar a ameaza vírica noutros. Por suposto, facer este exercicio non é sinxelo, porque todos —tamén os membros do comité clínico— somos moi conscientes de que as medidas que estamos aplicando afectan unha parte moi importante das familias galegas e, polo tanto, unha parte moi importante dos traballadores de Galicia. Pero non hai dúbidas se é preciso para preservar a saúde de todos, e por iso transcorridos dez días dende que adoptamos as primeiras medidas xerais o pasado 13 de xaneiro —necesarios para avaliar o impacto epidemiolóxico das referidas me-didas, e pese a que a positividade se reduciu dende o 12,2 % ao 9,2 %— entendemos, con base na opinión dos expertos, que o conveniente era pedir-lles aos cidadáns dar un paso máis e facer un esforzo máis: prohibir as reunións de non conviventes e as visitas aos enfermos nos hospitais con carácter xeral, reaxustar a actividade cirúrxica, que afecta as persoas que teñan tamén doenzas que curar, pechar a hostalaría completamente, restrinxir a mobilidade ao termo municipal, alterar o horario das tendas e clausurar os centros comerciais as fins de semana, impedir o desenvolvemento normal da vida universitaria e suspender as activi-dades culturais e deportivas. Señorías, son decisións enormemente difíciles, asegúrollelo.



Ao comezo desta comparecencia falamos de persoas, das persoas que o virus leva por diante. Pero tamén hai persoas, familias enteiras, sufrindo as restricións, e tamén son vítimas que temos presentes. Pensando nelas son incapaz de comprender que haxa deputados e deputadas neste Parlamento que falen con tanta lixeireza do confinamento total. Primeiro, porque saben perfectamente que tomar esa decisión non depende da Comunidade Autónoma senón do Goberno central que apoian. Segundo, porque lamentablemente as medidas que están en vigor xa son moi próximas a iso. E terceiro, porque a aspiración colectiva debería dirixirse a que un peche como o de marzo sexa o último recurso. Se por algún de vostedes fose, a nosa comunidade levaría confinada desde marzo. ¿Pensan nalgún momento nas consecuencias que iso tería e non lles preocupa?

Señorías, cando a incidencia o fai necesario, e cando os expertos o indican, non nos treme a man en adoptar as medidas que propoñen para protexernos sanitariamente, pero tampouco dubidamos en autorizar os distintos graos de apertura cando a situación o permite. É ese o xeito no que estamos afrontando a crise inédita que vivimos e seguiremos tomando decisións proporcionadas e adaptadas á progresión epidemiolóxica de cada fase. Dígollelo con humildade, porque nunca tanto coma hoxe as persoas que temos responsabilidades de goberno sabemos que acertar neste momento consiste moitas veces en decantarse polo mal menor. Graduar as medidas para non pasarse por exceso nin por defecto é un exercicio ben complexo, e tristemente non contamos con revelacións indiscutibles e infalibles. ¡Oxalá! Movémonos nun terreo inestable, que, sen embargo, non nos exige de actuar con rapidez e con resolución pensando en salvar vidas e en impedir o colapso do sistema sanitario por riba de todo, pero pensando tamén no día despois, cando a pandemia se supere, e tentando evitar unha crise social e económica sen precedentes, unha crise social e económica irreversible.

Señorías, ningún goberno ten dereito neste momento a solicitar un receso para valorar con calma as decisións que se toman, moito menos ten dereito a priorizar outros obxectivos que non sexan a saúde e o futuro social e económico de todos. Por ese motivo quero aproveitar esta tribuna para volver solicitar ao Goberno central que tamén asuma as súas responsabilidades. Xa é triste que o Goberno central se mantéña nun segundo plano ante unha pandemia que asola España. Xa é sintomático que, ao mesmo tempo que toda España vive o pico dunha terceira onda de grandes dimensións, asistamos ao cambio, nada máis e nada menos, que do ministro de Sanidade polos motivos que se produce, ou ao despregamento dos membros do executivo en actos de campaña electoral.

Pero o máis grave é que, aínda por riba de todo, se negue ás comunidades os instrumentos que vemos necesarios dende a primeira liña na que nós si estamos. O que está a suceder coa súa negativa a ampliar o toque de queda —que pedimos comunidades de distintas cores— é unha constante durante toda a pandemia. Néganse evidencias e demóranse medidas. Hai unhas administracións autonómicas, con todas as orientacións, insisto —nacionalistas, socialistas ou populares—, que percibimos as urxencias e hai unha administración central retardataria que nin goberna nin deixa gobernar. Hai todo un rosario de episodios con este denominador común. Díxose que o Goberno central nos surtiría de material de protección e finalmente fomos as comunidades as que tivemos que facelo. Díxose que non faría falla o uso obrigatorio da máscara, ata que foi imposible adialo máis. Díxose de novo que non había





contaxios por aerosois, pero hainos. Díxose que as novas cepas ían ser marxinais e agora recoñécese que acabarán sendo dominantes en moi pouco tempo.

E se lamentablemente os erros son pertinaces, máis aínda as decisións inspiradas por criterios políticos de curto alcance. ¿Por que se lle restou importancia á primeira onda de marzo?, ¿porque había que celebrar o 8 de marzo? (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿Por que agora o Goberno central é remiso a modificar o marco vixente en consonancia coa gravidade dos datos, moito peores que os de Alemaña, de Francia ou de Italia, onde os seus executivos estatais si toman medidas? ¿Quizais porque hai que celebrar a toda costa unhas eleccións en Cataluña? (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. ¡Silencio, por favor! Despois falará o seu portavoz. Silencio, agora hai que escoitar.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señorías, coa mesma lealdade que Galicia demostrou sempre, adiando as eleccións autonómicas convocadas, creo que o Goberno central debe recapacitar e guiarse xa non polo que as comunidades lle poidamos dicir, senón polos seus propios actos do pasado. En outubro, cunha incidencia de 500 por 100.000 habitantes en Madrid, o Goberno interveu Madrid. Agora, cunha situación bastante peor en toda España, con 894 de incidencia, non actúa e ademais impide actuar ás comunidades autónomas.

Debe facelo, debe actuar. Hai varios aspectos importantes nos que entendemos que o executivo estatal ten que contribuír a que poidamos responder á crise de forma áxil e axeitada. Tentarei plantexarllas ao presidente do Goberno no despacho que manteremos o próximo venres en Madrid. E o que lle vou dicir ao presidente do Goberno en relación coa pandemia dígoos antes en Galicia diante do Parlamento.

En primeiro lugar, sobre o xa mencionado toque de queda, ¿alguén cre que os presidentes autonómicos propoñemos flexibilizalo por capricho, ou por gusto? Se somos os que mellor coñecemos os datos, as tendencias e a situación hospitalaria, deberíamos poder facelo se cremos que corresponde. ¿A quen lle interesa negalo? ¿Que explicación sanitaria existe para impedilo? A gobernanza que se delegou claramente nas comunidades non pode ser unha gobernanza de papel. Se temos a responsabilidade, deberemos ter os instrumentos para exercela.

En segundo lugar, seguímonos movendo nun marco normativo que non está preparado para xestionar unha pandemia durante un longo período de tempo. E convén sinalar que aínda non sabemos canto se vai prorrogar esta situación. Galicia vai aprobar a súa lexislación neste Parlamento nos próximos días. Penso que acertamos, e sigo reclamando que tamén se faga a nivel estatal. (*Aplausos.*)

En terceiro lugar, trasladareille ao presidente a necesidade de buscar un consenso nacional sobre o teletraballo. Será, ou sería, importante nos próximos días facer unha ordenación deste asunto de forma común en todo o Estado.



En cuarto lugar, España adoptou tarde decisións que finalmente se demostraron imprescindibles, e debemos evitar que volva ocorrer. Existe un debate sobre determinados contextos. ¿Debe facerse obrigatorio o uso das máscaras FFP2? Hai países que xa o están aplicando, e iso ten unha implicación sanitaria, unha implicación de dispoñibilidade e unha implicación de custo que debemos afrontar de forma conxunta. En consecuencia, solicitaréi ao presidente que a nivel de todo o Estado se avalíe este asunto, e que se lle dea unha pronta resposta á lóxica inquietude de moitos cidadáns.

O quinto asunto que lle trasladarei ao presidente do Goberno é o referido ao proceso de vacinación. Comprendo as dificultades do Goberno, por suposto. É un problema mundial. A adquisición de vacinas está centralizada na Unión Europea e incluso a Unión Europea se está atopando con moitos obstáculos. Malia iso é necesario que dispoñamos dun calendario de vacinación definido de principio a fin. Sería de gran axuda para a preparación das comunidades, pero sobre todo para a confianza dos cidadáns. Agardo que se fixe nos próximos días e tamén que se garanta nel o cumprimento dun requisito que nos parece básico: a repartición. Esta deber garantir que as vacinas cheguen de maneira homoxénea aos diferentes grupos que se fixen. Para que me entendan con claridade, unha proposta sobre a mesa é que o próximo grupo prioritario van ser os maiores de 80 anos. Pois ben, a subministración, en consecuencia, deberá facerse en porcentaxe equivalente a esa poboación diana. Se Galicia ten o 8,2 % de maiores de 80 anos de España, correspóndelle o 8,2 % das vacinas das próximas semanas. Do contrario, estarían penalizándose os maiores das comunidades máis envellecidas sobre os das demais, e dou por feito que iso ninguén pode aceptalo; como nos parece sorprendente estar aceptando na comunidade autónoma que o número de vacinas que dende decembro se están dispensando ás comunidades tan só sexa, en relación con Galicia, o 5 % das vacinas que se distribúen en España sendo a nosa poboación o 5,7 %. Se transmitisen as vacinas, como mínimo, conforme o criterio da poboación, en Galicia estarían vacinados máis de nove mil cidadáns adicionais.

Finalmente, solicitaréille ao presidente do Goberno que fixe criterios obxectivos respecto dos fondos, dos fondos habilitados para as comunidades autónomas. Deben, por un lado, ampliarse e ter en conta que son moitísimos os ámbitos de gasto que estamos a soportar as autonomías. Por poñerlles un exemplo, non parece lóxico que só as comunidades asumamos en exclusiva o custo de axudar os autónomos, as microempresas e a hostalaría nos momentos de peche. Por outra banda, o método de repartición tamén debe transparentarse. Ata agora véñse actuando a través dos feitos consumados. Os fondos distribúense sen explicar o porqué da contías que se reparten, sen estimar a priori cal é o montante global adicional que se precisa, e con criterios cambiantes cada vez máis afastados dos acordados por todos no sistema de financiamento autonómico. Iso si, os criterios mudan pero curiosamente sempre gañan os mesmos. Hai máis recursos para as comunidades coas rendas máis altas e, ¡casualidade!, máis recursos para as comunidades onde gobernan os socios parlamentarios do Goberno central, o contrario do que se defende verbalmente e, por suposto, o contrario do que recomenda a Unión Europea.

Señorías, de aplicarse os criterios do sistema de financiamento autonómico, Galicia tería recibido 570 millóns de euros máis, case 600 millóns que deberíamos recibir segundo o que nos corresponde —e non á Xunta, senón aos galegos—. En consecuencia, creo que debemos



convencer o Goberno de introducir mecanismos correctores que compensen esa evidente perda de recursos nos fondos ata o momento distribuídos para solucionalo nos fondos que aínda quedan por distribuír. (*Aplausos.*)

Señorías, creo que podemos facer estas peticións con lexitimidade, coa lexitimidade de estar cumprindo co noso deber no que respecta ás responsabilidades que temos como autonomía, e tamén ás que o Goberno central decidiu delegar. A España das autonomías está demostrando gran madurez e un gran compromiso nos momentos máis críticos que viviu España dende o punto de vista sanitario dende hai cen anos. E non fago distinción de cores políticas, porque en todas as comunidades se está traballando coa máxima implicación.

Os galegos poden ter a certeza de que seguirá sendo así, con independencia da ameaza que supoña o coronavirus en cada etapa. E con independencia de que teñamos máis ou menos axuda seguiremos ao carón dos cidadáns. Por suposto, seguiremos no ámbito sanitario, e neste sentido quero trasladarlles que o sistema está mellor preparado para dar resposta a esta terceira onda.

En primeiro lugar, está mellor preparado porque segue en vigor —nunca se derogou— o plan de continxencia que o Goberno da Xunta aprobou no mes de marzo —que, como saben, non foi necesario despregar daquela completamente pero que mantemos para aplicalo na medida en que puidese ser necesario—; en segundo lugar, porque temos protocolos de atención máis desenvolvidos e máis capacidade hospitalaria —incrementamos, por exemplo, as camas das unidades de coidados intensivos un 70 % con respecto ao mes de marzo, no inicio da pandemia—; e, en terceiro lugar, porque contamos con outra vantaxe moi importante respecto da primeira: temos moita máis capacidade diagnóstica. Para que nos fagamos unha idea disto, o 5 de abril, no pico da primeira onda a porcentaxe de positivos que tiñan que hospitalizarse era do 17,7 %; e agora, do 5,1 %. O 5 de abril, durante a primeira onda, a porcentaxe de positivos que ingresaba nas unidades de coidados intensivos era do 3,02 %; agora, do 0,8 %. Isto significa que se diagnostica moito máis e que se rastrea en maior medida. Non en van —insisto— somos a comunidade autónoma peninsular coa menor porcentaxe de mortalidade por 100.000 habitantes en España. A este respecto quero agradecer o esforzo de todas as persoas que fan este labor, porque o merecen, sen dúbida.

O día 23 de xaneiro —o último do que hai datos oficiais comparativos publicados polo ministerio— a taxa de probas diagnósticas realizadas en Galicia foi de 495 por 100.000 habitantes. A media española era de 361 por 100.000 habitantes. Ese día fixemos unhas 13.000 probas, e onte fixemos 18.000 probas —entre PCR e antíxenos—. Facemos agora máis probas nun día que as que faciamos no inicio da pandemia á semana. A semana pasada chegamos a superar as 16.000 probas —ontes, 18.000 probas—. E hai que lembrar, ademais, que o ministerio non contabiliza as probas de *pooling* de PCR en saliva, nas que Galicia é pioneira —máis de 144.000 probas PCR están sen computar—.

A outra gran diferenza coas ondas anteriores —ademais de que agora diagnosticamos mellor, evitamos ingresos en planta, ingresos en UCI e a mortalidade segue sendo a menor de España en termos peninsulares— é que agora contamos cunha vacina. Esa vacina dános a esperanza de que, unha vez superado este terceiro momento crítico, o futuro poida ser máis



levadeiro. É certo que ese momento aínda non chegou porque as vacinas que recibimos son polo de agora poucas, lamentablemente —igual que en todas as rexións europeas—. Pero Galicia está lista para administralas coa mesma velocidade con que nolas subministren. Temos capacidade para dispensar cen mil vacinas cada día; é dicir, para inmunizar cen mil galegos todos os días. Se conseguimos as doses para vacinar todo o día, farémolo todos os días. Se as vacinas fosen suficientes, poderíamos vacinar o cen por cento da poboación galega nun tempo de entre oito e dez semanas, poderíamos inmunizar toda a poboación de Galicia en dous meses ou dous meses e medio. É dicir, nas tres semanas de restricións que acabamos de aprobar e que está previsto que finalicen o 17 de febreiro, poderíamos vacinar, se tiveramos vacinas subministradas polo Goberno de España, 2.100.000 galegos, o 80 % do total da poboación de Galicia.

O problema é que ata o de agora a cantidade que recibimos é moito menor: 18.000, 19.000, 20.000, 11.500... Estas son as cantidades que recibimos á semana. Estas cantidades poderíamos administralas en dúas horas (*Murmurios*.) —contando co despregamento da totalidade da capacidade de enfermaría que temos concretada—, ou en oito horas utilizando só as duascenas enfermeiras que actualmente se adican a vacinar.

Con todo, xa é esperanzador, porque abre unha luz en medio deste túnel nos lugares máis vulnerables, que é polos que estamos comezando. É incuestionable que as residencias foron dende o inicio da pandemia un dos nosos maiores focos de preocupación —se non foi o maior—. A Xunta traduciu esta preocupación en medidas específicas e hoxe as residencias de maiores e persoas con discapacidade son os lugares máis inmunizados de toda Galicia. Foron os primeiros centros en recibir a vacina, e están dende o primeiro día despois do Nadal no nivel máximo de alerta, que suspende as saídas dos residentes e limita as visitas a unha por semana para manter o seu benestar emocional. E contan coa maior frecuencia diagnóstica da nosa comunidade. Nas residencias realízase un cribado cada tres días e teñen á súa disposición tests de antíxenos para facer calquera tipo de cribado ante calquera tipo de sospeita. É por iso que hoxe, que temos o triplo de casos activos entre a poboación xeral que no pico do mes de abril, rexistramos a metade dos casos nas residencias de maiores. Conseguiuse evitar que o virus entrase nestes centros en moita maior medida que antes. A próxima semana completaremos o proceso de vacinación nas residencias de maiores e iniciaremos a aplicación da segunda dose ao persoal sanitario da primeira liña. A semana do 8 ao 14 remataremos co persoal sanitario da primeira liña e, se é posible, co grupo 3 —o resto de persoal sanitario e sociosanitario—.

Tamén estamos preparando, xunto coa Fegamp, a vacinación do persoal do servizo de axuda no fogar, dependente dos concellos e dos centros de día. E seguimos pendentes —como xa indiquei— de que o Ministerio de Sanidade concrete os seguintes pasos. Galicia estaría de acordo en proseguir cos maiores de 80 anos.

Señorías, ademais da resposta sanitaria, as comunidades estamos tamén actuando ante a continxencia económica que provoca. As próximas semanas —que, sen dúbida, van ser duras— convócanos tamén a afrontar as dificultades que xorden en todos os negocios afectados. Son consciente de que hai sectores especialmente castigados. Moitos máis dos que nos gustaría están sometidos a restricións que aprobamos. E detrás deles hai empregos, hai



familias, hai traballadores, hai negocios. Deixamos á marxe os que cremos servizos esenciais, pero en realidade servizos esenciais son todos os que a sociedade demanda. Unha cousa é a súa definición técnica á hora de arbitrar medidas e outra é o papel esencial que ten, por exemplo, o sector da hostalaría, o comercio ou a cultura. Por iso quero transmitirllas que os seguiremos apoiando a través das axudas que despregamos. Así o estamos facendo, e seguiremos.

A comezos de ano Galicia levaba programadas axudas por un importe de 370 millóns de euros, axudas directas consensuadas cos sectores máis afectados e nas que primou a axilidade na súa tramitación. As previsións situábanos no entorno de 150.000 beneficiarios a través de 157 liñas de axudas, entre as que cabe destacar a atención ás familias en situación de especial vulnerabilidade; a minimización do impacto económico e social da covid nos alugueiros —cen por cento gratuítos nas vivendas públicas—; o plan de choque para o noso sector turístico e as actuacións de sostemento do emprego, dinamización económica e apoio a autónomos e pemes. Permítanme que me deteña especialmente no que ten que ver con este último punto.

Logo de termos desenvolvido a primeira convocatoria cun importe de 86 millóns de euros, a semana pasada o Goberno galego presentou un segundo plan de rescate para autónomos, micropemes e hostalaría. Esta nova convocatoria presenta unha serie de vantaxes: a compatibilidade das axudas que recibiron no primeiro plan de rescate —completas—, que serán absolutamente compatibles coas do segundo plan de rescate; a eliminación dos requisitos —como, no caso de autónomos, ter recoñecida prestación do Estado ou, no caso das microempresas, ter un ERTE dende a declaración do estado de alarma; ou o incremento dos importes, que se bareman en función do descenso da facturación.

A Administración autonómica está a facer un esforzo importantísimo para apoiar os sectores que o están a pasar peor, pero non lles oculto que me gustaría contar con todas as administracións. Xa estamos a falar coa Administración local para sumar apoios á hostalaría, e oxalá esta tarde poidamos chegar a un acordo. Pola nosa parte, temos decidido ampliar de 50 millóns de euros a 75 millóns de euros neste segundo plan de rescate, (*Aplausos.*) polo que no total aportaremos máis de 150 millóns de euros.

Non é lóxico que a Xunta quede soa no apoio ao sector damnificado por esta situación e que outras administracións miren para outro lado, e que incluso cobren impostos por prestar actividades que están prohibidas. Non é lóxico que a oposición demande que a Xunta se faga cargo das axudas á alemá, cando é o Goberno federal alemán o que se fai cargo das axudas e non os *lander*. Tendémoslle a man a quen queira collela, e seguirémolo facendo porque os cidadáns non merecen de ningunha administración silencio ou confusión. Bastantes esforzos están a facer moitos sectores como para engadirllas a maiores a obriga de peregrinar ás portas das diferentes administracións. Deberíamos ser capaces de consensuar a resposta que lles damos.

Todos os grupos con representación nesta Cámara temos responsabilidades de goberno en Galicia, todos, nas cidades, nas deputacións... Píddolles o seu apoio para acordar unha folla de ruta na que todos aportemos os recursos que se precisan. Igualmente me gustaría contar





co respaldo deste Parlamento para trasladarlle as peticións ao Goberno central que antes lles expuxen. Se nalgunha non están de acordo, pídolles que me indiquen en cal e por que. Agardo que non supoña para vostedes ningún problema alcanzar unha posición común, porque nun momento así non parece razoable actuar doutra maneira. Entre un aplauso que non pedimos e a crítica sistemática hai espazos para a lealdade; lealdade non cun goberno específico senón co pobo que está a sufrir unha proba inédita. Non lles pido apoio persoal ou emocional —que tamén cabería—, pídolles que cando menos non limiten a súa función á política do regate curto, porque a situación exige moito máis. O momento que vivimos convócanos a afrontar xuntos a pandemia, non a facer partidismo. Estamos a tempo de colaborar nun esforzo colectivo que fan a maioría dos cidadáns. Porque, señorías, xunto con ese comité clínico de persoas coñecidas, con nome e apelidos, de forma continuada e constante, con ubicación concreta do seu centro de traballo —xa sexa nun centro de atención primaria, nunha unidade de urxencias, nunha unidade de saúde pública, nunha unidade de medicina preventiva, nunha unidade de infecciosos, xa sexa nas unidades de coidados intensivos ou nas plantas de medicina interna—, xunto con estes profesionais, innumerables galegos descoñecidos apoian o labor do Goberno porque cumpren día a día co seu deber malia a fatiga inherente a esta pandemia.

O desafío que afrontamos —insisto— é inédito e tamén se distingue por afectar a todos os aspectos da nosa vida. É un reto sanitario, é un reto legal, é un reto administrativo, é un reto político, é un reto social, é un reto económico e é un reto de esforzo persoal. É un reto sanitario que pon á proba o noso sistema público de saúde e nos obriga a loitar contra unha doenza descoñecida e letal. É un reto legal, xa que a lexislación posúe ferramentas que en ocasións soamente se poden aplicar por analoxía, cun enorme vacío desde o punto de vista legal —e sancionador incluso—. É un reto administrativo porque o coronavirus non coñece nin de xurisdicións nin de fronteiras. É un reto político xa que ningunha pauta de comportamento convencional é aplicable aos acontecementos que está a vivir o mundo. É un reto social porque sacude os cimentos da convivencia e sementa un lóxico temor da poboación. É un reto económico introducir un factor de fonda incerteza que afecta o funcionamento normal das actividades. E é un reto persoal para todos, para cada un de nós. Farta a cidadanía, obrigada a manter unha alerta constante sen que haxa un punto final definido.

Señorías, hai dúas preguntas que os galegos se fan decote e que non podo responder se quero respectar a verdade, que é o meu compromiso.

A primeira é: ¿cando vai rematar todo isto? Non o sabemos. Crear falsas expectativas non se corresponde coa relación que debe existir entre un goberno e un pobo maduros. Derrotaremos o virus, pero iso de momento non pasou. Si sabemos que Galicia é dilixente no proceso de vacinación, aínda que ese ritmo vai depender das doses que sexamos todos capaces de proporcionar. Isto non rematará ata a vacinación total, que —insisto— o Servizo Galego de Saúde se compromete a lograr en oito ou dez semanas. Pero precisamos as vacinas que non temos.

A segunda pregunta é se serán necesarias medidas máis rigorosas. Tampouco o sabemos. Si sabemos que, de ser imprescindibles, a Xunta as aplicará. Gobernar non consiste en estar no goberno nin tampouco en dar respostas intermitentes segundo conveña. Os cidadáns elí-



xennos para ser goberno en todas as circunstancias e afrontando posibles incompreensións momentáneas e tamén posibles equivocacións. Porque é absolutamente imposible ser infalible ante unha situación como a que vivimos. Só hai unha cousa na que si busco a adhesión inquebrantable dos cidadáns: os coidados deben continuar todo o tempo que sexa necesario, polo tanto, non permitamos que a desafección nos poida, sigámonos protexendo. Non permitamos que o cansazo nos faga mimetizarnos cos que incumpren, sigamos protexéndonos. Ben sei que manter as distancias é máis duro, se cabe, nun pobo coma o noso, feito de afectos e de proximidade. Por iso a conduta observada pola nosa cidadanía é aínda máis encomiable. Sigámonos protexendo.

O espírito que se activou en marzo ten que estar vivo máis ca nunca. E pódolles asegurar que supón para todos os que buscamos a mellor saída posible un estímulo que nunca agradeceremos dabondo. A todos os galegos que cumpren, que son a inmensa maioría, grazas. E síganse protexendo.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Encomenzamos a rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señorías, señor Feijóo, hoxe hai 21.293 galegas e galegos contactados por covid; 1.093 nos hospitais e 178 en coidados intensivos. Así que necesariamente as miñas primeiras palabras teñen que ser de alento para elas, desexándolles unha rápida recuperación.

Quero tamén trasladar a miña solidariedade ás persoas que perderon un ser querido —son 1.659 familias as que pasaron por esta durísima experiencia—, ao que se suma a tristeza de saber que esta cifra seguirá medrando. E tamén quero expresar unha vez máis o noso recoñecemento e agradecemento ao persoal sociosanitario, que segue aí facendo un esforzo admirable, un persoal exhausto pero que segue a dar o mellor para coidarnos.

Finalmente, quero facer un recoñecemento aos galegos e ás galegas, que maioritariamente tiveron e están a ter un comportamento exemplar, xeneroso e solidario. Quero pedirles que non caian no desánimo pese a que queda un duro camiño por diante. E o seu esforzo ben merece que tanto Sánchez como Feijóo deixen a improvisación e aporten solucións. É desalentador ver no peor da pandemia o presidente do Estado facendo campaña electoral ou o presidente da Xunta incapaz de anticiparse.

Señor Feijóo, a súa intervención hoxe tivo unha parte clara de provocación. Vir aquí, coa que está caendo, a repetir o argumentario da extrema dereita..., en fin, vostede saberá. En todo caso, nós non imos caer no seu xogo.



Vostede comparece nesta Cámara por segunda vez —desde que o elixiron no mes de xullo— en relación coa pandemia. A anterior comparecencia foi o 11 de novembro. A evolución, en pouco máis de dous meses, mostra ata que punto a situación é dramática. Ese día había 9.860 persoas contaxiadas, hoxe son 21.293. Había 516 persoas hospitalizadas, hoxe son 1.093. Había 95 en UCI, hoxe son 178. Había 1.024 persoas falecidas, hoxe son 1.659. É dicir, en pouco máis de dous meses faleceron o 40 % das vítimas mortais de toda a pandemia. E permítame engadirlle dous datos máis. En só vinte e cinco días 14.530 galegos e galegas se infectaron co virus, ¡vinte e cinco días! En vinte e cinco días faleceron por covid no noso país 243 persoas.

Señor Feijóo, non sei se isto lle parece tolerable. A nós, desde logo, non. Estes datos son demoledores e demostran que o virus corre sen control polo país marcando cifras récord que, desde logo, pensamos que non podemos asumir como normais e que nos están levando a unha situación que nos recorda a unha primeira onda na que si estabamos confinados a cal e canto. E neste contexto é bo avaliar o que fai o presidente da Xunta.

Vostede o primeiro que fixo despois do Nadal foi botarlles a culpa aos galegos e ás galegas sen facer ningún tipo de autocrítica polo seu obxectivo de salvar o Nadal. Despois estivo desde o 13 de xaneiro ata o 25 de xaneiro —é dicir, case catorce días— cruzado de brazos, sen rectificar as súas medidas ante unha terceira onda que avanzaba coma un tsunami a un ritmo de 1.400 contaxios diarios. Pero nin así foi vostede capaz de poñer sobre a mesa a única medida que pode cortar de raíz a dramática cadea de contaxios, que é un confinamento de dúas semanas —ampliable se fose necesario—, como cada vez piden máis expertos, máis científicos e máis persoal sanitario.

E eu preguntolle: ¿que máis ten que pasar, señor Feijóo? ¿Cantos contaxios máis ten que haber? ¿Cantas persoas máis en UCI? ¿Cantos falecementos máis para tomar medidas contundentes para salvar vidas? ¿Por que, señor Feijóo, na primeira onda estivemos tres meses pechados e hoxe non se pode confinar durante dúas semanas para salvar vidas cando temos datos moi similares ou peores?

¿Vostede cre que esta é unha reflexión que se fai á lixeira? Non, non, eu creo que a reflexión que temos que facer é sobre cales son as consecuencias de que non se produza un confinamento. ¿Cales son esas consecuencias? E vostede debe explicar nesta Cámara por que non lle reclama ao Goberno central un confinamento para frear unha pandemia que está fóra de control.

Fíxense, en incidencia acumulada o último dato é que hai 726 contaxios por cada 100.000 habitantes. Isto é o mesmo que dicir que case triplicamos o umbral que o sistema sanitario considera que é de risco extremo. ¿En que situación estamos, señorías? Nunha situación, desde logo, preocupante.

E teño que dicirlle que se comporta vostede cunha covardía política inaudita. Pídelles aos galegos e ás galegas que se autoconfinen, é dicir, que fagan o que vostede non é capaz de pedirlle ao presidente do Estado: pedir un confinamento. Efectivamente— dicíao vostede e dígoallo eu—, non é o momento de poñerse de perfil. É o momento de tomar as decisións que





máis poden salvar vidas e que, desde logo, máis poden axudarnos a poder afrontar unha situación tan difícil. *(Aplausos.)* E eu estou convencida de que, pese á súa covardía, Galiza vai derrotar o virus grazas ao comportamento exemplar da maioría da cidadanía, grazas ao inmenso traballo do persoal sanitario e grazas a todas as persoas que se manteñen firmes na súa responsabilidade a favor do ben común.

E teño que dicirlle que parece que non aprendeu nada nestes meses de pandemia. Segue sen anticiparse, e é que vostede vai dúas ou tres semanas por detrás do virus. Segue instalado na propaganda e segue responsabilizando a cidadanía cando veñen mal dadas. E segue tomando un sector económico como cabeza de turco para facer que fai. Vostede o 13 de xaneiro dicía que era inxusto estigmatizar a hostalaría porque non estaba demostrado que houbera máis contaxios que noutras esferas. Pero é que o 25 de xaneiro decreta o peche total —iso si, sen un rescate real para o sector—. E non pode pedirle á xente que peche o seu medio de vida se non hai unha compensación real das perdas. E de momento o único que temos son anuncios, non hai nada publicado no DOG desas axudas. E isto non vale cando levan dez meses costa abaixo. Ten toda a man tendida do BNG para consensuar axudas. Nós xa o dixemos hai máis dunha semana, pero, se estamos de acordo con que todas as administracións boten unha man, con que todos aporten o 1 % —se a Xunta de Galiza pon o 1 % do seu orzamento, se concellos e deputacións tamén aportan ese 1 %—, ten a nosa man tendida para axudar nun momento tan difícil.

Vostede tamén di que a unidade familiar é o único lugar seguro, e iso, efectivamente, sería así nunha situación de confinamento. Pero é que a día de hoxe a esa unidade familiar chegan pais e nais que se poden contaxiar no seu lugar de traballo, chegan fillos e fillas que se poden contaxiar na escola ou que se poden contaxiar no traballo. Parece que a súa preocupación pola saúde dos galegos e das galegas empeza despois de que se cumpra o seu horario laboral.

¿E sabe por que pasa isto? Porque unha vez máis vostede está empeñado nesa falsa dicotomía de elixir entre a saúde e a economía, cando está máis que demostrado que mentres non se controle a pandemia non haberá recuperación económica. Isto quedou moi claro coa súa estratexia «salvemos o Nadal», de resultado nefasto, que nos deixa unha terceira onda virulenta que en menos dun mes deixa 241 falecidos e que no económico está afondando na ruína de sectores enteiros. Ese é o resultado do seu «salvemos o Nadal» e de poñer a economía por diante da saúde. E persiste vostede en negarse a pedir un confinamento, que é a medida máis eficaz para frear a pandemia, paso necesario para poder entrar na recuperación económica. Está claro que a curva vai aplanarse nalgún momento, pero a pregunta que temos que facernos é: ¿con que custo? Creo que esta é unha reflexión necesaria nun momento coma este, no que está en xogo a saúde das persoas. E non hai nada máis importante.

Vostede dicíanos o luns, na súa comparecencia nos medios de comunicación, que tiñamos as mesmas ferramentas que antes para loitar contra a pandemia. E vostede dicía isto coma se fose un asunto que non vai con vostedes. Se estamos como hai dez meses, señor Feijóo, é unha emenda á totalidade da súa xestión. Se estamos como hai dez meses é porque non reforzou o suficiente a sanidade pública, porque non puxo en marcha un plan de continxencia para atender a saúde da poboación máis alá da covid, porque non mudou o actual modelo de residencias dos maiores, porque non fixo os seus deberes en materia de rastrexos e porque



a día de hoxe seguimos sen coñecer cal é o plan de vacinación do Goberno galego. (*Murmurios.*) Miren, este é un tema moi serio, para que rían é un tema moi serio. (*Fortes murmurios.*)

¿Sabem o que sabemos? O que sabemos é que vostede dixo primeiro que necesitaban un mes para vacinar os 40.000 usuarios e traballadores e traballadoras das residencias. Ao día seguinte fixo unha comparecencia pública na que dicía que Galiza podía vacinar 200.000; dous días despois eran 120.000, e hoxe di neste Parlamento que son 100.000. Señor Feijóo, isto non é serio. A súa palabra ten a mesma credibilidade que cando nos dicía que había 6.000 rastrexadores. (*Aplausos.*) ¡Non xogue cun tema tan serio, tan importante, señor Feijóo!

E vou rematando. A vacina, efectivamente, é a gran esperanza para derrotar o virus. É evidente que tardará meses en ser unha realidade —entre outras cousas porque hai unhas farmacéuticas que parece que están máis pendentes do lucro que da saúde—. E esta é outra das ensinanzas que nos deixa a pandemia: debemos apostar o mil por mil pola ciencia e pola investigación desde o ámbito público, porque o coñecemento científico que salva vidas debe estar á disposición de toda a humanidade e non do lucro.

E acabo, señor Feijóo —se me permite só un minuto, presidente, porque creo que o tema ten a suficiente transcendencia—. Evidentemente, a miña intervención ten que ser necesariamente crítica coa súa xestión á vista dos resultados. As críticas do BNG non son para debilitar un goberno, son por lealdade aos galegos e ás galegas. A nosa lealdade con este país é sinalar os erros e formular propostas en positivo para que poidamos saír canto antes desta crise. E nese camiño vai ter sempre a man tendida do BNG.

Por iso quero realizarlle catro propostas.

A primeira, señor Feijóo, é que sexamos valentes e non nos poñamos de perfil. Poñamos sobre a mesa a medida que máis vidas pode salvar e que pode deter a cadea de contaxios, ese confinamento de dúas semanas.

A segunda é reorientar os orzamentos da Xunta en dúas direccións: poñamos en marcha máis medios para a sanidade pública e rescatemos os sectores máis impactados pola crise.

A terceira é que hai que traballar desde xa neste Parlamento por un novo modelo de residencias para os nosos maiores e acabar con esa vergoña de que se faga negocio cun dereito a unha vellez digna.

E, por último, consensuar unha proposta de país para conseguir un trato xusto e a xestión directa dos fondos europeos de recuperación, e que eses fondos cheguen á economía real. O que non vale é que se peche o eslabón máis débil da economía, como están facendo coa hostalaría, e que despois pretendan darlle as axudas europeas nas mans dos máis fortes, que son as multinacionais.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Remate, por favor.



**A señora PONTÓN MONDELO:** Estas son, señor Feijóo, medidas en positivo para sacar o país desta crise, unha crise que ten a miles de galegos e galegas na angustia. E temos a obriga de traballar para que saiamos canto antes desta situación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero Miguez.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor presidente da Xunta, señoras e señores deputados, a verdade é que estamos celebrando unha sesión nun momento moi complexo para o noso país, para a saúde e para a economía. Estamos vendo como a terceira onda da covid ten unha dureza, unha contundencia e un nivel de contaxios que superan as previsións que se fixeron nos últimos meses, ou nas últimas semanas. E todos temos que poñer o mellor de nós mesmos para resistir ante unha terceira onda que pon en cuestión a nosa saúde —e tamén o noso país ao cuestionar a economía—.

Galicia está nunha situación extrema —sabémolo todas e todos—, nunha situación cun número de contaxios moi preocupante, cunha presión asistencial crecente, cun número de camas de UCI ocupadas que está xa en números máximos. E, polo tanto, é necesario que entre todos poñamos o mellor de nós mesmos. E á fronte de toda resposta ten que estar o Goberno da Xunta de Galicia, que ten as competencias.

Era evidente, señor Feijóo, que vostede ía comparecer neste Parlamento, porque a situación extrema e de emerxencia en tantos lugares e con tantas complicacións obrigaba a que vostede estivese neste Parlamento. Pero obriga tamén a que se tomen todas as medidas e que consigamos acadar os maiores acordos, os de maior fondo, para poder responder a unha situación tan complexa.

O que creo que máis nos preocupa a todos nesta Cámara, e a todos os galegos e galegas, é a saúde da nosa xente, a saúde de cada un de nós e a saúde dos nosos veciños, das nosas familias, dos nosos seres queridos. E por iso os socialistas facemos unha política de responsabilidade, á que chamamos a toda a Cámara. Nós non estamos cuestionando as medidas que se están adoptando por parte do Goberno da Xunta en cada un dos momentos e con base nas competencias que están delegadas polo estado de alarma. Estamos respectando cada unha desas decisións que se están tomando, con independencia de que nalgunhas delas poida haber cuestións ou dúbidas que incluso no comité clínico —e supoño que tamén no Goberno galego— implican incertezas e implican dúbidas. Pero é evidente que esa responsabilidade a temos que ter todos e todas. É o momento de dar unha resposta de país ante unha terceira onda da crise, que marca, dende logo, cando menos un primeiro semestre deste ano 2021 que vai ser de máxima complicación.



A estratexia de salvar o Nadal fallou, fracasou. Sabemos todos os galegos e todas as galegas —e estou convencido de que tamén os membros do poder executivo en Galicia— que non se tomaron todas as medidas que a posteriori se evidenciou que eran necesarias. Pero nós non queremos xogar a ser os capitáns a posteriori, como ten feito o Partido Popular no Congreso dos Deputados. Queremos ser responsables. (*Aplausos.*)

Porque, señor Feijóo, aquel plantexamento que vostede facía de que o importante era salvar o Nadal e buscar unha próspera Semana Santa fallou de arriba a abaixo. Porque, ademais, coas competencias que vostede ten, vostede e o Goberno da Xunta, ten moita marxe de actuación para tomar medidas. Porque as mesmas medidas que se publicaron onte no DOG —por certo, dúas horas antes de tiveran vixencia, e quero lembrar as súas verbas, señor Feijóo, de cando se retrasaba o BOE na primeira onda da pandemia, nunha situación aínda moito máis incerta ante un virus que descoñeciamos, e de como vostede actuaba (*Aplausos.*), e agora vostedes teñen tamén esa responsabilidade e esa complexidade de xestionar—, esas mesmas medidas que vostede tomou hai dous días, puideron tomarse hai vinte días en vez da estratexia de salvar o Nadal. E, sen dúbida, o ritmo de contaxio sería moi distinto.

Pero nós o que queremos é, dende logo, recoñecer que hai que traballar con toda a capacidade de ter acordos. Houbo erros. O modelo aplicado de salvar o Nadal fallou, fallaron máis cousas, fallou vostede, señor Feijóo, cando dixo que o estado de alarma ía ser demoledor porque o gran obxectivo era salvar o Nadal e chegar á Semana Santa con España e Galicia cun potencial turístico incomparable. Foi unha irresponsabilidade e un erro do presidente da Xunta de Galicia.

Vostede errou cando dixo de forma sistemática que non podía dar o número de contaxios aos concellos de Galicia, porque dicía vostede que iso era perigosísimo. Foi outro erro, outra irresponsabilidade. Vostede tamén fallou cando non decretou un peche perimetral de Galicia, permitindo en distintos momentos algo que non era necesario e que se podería facilitar. Vostedes erraron cando deron un número de rastrexadores de 6.152, que non resistiu nin tan sequera unhas horas porque aos poucos días tiveron que empezar a rectificalo.

Pero houbo máis erros. Houbo 200 vacinas que se colocaron de forma irregular, que se usaron irregularmente no Complexo Hospitalario de Pontevedra. E tamén hai que explicalo e dar contas do que aconteceu. Porque aínda hai cada día residencias nas que se anuncian contaxios masivos —no mes de xaneiro, cando xa se estaban usando as vacinas, en Vimianzo, en Leiro, en Tui..., e esta fin de semana houbo 50 contaxios en Sarria—. Algo estaremos aínda sen facer ben para non ser capaces de protexer, nas residencias de maiores, os que alí viven.

Hai erros tamén no ámbito sanitario cando nun hospital psiquiátrico como o de Conxo se dá un brote de contaxios coa poboación máis vulnerable, aquela que non serve por si mesma para tomar as medidas de precaución.

E, polo tanto, queremoslle pedir que baixe do pedestal e que asuma que ten a man tendida do Partido Socialista de Galicia para contribuír a unha saída duns meses que van ser moi complexos. E por iso tampouco podemos deixar de lembrar que, despois de todo este escenario, vostede chegou a dicir algo así como que, se as cousas non foron ben, a responsabilidade é do Goberno de España ou dos cidadáns de Galicia. Vostede é o responsable porque



ten todas as competencias necesarias dentro do estado de alarma —aprobado no Congreso dos Deputados sen o respaldo de forzas políticas irresponsables, pero aí está—. (*Aplausos.*)

E querémoslle dicir que nesa cuestión de plantexamento, na que vostede errou, o 15 de novembro —hai poucos meses, hai dous meses— vostede dicía que anunciar dende o Ministerio de Sanidade que a principios do 2021 ían estar as vacinas para empezar a poñelas era algo que vostede non compartía, que era «un anuncio altisonante» —dicía textualmente— «e que non ía haber vacinas» —segundo vostede estimaba— «ata o segundo trimestre do 2021». Vostede errou, e houbo un Goberno de España que cunha estratexia comprometida conseguiu que existan vacinas dende o 28 de decembro. Recoñézalle vostede ao Goberno de España o traballo que está facendo para que haxa vacinas, porque vostedes dicían que ata o segundo trimestre do 2021 non habería vacinas. (*Aplausos e murmurios.*)

Señor Feijóo, que respecte o Partido Popular a realidade da hemeroteca, porque encontrarse coas súas irresponsabilidades é duro, señor Tellado. E queríalles dicir, ademais, que tampouco compartimos que o presidente da Xunta sinala que non podemos ser cómplices de tantas cuestións e busque unha política de confrontación. Vostede, señor Feijóo, chegou a pedirlle á cidadanía que fose implacable contra os que incumpren. E nós querémoslle dicir que sexan as autoridades as que sexan implacables. Non queremos unha policía de balcón, non poña a xente contra a xente. A maioría dos galegos e das galegas teñen un comportamento exemplar na súa responsabilidade. E dende as autoridades competentes temos que asumir esa responsabilidade para non buscar a confrontación. (*Aplausos.*)

Non podemos compartir, señor Feijóo, algún dos seus plantexamentos que buscan o conflito co Goberno de España. Vostede, que dicía que a vacina non chegaría ata o segundo trimestre; vostede, que non quería o estado de alarma; vostede, que ten plantexado que o toque de queda dende a Consellería de Sanidade non se ía aplicar dende un primeiro momento ao conxunto dos concellos; vostede, que tamén cambiou o conselleiro de Sanidade ao longo desta pandemia; vostede, que chegou a plantexar que por un uso de máscara había que cesar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Si, señor Feijóo, ¿non lembra cando cesaron unha responsable de cirurxía plástica no Complexo Hospitalario de Vigo porque pedía usar máscaras? Cesárona vostedes, o seu conselleiro de Sanidade. E, polo tanto, querémoslle dicir que en todos os plantexamentos vostedes teñen que responder das súas irresponsabilidades e dos seus conflitos.

Mire, señor Feijóo, vostede está plantexando dúbidas sobre o plan de vacinación. O 23 de decembro todas as comunidades coñeceron e aceptaron sen queixas o plan de vacinación. A repartición faise por poboación obxectiva en cada fase. Se hoxe tiveramos en Galicia máis persoal sanitario de primeira liña contra a covid, estarían chegando máis vacinas nesta fase. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E cando chegue a fase dos maiores de 80 anos chegarán as vacinas para todos os maiores na mesma liña que no resto de comunidades. E, polo tanto, estar xogando coas vacinas, coa irresponsabilidade de estar contra o estado de alarma, buscando toda culpa fóra das responsabilidades da Xunta de Galicia, amosa un goberno que non quere facer fronte ás súas obrigas estatutarias e ás súas obrigas competenciais. (*Aplausos.*)





E queremoslle dicir, señor Feijóo, que vostede onte decretou unhas normas que pechan o 40 % do comercio en Galicia, puxeron o cadeado á hostalaría, ao comercio, ao deporte, á cultura. E no DOG no que pechan isto non hai unha soa axuda para que eses negocios poidan chegar á fin de mes. Moito anuncio pero pouca realidade. *(Aplausos.)* Porque no balance de todo o 2020 os números son números e non son contos. Todo o balance de 2020 explicouno aquí con detalle a conselleira de Emprego e Igualdade: pechouse con 22 millóns de euros de axudas directas por parte da Xunta a autónomos e microempresas, ¡22 millóns de euros cando caeron as rendas en 6.000 millóns de euros! *(Aplausos.)*

Vostede hoxe anuncia un incremento dun segundo plan de rescate, que era outro anuncio, que aínda non existe, que non está publicado en ningún diario oficial. É a política do anuncio continuo. E pedímoslle que despregue todas as capacidades duns orzamentos que teñen que reorientar en todas as cuestións que non se van poder facer cara ás prioridades do país, porque hai un goberno de progreso en España que está á fronte da loita contra o virus e tamén do apoio ás comunidades autónomas remitindo os fondos —224 millóns para a reactivación económica no ano 2020, máis de 1.100 millóns de euros que van chegar aos orzamentos da Xunta no ano 2021 entre fondos europeos e fondos estatais a maiores—, un goberno que quere protexer a xente e que lle dá ao Goberno da Xunta de Galicia as competencias e os fondos para actuar. *(Aplausos.)*

Aquilo que non vai ben, señor Feijóo, non é culpa de todos menos de ninguén. Vostede é dos que lle gusta poñerse a medalla cando as cousas van ben, pero cando as cousas van mal a culpa é do Goberno de España ou da cidadanía galega. Goberne Galicia e tome as decisións necesarias para protexer a xente e para salvar a economía. E queremoslo dicir porque esta segunda onda claro que nos preocupa moito. A súa compañeira de partido, Ayuso —boa colega súa—, dicía que non conten con ela para arruinar máis a hostalaría. Eu entendo que hai que tomar todas as medidas de precaución e non demonizar a hostalaría, porque nos meses de outubro e novembro non tiñamos estes niveis de contaxio e a hostalaría tiña determinado nivel de actividade. O problema veu pola estratexia de salvar o Nadal, pero agora, cando hai que tomar medidas restritivas, pedímoslle que acompañe cada medida restritiva de mobilidade, cada peche de negocio, cada cadeado á actividade económica, cun paquete de respaldo para que ninguén quede atrás, para protexer a xente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Nós estamos na política da responsabilidade, señor Feijóo. Nós non estamos cuestionando as medidas de protección da saúde, tampouco estamos plantexando un conflito co Goberno de España en cada momento nin tampouco estamos plantexando un confinamento xeral dende o mes de outubro ou novembro porque é o plantexamento de a ver se acertamos nalgún momento. E con iso non acertamos ninguén. É o momento de tomar as medidas necesarias, non limitar aquelas que haxa que seguir tomando e tampouco caer nun debate baladí sobre o toque de queda, porque vostede sabe...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ... que cando se pechan os contactos, cando non se pode estar con non conviventes, cando non pode haber desprazamentos colectivos, o debate do toque



de queda é unha escusa máis do PP para confrontar co Goberno de España. Póñanse a gobernar e protexan a xente.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moi bo día.

Moitas grazas, señor presidente.

Como sempre que falamos desta pandemia, eu quero expresar en nome do Grupo Popular o máximo respecto ás familias de todos os falecidos, a máxima solidariedade e apoio a todos os que hoxe están enfermos, ás súas familias e achegados, así como animar a toda a sociedade, porque seguro que, cumprindo as recomendacións e seguindo as normas, todos minimizaremos os efectos dun virus que a ciencia pouco a pouco vai coñecendo e que, grazas ás vacinas, estamos a piques de derrotar —o cal non quere dicir que non quede moito aínda ata que esa derrota sexa definitiva—.

E, por suposto, tamén quero darlles ánimo a quen está participando nos procesos de adopción de decisións co obxectivo esencial de salvar as nosas vidas, de salvarlas literalmente pero tamén de salvar os nosos modos de vida en todas as súas dimensións —familiares, de amizade ou de lecer—, porque as relacións sociais son por definición relacións de intercambio de todo tipo, de conversas, de relacións de intercambio económico ou de relacións de intercambio cultural. E xusto iso é o que ataca o virus.

Pois ben, eu creo que podemos personalizar no presidente toda a cadea de mando que integran todas as consellarías —fundamentalmente Sanidade, Educación, Servizos Sociais e Emprego— e toda a cadea de mando cara abaixo que está a facer, sen lugar a dúbidas, todo o que pode para minimizar os efectos dunha pandemia que, como o seu propio nome indica, afecta a todos e ten efectos catastróficos —e a Deus grazas, xa que mellorou moito a sociedade, menos que no pasado, porque temos máis coñecemento e ademais, social e politicamente, estamos sendo capaces de darlle mellores respostas das que se lles deron no pasado, e porque afortunadamente os servizos públicos son moito mellores e funcionan moito mellor—.

Hoxe, evidentemente, o que toca é un debate político, avaliar se o poder político de Galicia decide ben, con eficacia, con eficiencia, con proporcionalidade e tamén con xustiza. E se decide ben ou non é con base en como se decide. Os clásicos —recordarán moitos de vostedes— tiñan unha clara distinción entre o que era a *auctoritas* e a *potestas*. A *auctoritas* é o poder socialmente recoñecido, que non é vinculante, que está baseado no coñecemento, na reputación, na experiencia. E a *potestas* é o exercicio do poder establecido, que é propio das maxistraturas públicas, e que en Galicia representa o goberno democrático.



Pois ben, se temos que valorar o exercicio da *potestas*, e tendo en conta que o esencial, o fundamental —e xa o dicían os romanos—, era que o maxistrado resolvese en xustiza conforme o que dicían os xurisconsultos, que tiñan a *auctoritas*, pois aquí é bastante fácil chegar á conclusión. O poder establecido —a Xunta— está seguindo fundamentalmente o saber, a *auctoritas*, o saber especializado, a experiencia de quen máis sabe na nosa sociedade sobre as pandemias e como minimizar os seus efectos.

Porque é certo que hai moitos expertos, hai moitos expertos que teñen pericia espiritual, ou pericia homeopática, e hai unha triaxe para saber quen son os expertos. Os expertos deben de selo no seu campo, teñen que ter un coñecemento baseado en feitos —e polo tanto os feitos comprobados a falsabilidade das actuacións—, e, en terceiro lugar, temos que estar de acordo coas verdades científicas, que son as que a comunidade científica reconece como propias e mutuas e que son compartidas por un conxunto de persoas.

Todo isto, evidentemente, é contraditorio coa imprudencia, con confundir os feitos en función da ideoloxía. É necesaria a modestia e non ser imprudente cando se anuncia que vai haber virus que non van ter impacto e aos dez días reconecer que poden ser predominantes. É certamente un esforzo colectivo e evidentemente non é fácil conseguir ese tipo de autoridade que consensuadamente faga propostas.

Pois ben, aquí é claro que a Xunta —como informou o presidente e do que toda a sociedade galega é consciente— está tomando decisións baseadas nun comité clínico de expertos. Quero recordar que a primeira reunión deste comité foi en marzo do ano 2020 —é dicir, xusto cando comezou a ter efectos a pandemia na nosa terra— e que a súa actual composición, de 35 —non debatida, coñecida, pública—, é do mes de abril do ano 2020. Este comité ten reunións sistemáticas, é plural, os expertos son recoñecidos e, ademais —cosa que moitas veces se nos esquece—, ten información especializada que precisamente os que non son expertos non son capaces de interpretar coa mesma eficacia que os que si o son.

É, ademais, un comité transparente. Houbo un debate, como saben, con respecto aos técnicos que asesoraban o Ministerio no seu momento. Primeiro negouse, Transparencia condenou e, ao final, pois reconeceuse que os expertos do Ministerio eran o equipo do señor Simón. Ben, está ben. Pero está mellor o de Galicia. E ademais —o que é o máis importante— este comité, que pondera as circunstancias sanitarias e que pondera os efectos sociais, non só os económicos senón tamén sanitarios e sociais —todo isto porque a pandemia ten efectos colaterais no ámbito sanitario, na saúde mental, na calidade de vida e tamén efectos, ¡como non!, sobre as relacións económicas—, está a ter magníficos resultados no contexto no que estamos, que é o dunha pandemia. Pero o que ninguén pode negar é que Galicia, no contexto da pandemia en España, nunca estivo por riba da media nos resultados. Os datos que de hoxe o presidente así o poñen en evidencia.

A transparencia é total. Eu, señora Pontón, estou sorprendido de que siga pedindo o plan de vacinación. O plan de vacinación está colgado na páxina *web* do Sergas, o plan de vacinación foi presentado nesta Cámara pola directora xeral de Saúde o día 15 do mes presente. Eu teño unha copia no meu escano. Se quere, doulla para que vostede non o baixe; pero está colgado na páxina *web*. (*Aplausos.*) Fíxese se existe que, se le a prensa, poderá ver que o Colexio de





Médicos e o de Enfermaría respaldan o plan de vacinación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Bueno, pois, claro, a primeira fase é na que estamos, señora Ana Pontón! *(Fortes murmurios.)* ¡Pero vostede non ve que, entre outras cousas, eu —o presidente tamén— quero ser prudente nisto! Porque hai un proceso de produción das vacinas e, polo tanto, de distribución polos países. Por certo, grazas á Unión Europea é moi equitativo, jeh!, e sen entrar en subastas de qué país paga máis pola vacina para vacinar antes. Polo tanto, claro que estamos na primeira fase de vacinación. ¿En cal iamos estar? Ogallá puidésemos estar na última. Iso sería unha noticia magnífica.

Pero, ademais, vén o señor Caballero e dinos que poñemos poucas. Acabo de dicir o que acabo de dicir das vacinas. Non é culpa do Goberno de España que haxa poucas, porque a distribución é europea. Sen embargo, si que o Goberno de España ten algo que ver coa súa distribución. Fixese vostede en que, se colle calquera día a prensa —a última, a de hoxe—, o que di é que Galicia está entre as seis comunidades autónomas que poñen máis do cen por cento das doses da vacina de Pfizer. Sen embargo, está moi por debaixo da media de España de persoas que xa están cunha dose de vacina recibida. Iso ¿que quere dicir? Pois quere dicir que, se poñemos todas e estamos por debaixo da media, é que recibimos menos da media, menos da media por poboación. Porque a realidade é que, se o colectivo prioritario son as persoas maiores de 80 anos, como propuxo o presidente, as vacinas deberían de distribuírse en función da poboación maior de 80 anos e non en función da poboación xeral. *(Aplausos.)*

Polo tanto, se hai que facer algunha crítica porque en Galicia se vacine máis ou menos, non é á eficiencia da Xunta vacinando senón que é á falta de vacinas, que non é responsabilidade do Goberno no total pero si na súa distribución entre as distintas comunidades autónomas.

O señor Caballero di que a culpa é de querer salvar o Nadal. Onte xa dixemos no debate que salvar o Nadal foron instrucións que se deron dende o Ministerio ao reunir o Consello Interterritorial de Saúde. E Galicia estivo por riba das recomendacións de España nas restricións de Nadal. Polo tanto, cando hai unhas restricións xerais que pon o Ministerio e que Galicia as acurta, as restrinxe aínda máis, pois é difícil dicir que aquí se actuou de forma irresponsable. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, o ocio nocturno, bares e restaurantes están pechados dende o 14 de agosto por un decreto do Goberno central. Eu vin cero axudas económicas nese decreto no que o Goberno central pecha o ocio nocturno. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, señor presidente, a actuación é correcta. Eu creo que é a forma de actuar e pido que persevere. A oposición non se pronunciou sobre ningunha das seis propostas que vostede fixo. Dende logo, nós apoiámolo. Conta co apoio claro da maioría para pedir flexibilidade no toque de queda, para pedir normas xerais, para pedir melloras no teletraballo, para pedir a xeneralización da FFP2, para pedir un calendario de vacinación xa nas seguintes fases. E, por suposto, ¡ollo aos fondos!, porque é un dos temas máis importantes.

A oposición, ademais, confunde «improvisar» con «axustar». Improvisar é facer ao *tuntún*; axustar é axustar as medidas ás necesidades do momento, e isto é o que está a facer o Goberno. Pero sería interesante que tivesen o mesmo criterio. Xa nas eleccións nos deron unha



impresión de que non tiñan moito asesoramento técnico, que non tiñan un comité de expertos. Dixeron que tiñan que ser no outono e non en xullo. En xullo a situación era boa e no outono tiñamos a segunda onda.

A señora Pontón xa leva pedindo o peche dende a segunda onda —e cita expertos—. O que fai é xusto o que non debe facerse: ten unha opinión de que hai que pechar e pescuda a ver qué experto di nun momento determinado que hai que pechar para así dicir que ten o respaldo dos expertos —que é distinto a reunir uns expertos que analicen todas as cuestións e propongan entre outras medidas posibles, de ser necesario, o peche—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, o peche efectivo pode nalgún momento ser necesario, pero entendemos que non é a solución.

Pero o que é máis destacable é que, neste mesmo momento, no tempo no que estamos, a señora Pontón propón o confinamento de quince días e o señor Caballero di que estar anunciando a necesidade dun confinamento total de forma continúa é algo lesivo e inconsistente —que é o que fai o BNG—. Ben, afortunadamente non temos un bipartito.

Sánchez di que xa estamos ben coas ferramentas. Eu creo que as peticións que fai o presidente son razoables.

A actuación do Goberno central está, evidentemente, algo empañada pola campaña electoral. Quero dar un dato: cando en Galicia se convocaron as eleccións e os alcaldes socialistas da comarca pedían o peche total, había en toda Galicia, ¡en toda Galicia!, 250 persoas contaxiadas polo virus —a maioría delas na área sanitaria de Lugo—. ¿Queren saber cantos hai diagnosticados nos últimos quince días en Cataluña? Hai 40.000. Ben, eu creo que logo disto non hai que dicir moito máis, porque a coherencia dos consellos que se dan en función dunha data electoral pois certamente fan sospeitar da capacidade de tomar decisións razoables desde o Goberno central.

Remato, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** Hai un informe da Universidade de Santiago que di que a crispación agrava a pandemia. Eu creo que deberíamos tamén ter en conta iso e contribuír a que a pandemia non se agrave.

A señora Pontón fixo catro propostas. A de confinar hai que deixárllela aos expertos. Os orzamentos da Xunta que onte debatemos e aprobamos teñen un fondo de 503 millóns de euros exclusivamente para loitar contra a covid. E o conselleiro de Facenda sabe perfectamente que, de ser necesario incrementar esa cantidade, se poden facer as correspondentes transferencias de crédito. Pide un novo modelo de residencias. A Xunta está traballando nel e na Comisión de Reactivación estamos dispostos a pactalo. E, por suposto, estamos dispostos a que España e o seu Goberno, nesta ocasión de repartición extraordinaria de fondos europeos, non pretiran a Galicia.



Polo tanto, señora Pontón, dígolle —o que seguramente, con máis autoridade e máis potestade ca min, o presidente ratificará— que por nós non vai quedar o de ir xuntos da man para que Galicia saia o mellor posible desta pandemia. Agora, tamén sería de agradecer que vostede, que está na oposición, tamén dixera algo sobre as propostas que anunciou o presidente que vai defender en Madrid o próximo venres diante do presidente do Goberno, e que nós —reitero— apoiamos.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Réplica do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Pontón, señor Caballero, estiven escoitando con toda a atención que merecen as súas reflexións, as súas críticas e as súas propostas en relación con esta situación inédita que está vivindo o mundo, a Unión Europea, España e, en consecuencia, tamén Galicia. Sorpréndenme —non llelo oculto— algunhas das valoracións que vostedes fan e, sobre todo, as contradicións nas que —na miña opinión— caen vostedes nas súas intervencións.

Señora Pontón, reitero que temos os mesmos instrumentos legais que tiñamos antes de iniciar a pandemia. A única comunidade autónoma que lle propuxo ao Goberno central unha proposta de modificación da Lei orgánica de saúde pública para regular a pandemia foi esta comunidade autónoma. Non só a propuxemos, senón que non remitimos o proxecto de lei á Cámara galega namentres non servíramos con lealdade o Goberno central. Comprometinme, nunha conferencia de presidentes, a remitir un texto ao Goberno e fixémoslo. Estivemos traballando con ese texto durante varias semanas, con distintos letrados presididos polo asesor xurídico xeral do Goberno. Nin sequera tiven resposta. E ante esa falta de resposta trouxen unha lei ao Parlamento galego. E é sorprendente, señora Pontón, pero vostede votou en contra —nin sequera quixo discutir a lei, puxo unha emenda á totalidade—. ¿E di que a responsabilidade de non ter un instrumento xurídico para a pandemia é do Goberno, do único goberno de España que propón unha reforma da Lei orgánica de saúde pública para avaliar no Congreso dos Deputados, do único goberno de todos os autonómicos que trouxo un texto á Cámara? E a resposta do BNG foi non querer sequera discutilo. E ¿di que a responsabilidade de non ter instrumentos legais é da Xunta de Galicia? É sorprendente, señora Pontón, que vostede diga que quere axudar e cada vez que traemos unha proposta faga unha emenda á totalidade. Nin sequera se debe debater, non podemos nin sentarnos a debater.

E despois chega aquí e no último minuto de desconto fai unha serie de propostas moi sorprendentes, como para intentar dicir que o BNG propón. Pero, desde logo, cando o BNG dispón, o seu segue sendo o «non», o «non» ás ferramentas, o «non» ás propostas do comité



clínico, o «non» ás propostas no ámbito da xestión hospitalaria, o «non» exactamente a todo o que propoña o Goberno de Galicia.

Señora Pontón, tamén fala vostede de que empeoramos. ¿Hai alguén que non empeorara? ¿Hai algunha comunidade autónoma que non empeorara? ¿É que España non empeorou? ¿É que non está España a piques de rebasar, probablemente hoxe, a incidencia de 900 casos por 100.000 habitantes nos últimos catorce días? Cando Madrid chegou a 500 había que intervir Madrid. E agora que estamos en 900 non soamente non hai que intervir nada senón que non hai nin sequera ampliación do toque de queda e deben de proseguir as eleccións de Cataluña. E considera vostede que iso é un argumento da extrema dereita. ¡É sorprendente que considere vostede os infectados de covid cunha ideoloxía concreta! (*Murmurios.*)

Mire, señoría, ¡un pouco de respecto pola verdade! Na primeira onda Galicia era a cuarta comunidade autónoma con menor taxa de mortalidade por 100.000 habitantes, a pesar de ser unha das máis envellecidas. Na segunda onda —no pico, en novembro— eramos a quinta comunidade autónoma con menor taxa de mortalidade. E agora, nesta onda —na terceira—, somos a terceira comunidade autónoma con menor taxa de mortalidade, tan só detrás de Canarias e Baleares; é dicir, a primeira de toda a península. Pero, señora Pontón, ¿non sabe vostede que hai sete comunidades autónomas en España que sobrepasan unha incidencia de 1.000? Castela-A Mancha, 1.254; Castela-León, 1.377; Valencia, 1.423; Extremadura, 1.313; A Rioxa, 1.300. Sete comunidades de quince sobrepasan os 1.000, España está a piques de chegar aos 900 e resulta, señorías, que ¡que mal o fixo Galicia! Estou convencido de que a inmensa maioría das comunidades autónomas asinaría por ter a taxa de mortalidade que ten Galicia, o número de persoas ingresadas nas UCI e o número de persoas en planta de hospitalización. (*Aplausos.*) O cal, señoría, non debe máis que levarnos a seguir traballando, pero cun pouco de rigor e poñendo en valor o que fai o persoal sanitario.

Vostede felicita o persoal sanitario e, punto seguido, di que o persoal sanitario do comité clínico son uns irresponsables por adoptar as medidas que estivemos adoptando durante todos estes meses, dende o mes de marzo ao mes de xaneiro —incluída a última reunión, do pasado martes—. Mire, señoría, hai persoas que non merecen esa desprotección e esa descualificación.

Agora di vostede que Galicia está incrementando o número de infectados. Efectivamente, señoría, o número de inmunizados en Galicia por contaxio é do 4,5 % e en España é do 9,9 %. Esa é a inmunización natural, a inmunización sen vacina. Por tanto, as comunidades que temos menor incidencia de coronavirus temos máis posibilidades de incrementar o número de contaxiados. Cando Madrid ten un 20 % de inmunizados porque xa pasaron a enfermidade, ou as castelas, ou outros lugares, teñen, sen dúbida, menos posibilidades. E se vostede estudase os informes —por exemplo, o do Instituto Carlos III, no que se concreta cal é o mapa de inmunidade das comunidades autónomas—, comprobaría que en Galicia hai máis posibilidades de incrementar. Evidentemente, se tivésemos 1.400 infectados por 100.000 habitantes nos últimos catorce días, teríamos menos posibilidades; se temos a metade, temos máis.

Pero —volvo reiterar— eses son os datos. Seguimos coa taxa de mortalidade das máis baixas de España dende que comezou ata o de agora, e durante todas as ondas —na primeira, na



segunda e na terceira— cada vez baixamos un posto na taxa de mortalidade. Pero quizais a vostede iso non lle importa. Dende logo, a min impórtanme todos os datos, especialmente os malos. Pero creo que, en nome do Servizo Galego de Saúde e en nome do comité clínico —e tamén en nome do Goberno—, temos dereito a facer unha radiografía da situación para poder acertar co tratamento e non vir aquí simplemente plantexar receitas máxicas.

Mire, señoría, o plan de continxencia non se improvisou, o plan de continxencia aprobouno o Goberno da Xunta antes que o Goberno central. Os protocolos de actuación en cada fase están aprobados polo comité clínico dende hai meses, e cumprímolos. E cando a taxa supera os 250, actuamos; e cando a taxa supera os 500, actuamos; e cando a taxa baixa de 100, actuamos —que foi o que fixemos en Santiago, en Ourense e na Coruña cando baixou desa porcentaxe—. E por iso exactamente me sorprende que vostede non teña ningunha regra máis que o chamado confinamento.

Señora Pontón, eu comprendo que dende o confort dun escano é moi doado ditar o confinamento. Foi a súa única proposta na segunda onda e segue sendo a súa única proposta na terceira onda. Vostede non necesita a opinión dos expertos sanitarios e a vostede dálle igual a opinión dos expertos económicos. E non necesita ningunha experiencia de xestión, nin sanitaria nin económica, para receitar un confinamento global e xeneralizado para toda Galicia. Vostede está moi cómoda no papel de comentarista da pandemia. Pero, ademais de comentar a pandemia, hai que traer cousas concretas e motivadas en función de regras epidemiolóxicas e tamén en función de criterios solventes.

Mire, permítame que cite o profesor Santiago Lago, membro do grupo de expertos, nun artigo do *Faro de Vigo* publicado en novembro. Extracto: «Algo a evitar a toda costa é o confinamento, polos seus catastróficos efectos económicos pero tamén pola súa incidencia sobre a educación dos nosos mozos e a saúde física e mental de todos nós. Un confinamento en novembro e decembro como o da primeira pasada levaríanos a unha caída do PIB galego próxima ao 20 % do conxunto do ano». Mire, señoría, esta é a opinión dun experto que non soamente dá razóns económicas —que tamén—.

Pero, señora Pontón, ademais de todo isto vostede vén aquí propoñerme un pacto polo confinamento. Resulta que non teño competencias para ampliar o toque de queda e vostede vén intentar confundir os galegos intentando dicirlles que teño competencias para o confinamento, que é o máximo, cando non podo o mínimo, que é ampliar o toque de queda porque os seus socios de goberno en Madrid e en Galicia me impiden ampliar o toque de queda. Iso é confundir con intencionalidade, e creo que non o merezo nin eu nin esta Cámara, e moito menos Galicia. (*Aplausos.*) Que veña o BNG plantexar unha proposta que sabe perfectamente que é ilegal é moita cara, efectivamente, como di un deputado do seu grupo. ¡Moita cara!

Miren, señorías, comprendo que dende o confort dun escano se poida dicir o que se considere. Pero eu non lle pido que respecte o presidente da Xunta nin que respecte o Goberno. Pídlle un pouco de respecto polos trinta e cinco membros do comité clínico. É que, ademais, vostede sabe perfectamente —insisto— que non podemos confinar na súa totalidade a poboación, nin sequera podemos ampliar o toque de queda. Verá vostede, en Galicia, mentres sexa presidente, entre as propostas do comité clínico de trinta e cinco profesionais e a pro-





posta da señora Pontón vou seguir as propostas do comité clínico dos trinta e cinco profesionais. *(Aplausos.)*

Sorpréndeme tamén, señoría, que veña vostede dicir aquí —igual que o señor Caballero— que eu criminalizo a cidadanía. Insisto, no seu papel de comentarista pode dicir pola mañá que a Xunta criminaliza a cidadanía e os sectores económicos e pola tarde pedir o confinamento domiciliario para que ninguén saia. ¿En que quedamos? Se todos actuamos con corrección, non necesitaríamos o confinamento. ¡E agora vostede propón o confinamento porque pensa que ninguén actúa con corrección! ¿Quen criminaliza, señora Pontón? A eliminación de todos os dereitos e liberdades para saír do domicilio ¿non é criminalizar a cidadanía? E, sen embargo, ¿é criminalizar a cidadanía pedir que se cumpran as normas e as propostas? ¿Non é criminalizar os concellos con baixa incidencia, señoría? O confinamento ¿non é criminalizar os sectores onde non hai contaxios? O confinamento ¿non é criminalizar a inmensa maioría dos galegos que cumpren escrupulosamente a maioría e incluso a totalidade das recomendacións e as decisións? O noso deber —coa información que temos— é tomar medidas proporcionais. E así o imos seguir facendo. A inmensa maioría dos cidadáns merece o noso recoñecemento porque, por suposto, a inmensa maioría está a facer un enorme esforzo. Pero a inmensa maioría non é a totalidade, e por iso pedimos que a minoría que non cumpre cumpra para que todos os que cumpren se sintan lexitimados para seguir cumprindo. *(Aplausos.)* Iso non é criminalizar a ninguén, señoría. Iso é falar cun mínimo de responsabilidade. *(Aplausos.)* Porque creo que dende esta tribuna, nun momento inédito da nosa historia, deberíamos de falar todos coa maior responsabilidade posible.

Miren, señor Caballero e señora Pontón, vostedes dinme que non están no DOG as axudas. Non, señorías, están no peto da xente. *(Murmurios.)* Si, señorías. Non sei por que rin. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Rinse de distribuír 370 millóns de euros e de chegar a 150.000 beneficiarios? ¿Rinse de poñer á disposición de autónomos, microempresas e hostalaría ata 86 millóns de euros? ¿Rinse de que 19.300 profesionais da hostalaría percibisen nas súas contas correntes 37 millóns de euros?

Din que non o ven no DOG. O problema, señorías, é que vostedes non estudan o DOG. Miren, puxemos 370 millóns de euros. Foron 157.000 beneficiarios na totalidade. O primeiro plan de rescate foi de 86 millóns de euros. Pagamos a 19.300 hostaleiros axudas por importe de 37 millóns de euros. Sabemos o número de establecementos por concello e estámolo facendo público. Sostemos o emprego e a dinamización con apoio económico a autónomos e pemes por un importe, só en liquidez —non en axudas directas senón en liquidez—, de 209 millóns de euros. Fixemos un plan de reactivación cultural por 27 millóns de euros. Fixemos un plan de choque en turismo por 37 millóns de euros —e xa o percibiron 19.700 persoas—. Fixemos un plan de ocio nocturno —o primeiro que pactamos e o segundo que estamos a construír—. E apoiamos o sector primario, a máis de sete mil persoas —sete mil persoas do palangre, das plantas ornamentais, da carne de vacún...—. Señorías, demos un préstamo á vendima por 6 millóns de euros —e creo recordar que somos a única, ou das únicas comunidades autónomas, que o implementamos. ¡E véñse aquí dicir que non axudamos a ninguén e que non se nota absolutamente nada o compromiso da Xunta! Acabo de trasladarlles o segundo plan de rescate con outros 75 millóns de euros para autónomos, hostalaría e microempresas —75 millóns máis os 80 millóns postos superan os 150 millóns de euros—.



Mire, señoría, exactamente temos aquí, á disposición de todos vostedes, os que cobraron, as solicitudes, as pagadas..., ¡todas, absolutamente todas! Non creo que sexa xusto dicirlle á xente que no mes de Nadal traballou mañá e tarde para pagar estas axudas —e para empezar a pagalas antes de que rematara o prazo de solicitude— que non temos ningunha axuda para ningún sector. Mire, honradamente creo que iso non é xusto. E, por tanto, cando se fala por parte do BNG de que están dispostos a tender a man na hostalaría —¡oxalá!—, pídenos dous días máis para reflexionar sobre as propostas.

O BNG goberna en tres deputacións. (*Murmurios.*) Si, claro, goberna en tres deputacións. Sen o BNG, o PSOE non podería gobernar en ningunha porque as perdeu todas. (*Murmurios.*) O BNG goberna en tres deputacións. Recoñezo que a Deputación da Coruña si fixo desembolsos; a Deputación de Lugo, non; e a Deputación de Pontevedra, non. Está nas súas mans, señoría.

Din vostedes «o 1 %». ¿Pero de verdade que están falando de quitarlle o 1 % ao presuposto de sanidade, o 1 % ao presuposto dos servizos sociais, o 1 % ao presuposto de educación? Se quitamos esas partidas, estamos poñendo máis do 1 %. ¡Pero de verdade que se poden facer trampas tamén nisto! ¿¡E despois pídesse un fondo para a covid e din que non contratamos persoal!? ¡Máis de sete mil persoas contratamos e están traballando —sen contar os contratos das baixas—! ¡Sete mil persoas máis todos os días, en sanidade, en educación e en servizos sociais! (*Aplausos.*) ¡Como é posible dicir que non estamos traballando neses aspectos! É moi sorprendente, señora Pontón, que vostede me veña aquí propoñer medidas que sabe perfectamente que os seus socios non están dispostos a aceptar.

Onte escoitaba que nos presupostos vostede se queixaba de que non se aprobaban ou aceptaban emendas. ¡Pero se vostede non aceptou ningunha proposta do Goberno, ningunha, cero! É máis, sorprendentemente estaba vendo como se votaba e como as institucións nas que vostedes non emendaron o presuposto —é dicir, que estaban de acordo— nin sequera as apoiaron. É sorprendente, señorías, que nin sequera emendan e despois non apoian. E despois resulta que a responsabilidade é do Goberno, que ten que gobernar e sacar os presupostos adiante.

Sobre as residencias, señora Pontón, por suposto que estamos a favor de establecer os mecanismos do novo modelo das residencias, mecanismos arquitectónicos, mecanismos de relación directa coa asistencia sanitaria, mecanismos de historia clínica compartida, dos temas da ratio de persoal sanitario nas residencias... Pero recoñeza vostede que a mortalidade nas residencias galegas é a segunda máis baixa de España, ¡recoñézao! Porque entón está vostede facendo un recoñecemento a todo o persoal sociosanitario que traballa nas residencias. E entón estamos construíndo, e non destruindo, todo aquilo que sexa galego.

Todo en Galicia se fai mal e resulta que, cando comparamos Galicia co resto de España, estamos en mellor situación; mellor, por suposto, que a media de España e que a maioría das comunidades autónomas. (*Aplausos.*) Esta venda que os nacionalistas fan de Galicia é necesario aforrala. Se vostedes queren tanto a Galicia e en Galicia todo se fai mal..., verán o impacto reputacional que vostedes plantexan aos galegos.

Sobre a xestión directa dos fondos europeos, ¡a favor, señoría! Pedímolo desde sempre, por suposto. Onte tivemos unha videoconferencia, coa conselleira de Política Social e a vicepresidenta



da Comisión e comisaria responsable de demografía, e deixou claro que os fondos en materia de demografía se repartirán aos Estados. Pedímoslles que vostedes sexan activos ante o Estado para intentar conquistar os fondos. Evidentemente que lle propuxemos á comisaria que tivera en conta no regulamento dese fondo a porcentaxe de persoas maiores de 65, a porcentaxe de dispersión da poboación, a porcentaxe de territorio rural e que tiveran en conta, por exemplo, o esforzo que fan as comunidades autónomas en materia de despoboamento e en materia demográfica. Iso é o que nos interesa, señora Pontón, e iso é no que estamos traballando. Por tanto, se vostede quere traballar, estamos á súa disposición. Ao que non pode vir aquí é a intentar confundir con que non hai axudas, que somos os peores, que temos os peores datos, que non fixemos nada e que agora resulta que o señor Sánchez e o señor Feijóo son os responsables de todo o que ocorre en Galicia.

Eu son responsable, sen dúbida, das competencias sanitarias. ¡Absolutamente! Síntome moi orgulloso de exercer as miñas competencias, pero isto transcende as competencias sanitarias. Eu non podo decretar un estado de alarma, non podo aprobar unha lei orgánica para regular a pandemia, non podo tocar os prazos nos que a xente ten que retirarse aos seus domicilios. Non teño ningunha competencia na Policía Nacional e na Garda Civil e véñolle escoitando ao señor Caballero que me deixe de andar de policía de balcón e exerza as miñas competencias. Isto é, cando menos, sorprendente. ¡Que menos que durante o estado de alarma as forzas e corpos de seguridade do Estado se puxeran á disposición dos presidentes autonómicos para vixiar as normas en materia de pandemia!, ¡que menos! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Que menos que se puxese a policía municipal á disposición dos presidentes autonómicos para vixiar o cumprimento das normas da pandemia!, ¡que menos!

Pero exactamente, señor Caballero, ¿que plantexa vostede en materia de policía? ¡Pero como di o que acabo de escoitar! ¡Como di o que acabo de escoitar se nin sequera os concellos querían tramitar as multas e tivemos que acudir ao Consello Consultivo para ditar unha aclaración de competencias e propoñerlles un acordo para que, polo menos, as denunciem e as tramitemos nós! ¡Sorprendente, señorías, que nun estado de alarma o responsable do estado de alarma non teña forzas e corpos de seguridade! É sorprendente. ¿Que ocorrería, señor Caballero, se un presidente autonómico que exerce as competencias por delegación renuncia ás competencias? ¿Que ocorrería? Do mesmo xeito que o presidente do Goberno decidiu renunciar ás competencias e delegar nun presidente autonómico, ¿que ocorrería se un presidente autonómico non acepta as competencias delegadas? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Sabe unha cousa? A diferenza é que os presidentes autonómicos formamos parte do Estado e todos somos responsables. (*Aplausos.*)

Señor Caballero, con toda a tranquilidade, non creo que deba aceptar que eu estea nun pedestal. Mire, eu estou á fronte do comité clínico e non me vou mover de aí, un comité clínico que foi o primeiro dende o mes de marzo ata o de agora. Non cesamos a ninguén nin ocultamos os datos. Non, señoría, non hai trampa. No comité clínico de Galicia non hai trampa. Na ausencia, o comité clínico de España está cheo de trampas, señoría. Por tanto, eu non me vou mover de aí e téño clarísimo.

Miren, cando escoito algunhas cuestións da señora Pontón e do señor Caballero sobre o Nadal, recórdolles que a proposta do Goberno de España no Consello Interterritorial foi a





movibilidade plena en España dende o día 23 ao día 7... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Si, señoría!, quince días, do 23 ao 6 ininterrompidamente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E nós autorizamos sete. Recórdolles que a proposta do Goberno de España era *diez allegados*. E nós insistimos ata a saciedade en que rectificase os *diez allegados* para poñer unidades convivenciais de familias, nada máis. E insistimos e persistimos ata o final, ata que ao final, no mesmo día en que tiñamos que pechar a norma, a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia nos advertiu de que tiñamos que poñer na norma os *diez allegados* porque era unha competencia do Goberno de España. Pero vostede ¿de verdade que non recorda iso? ¿De verdade que agora vén aquí dicir non sei cantas cousas do Nadal?

Mire, imos ir aos datos do Nadal. O día 24 de decembro a incidencia en Galicia era tres puntos por debaixo da de España, a taxa de positividade era o 5,15 % en Galicia e o 8,4 % en España. Agora a taxa de positividade en Galicia é do 12,2 % —xa baixando aos entornos do 9— e en España é do 17,7 %. É dicir, ¿onde subiu máis a taxa de positividade? Na media de España, e menos no resto —como é Galicia—. A única comunidade que tomou medidas máis restritivas que Galicia no Nadal foi Valencia e non freou os casos. Hoxe Valencia ten unha incidencia de máis de 1.340 casos, o dobre que Galicia.

Por tanto, non podo entender estas críticas. ¡Pero se nós valorabamos cos alcaldes antes de pechar! E incluso houbo alcaldes aos que lles propuxemos pechar antes dos 250 de taxa. E os alcaldes, acolléndose ao protocolo do comité clínico, dixeron que en ningún caso se pechaba a hostalaría —os do PSOE e os do BNG—. (*Murmurios.*)

Señorías, o 24 de decembro en 42 concellos xa non se permitía a apertura da hostalaría. Insisto, nos concellos de Pontevedra, de Vigo e de Ferrol —sobre todo os de Pontevedra e Vigo— tivemos a hostalaría ata as 17.00 horas e despois ampliamos ata as 18.00, ¡todos os días de Nadal, todos, absolutamente todos! Nunca baixamos a garda, señorías. E se non cumprían os límites, non os autorizabamos. ¿Por que, exactamente, nos critican?

¿Señora Pontón, señor Caballero, pódenme dicir cal é o seu modelo de comunidade autónoma na xestión da pandemia? Estudariámolo con moita atención. ¿Que comunidade autónoma o fixo mellor? Comparariamos o que fixo Galicia co que fixo esa comunidade autónoma, e a situación desa comunidade antes, durante e despois, igual ca nosa. Iso é algo razoable. Pois seguro que no turno de réplica me van vostedes propoñer algún modelo. Porque o comité clínico —e, dende logo, o Goberno— ten a obriga de estudalo.

Señor Caballero, con todos os respectos, vir aquí a falar do plan de vacinas e dicir que nos dan as vacinas que nos corresponden... ¿En función de que? ¿Cales son as vacinas que nos corresponden? ¿Cales son os parámetros? ¿Pode dicilo aquí na tribuna?

Agora estabamos vacinando os maiores nas residencias. ¿Por que temos o 5 % cando somos, xunto con Asturias, Castela e León e Cantabria, as comunidades máis envellecidas de España? Nin sequera temos a porcentaxe de poboación. Se tivésemos o 5,7 %, estarían vacinadas case 10.000 persoas máis. Agora imos ter o 8,8 % de poboación de maiores de 80 anos. Ese parece ser que vai ser o criterio. ¿Vostede pode acreditar que nos van dar o 8,8 % do total de vacinas que se distribúan en España? Esa é a nosa petición, é bastante razoable. Cando haxa que va-



cinar os menores de 30, evidentemente Galicia quedará prexudicada pola porcentaxe de vacinas distribuídas, e entenderémolo. Pero estamos vacinando a poboación máis vulnerable e temos menos porcentaxe da que nos corresponde, sendo unha das comunidades con maior poboación vulnerable. Reitero que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, señor Caballero, si. Polo menos, acepte a realidade, non siga confundido.

Mire, reitero o que dixen. Ata o segundo trimestre deste ano 2021 non imos ter vacinas, porque o que temos agora é unha transferencia de vacinas mínima —de 18.000 á semana— que as podemos dispensar en dúas horas ou, como moito, en catro horas en función do número de enfermeiras. E ¿vostede cre que iso é ter vacinas? Durante estas tres semanas que van durar as restricións poderíamos vacinar 2.100.000 galegos e ao final imos vacinar soamente 20.000 por semana; é dicir, 60.000. ¿Vostede cre que isto é ter vacinas? ¿Onde está a vacina de Moderna?, ¿onde está a vacina de AstraZeneca?, ¿onde está a vacina de Janssen? ¿Pero de verdade vostede cre que pode sacar peito aquí de que temos vacinas?! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿En abril? Seguramente, no segundo trimestre do ano, no segundo trimestre do próximo ano. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por iso, señorías, vir aquí dicir que grazas ao Partido Socialista nos estamos vacinando é algo tan sorprendente que non creo que mereza a pena seguir influíndo sobre este tipo de cuestións. É algo máis que sorprendente.

Agora resulta que vimos aquí propoñer cantidade de cousas. Sobre a incidencia das vacinacións nos sanitarios, ¿producíronse algunhas imperfeccións na listaxe do persoal? Si. ¿Son casos excepcionais? ¡Por suposto! De momento alcaldes do PP aínda non se vacinaron. Alcaldes do PSOE, si. E se alguén se vacina, evidentemente, terá que ter consecuencias ao respecto. Pero, ¡home!, que veña aquí a dicir que nos trabucamos por 22 persoas de persoal non sanitario na área de Pontevedra é algo moi sorprendente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Aerosois, señores, aerosois! ¡E respecto! *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** E tamén reclamo —e volvo reiteralo— que aqueles que, en virtude da listaxe de persoal dunha área sanitaria onde poden traballar cinco mil persoas, se atopan nunha situación na que non corresponde a vacina renuncien a ela, que o notifiquen á área de persoal, do mesmo xeito que notificarían calquera cuestión que os prexudicase. Creo que é como temos que plantexar isto.

Sobre as probas de rastrexo resulta que somos das comunidades autónomas con maiores porcentaxes de detección, e vén vostede aquí a dicir que non. Resulta que non teñen en conta as probas PCR de *pool* de saliva. Vén o ministro Illa, o exministro Illa —candidato á presidencia da Generalitat—, a valorar e aplaudir o que está facendo o laboratorio de microbioloxía de Vigo que está facendo as probas de *pool* por saliva e vostedes non as computan. E resulta tamén que non rastrexamos. ¡Mire se rastrexamos, señoría, que durante esta onda o número de persoas que ingresan nas UCI é do 0,8 % e na outra onda subía do 3 % —é dicir, máis do dobre, case o triplo—! ¡E mire se rastrexamos que agora o número de persoas que ingresan nos hospitais é o 5 % e na primeira onda era o 17,7 %! ¡Claro que rastrexamos, claro que corentenamos, claro que as cousas están traballándose mellor!



Pero, mire, señor Caballero, hai declaracións que só as poden entender desde o descoñecemento ou desde a vontade de enganar a cidadanía. O 22 de xaneiro en *La Voz de Galicia*: «*Caballero pide reforzar el personal sanitario para aplicar vacunas con mayor celeridad.*» É o que lle parece a vostedes. ¿De verdade que vostede é a única persoa que non sabe que o persoal sanitario pode administrar todas as doses que nos chegan para a semana durante unha mañá?, ¿de verdade que vostede aínda non coñece o problema de abastecemento de vacinas a nivel europeo e a nivel español e, en consecuencia, a nivel galego?, ¿de verdade que cre o que di ou simplemente é que nos quere tomar o pelo?

Hai manifestacións súas que merecen a pena, desde logo, enmarcar; como, por exemplo: «Non entendo por que o Servizo Galego de Saúde deixa unha porcentaxe de vacinas sen dispensar». Cando resulta que hai que facer dúas doses nun prazo de entre vinte e un e vinte e sete días, ¿parécelle que non debemos ter a segunda vacina para dispensar e inmunizar completamente os cidadáns? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Vostede segue plantexando que temos que dispensar o cen por cento de vacinas sen ningún tipo de almacenamento de anteriores? ¡De verdade que o nivel de irresponsabilidade supera a ficción!

Pero exactamente non é a primeira vez que intenta confundir a todo o mundo. Efectivamente, dicíallo o portavoz. Mire, aínda recordo as reunións e as conversas sobre que había que suspender as eleccións en marzo por responsabilidade e a comparecencia que tiveron que facer neste Parlamento escoitando que estaba convocando unhas eleccións para o mes de xullo en plena onda pandémica. E agora, señoría, supoño que a vostede non o invitarán á campaña do Partido Socialista de Cataluña, porque se o invitan á campaña do Partido Socialista de Cataluña ¡menudo papelón ir alí explicar que hai que votar en Cataluña cunha taxa de incidencia como a que ten e que non se podía votar en Galicia coa metade da taxa de incidencia que tiñamos! (*Aplausos.*) ¡Menudo papelón, señoría!

E honradamente, señor Caballero, eu son o representante do Estado en Galicia, e en consecuencia teño o dereito a expresarme e non para confrontar senón para dicir o que penso. ¡Ata aquí poderíamos chegar! ¿Quen confronta?, ¿unha Xunta de Galicia que propuxo modificar a Lei orgánica de saúde pública —e que lle remitiu un texto ao Goberno central— ou o Goberno central, que non fixo nada e que non ten ningunha lexislación de saúde pública para xestionar a pandemia? ¿Quen confronta? ¿Confronta a Xunta, que axuda a hostalaría, ou confronta o Goberno central, que non pon un euro para as restricións de abrir e pechar a hostalaría? ¿Quen confronta, señorías? ¿Confronta a Xunta cando pide ferramentas e tomar decisións ou o Goberno e o seu presidente cando pasan unhas semanas dedicadas á campaña das catalás? ¿Quen confronta? É que non se pode dicir isto. ¿De verdade cren que eu non poden expresarme con liberdade, con lealdade e coa verdade que eu considero, que considero que é así, para trasladarllo ao Goberno, ao meu goberno de España? ¿Quen confronta? ¿Confronta a Xunta cando pide fondos que se repartan con criterios ou confróntase cando, segundo cada fondo ou segundo cada ministerio, os fondos se reparten co criterio correspondente dos socios parlamentarios?

Eu non poden asegurarlle que en Galicia estivemos sempre centrados en combater a pandemia. ¡Dende o primeiro instante! ¡Non sempre, senón dende o primeiro instante! E non o imos deixar. E por iso, señoría, teño o dereito a explicarlles aos galegos o noso punto de



vista. Para iso os galegos nos elixiron, para explicar cada un o seu punto de vista. Por iso, señorías, non podo entender algunhas das súas aseveracións, pero creo que quedo co importante: que vostedes queren traballar por que as cousas vaian a mellor. A ver se é así. Estaríamos á disposición de todos vostedes.

Miren, eu reitero que estamos nun momento crítico, sen dúbida, e que necesitamos un esforzo adicional de todos. E reitéroo. Somos conscientes de que a poboación está farta desta situación e que deberíamos de trasladarlle á poboación que son necesarios estes esforzos. E precisamente por isto deberíamos ser responsables e actuar con firmeza: cando os datos facilitan as aperturas progresivas, facelo; cando os datos o impiden, non facelo; cando os expertos o recomendan, seguilos; e cando recomendan o contrario, aceptalo.

Porque así dende as comunidades autónomas estamos sendo responsables. E, polo tanto, pedimos ao Goberno de España que nos dea ferramentas. Dado que temos a responsabilidade e non imos renunciar á delegación de competencias, que nos dea ferramentas. Parece razoable. E por iso presentei seis peticións ao Goberno de España —das que aínda non sei exactamente cal é o posicionamento dos grupos—:

—Que se flexibilice o toque de queda. ¿Están a favor ou en contra? ¿Están a favor de que os presidentes autonómicos poidamos ampliar o toque de queda ou en contra?

—Que se cumpra o compromiso de que se estableza un marco normativo axeitado para xestionar a pandemia, e non coas denominacións de «estado de alarma», «toque de queda», etc., que son denominacións constitucionais absolutamente excepcionais e non previstas para unha pandemia sanitaria que durará máis dun ano, probablemente un ano e medio ou ao mellor dous anos. ¿Imos seguir con esta terminoloxía de toque de queda e estado de alarma?

—Un consenso nacional para o teletraballo, que é fundamental para o sistema produtivo.

—Directrices claras e en que momentos —non digo sempre en ningún caso— se debe de obrigar a FFP2. Por exemplo, ¿no transporte público debería ser obrigatoria? Na miña opinión, si. Pero temos que concretalo a nivel de España para non volver facer o ridículo que fixemos na primeira. E temos que concretar as medidas económicas, porque unha FFP2 custa moito máis ca unha cirúrxica e parece razoable que concretemos exactamente en que umbrais e en que contextos é necesario levar esa mascarilla, como a levan os profesionais nos hospitais.

—Un calendario de vacinación definido. Señora Pontón, vostede pídeme aquí que concrete un calendario cando nin sabemos as vacinas que veñen. Intentamos facer un calendario común para todo o país e nós levamos as nosas propostas lealmente ao Goberno en cada comisión interterritorial. E pedimos a porcentaxe de vacinas que nos corresponde en función da poboación diana que temos que vacinar en cada momento.

—E tamén pedimos que os fondos se repartan de forma transparente. A señora Pontón engade que ademais os execute Galicia de forma directa. ¿Estamos de acordo? Señor Caballero, ¿vostede está de acordo?



Esas son as seis propostas que lle vou levar ao presidente do Goberno. Intento consensualas, se é posible, na Cámara; ou que, polo menos, me dean orientacións por se vostedes consideran que hai mellores propostas ou hai que xirar estas. Seguiremos volcados en combater a pandemia e os seus efectos cun plan de continxencia sanitaria e 2.300 profesionais que están traballando todos os días na sanidade —mais os que tiñamos—. Hai máis de 2.400 profesores contratados. Hai máis de 600 persoas en política social contratadas que traballan todos os días para intentar diminuír os efectos da pandemia.

Acabamos de aprobar os orzamentos e non conseguimos nin que unha soa coma deses orzamentos se aprobara. ¡Emenda á totalidade!, ¡emenda á totalidade! Hai que agradecer que onte o Partido Socialista se abstivo na Lei de abandono de terras. Ao mellor é unha luz ao final do túnel, ¡oxalá! Felicítoos por iso.

Presentamos os maiores orzamentos da nosa historia, controlando o déficit público que nos marca o Consello de Política Fiscal e Financeira. Aprobamos a maior oferta pública de emprego da nosa historia e queremos máis porque temos máis vacantes e máis xente que está a punto de xubilarse. E o Goberno central non o considera oportuno. Asinamos o primeiro acordo social no teletraballo dunha administración autonómica. Traballamos para redactar o Xacobeo 2021 e conseguimos ampliálo ata o ano 2022 por decisión da Igrexa. Aprobamos a Estratexia dixital de Galicia. Plantexamos un plan forestal de Galicia. Aprobamos unha estratexia no sector lácteo. Traballamos na mellora das infraestruturas. Acabamos de chegar a un acordo co Concello da Coruña para facer un dos grandes hospitais de España, o Hospital Público da Coruña. Estamos en obras no Hospital Público de Ferrol e está pendente de adxudicar o Hospital Público de Pontevedra. Acabamos de ampliar o Hospital da Mariña. Acabamos de ampliar as UCI e os servizos de urxencias de moitos hospitais. Acabamos de abrir centros de saúde en plena pandemia, e ímolo seguir facendo. E, por suposto, imos seguir traballando para preparar a nosa candidatura ante os fondos Next Generation da Unión Europea —cun comité de expertos independente, con persoas independentes, que non pedimos o carné para saber de quen é este catedrático ou o outro catedrático, ou quen preside a asociación de familias, de empresas familiares, etc.—. Estamos axilizando o calendario normativo: seis leis da anterior lexislatura e seis leis desta lexislatura nos cen primeiros días. ¡Doce leis! Honradamente, señorías, pódolles asegurar que estamos traballando a tope, e que non nos imos cansar de seguir traballando a tope. Eu pido que se critique aquilo que facemos mal para melloralo. O que non me parece razoable é que vostedes critiquen aquilo que se fai mellor.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Turno de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, estamos nun momento crítico, cunha cifra récord de contaxios. Levamos quince días cunha media de máis de 1.400 contaxios diarios —con





miles de persoas, polo tanto, contaxiadas no noso país—, con centos que están loitando pola súa vida nos hospitais. En vinte e cinco días morreron 245 persoas neste país. E vén aquí e dinos que non entende por que o criticamos, vén a esta tribuna e non asume nin unha auto-critica de nada do que fixo o seu goberno para que esteamos nesa situación. (*Aplausos.*) Sinceramente creo que iso é o que ningún galego e galega pode entender.

E, ademais, no medio desta situación, o seu gran argumento é vir aquí a manipular as palabras da portavoz nacional do BNG, poñer na miña boca cousas que non dixen, algo que me parece intolerable. Porque, mire, en política non vale todo e hai que ter argumentos para defender politicamente o que pasa. Pero ao que vén aquí vostede sistematicamente —e faino ademais no medio desta pandemia— é a poñer na miña boca palabras que eu non pronunciei.

Mire, os argumentos da extrema dereita é que o virus se propagou polo 8M, que foi exactamente o que veu vostede dicir hoxe aquí. (*Aplausos.*) Non manipule as miñas palabras. E, desde logo, non lle permito que poña na miña boca palabras que eu non dixen. Eu en ningún momento dixen que o comité clínico é irresponsable. ¿De verdade non se avergoña de manipular desa forma neste Parlamento, señor Feijóo? (*Aplausos.*) É que os galegos e as galegas merecen un presidente que non veña á Cámara a manipular, a mentir, a dicir que dixemos cousas que non dixemos. Esta é unha situación o suficientemente seria como para que, por favor, deixe de manipular e de retorcer as miñas palabras.

E eu quero preguntarlle: ¿de verdade vostede quere que lles digamos ás 1.649 familias que perderon un ser querido que temos un bo nivel de mortalidade?, ¿de verdade, señor Feijóo? Eu non me atrevo a dicírllelo. Dígallelo vostede, porque me parece que é tremendo que veña comparar os nosos mortos cunha media. Son persoas que perderon as súas vidas e que merecen todo o noso respecto e que traballemos para que esa cifra sexa a menor posible neste país. Esa é a vontade coa que traballamos desde o BNG. Polo tanto, non manipule e non veña aquí a dicirnos que esta é unha cifra asumible.

E, mire, eu podería aquí hoxe dedicar os dous minutos e medio que me quedan a falar das súas contradicións, porque, polo menos, hoxe creo que sería edificante para moitas persoas escoitar o presidente da Xunta dicir: Pois si, equivoqueime cando puxen como obxectivo salvar o Nadal, equivoqueime cando dixen que era demoledor un estado de alarma porque se cargaba o consumo en Navidad e cerra a Semana Santa. Estaría ben que recoñecera, señor Feijóo, que se equivocou con esa falsa dicotomía entre economía e saúde. Porque ¿sabe o que estamos vendo? Que con esa dicotomía nin se salvan vidas nin se salva a economía. Estámolo vendo nesta terceira onda cun efecto que é demoledor, que ninguén quere. Pero hai que facer unha reflexión para poder cambiar as cousas.

E da mesma maneira vén aquí vostede —e ademais repíteo— e di que temos as mesmas ferramentas que ao principio da pandemia. É que, señor Feijóo, esta é unha emenda á totalidade. A pandemia non se vai combater cunha lei que o único que fai é multar os galegos e as galegas. A pandemia vaise combater se reforzamos ben a sanidade pública, se hai os suficientes rastrexadores, se se evitan os contaxios nas residencias (*Aplausos.*), se se prepara unha boa campaña de vacinación para que cando chegue a vacina non haxa retrasos, e non con anuncios propagandísticos que, sinceramente, señor Feijóo, ninguén cre. Porque non pode dicirnos un día que





se tarda un mes en vacinar 40.000 persoas, ao día seguinte dicir que Galiza pode poñer 200.000 vacinas, ao seguinte 120.000 e hoxe 100.000. ¡É que non é serio, señor Feijóo! E este é un tema o suficientemente grave como para que tome a pitorreo os galegos e as galegas, ou para que veña aquí coa súa propaganda de sempre.

E nós pedímoslle que deixe de mirar os que están peor e que mire os que o están facendo mellor. Porque sempre se compara con alguén que está peor. (*Murmurios.*) Pero ¿por que non se compara co que está mellor? Porque hai países que controlaron a pandemia —como Nueva Zelanda ¿verdade?—. Hai outros países que vimos como... (*Murmurios.*) Si, si, hai outros países que non están tendo falecementos nos últimos momentos. Aprendamos de quen o fixo ben.

Nós non dicimos que sexa sinxelo. O que dicimos é que o Goberno ten a responsabilidade de gobernar e mirar para os que o están facendo mellor e non contentarse con ser un pouco peor que o resto. (*Aplausos.*) Sinceramente, creo que non o merece neste momento este país.

E, mire, non é fácil —voullo dicir—, non é fácil pedir un confinamento. É moi difícil, pero é certo que hoxe hai cada vez máis voces en expertos —no noso país e fóra— que están dicindo que esta terceira onda só se para cun confinamento. Podería traerlles aquí centos de recortes que recollen esas aseveracións. E é curioso, señor Feijóo, que vostedes veñan aquí cunha dicotomía. O que pasa no Estado é responsabilidade do Goberno central, e o que pasa en Galiza non é responsabilidade da Xunta de Galiza, é do comité clínico. Eu non sei, señor Feijóo, se é o comité clínico quen lle impide poñer sobre a mesa un confinamento. Dígao. Porque creo que esa é unha información importante. (*Murmurios.*) Sobre todo, porque eu creo que temos que facer unha reflexión, que é respecto de onde nos vai levar non tomar decisións eficaces. ¿Cantas vidas custa non tomar esta decisión? Porque esta é unha decisión que salva vidas, como recoñecen, por certo, membros do seu goberno. Quero lembrarlle unha entrevista do conselleiro, na que lle preguntaban: «¿Vamos a llegar al confinamiento?» E di: «*Es el final de las medidas. En el final de las medidas está esa y hemos visto que funciona, pero todos escapamos de ponerla en marcha.*» Porque non é fácil, é unha proposta difícil. É difícil plantexala, e plantexámola desde o rigor e desde unha convicción, a de que é máis difícil ver como segue xente nas UCI, como segue xente contaxiándose e como iso leva á ruína a miles de sectores económicos e familias no noso país. (*Aplausos.*) Por iso plantexamos esta medida sabendo que non é fácil. O que é cómodo, quizais desde o confort do coche oficial, é non tomar medidas e escudarse.

E o que é cómodo é vir aquí a manipular. Porque ¡¿como é iso de que é ilegal pedir un confinamento?! Eu, señor Feijóo, non lle dixen que vostede pode poñer en marcha un confinamento. Pedinlle que vostede llo pedira ao Goberno central. ¿Por que manipula tamén iso? ¿Pero de verdade que non podemos ter nunca un debate en serio sen que se manipulen as palabras?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Paréceme unha cuestión que é o suficientemente importante.

E non se pode gobernar desde a covardía política, non se pode gobernar desde ese confort do coche oficial que lle fai vir aquí simplemente a manipular as miñas palabras.



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** E remato —se me permite— só cunha cuestión de futuro.

Desde logo, eu creo que, señor Feijóo, se baixase máis do coche oficial, entendería a difícil situación que teñen moitas persoas no noso país. Autónomos e autónomas tiveron que esperar ata novembro para que o DOG publicase as primeiras axudas, cando outras comunidades autónomas que xa tiveran axudas ían pola segunda orde de axudas e agora están plantexando as terceiras. E son insuficientes as axudas. Nós seguimos dicindo que tendemos a man, e que tendemos a man para sacar adiante este país. Pero para iso, señor Feijóo, hai que estar dispostos neste momento a tomar decisións que son difíciles pero as máis eficaces para conter o virus.

E remato xa cunha última reflexión. Miren, un confinamento sería máis eficaz cando a onda estivese máis baixa, porque evitaría moitos contaxios. E se iso se fai dunha maneira rápida, se se fixera no seu momento, quizais hoxe non estaríamos así.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señora Pontón, xa rematou o seu tempo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Non telo feito no pasado non pode evitar que tomemos as decisións que poden salvar vidas neste momento. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pontón.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Caballero Miguez.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor presidente da Xunta, a súa intervención hoxe foi preocupante. Amosouse vostede soberbio, non recoñeceu erros nin amosou vostede a vontade de cooperación. Hoxe os galegos e as galegas atopan un presidente da Xunta que non deu resposta ás súas preocupacións ante o momento de gravidade que se vive con esta terceira onda. Vostede non recoñeceu o erro de terse oposto ao estado de alarma, non recoñeceu o seu erro de dicir que non habería vacinas ata o mes de abril. Vostede non recoñece o seu erro de centralo todo na estratexia de salvar o Nadal, que foi unha estratexia que levou a incitar a un maior nivel de contaxios nesta terceira onda.

Porque lle volvo recordar que as mesmas decisións que vostede anunciou hai dous días podería telas adoptado ao longo do mes de decembro, marcando unha liña de protección da saúde máis forte. E, xustamente, cando lle dicimos que nós non estamos plantexando dúbidas de cada unha das normas e lle pedimos que baixe do pedestal para falar do país, vostede négase.

Pero eu escoitei hoxe aquí un presidente da Xunta que fixo algunhas aseveracións de moita gravidade. Preocúpame que o presidente da Xunta de Galicia confíe na policía de balcón e que des-



confíe das forzas de seguridade do Estado, que desconfíe do exército, que desconfíe da Garda Civil e das policía locais, dando por feito que por non estar baixo a súa autoridade non están cumprindo fielmente con todas as súas responsabilidades públicas, como o están facendo (*Aplausos.*)

Preocúpame tamén que o presidente da Xunta, nun exercicio retórico, chegase hoxe aquí a ameazar coa posibilidade de que un presidente autonómico deixase sen exercer as competencias delegadas do estado de alarma por estar en contra do estado de alarma. ¿Vostede pode vir aquí nesta terceira onda a preguntar o que pasaría se vostede non tomase as decisións que ten que tomar? ¿Pódese estar xogando coa economía e a saúde con esa irresponsabilidade?

E preocúpame tamén, señor Feijóo, que hoxe o presidente da Xunta viñese aquí a dicir que o cambio normativo en materia de saúde que presentou o Partido Popular estivo moi traballado cos letrados da Cámara, porque eu non sabía que os letrados da Cámara se dedicaban a traballar para o grupo do PP, porque é unha utilización manipuladora e perversa (*Murmurios.*) do que son as institucións autonómicas en Galicia. (*Aplausos.*)

O *Diario de Sesións* recolle as verbas do presidente, señores conselleiros. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Escoiten e lean despois o *Diario de Sesións*.

Mire, señor Feijóo, vostede está facendo unha estratexia de escapismo. Non quere asumir as súas responsabilidades ante os problemas dos rebrotes da terceira onda da covid e as súas responsabilidades por non plantexar un paraugas de protección para a economía do noso país. Porque fixo mal as previsións. Creu que todo era salvar o Nadal e poder ir de vacacións en Semana Santa como destino turístico. E errou no plantexamento.

Por iso lle dicimos que baixe do pedestal, que recoñeza que houbo erros e que hai que tomar as medidas. Non intente vostede escapar cun debate sobre se hai que usar mascarillas FFP2. Se os comités clínicos así o recomendan, contarán con todo o noso respaldo, como sempre se fai por parte do Partido Socialista. Pero vostede prefire plantexar dúbidas no que non é fundamental para non ter que asumir responsabilidades do que está en cuestión neste momento, que é a saúde e a economía dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*)

Vaia vostede falar co presidente do Goberno de España para traballar con lealdade; e, en Galicia, para ter un acordo de país para promover unha Xunta do benestar, unha Xunta que fortaleza os servizos sociais, unha Xunta que teña previstos os peores escenarios que poida haber para as próximas semanas, unha Xunta que traballe tamén nun modelo de educación presencial pero que teña tamén previsto con métodos dixitais calquera escenario —cando xa non hai aulas presenciais nas universidades pero segue habéndoas en primaria e en secundaria—.

Traballe tamén vostede, señor Feijóo, para solucionar os problemas nas residencias, para fortalecer o sistema de saúde. No Sergas a telemedicina non funciona. Sábeno tanto os galegos e as galegas que nin conseguen cita en atención primaria para que o médico os poida atender nun ou dous días.

Promova vostede esa Xunta, que lle tendemos a man. Propoñémoslle, señor Feijóo, un gran acordo de país ante unha terceira onda de máxima gravidade, baseado nunha Xunta do be-



nestar que defenda os servizos sociais e nun plan de resistencia para os sectores económicos afectados e para a reactivación, para gañar o futuro.

Vostede hoxe aquí enganou de forma continua á hora de falar dos números, porque todo o país sabe que ao longo de todo o 2020 vostedes abandonaron o tecido produtivo. Vostedes deron 22 millóns de euros a autónomos e microempresas en todo o 2020. E intentan agora parchear coa continuación dun segundo plan que aínda non está nin publicado no DOG. É simplemente un anuncio do vicepresidente pero non está o carto na man. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostedes teñen a responsabilidade, porque o Goberno de España remitiu o ano pasado arredor de 1.000 millóns de euros en distintos conceptos —224 millóns de euros soamente para a reactivación, e hai un React-EU para este ano de máis de 400 millóns—. Chegan aos orzamentos da Xunta máis de 1.100 millóns de euros do Goberno de España. O Goberno de España é a gasolina para poder protexer a xente, pero vostede é o condutor dun coche que non sabe levar, o coche para protexer os galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

Hoxe a súa intervención foi decepcionante. Foi a intervención dun presidente que, no peor momento dos contaxios, no peor momento das UCI, con máis de tres mil alumnos contagiados, con momentos tan difíciles nos servizos sociais, non deu unha resposta nin unha proposta, nin tan sequera unha rectificación ou un recoñecemento dos erros que todos temos ante unha situación tan complexa. E pedímoslle que rectifique, que asuma a necesidade de chegar a grandes acordos de país para protexer o benestar e para rescatar a economía. Ata agora tivemos unhas semanas nas que tanto falamos de rescatar a hostalaría, e hai que rescatar xa o comercio, o mundo do deporte...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...a cultura. O 40 % do comercio vai ter dificultades porque vai estar pechado ao longo das próximas semanas e non hai unha soa axuda que se puxese despois de que onte no DOG se lles puxo o candado aos comercios de Galicia. Aproben todas as restricións necesarias pero respalden e defendan os galegos e galegas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Van ser meses moi difíciles para todos.

E máis alá das peticións de rectificación e dos erros que vostede cometeu, e máis alá dos anuncios e da propaganda que fai, tome todas as decisións porque esta crise que temos por diante aínda neste semestre pode ser durísima. E non queremos atoparnos aquí dentro dun mes vendo un Goberno da Xunta desbordado, superado...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...porque o que nos preocupan son os galegos e as galegas.

Cheguemos a acordos para defender a nosa xente no momento máis complexo, señor presidente.



Moitas grazas e nada máis, señorías. *(Aplausos.)*

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Puy Fraga.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

Estamos nunha pandemia. A pandemia ten moitas dificultades. E o primeiro que hai que precisar é que estamos atravesando o que estamos atravesando porque existe un virus perigoso que circula entre nós e que vai seguir circulando ata que a ciencia poida atopar un método definitivo que o anule —inicialmente a vacina, e así confiamos en que sexa—.

Evidentemente, na pandemia —que afecta a todo o mundo, como o seu propio nome indica— hai que buscar complicidades sociais para que os seus efectos non sexan moi fortes. Evidentemente, todos os que sabemos algo de cumprimento de normas sabemos que o ideal é a interiorización da importancia do cumprimento das normas por parte da cidadanía. E, afortunadamente, no caso da pandemia así é. A inmensa maioría da poboación ten perfectamente asumidas as normas e as recomendacións. E cando non é así hai que poñer sistemas normativos con sancións explícitas. De aí a importancia de que haxa unha norma xeral para tratar as pandemias, como a que levamos pedindo e que o propio Goberno de España dixo que ía facer sen que avanzase nada desde o verán pasado, cando anunciou estas reformas —aquí en Galicia estamos en disposición de facelo—. E, por suposto, todas esas normas que teñen que interiorizarse e, se é o caso, plasmarse en textos normativos deben de ter detrás o coñecemento científico que nós temos.

Os criterios que utilizou a Xunta —asumindo toda a responsabilidade, evidentemente, das decisións— son os criterios que os mellores expertos que temos no país aconsellan para combater a pandemia —de nivel especialmente bo porque afortunadamente a ciencia hoxe se expande cunha velocidade á que non o facía nos tempos previos ás actuais revolucións tecnolóxicas—, do mesmo xeito que no ámbito económico atendemos ás recomendacións dos expertos económicos. E todo iso —insisto— faise afrontando a importancia das decisións.

Criticábase o presidente, que veu a este Parlamento no pico máis alto das dúas ondas nas que era responsable —en novembro e hoxe—, porque é escapista. E está todos os días dando explicacións, comparecendo, polo tanto, ante a opinión pública e os medios; e, por suposto, no Parlamento. E aínda así se lle segue chamando escapista.

Eu creo que hoxe o debate e a comparecencia do presidente foi moi útil, aínda que só sexa para que quedase claro, primeiro, que hai un goberno que está actuando correctamente e con criterios razoables; e que hai unha oposición —que onte falou aquí, noutro debate, de empatía— que certamente non practica a empatía con quen ten a responsabilidade de tomar decisións difíciles. Pero é que, ademais, aporta solucións completamente contraditorias. O señor Caballero e a señora Pontón propoñen cousas completamente contrarias. Unha, o confinamento constante; e o outro, pois non se sabe moi ben, porque o que di é que hai que





facer o que manda o Goberno de España. E o Goberno de España o que fai é delegar na comunidade autónoma. O presidente do Goberno di que as comunidades autónomas o están facendo moi ben e que, co que se está facendo, se vai superar a terceira onda.

Presidente, eu creo que a súa comparecencia foi especialmente útil para clarear datos, para solicitar o apoio na mellora dos instrumentos de xestión, apoio que a maioría lle dá e sobre o que a oposición apenas... Apenas, non, senón que non se chegou nin a pronunciar. Polo tanto, é vostede quen prestixia o debate parlamentario e eles —que teñen a posibilidade de pronunciarse sobre propostas para elevar ao Goberno de Madrid ou non pronunciarse— pois degradan o que debería de ser o debate parlamentario. E ofertou consensos que tampouco foron atendidos.

Señora Pontón, cando vostede di que a situación é moi grave, compartímolo. Pero do mesmo xeito que vostede critica dos demais determinadas actitudes, debería tamén mostrar certa satisfacción polo feito de que en Galicia as cousas estean menos mal que no conxunto de España, como exemplo de instrumentos semellantes que temos todos. Temos os mesmos instrumentos xurídicos, temos os mesmos niveis competenciais. E o feito de que en Galicia estean as cousas mellor fala ben de Galicia. Vostede, que confía en Galicia, fala ben da xente, da nosa xente, que se comporta mellor que noutras partes e por iso hai menos transmisión. Fala ben dos nosos médicos, do noso sistema sanitario, porque, se a taxa de mortalidade é menor en Galicia que no resto de España, iso quere dicir que aqueles que contraen a enfermidade están moi ben asistidos nos hospitais. Fala ben, por suposto, das autoridades que rexen o sistema. E se a economía non cae tanto, pois tamén fala ben das decisións que se adoptan no ámbito económico e da responsabilidade de toda a cidadanía.

Desgraciadamente, vostede non quere ir por aí e insiste no confinamento, que é a solución fácil. E, ademais, é que para iso non fai falta nin comité clínico nin nada, pechámonos todos na casa e cando o virus non estea pois volvemos saír. ¿E canto pode durar iso? Pois non se sabe porque o virus segue aí. A incidencia pode ser maior ou menor, as restricións poden ser maiores ou menores, pero o virus vai seguir aí. Se non hai ningún contaxio e saímos todos á rúa e o virus nos contaxia, pois volvemos empezar. Polo tanto, o que interesa é a gradualidade en función da opinión dos expertos, e xustamente para pechar pois non fai falta nada.

Aquí ninguén nunca falou da dicotomía economía e saúde, ou vida. Porque a dicotomía é vida ou morte, pero vida con todas as súas dimensións: a dimensión social, a dimensión familiar, a dimensión sanitaria... E hai tamén a dimensión económica porque a vida é iso, e incluso hai interrelacións entre as esferas económicas que producen problemas de saúde, etc., cousa que é elemental.

Señor Caballero, onte eu díxenlle que ás veces parece que non escoita. E ou ben non escoitou o tema dos letrados ou ben ignora que hai máis letrados que os do Parlamento, porque, evidentemente, cando o presidente fala dos letrados que asesoran o Goberno está falando da Asesoría Xurídica da Xunta —que, por certo, conta con excelentes profesionais—.

Di que o Goberno de España é a gasolina. Ben, eu, de vostede, pois diría outra cousa, despois de que o seu Goberno puxese os impostos que pon ao consumo de gasolina. Pero, en todo





caso, vostede sabe perfectamente que o Goberno de España non é a gasolina, que son os fondos europeos, que é a solidariedade europea. O problema co Goberno de España é como reparte eses fondos entre as comunidades autónomas. E aquí estamos analizando que, cada vez que hai un criterio de repartición, se alonxa máis dos pactados no sistema de financiamento autonómico, e que ademais cada vez prexudica máis a Galicia. E eu creo que, unha vez que hai fondos europeos e que hai que repartilos entre as comunidades autónomas, o papel dun deputado autonómico, con independencia do seu partido político, é defender que a Galicia non lle dean máis pero que tampouco lle dean menos do que lle corresponde. *(Aplausos.)*

Quero concluír, nun momento, falando do futuro. O debate de hoxe non invita moito ao optimismo, pero o certo é que xa temos nesta Cámara distintas oportunidades para chegar a acordos. Temos unha Lei de reactivación económica...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...temos unha Lei de saúde e temos que realizar e elaborar o ditame da Comisión de Reactivación. Nós seguimos coa man tendida porque, habendo un consenso social tan amplo, é unha mágoa que os grupos da oposición non tenten facer un consenso político salvo que xire exclusivamente ao cen por cento sobre as súas propostas.

E polo menos —por sacar algo positivo deste debate— eu coincido cos demais portavoces en que é moi importante que todos sigamos coidándonos a nós mesmos porque así coidamos mellor os demais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Peche desta comparecencia por parte do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, o *Diario de Sesións* ten conta do que se lle pon, e creo que iso é a salvagarda das denominacións, das reflexións e das declaracións de cada portavoz. E por iso se hai algo demagórico é vir utilizar aquí o número de falecidos en Galicia e negar que non podemos compararnos na taxa de mortalidade co resto de España. Iso é profundamente demagórico: utilizar a dor das familias, o número de compatriotas que faleceron polo coronavirus e dicir que iso é responsabilidade dun goberno, e que ademais ese goberno non ten capacidade para contextualizar a pandemia e poder traer a colación os datos da taxa de mortalidade que ocorre en España, nas comunidades autónomas ou no resto de Europa. Iso si que é demagoxia, señora Pontón, iso é a demagoxia extrema.

Miren, señorías, nós imos seguir co comité clínico. Por suposto, as decisións son da Xunta de Galicia, o que asina os decretos de restricións é o presidente do Goberno da Xunta de Galicia



e o que asina as ordes de recomendacións e de contidos é o conselleiro de Sanidade. Somos ambos os dous os responsables políticos e os responsables ante a cidadanía. Pero ¿parécelle a vostede mal que sigamos os criterios escoitado previamente o comité clínico? Vostede chámanos irresponsables a nós. E ao comité clínico vostede non lle chama irresponsable —agradame—. Por tanto, se nós seguimos os criterios do comité clínico e o comité clínico é un comité competente e responsable, debería vostede de poñerse de acordo para descualificar por irresponsabilidade o Goberno que segue os criterios do comité clínico. *(Aplausos.)*

Pero vexo que a vostede lle dá igual que expliquemos o Nadal, que lle dá igual que digamos que houbo miles de persoas que quedaron confinadas no Nadal, durante todas as festas do Nadal, que lle dá igual que acreditemos que xunto con Valencia fomos unha das comunidades autónomas máis restritivas, que lle dá igual que Valencia teña o dobre de incidencia que Galicia a pesar desas restricións. A vostede dálle igual, porque o importante é que o señor Feijóo é un soberbio e non ten a humildade necesaria para ser presidente da Comunidade Autónoma. Vostede si, vostede é unha lideresa responsable, humilde, que vén aquí para ir en contra de todos os países da Unión Europea, que vén aquí para ir en contra de todo o comité clínico, que vén aquí dar leccións, dende a moqueta do seu escano, do que hai que facer. Iso si, o que hai que facer é confinar e non criminalizar a cidadanía. A mellor forma de non criminalizar a cidadanía é non deixala saír da casa. Pero, señora Pontón, ¿de verdade que este é o nivel máximo que acada o BNG no debate dunha pandemia? ¿De verdade que nós criminalizamos a cidadanía por recordar que hai unha porcentaxe de cidadáns que non cumpre as normas e vostede non a criminaliza cando o que propón é que ninguén saia da casa? *(Aplausos.)* ¿De verdade que isto é algo razoable e que vostede ten un posicionamento de país —como lle gusta falar ao BNG—?

E cando plantexamos cal é o modelo, cando preguntei cal é o modelo no que inspirarnos, cal é o modelo que seguir, os señores do BNG, a portavoz do BNG, proponos unha illa do continente de Oceanía: Nueva Zelandia. O modelo do BNG non é un modelo europeo nin dunha rexión europea, non. O modelo do BNG é cambiar de continente, ir a unha illa chamada Nueva Zelandia e que aprendamos do que fan en Nueva Zelandia. ¿De verdade que vostede nos toma o pelo desta forma tan solemne, señora Pontón? *(Aplausos.)* O modelo do BNG é Nueva Zelandia. Pois, de acordo, señorías. Nós non estamos perimetrados con Portugal, non temos fronteira con Castela e León, non estamos na Unión Europea, non pode vir a Galicia quen lle pete de acordo coa normativa europea, entrar nos aeroportos ou no ferrocarril. Non, señoría, vostede cre que Galicia é unha illa e por iso pensa que o modelo é Nueva Zelandia. Ese é o problema dos nacionalistas en Galicia.

Mire, señora Pontón, ¡un pouco de respecto! Eu xa non pido moito, pero, ¡home!, ¡un pouco de respecto!, un pouco de respecto polos que levan traballando dende o primeiro día ata hoxe. Mire, deixe de predicar e dea un pouco de trigo. Di pública e constantemente que o que ten que facer Feijóo é pedir o confinamento da poboación galega e deixar de criminalizar a poboación —non sei como nin sequera revisa vostede o texto da mesma frase— e fala de contradicións. Pero ¿hai unha contradición máis solemne que esta, señoría?

Mire, nós plantexamos seis propostas ao Goberno central. Tróuxenas ao Parlamento. Non teño aínda resposta por parte de ninguén.



Despois está o modelo do Partido Socialista, que, efectivamente, como dicía o profesor Puy, é absolutamente distinto ao do seu socio de goberno, porque non soamente non hai que con-  
finar, senón que ademais non hai que ampliar o toque de queda. E vostedes están gobernando  
e tomando decisións todos os días e quedan tan campantes.

Eu ¿con quen teño que pactar?, ¿co BNG ou co PSOE? Cos dous é imposible. Pero, sen em-  
bargo, vostedes gobernan fóra da Cámara en todos os sitios e a culpa é sempre da Xunta.  
Pero ¿de verdade pensan que os galegos non se dan conta, que non se decatan disto? Se che-  
gan a unha deputación, a resposta é non. Noutra deputación, si, pero hai unha que controla  
fulanito que non. E o problema é que o BNG tende a man. ¿A man de quen, señora Pontón?  
Está na súa man aprobar as liñas da hostalaría esta tarde.

O modelo do Partido Socialista é que o Goberno de España é a gasolina. ¡Menudo símil! Non  
imos entrar nese símil, que non é o máis feliz, señor Caballero. Ten vostede realmente frases  
moitísimo máis felices. Por exemplo, vén ler aquí un papel que empeza así: «A súa inter-  
vención foi preocupante». ¿Cando escribiu iso exactamente? (*Pronúncianse palabras que non  
se perciben.*) ¿Onte? ¿Antonte? Porque realmente eu estaba sentenciado xa. Pero non me im-  
porta, porque o Goberno central faino todo ben e os gobernos das comunidades autónomas  
facémolo todo mal. Ese é o resumo. Cando o presidente de Aragón ou o presidente de Cas-  
tela-A Mancha piden un toque de queda, estes non son responsables, estes señores é que  
non saben disto. ¡Se temos cantidade de ferramentas!

Mire, claro que temos ferramentas; por exemplo, incrementar un 70 % as unidades de coi-  
dados intensivos ou, por exemplo, comprar xiringas para a sexta dose dende o primeiro ins-  
tante sen a proposta do Comité Interterritorial, que nin se enterou. Díxonos en xuño que  
había que comprar xiringas pero non nos dicían cales eran as características técnicas da va-  
cina de Pfizer. Volveu en agosto recordar que hai que comprar xiringas pero tampouco nos  
di cales son as características técnicas. E no mes de Nadal atopan que en Pfizer é necesaria  
unha xiringa especial para sacar seis doses en vez de cinco. E a Xunta de Galicia —unha das  
primeiras comunidades xunto con outras dúas— comprobouno e estamos sacando seis doses  
de todos os viais de Pfizer dende o principio. (*Aplausos.*) Iso tampouco temos dereito a ex-  
plicalo porque, se non, é autopropaganda. Non, señoría, non se me ocorreu a min, non se  
me ocorreu a min. Ocorrúselles aos que saben disto. E os que saben disto son médicos e  
profesionais galegos dos que nos sentimos tremendamente orgullosos. Vostedes deberían  
felicitalos tamén.

Mire, cando empezamos a extraer a sexta dose, o conselleiro trasladoume a oportunidade  
de facelo público. E propúxenlle moderación e prudencia, non vaia ser que alguén nos diga  
que, coa política de austeridade, Feijóo saca seis doses de onde debería sacar cinco (*Risos.*)  
—non é a primeira vez—, ata que Alemaña e outros países da Unión Europea empezaron a  
confirmar que estes viais estaban preparados para a sexta dose, ata que fallou o número de  
vacinas que se entregaban ás comunidades autónomas todas as semanas e que Pfizer recor-  
dou que se poden sacar seis doses —antes non o dicía porque había que vender moitas va-  
cinas e cando non as pode producir recorda que se poden sacar seis—. Pois, mire, os galegos,  
un pobo bastante intelixente, xa levaba sacando seis doses dende o principio, e caladiños  
coma sempre. (*Aplausos.*) Calados coma sempre, pero actuando, si.



Miren, di o señor Caballero que eu estou no pedestal e que digo non sei cantas cousas. Eu nunca diría que xa vencemos o virus, señor Caballero. Iso déixoo para vostede, para o seu partido, para o seu líder. *(Murmurios.)* ¡Xa vencemos o virus! —di no mes de xuño, ¡no mes de xuño!—. *(Murmurios.)* ¡Si, si, señoría!

E, mire, non soamente confío na Policía Nacional, na Garda Civil e no exército, senón que me gustaría que durante a pandemia, para os efectos do control das medidas no estado de alarma, dependesen do presidente autonómico. ¡Mire se confío! Vostedes gobernan en moitas institucións en moitos territorios onde non pode entrar nin a Garda Civil nin a Policía Nacional nin o exército. Nós non, señoría, nós estamos orgullosos da Policía Nacional, da Garda Civil e do exército. *(Aplausos.)* Esa é a gran diferenza entre vostedes e nós. ¡Si, señoría, si!

Efectivamente, o dos letrados da Asesoría Xurídica iso tamén forma parte do anecdotario parlamentario, pero realmente non saber que a Asesoría Xurídica ten letrados é algo non diría que invalidante pero si sorprendente.

E volven vostedes dicir que pagamos 22 millóns e punto. ¡Pero como que 22 millóns e punto! Pero ¿é que acaso 370 millóns é igual a 22? ¿É que acaso non somos xunto co País Vasco a comunidade autónoma con máis axudas ao sector da hostalaría e nin sequera iso veñen aquí recoñecer? ¡No mes de Nadal, 86 millóns de euros! —cando empezamos a poñer restricións no mes de novembro—. Empezamos a pagar no mes de Nadal, aos trinta días de poñer restricións e antes de que rematase o prazo de presentación de solicitudes. E tamén isto está mal. Foron 22 para os autónomos, 37 para a hostalaría... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Deixe de manipular, deixe de manipular!, 22 millóns para os autónomos, 37 para a hostalaría, 33 para as microempresas... ¡Deixe de manipular, señor Caballero, de verdade! É que non hai forma, ¡eh! Estánselle dando datos da Intervención Xeral e dálle igual. ¡Pero é que é difícil! Eu estiven na oposición, pero cando o presidente da Xunta tiña un dato da Intervención Xeral eu non viña dicir que era mentira. ¡Pero se é a Intervención Xeral, o tesouro da Comunidade Autónoma, quen paga! Se hai 19.000 hostaleiros que cobraron 37 millóns de euros, ¿como pode dicir vostede que 22? *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor! ¡Silencio! Ese dato non ofrece dúbida ningunha. ¡Vamos, é que non ofrece dúbidas!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Caballero, acabamos de facer un enorme esforzo cun presuposto que non o aprobamos ata onte, facendo pagos co presuposto do ano 2020 —a maioría dos pagos— e deixando unha parte nunca para a hostalería individual, senón para as microempresas, que pagamos no mes de xaneiro, neste mes de xaneiro, je vén vostede dicirme canto pagamos a 31 de Nadal! Mire, vostedes nada, o Goberno de España nada, ese é o resumo. E agora resulta que o modelo alemán o teñen que conseguir os *länder* alemáns, é dicir, as comunidades autónomas españolas.

Mire, con todos os respectos, eu veño aquí simplemente a intentar trasladarlles aos grupos se están de acordo coas seis propostas que lle vou facer ao presidente do Goberno. Aínda non tiveron ningunha resposta, ningunha. De verdade que eu cría que merecía algunha resposta.



Rescatar o comercio. Señor Caballero, ¿hai algunha liña do Goberno de España para rescatar o comercio? Nós empezamos a rescatar os autónomos antes de diminuír o horario dos comercios, que foi no mes de Nadal. E o horario dos comercios restrinxímolos no mes de xaneiro.

A cultura. ¿Realmente hai algunha proposta do Goberno central para a cultura?

Fala vostede de reactivación económica. ¿Pero realmente a reactivación económica é pechar As Pontes? ¿A reactivación económica é pechar Meirama? ¿A reactivación económica é non facer nada ante o peche de Gamesa? ¿A reactivación económica é non darlle carga de traballo a Navantia? ¡E diso me fala vostede, un socialista, dende esta tribuna! Fala de reactivación económica cando están destrozando a industria enerxética e a industria naval da comunidade autónoma dende o Partido Socialista. (Aplausos.) Señorías, ¿reactivación económica é pechar a nosa industria enerxética? ¿Iso é reactivación económica?

Señor Caballero, con todos os respectos, creo de verdade que hoxe non estivo vostede brillante, como suele ocorrer. Vostede veu aquí simplemente a dicir o que digan por aí; en fin, o que toque. Pero é que non é o que toque. ¡Se eu pensei que no inicio da súa intervención ía facer vostede unha intervención similar á que fai o presidente do Goberno no Congreso!, con agradecementos ás comunidades autónomas, que é o que fai na Conferencia de Presidentes. Non, aquí vén criticar o que o Goberno de España pon en valor. Aquí vén criticar unha comunidade autónoma que o ministro, o exministro, Illa poñía en valor —como unha das comunidades autónomas con mellores datos—. Iso si, a señora Pontón chámame demagogo por dicilos. ¿Eu teño dereito a dicir algo aquí nesta Cámara? Se non teño dereito a dicir algo, ¿para que me piden a comparecencia? ¿Para que me piden a comparecencia se eu non podo dicir simplemente que a porcentaxe de mortalidade en Galicia é a menor de toda a península ibérica? Non podo dicir, señorías, que estamos moitísimo menos afectados en ingresos e en UCI a pesar do número de contaxios. ¿Sabe o que hai que facer para diminuír o número de contaxios? Non facer probas. Esa é unha técnica, señoría, que despois explota todo. ¡Onte, 18.000 probas!, 16.000, 15.000, 14.000... Estamos facendo probas de forma continuada e constante a pobos enteiros, a institucións enteiras. Estamos intentando buscar todas e cada unha das persoas que se contaxiaron.

E estamos, por suposto, en disposición de aprender. ¡Como que non asumimos que as cousas se poden mellorar! Eu veño aquí a aprender, a que me digan realmente cal é o modelo e que poidamos inspirarnos nese modelo, transportar ese modelo, traspasar ese modelo ao resto de Galicia.

Veñen aquí a poñer en cuestión a educación. Miren, cando se pecharon as clases o 22 de decembro había 820 infectados, e agora hai 3.300. ¿O problema é da educación ou o problema é das condutas sociais que os cidadáns facemos fóra das clases? Por tanto, señorías, ¡como podemos agora aquí vir falar con tanta facilidade de pechar a educación! O total de aulas pechadas é de 116 —basicamente en infantil e, en menor medida, en primaria—. ¿Por que? Porque son aulas burbulla e, se hai un positivo, péchase a aula completa, porque aos nenos evidentemente non lles podemos dicir que non toquen unha persoa ou que non se aproximen a outro neno. Pero dos 9.622 casos acumulados na educación, ¿sabe cantos foron fóra das aulas? O 87 %, 8.400, que se corentenaron antes de ir á aula porque tiveron o virus en circunstancias sociais normais.





Por tanto, a educación segue sendo un lugar máis seguro que moitos outros lugares sociais onde están os alumnos, je vén aquí a poñer en cuestión a educación, a confinar os profesores, a confinar os alumnos! ¡Dá igual!, ¡que máis dá que se perdan trimestres enteiros! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O confinamento é do BNG, teño que recoñecer que a autoría do confinamento é do BNG. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, vostede vén aquí a cuestionar a educación; o BNG, a pedir o confinamento. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señoría, resulta que agora nin sequera se acorda do que di.

Mire, eu volvo reiterar as propostas. A miña presenza ante o presidente do Goberno é para levar propostas. Cada un ten a súa propia opinión sobre as responsabilidades de cadaquén, pero eu vou representar a Galicia e, por tanto, vouno representar a vostede tamén, señor Caballero. Voulle levar propostas.

Daría confianza que se flexibilice o toque de queda —é o que lle vou dicir—. Por certo, acábalo de dicir tamén o lehendakari. Co lehendakari vostedes gobernan en Euskadi. Supoño que o Partido Socialista en Euskadi está a favor de ampliar o toque de queda; o Partido Socialista en Galicia está en contra. Xa ve cal é a coherencia da mensaxe, do posicionamento político.

¿Daría confianza que se organice o teletraballo? Si, porque hai moitísimas preguntas, moitísimas cuestións, moitas máis das que se pode vostede plantexar e das que miles de empresas se están plantexando. ¿Cales son as normas do teletraballo?, ¿cales son as condicións?, ¿cales son os parámetros?, ¿como se cotiza neste caso?, ¿cal é a porcentaxe de diminución horaria da xornada?... ¡Claro que si! ¡Claro que daría confianza que contemos cunha lexislación adaptada! A nación non pode vivir nun toque de queda permanente, nun estado de alarma permanente. Se non temos vacinas para inmunizar a poboación antes do verán, ímonos meter no seguinte inverno e volveremos estar aquí no mes de outubro falando da pandemia. Polo tanto, ¿imos seguir traballando co estado de alarma e o toque de queda de forma continuada e constante durante un ano máis? Parece que o razoable é que non. ¿Daría confianza que o Goberno aclarase se a FFP2 pode ser obrigatoria en determinados aspectos, en determinados lugares e en determinadas condutas sociais? A nós parécenos que si. E non estou prexulgando a resposta, estou simplemente trasladando unha das reflexións do comité clínico de Galicia para plantexar se no transporte e noutras actuacións sociais é mellor a FFP2 ca unha máscara cirúrxica. Non estou intentando inventar nada nin ir contra ninguén. Creo que é necesario unha contestación clara.

Polo tanto, eu intentei —asegúrollelo— buscar a información dende o principio da pandemia, traer os casos, buscar as comparacións, facer as reflexións e poñer á disposición da oposición todos os datos. Dime que agora damos os datos dos municipios e antes non. Pero, señoría, se no municipio de Muíños había tres contaxiados e temos que dicir que hai tres, automaticamente a pregunta é quen son. (*Murmurios.*) E, por iso, durante o primeiro momento da onda, cando os municipios tiñan moi poucos contaxiados, por criterios de prudencia e de respecto á historia clínica, e por non entrar en discusións nin en preguntas, non os queriamos dar. ¿Vostede cre que isto era unha falta de transparencia, ou simplemente era unha práctica para velar pola saúde de todas as persoas incluídos os contaxiados?





Onte houbo unha reportaxe moi interesante na TVG, no canal 2, sobre a tuberculose en Galicia. Sería moi interesante que vostedes a viran. (*Murmurios.*) ¿Rinse vostedes da tuberculose? (*Murmurios.*) Hai cinco mil persoas que morren todos os días por tuberculose, pero aos señores do PSOE prodúcelles carcajadas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Aínda non temos vacina da tuberculose, pero aos señores do PSOE isto non lles importa. Non consideran que hai que reflexionar sobre unha pandemia como a que viviu España no 1901 ou 1902, na gripe española, ou reflexionar sobre o que pasou no ano 25 ou no ano 30 sobre a tuberculose. Pois se visen vostedes esa reportaxe poderían vostedes ser un pouco máis sensatos sobre a situación e ver como fomos capaces de mellorar nesta situación do coronavirus fronte á da tuberculose. Verían vostedes o caso do neno morto en Agolada por pensar que se podía curar unha familia co sangue dun neno de 19 meses. Verían vostedes como reaccionou Galicia ante esa pandemia e como está reaccionando agora. E sentiríanse vostedes orgullosos de que Galicia sexa un dos lugares máis seguros de Europa fronte á pandemia. (*Aplausos.*) Por iso, señorías, non creo que sexa moito pedir, pero, en fin, parece que si, parece que é moito pedir a contextualización, pero despois remitímonos a Nova Zelandia como modelo para estudar.

Miren, señorías, nós imos ir plantexarlle ao Goberno o que lle plantexamos sempre na conferencia de presidentes, imos intentar aportar, intentar sumar, e, dende logo, seguir exercendo as nosas responsabilidades por delegación.

A min gustaríame poder asegurar neste pleno que esta vai ser a última comparecencia na que teñamos que falar de restricións de dereitos e liberdades, pero non estou en disposición de facelo. Non sei se vai poder ser así e por iso o dixen dende o principio e remato con esta reflexión.

Creo firmemente que a galega é unha sociedade madura. E as sociedades maduras sempre exixen que os gobernantes lles digan a verdade. É o que intentei facer e o que vou seguir facendo. Aínda que no horizonte temos motivos para a esperanza, quedan semanas moi duras. E namentres non teñamos vacinas, teremos meses moi duros, como todas as semanas e meses duros que levamos vivindo dende marzo. E, por iso, quero que saiban que sinto a fatiga social que tamén sente a inmensa maioría dos nosos veciños logo de meses de restricións. E sinto o enorme desafío que afrontan os nosos sanitarios que xogan a vida —non é o primeiro que se atopa durante varias semanas nunha UCI por contaxio de coronavirus—. Sinto o esforzo que tamén fan os traballadores das residencias dos maiores e dos discapacitados, que seguen coidando a poboación máis vulnerable. E sinto a desesperanza de todos aqueles que non saben cando van poder volver abrir os seus negocios e que están en ERTE —que moitos deles, cando finalicen os ERTE, estarán abocados ao desemprego—. E, sobre todo, quero que saiban que sinto de corazón a dor de cada familia que perdeu un ser querido, porque son consciente de que cada *exitus* é un avó, unha avoa, un irmán, unha irma, un pai, unha nai, un fillo ou unha filla. E por todos aqueles que se foron vale a pena dar esta batalla, esta batalla inédita que estamos dando dende o Goberno de Galicia —e espero que cun apoio maior da oposición cada día—.

Temos un sistema sanitario que está dando a talla, e un equipo de rastrexo que intenta illar os casos con cada vez maior implicación. Contamos cun proceso de vacinación iniciado que aceleramos e que aceleraremos en función exclusivamente do número de doses. Todas as doses que veñan a Galicia serán dispensadas no menor tempo posible, e por iso me com-



prometo a vacinar toda a comunidade autónoma en entre oito e dez semanas, dependendo, por exemplo —aínda que hai algúns aquí que non lles dá igual—, pois da condición da vacina, de como se manipula esa vacina, cal é o seu estado de conservación ou de cantas doses se poñen —unha ou dúas—. Hai xente á que lle dá igual porque considera que nós non temos criterio. A nós, non. Nós cremos que temos criterio e por iso esta proposta de vacinar en oito ou dez semanas toda a poboación galega é unha proposta que facemos dende a tribuna despois de estudar as distintas posibilidades de vacinas.

E témonos, sobre todo, uns aos outros, que é o máis importante. Témonos uns aos outros para coidarnos; porque, se cumprimos, a porcentaxe de infección é residual. E con calquera despiste a porcentaxe de infección se incrementa de forma exponencial.

Sei que estamos a pedir un esforzo maiúsculo que se suma a todos aqueles que levamos pedindo dende o mes de marzo, pero tamén sei que hai un pobo capaz de volver conseguilo e de volver ser un exemplo para toda España. Estou absolutamente convencido de que, se hai un pobo capaz de volver conseguilo e de ser un exemplo para toda España, ese é o pobo galego.

Máis nada e moitas grazas. (*Prolongados aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Continuamos coa orde do día, coas proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e tres deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego de axudas directas para o sector dos autónomos e pemes ligadas directamente ao sector da hostalaría**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Francisco Rivera.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Moitas grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

En fin, no mes de outubro, o Grupo Socialista, con motivo da segunda onda da pandemia, presentou ante a Cámara unha serie de iniciativas —entre elas, iniciativas que teñen que ver coa reactivación económica dos sectores máis afectados pola pandemia, especialmente a hostalaría, os autónomos e o pequeno comercio—. Presentámolas ante dunha situación que naquel momento era moi complexa, moi delicada. E, a pesar de que a iniciativa é de outubro, os motivos e argumentos que xustificaban a iniciativa consolídanse hoxe e aínda están moito máis agravados, como amosa o nivel de contaxios que estamos vivindo, como amosan as medidas que dende o punto de vista clínico recomandan o peche da totalidade da hostalaría deste país e como consecuencia dun impacto enorme na actividade económica de Ga-



licia, na actividade económica dun sector que constitúe o epicentro da crise que está vivindo o conxunto da economía do país.

É verdade que estamos vivindo unha crise asimétrica, que non é igual en todos os sectores. Pero tamén temos que recoñecer que, ao longo dos últimos dez meses, se houbo algún sector especialmente afectado de xeito continuo, foi especialmente a hostalaría, o pequeno comercio e os autónomos.

A magnitude da crise neste momento é enorme. En fin, os datos que se contemplaban no orzamento —unha caída inicial do PIB do 9,7 %— eu creo que están xa superados. Hoxe hai datos que amosan que o PIB galego vai caer como mínimo o 11,1 % no ano 2020. A taxa de desemprego volve estar en datos do ano 2009, ou incluso maior, con 189.000 desempregados a 31 do 12. Hai un desplome na contratación do 31 % a esa data. O sector da hostalaría —que ocupaba no ano 2019 66.000 traballadores, que equivalía ao 4,5 % do PIB, que facturaba 4.700 millóns de euros e que, en definitiva, agrupaba 21.000 establecementos— está sufrindo hoxe unha caída económica espectacular; unha caída da actividade anual que, en termos interanuais —medidos de novembro a novembro con datos—, é do 66,3 %. Hai unha caída do persoal ocupado nese sector do 17,3 % e unha caída de pernoctacións en hoteis do 77,5 %. En definitiva, hai un risco, se non se toman medidas contundentes de apoio, de resistencia e de reactivación neste sector, que pon —digamos— en solfa o mantemento de 30.000 empregos, tal e como manifesta o sector a través do clúster do turismo.

O Grupo Socialista, diante desta situación, plantexamos emendas, na fase de emendas aos orzamentos, prevendo xa no mes de decembro que ía haber dificultades e que o orzamento non estaba contemplando medidas específicas para a reactivación da actividade económica, especialmente no que afecta ao impacto que ten neste sector, na hostalaría e nos pequenos autónomos. Plantexamos emendas por valor de 62 millóns de euros, 62 millóns de euros no marco da sección da Consellería de Economía, no marco da sección dos orzamentos do Igape e, polo tanto, estipulando claramente de onde tiña que saír ese diñeiro para destinar, efectivamente, á reactivación económica dos sectores máis danados e que hoxe vemos que están nunha situación dramática e moi complexa.

Nese contexto —xa se dixo onte na votación do orzamento, no debate do orzamento— o Partido Popular decidiu non aprobar ningunha emenda a pesar de que nós —creo que coincidimos aquí todos, neste plantexamento— entendiamos e seguimos entendendo que é vital, que é vital establecer toda a capacidade de gasto, toda a capacidade de endebedamento posible da Xunta de Galicia para reactivar a economía, para reactivar estes sectores.

A pesar diso —e de que todos o entendemos— o Partido Popular non acepta as emendas, non acepta a emenda onde o Partido Socialista con honestidade plantexa un plan de reactivación con partidas específicas de 62 millóns de euros para a hostalaría e autónomos. (*Aplausos.*) Non acepta esa emenda pero non aceptou ningunha das emendas que se formularon nos estados de gastos —575 emendas—. Por tanto, o Partido Popular neste caso creo que, a pesar de que nesta Cámara ten maioría absoluta, non actuou coa debida dilixencia, non actuou pensando en que polo menos algunha das emendas que plantexa a oposición tamén é boa para este país e que se plantexa en termos de axuda a este país.



Polo tanto, apelar aos consensos, apelar ao diálogo, si, pero, cando plantexamos iniciativas que son positivas, tamén nos gustaría que dende o grupo que sustenta o Goberno se atendesen este tipo de peticións.

Coa modificación orzamentaria o único que plantexabamos, o único que pretendía, era dar unha resposta contundente, unha resposta máis áxil e máis forte á situación, que se está volvendo dramática, insisto, para a hostalería e para os pequenos autónomos.

Aquí non imos repetir o debate de hoxe do señor Núñez Feijóo, a comparecencia do señor Núñez Feijóo, que deu datos, e os grupos tamén deron datos e reafirmaron posicións políticas. Eu non vou entrar nunha cuestión que xa todos sabemos que é moi complexa e moi difícil. Todos sabemos que estamos vivindo un momento inédito e un momento dramático. Nós entendemos que é posible acadar solucións, no marco dun consenso, nesta Cámara, e eu creo que todos queremos o consenso no sentido de que entendemos que hai que salvar a hostalería e que hai que salvar o pequeno comercio.

O señor Núñez Feijóo anunciaba hoxe un plan de 75 millóns, se non lle escoitei mal. Ben, ¿parécenlles ben 75 millóns? Nós plantexabamos 62. Naquel momento o portavoz do Partido Popular naquela comisión votou non, e xustificou o non porque viña única e exclusivamente esa emenda do Partido Socialista, sen máis.

Está ben, 75 millóns, pero eu creo que van ser insuficientes. A Xunta ten máis capacidade orzamentaria. O ano pasado —xa se dixo aquí hai un momento— recibiu dos fondos covid 735 millóns de euros, 224 millóns para compensar a caída da actividade económica. Os orzamentos da Xunta este ano son expansivos, ¡como nunca!: 1.575 millóns máis de capacidade de gasto e 1.100 millóns de fondos europeos combinados con transferencias do Estado; 685 millóns. Polo tanto, hai nivel, hai capacidade orzamentaria para implementar axudas.

Teno que facer a Xunta de Galicia, teno que facer o Estado. Aquí cuestionábase o Estado, coma se o Estado aquí non fixese absolutamente nada: 1.200 millóns de euros ao longo do ano 2020 para soste a actividade económica, 280.000 prestacións nos ERTE e 95.000 en autónomos. En novembro do ano 2020, 26.000 persoas estaban cobrando unha prestación de ERTE en Galicia e 20.000 eran autónomos.

Bueno, non sei se é facer moito ou non é facer nada, pero eu creo que a actividade económica neste país, en Galicia e tamén no conxunto do Estado, se sostivo como consecuencia dun esforzo que fixemos todos os cidadáns deste país, e estivo financiada tamén a través das institucións europeas. Pero tamén en Galicia o Estado leva feito un esforzo importante.

Neste sentido, a nosa proposición non é outra que invitar os grupos políticos diante do que pode ser un risco engadido de que, se son se toman decisións, non só pode vir o peche dos negocios ou o desemprego, senón que tamén se ampliará a bolsa de exclusión social neste país. Entón, que se tomen medidas contundentes.

E a nosa iniciativa vai no sentido única e exclusivamente de facultar un consenso nesta Cámara: que se tomen e se amplíen todo tipo de medidas de impacto económico para chocar



contra esta situación inédita que está vivindo a economía do país, que está vivindo a economía galega.

Lanzamos unha iniciativa que busca un consenso e un acordo. Non me atrevo a dicir se son 75 millóns, 150 ou 200 os que fan falta. Pero simplemente digo que neste momento fai falta unha resposta contundente. Parécennos ben os 75 millóns, pero son insuficientes neste momento.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** De aí que invitemos o Partido Popular especialmente, e tamén o BNG, a apoiar esta iniciativa, a facer desta iniciativa unha iniciativa de consenso onde o debate teña que estar, efectivamente, a salvar os sectores económicos que están en crise e a facer menos propaganda, como a que fixo o señor Feijóo anunciando 370 millóns de euros, sen axudas directas que non coñece nin el. *(Aplausos.)* É importante revisar as mentiras que cada un conta, e onde as conta.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Francisco.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Pérez López.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Presidente.

A situación do sector da hostalería é crítica, e así nolo comunicaron dende o sector nas diferentes reunións mantidas até o de agora. O problema é que a situación deste sector leva sendo crítica dende hai moitos meses, tantos meses como os que leva o Grupo Parlamentario do BNG denunciando a imperiosa necesidade de asistir os hostaleiros. Este é, sen dúbida, un dos sectores máis castigados polas necesarias medidas restritivas de mobilidade, de actividade ou horario, adoptadas polo Estado e pola Xunta de Galiza dende o comezo da pandemia.

Pero faise necesario contextualizar esta iniciativa do Grupo Parlamentario do PSdeG para poder transmitirles ás galegas e aos galegos dun xeito claro cal é a postura da oposición, a do PP e a da Xunta de Galiza no día de hoxe, e cales foron as medidas que até o de agora foron adoptadas pola Xunta no relativo ao sector dos autónomos e das pemes relacionadas co sector da hostalería.

Así, o día 20 de xaneiro deste ano, hai escasamente seis días, dende o BNG acadamos o apoio unánime dos grupos do Parlamento a unha iniciativa na que acordabamos, na súa parte resolutive, instar a Xunta a pór en marcha un plan de axudas directas extraordinario e urxente para a hostalería; axudas que debían de ser compatíbeis con calquera outra axuda ou medida de fomento que se puidera outorgar dende outra administración pública; a simplificar os trámites administrativos; a discriminar segundo a vulnerabilidade real dos negocios; e a que se ampliaran os prazos de carencia dos créditos da Xunta e dos créditos ICO. Esa inicia-





tiva do BNG viña motivada pola escasa efectividade práctica das axudas articuladas até ese momento pola Xunta de Galiza.

Aló polo mes de abril, a Xunta lanzou antes ca ninguén —como se encargaron de publicitar sobre todo nos medios de comunicación, como é habitual— un plan de rescate da cultura e do turismo que contiña medidas dirixidas a autónomos, e nomeadamente á hostalería. Serían os primeiros, pero, dende logo, pouca repercusión tivo no sector ese tan cacarexado plan. Ese plan non contiña nin prevía nin unha soa liña de axudas directas a fondo perdido, que era o que nese momento xa estaba a reclamar o sector. Si contiña axudas para a dixitalización e liñas de crédito brandas, pero o problema foi que a porcentaxe de hostaleiros que se acolleron a esas medidas foi pouca, porque vendo a evolución da pandemia e as medidas que se estaban a adoptar non vían claro endebedarse sen saber se ían estar abertos uns meses despois.

Despois disto veu a precampaña, a campaña, as eleccións, a formación do Goberno galego, o verán, e non foi até novembro cando dende a Xunta se adoptaron novas medidas, algunhas dirixidas, especificamente, á hostalería, como as destinadas ao financiamento para a instalación de terrazas ou liñas de crédito, e outras encamiñadas aos autónomos, ás microempresas e ao sector da hostalería; un pretendido plan de rescate, e coincidindo estas medidas co peche ou coa limitación da actividade e horario impostos pola Xunta en outubro.

Pero só podemos definilas como parches que non compensaron nove meses de falta ou diminución drástica de facturación no sector, no que se seguiron devengando gastos correntes derivados de alugueiros de locais, de auga, de luz, de mantemento do propio establecemento ou da propia maquinaria.

E, entrando no miúdo, as axudas para instalar terrazas amosan que na Xunta viven noutro país, nun país paralelo no que de novembro a marzo quenta o sol sempre, as temperaturas son agradábeis e apetece quedar nas terrazas ata tarde.

E, ademais, atopámonos con outros dous problemas: un, que en moitos locais de hostalería non dispoñen da posibilidade de instalar terraza, e, se o poden facer, supónlles ter que facer un investimento, para o que non dispoñen de liquidez, a pesar desa axuda que articulou a Xunta no mes de novembro.

¿E as liñas de crédito? Volvemos outra vez ao de sempre: ¿como endebedarse se os hostaleiros non ven a luz ao final do túnel?

En resumo, estas medidas que acabo de enunciar chegaron tarde para moitos negocios de hostalaría deste país, como se extrae das baixas do RETA do mes de decembro referidas á hostalería, ou como vemos ao ler a prensa e ver como cada día ao longo de toda Galiza cerran establecementos míticos, aínda que son moitos máis os que baixan os enreixados de forma anónima, pero non por iso menos triste.

E para os que aguantaron todos estes meses acumulando perdas resultaron claramente insuficientes as axudas articuladas dende a Xunta. Nin sequera as contías máximas de axuda articuladas nese pretendido plan de rescate de novembro resolven os acuciantes problemas





económicos e de liquidez de miles de locais de hostalería deste país. Así o amosou o sector, que saíu á rúa para protestar pola súa situación con mobilizacións que aínda hoxe se manteñen activas, precisamente ata hoxe.

E así as cousas, uns poucos días antes de que se aprobase a nosa iniciativa de articular axudas directas á hostalería, a Xunta lanzou na prensa —¡claro!, ¿onde ía ser?— que estaban a negociar co sector a creación dun fondo de cooperación para canalizar axudas futuras ao sector, no que a Xunta poría o 50 %, as deputacións, o 30% e os concellos, o 20 %.

E vaia por diante que dende o BNG consideramos que é o momento para que todas as administracións arrimen o ombreiro; por iso xa amosamos a nosa total disposición —nesa comisión, nas reunións co sector e nas propias declaracións da nosa portavoz nacional—, a que os concellos e as deputacións participen nun plan de axudas a tres bandas, tal e como propón a Xunta, pero ¡ollo!, no que cada administración realice o mesmo esforzo orzamentario, e sempre dende a negociación. E cando falamos de igualar o esforzo orzamentario, referímonos a que cada administración aporte a mesma porcentaxe do seu orzamento. Se a Xunta compromete o 1 % do seu orzamento, os diferentes concellos e as deputacións aportarían esa mesma porcentaxe do seu.

Desta maneira, equilibraríase a aportación das distintas administracións en función dos seus orzamentos; plantexamento que consideramos xusto e equilibrado, asumíbel economicamente polos concellos e deputacións, e, loxicamente, tamén pola Xunta. E equilibrado, porque convén recordar que os concellos con músculo económico —que non son todos, por desgraza— levan asumindo nesta pandemia gastos impropios, como pode ser o incremento provocado polos gastos de desinfección —que non limpeza— en centros educativos.

Os protocolos da desinfección establecidos pola Xunta de Galiza supuxeron que a prestación de servizos habitual e ordinaria se convertese nunha prestación de servizos extraordinaria que as empresas que prestaban habitualmente servizos de limpeza ordinaria para eses concellos querían ver compensada. E os que asumiron eses gastos a maiores foron os concellos, por responsabilidade, cando, precisamente polo seu carácter extraordinario, e derivado dunha situación extraordinaria como é a pandemia, lle correspondían á Xunta.

Este plantexamento respecto do plan de cooperación tamén é xusto pola aplicación dun principio básico de proporcionalidade que se dá no eido fiscal e no mundo da xustiza. Por iso entendemos que cada administración debe aportar a ese fondo de cooperación unha porcentaxe igual, tomando como referencia o seu orzamento.

Pero mentres se segue a negociar ese fondo de cooperación a tres bandas, a Xunta aínda non puxo en marcha o plan de axudas directas inmediatas ao que instaban o Grupo Parlamentario do PP, do PSdeG e do BNG nese acordo en comisión. Porque os anuncios non supoñen darlles efectividade aos acordos parlamentarios; os anuncios, anuncios son. É preciso máis DOG e menos anuncio por parte da Xunta. (*Aplausos.*)

E, mentres eses anuncios non se materialicen, esta iniciativa do PSOE —que redundana que o BNG acadou aprobar por unanimidade en comisión— ten todo o sentido. Neste momento,



un dos problemas máis urxentes do que depende a supervivencia de gran parte do sector é a falta de liquidez, e así nolo transmiten dende diferentes asociacións de hostalería; liquidez imprescindible para compensar en parte os meses de perdas continuas e manter abertos os seus negocios, ou incluso manter as súas familias. Esta falta de liquidez dentro da hostalería asfixia especialmente o ocio nocturno e as salas de concertos, pechadas dende marzo.

Sen esa necesaria inxección económica directa, moitísimos negocios non poderán aguantar os próximos meses; meses que, dende logo, van ser duros para todas.

O plan de cooperación que se está a plantexar non vai ser un instrumento que permita canalizar axudas ao sector de forma inmediata, como están a reclamar os hostaleiros deste país. É precisamente a inmediatez o que se exige. Se dende o Goberno do señor Feijóo se decreta un peche dun sector, que é o que está pasando con estas novas restricións, ese sector ten que recibir axudas directas inmediatas que compensen as perdas, porque xa non hai colchón para aguantar. Ese plan de cooperación non vai responder, precisamente por esa falta de inmediatez, ao que está exixindo o sector. A creación dese fondo de cooperación, que debe ser un rescate do sector e non un parche, precisa de tempo para a súa concreción e efectividade e de que todas as partes actúen dunha forma responsábel e leal, e diso, precisamente, depende o futuro do sector. Pero precisamente o que non ten gran parte do sector é tempo, precisan as axudas directas xa.

Por iso, imos solicitar da Xunta a posta en marcha dun plan de axudas directas, extraordinario, urxente e inmediato, que dea resposta á falta de liquidez abafante que están a sufrir no sector, non só para manter os negocios, senón incluso para levar cartos ás súas casas para manter as súas familias; un plan que conteña axudas directas inmediatas para compensar as perdas rexistradas polos negocios do sector durante o tempo que duren as restricións. En definitiva, que se leve á práctica o acordo acadado por unanimidade, a iniciativa do BNG, na Comisión 6ª de hai unha semana; plan que é imprescindible pola situación actual e polos moitísimos meses nos que se foron acumulando perdas ao non poder traballar polas necesarias restricións de actividade e horario; e plan que non exclúe o artellar outros plans —como este do que falamos agora do Fondo de Cooperación— nos que interveñan as tres administracións. Só así a hostalería podería saír da situación crítica, absolutamente crítica, na que se atopa.

E por iso, por ir a proposición non de lei do PSdeG na mesma liña que o acordado na Comisión 6ª por iniciativa do BNG, esta iniciativa terá o apoio do Grupo Parlamentario do BNG.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Pérez.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.



Bo día a todos.

Nestes momentos nos que por terceira vez a crise do coronavirus volve agudizarse, este grupo parlamentario comparte a gran preocupación do Goberno galego polas empresas, polos profesionais que están especialmente afectados polas restricións adoptadas, e especialmente no ámbito da hostalería, sen dúbida, un dos máis afectados.

Ata o de agora esta preocupación compartida cos grupos da oposición materializouse por parte da Xunta no maior paquete de axudas a un sector na historia da nosa comunidade. A través do Plan de rescate investíronse case cen millóns de euros en apoiar os autónomos e empresas afectadas pola crise sanitaria, dos cales se incluíu unha partida complementaria —eses 17 millóns de euros— destinada en exclusiva para a hostalería. Estamos falando de que cada establecemento que solicitou as axudas recibiu entre 2.700 e 8.500 euros en función da súa situación concreta. É unha das tres comunidades autónomas coas axudas máis altas de España, por moito que lle moleste ao Partido Socialista.

Ademais, dentro do Plan xeral de reactivación económica da Xunta de Galicia aprobáronse avais, microcréditos e préstamos para dotar de liquidez o tecido produtivo, mobilizando 140 millóns de euros; e aprazáronse as cotas dos préstamos do Igape ata xuño deste ano. E, por último, creouse outra liña de axudas específica para a hostalería dotada con 3 millóns de euros para a instalación e reforma de terrazas e para a subvención e equipamentos de envases para o servizo de comida a domicilio.

Sen dúbida, o máis importante destas liñas de axuda non foi só a súa contía —Galicia é a terceira que máis axudas pon de toda España—, senón tamén o alcance que tiveron e a axilidade para poñelas en marcha e pagalas. Concedéronse unhas 15.000 axudas, o que supón máis do 70 % dos establecementos de hostalería que existen en Galicia. Houbo axilidade nas axudas, na súa tramitación e tamén no pago. Antes de rematar o prazo de solicitude, xa se tiña pagado o 70 % das solicitudes, e nestes momentos xa cobraron o 90 % dos solicitantes. Polo tanto, nós non aceptamos leccións dos que non fixeron nada.

O traballo da Xunta non remata aquí porque, para facer fronte a esta nova onda e ás novas restricións establecidas polo Comité Clínico e a Xunta de Galicia, o Goberno galego prepara un segundo plan de rescate, como vostedes saben, porque se comunicou á prensa logo de reunirnos co sector, logo das reunións mantidas polo vicepresidente primeiro da Xunta de Galicia. Polo tanto, aquí non hai anuncios, hai reunións co sector, que son os que representan verdadeiramente os hostaleiros e páctase *el cómo, el cuándo y el dónde*. E, polo tanto, leccións dos que se converten en meros espectadores nós, dende logo, non estamos dispostos a aceptalas.

Nesa primeira xuntanza cos hostaleiros para preparar este segundo plan de rescate á hostalería xorde a proposta —non do Goberno galego, senón por parte dos hostaleiros— de aplicar o modelo Valencia. E o modelo Valencia supón que a Xunta de Galicia aporte o 50 % dos fondos dese plan de rescate, as deputacións provinciais, o 30 % e os concellos, o 20 %. É unha proposta dos hostaleiros, non da Xunta de Galicia. O que non entendemos é como o Partido Socialista, que puido ter autoemendado esta iniciativa e non o fixo, na Comunidade Valenciana defende unha cuestión e aquí critica esa mesma proposta. (*Aplausos.*) Polo tanto,



eu creo, señor Francisco Rivera, que había moito tempo que non viamos unha iniciativa tan oportunista como esta.

Mire, o PSdeG incluíu na orde do día deste pleno unha iniciativa —vostede díxoo—, rexistrada o 22 do 10 do ano pasado —outubro de 2020—, na que se pedía un plan de axudas para a hostalería. Esta iniciativa débátese neste pleno porque vostedes pediron agora incluíla —non antes—; pediron agora incluíla nesta orde do día, un 27 de xaneiro. ¿E sabe que? Ins-tándonos a facer o que xa estamos facendo.

Mire, eu quero lamentar o oportunismo político e o cinismo político do Partido Socialista. Non é de recibo instar a alguén a facer o que xa está facendo, e moito menos é de recibo instar a alguén a facer o que xa fixo. E iso é o que nos propón hoxe o Partido Socialista nesta iniciativa; iniciativa que é similar á que aprobamos o xoves pasado en comisión a instancias do Bloque Nacionalista Galego, na que propuxemos incluír o modelo Valencia, e a representante do Partido Socialista negouse. Ese é o Partido Socialista: cinismo total, absoluto.

Mire, ten a oportunidade esta tarde —que se volven reunir coa Fegamp e cos representantes das deputacións— de manifestar na súa seguinte intervención que van facer as institucións gobernadas por vostedes co compromiso que amosou hoxe o presidente, incrementando esa partida inicial proposta de 50 millóns de euros da Xunta de Galicia para este plan, e hoxe ampliada ata os 75 millóns de euros para cubrir os gastos da hostalería do mes de xaneiro e febreiro. Vostedes gobernan en tres das catro deputacións provinciais, vostedes gobernan en seis de sete concellos das principais cidades de Galicia. ¿Van participar neste plan? ¿Van aportar? Co que poidan ou co que queiran, pero ¿van aportar algo? Porque o certo é que ata o de agora a súa iniciativa é oportunismo político e cinismo político absoluto.

Mire, non estamos de acordo coa dobre moral e coas contradicións do Bloque Nacionalista Galego. A señora Pontón ten a extraordinaria capacidade de desdoblarse. Pola mañá pide nos medios que se decrete o confinamento total —capacidade da que, por certo, carece a Xunta de Galicia— e pola tarde maniféstase cos hostaleiros criticando a dureza das medidas establecidas polo Comité Clínico de Galicia. Señorías, sexan un pouco máis serios, non lle tomen o pelo á xente, porque a xente está pasando dificultades. Respecten as decisións técnicas dun comité clínico perfectamente avalado e formado por profesionais que, dende logo, non xogan con intereses partidistas. E se queren axudar realmente os hostaleiros, apoien dende as institucións nas que gobernan ese colectivo, porque o certo é que non o fan.

O BNG está instalado niso de «fai o que eu digo, non o que eu fago», porque no concello de Pontevedra, onde gobernan vostedes, nin axudas directas á hostalería —como ten reclamado o Partido Popular de Pontevedra—, nin baixada de impostos, como temos proposto en distintas sesións plenarias. Iso é cinismo político tamén por parte do Bloque Nacionalista Galego. «Fai o que eu digo, non o que eu fago». (Aplausos.)

Sobre as axudas para terrazas, señor Pérez López —que a vostede lle parece unha frivolidade e di que este goberno non está na rúa—, pois, mire, as axudas para terrazas que puxo en marcha a Xunta de Galicia esgotáronse; polo tanto, non vaia ser que os que non viven no país sexan vostedes.



Eu creo que non deberían facernos trampas nin a nós, nin ao conxunto da sociedade, nin aos hostaleiros con esa proposta do 1 % e do esforzo presupostario. ¿Sabe por que? Porque, mire, é que 8 de cada 10 euros do orzamento da Xunta de Galicia está comprometido a 1 de xaneiro. ¿Vostede pretende que lle quitemos fondos á sanidade pública, que lle quitemos fondos á educación ou á política social para darlles eses recursos —os da sanidade, os da educación e os da política social— aos hostaleiros? Dígao abertamente porque, se non, esa porcentaxe do esforzo total orzamentario é unha tomadura de pelo; e, polo tanto, eu creo que vostedes están buscando escusas de mal pagador.

Mire, nós poñemos enriba da mesa 75 millóns de euros. As administracións nas que gobernan vostedes, ¿que van poñer? ¡Díganos!, porque están buscando escusas para non participar, igual que fai o Goberno de España.

Falan dos ERTE. Mire, é que os ERTE son un dereito dos traballadores, ¡ata aquí podíamos chegar! Non é unha axuda, é un dereito dos traballadores; por certo, derivado da reforma laboral aprobada polo Partido Popular, tan cuestionada por vostedes. (*Aplausos.*) Son vostedes demagogos enfermizos, esa é a realidade. (*Aplausos.*)

Mire, o PSdeG-PSOE sempre é o primeiro en criticar a Xunta de Galicia. Están aí a ver se poden críticoalo todo, pero ¿onde están cando hai que exixirlle responsabilidades ao Goberno central? Non están, agóchanse debaixo do escano, calan a boca e intentan pasar desapercibidos.

Durante a primeira onda da pandemia o Goberno decretou o confinamento total e a parálise de case toda a actividade económica. ¿Euros de axuda destinados á hostalería polo Goberno de España? ¡Cero! Por certo, ¿quen pechou o ocio nocturno neste país que se chama España? Foi o Goberno central. ¿Axudas ao ocio nocturno? ¡Cero! (*Aplausos.*) A Xunta de Galicia puxo axudas. (*Aplausos.*) Polo tanto, isto é cuestión de deixarse de facer demagoxias, de deixar de actuar como fixo hoxe o señor Gonzalo Caballero, de tertuliano, de comentarista de *la realidad*, de poñerse a arrimar o ombro con quen ten a responsabilidade de gobernar e de deixar de tomarlle o pelo á xente.

Mire, pasaron a primeira onda da pandemia pechados na casa, *del pijama al chándal y de la cama al sofá...*,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...sen colaborar con ninguén. (*Murmurios.*) E agora estamos na terceira onda da pandemia e, dende logo, o Goberno galego está onde sempre estivo, á fronte do temón...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...asumindo a responsabilidade de gobernar, e asumindo o desgaste. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio. (*Murmurios.*)





Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ¡Alá cadaquén dos que pretendan sacar tallada política da xestión dunha pandemia! Eu teño que dicirlles que esa é unha actitude desprezable e bastante lamentable.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Desprezable en termos políticos e desprezable tamén dende un punto de vista ético e moral. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** E, a pesar de todo, ¿sabe que?, nós non lle imos dar o gusto de votarlle en contra desta iniciativa...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Tellado, moitas grazas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...votámoslla a favor.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Xa rematou o seu tempo.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Está aprobada. Está instándonos a facer o que facemos e a facer o que fixemos... *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Xa rematou o seu tempo, señor Tellado.

*(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Moitas grazas.

Xa rematou o seu tempo.

*(Aplausos.)*

Moitas grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Francisco Rivera.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Si, bo día.

Novamente lle dicía, señor Tellado, que con vostede a templanza no discurso non vale. Aquí hai que vir co casco posto cada vez que intervén vostede, porque se alguén fai demagogia de verdade neste Parlamento é vostede. *(Aplausos.)* Se hai un cínico de verdade neste Parla-



mento, que practica o cinismo, é vostede. E contra iso non hai vacina, señor Tellado... (*Murmurios.*) Contra iso non hai vacina. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Eu plantexei un debate minimamente honesto: a necesidade de axudar a sectores económicos que hoxe están en crise utilizando unha iniciativa de outubro; efectivamente, unhas iniciativas que temos rexistradas en decembro e que non entraron ata este momento. Tampouco adiviñabamos os efectos da terceira pandemia; non somos adiviños, non sei se vostede tiña datos. Vostede negou —e aí o do cinismo absoluto— na comisión e votou en contra dunha emenda do Partido Socialista de 62 millóns de euros en decembro, onde se plantexaba, efectivamente, a reactivación do sector económico, que hoxe está en cuestión. Ese é vostede, o cinismo, o cinismo do Partido Popular; o mesmo cinismo que practicou hoxe aquí o señor Feijóo, o mesmo exactamente. Fala de 370 millóns de euros para axudas directas. ¿Onde? Acaba de dar vostede os datos, que son os correctos. Estes son os datos: hostalería, 17 millóns, máis unha liña do Igape de 3 millóns, 20 millóns; que se complementan con axudas de autónomos de 30 millóns e outra de 37, e non hai máis. O demais é propaganda, propaganda absoluta, como son os 5.000 millóns que anuncian na memoria dos orzamentos do ano 2021 que van dedicar á loita contra a pandemia. ¡5.000 millóns! Vostedes suman todas as partidas, suman 5.000 millóns e logo din que están investindo, que están... Ao señor Feijóo dálle exactamente igual dicir 370 millóns que dicir 5.000 millóns, ¡dálle exactamente igual! Vostede fala de que o PSdeG fai anuncios e de que utiliza de xeito..., bueno, que fai anuncios. Os anuncios hai que facelos dende a Xunta de Galicia no DOG, aí é onde hai que facer os anuncios e aí é onde hai que ver as axudas reais que ten o sector.

Fala vostede de que cada hostaleiro recibiu 2.000 euros. ¡Oia!, vostede non coñece nin... Pregúntelle ao señor Ferro, que é hostaleiro e que ten hostalería, a ver cantas axudas percibiu. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡É falso!, ¡é falso!, é radicalmente falso. (*Aplausos.*)

Vostede está instalado na propaganda... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —perdón, señor Ferro, por telo citado, que non estaba vostede no debate—. Vostedes están instalados na propaganda, teñen os medios para facelo. Teñen vostedes a propaganda institucionalizada a través dos medios. Teñen inoculado, a través da propaganda, falsidades auténticas, como é a que hoxe dixo aquí o señor Núñez Feijóo de 370 millóns. (*Murmurios.*) ¡Incríble! Dixo axudas directas: 370 millóns.

Vai votar vostede a favor, unha cuestión que lle agradezo. Eu os 75 millóns véxoos ben; véxoos ben, o que pasa é que van ser insuficientes. De aí unha proposta que é honesta, que é a que lle están facendo as deputacións e os concellos do 1 % do orzamento, 156 millóns neste caso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O 1 % é unha proposta que sería asumible tamén polas deputacións e polos concellos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro, claro, claro... (*Aplausos.*)

O señor Rueda, que está tamén no debate, estame dicindo non sei cantas cousas... (*O señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, Rueda Valenzuela, pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, xa sei que eu minto; eu minto e vostede é o apóstolo da verdade. (*Aplausos.*) Eu creo que vostede non conta a verdade nin cando vai ao médico, así llo digo, nisto das axudas. (*Aplausos.*)



En definitiva, como é imposible subir a este estrado e manter un debate minimamente sosegado cando intervén o señor Tellado, eu agradezo igualmente que vaian votar a favor desta iniciativa. E teña por seguro vostede que nós imos seguir insistindo neste tema, gústelle ou non, vexa vostede oportunistas ou non; imos seguir insistindo neste tema porque non pedimos para nós. Nós apoiamos, igual ca vostedes —entendo eu— un sector que está sufrindo neste momento. *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* E nesa, nesa...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

Señor Tellado, silencio. Imos ir con calma todos, por favor. E ademais... *(Murmurios.)* ¡Un momento, por favor! Imos levar isto coa calma coa que hai que levalo e, sobre todo, polo ben e pola protección de todos os que estamos aquí. E perdoen que insista tanto nesta cuestión, pero imos ser todos prudentes, polo ben de todos os que estamos aquí e pola imaxe que temos que trasladar ao exterior tamén, por favor. Aerosois... Xa saben o que dixó aquí o presidente hoxe á mañá. Por favor, cumpramos todos con estas medidas, píddollelo encarecidamente.

Continúe, por favor.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Remato, señor presidente.

Ben, quero agradecer ao BNG tamén o apoio a esta iniciativa. Nós sabemos que o BNG ten plantexado iniciativas en comisión. O Partido Socialista non votou non en comisión o outro día; votou non ou dixó non a unha cousa que non se debatía nesa comisión, señor Tellado. Non votou non, non minta...;

**O señor PRESIDENTE:** Silencio

**O señor FRANCISCO RIVERA:** ...non minta, non votou non.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor, xa outra vez.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. Pero hoxe o debate plantéxase doutra maneira. Silencio, por favor.

Remate, por favor, xa. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor.

¡Señor Tellado, por favor, silencio! *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Señor Tellado...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.



**O señor FRANCISCO RIVERA:** En fin, remato xa.

Eu espero que o conxunto da Cámara —e seino, ademais— entenda a situación que está vivindo a economía galega e, especialmente, os sectores máis afectados, dos que hoxe se falou nesta iniciativa. Que non se peche o partido maioritario nesta Cámara a debater asuntos que trae a oposición apelando ao oportunismo da mesma en relación co asunto...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Francisco.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** ...como é oportunismo traer unha iniciativa nun momento álxido onde está impactado o sector hostaleiro...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Francisco Rivera, terminou o seu tempo.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Oportunismo é negar as evidencias...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. *(O señor Francisco Rivera pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas, terminou o seu tempo xa. *(O señor Francisco Rivera pronuncia palabras que non se perciben.)* Por favor, terminou o seu tempo, señor Francisco Rivera.

Grazas. *(Aplausos.)*

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co aumento do nivel de mortalidade e morbilidade en Galicia desde o inicio da pandemia da covid-19**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Iria Carreira.

**A señora CARREIRA PAZOS:** Bos días, señoras deputadas.

Grazas, señor presidente.

Estamos hoxe a 27 de xaneiro. Nunhas seis semanas máis ou menos haberá un ano xa do primeiro caso da covid que tivemos aquí na Galiza e un ano do estado de alarma que a pandemia trouxo consigo, e estamos hoxe inaugurando unhas novas medidas moito máis restritivas despois de varios días consecutivos nos que superamos —cada un destes días— o milleiro de novos casos de covid. Atopámonos nun momento que é certamente difícil. Hoxe son 21.293 as pacientes que presentan a infección polo SARS-COV-2 e van xa preto de 1.700 persoas as que non puideron superala. E quixera incidir nas cifras absolutas á marxe de porcentaxes e de medias comparadas, porque creo que é importante que lembremos de que es-



tamos a falar. Sería moi desafortunado caer na rutina de ler estas cifras como quen le un parte de guerra ou unha simple letanía de números. Todas estas cifras levan detrás un nome que levará sempre consigo a lousa da covid; lamentablemente algunhas porque xa se foron, outras moitas, como as que hoxe se atopan ingresadas ou en coidados intensivos, porque van ter que convivir coas secuelas desta patoloxía, e moitas máis son as que a levarán polas secuelas sociais e económicas, desde traballadoras que se viron obrigadas a confinarse e a deter a súa actividade, ata estudantes que non realizaron os exames que tiñan previsto ou ata autónomas que tiveron que pechar o seu negocio durante a convalecencia e que deixan tras de si outro regueiro de cifras moito máis longo e moito máis difícil de interpretar.

Mais a pandemia é moito máis que isto, que a simple infección polo SARS-COV-2 e os confinamentos dos casos positivos e os contactos. A pandemia tamén é un sistema sanitario que está posto contra as cordas, con profesionais exhaustas e extenuadas, sobrecargadas ante o aumento inxente do seu traballo. A pandemia tamén é probas complementarias e quirófanos non urxentes aprazados, é a limitación da presencialidade, é a interrupción de coidados das patoloxías crónicas. A atención inmediata que exige a covid nun sistema que xa se atopaba nunha situación complicada implica que moitas outras necesidades quedaron descubertas e, por desgraza, esta reorganización non se limitou á primavera, senón que a estamos vendo agora cando o coronavirus leva dez meses de «agradable» convivencia con nós —nótese o sarcasmo—.

Suspenden e reprograman cirurxías non urxentes no CHUAC pola prisión hospitalaria. «Fontes do complexo hospitalario recoñecen que están adiando aquelas operacións en pacientes sen ningún tipo de risco —noticia do 14 de xaneiro—». «Sanidade suspende cirurxías en Compostela, Ferrol e na Coruña ante a previsíbel falta de camas. A Consellería de Sanidade deu a orde esta semana de suspender ou reprogramar operacións non urxentes nestes hospitais debido á preocupante situación que atravesan —noticia do 15 de xaneiro, ambas deste mesmo mes—».

Ninguén critica que esta situación se dese na primavera, pero o que xa supera o límite do tolerábel é que isto suceda en xaneiro, cando vai case un ano de pandemia e cando xa sabíamos que esta terceira onda ía ser especialmente virulenta. Un ano de improvisacións e de ir sempre atrapalladas, correndo cando o virus nos cerca. Un ano no que a sanidade pública non se reforzou verdadeiramente para facerlle fronte ao reto que tiña por diante. É máis ben todo o contrario, poño, por exemplo, o caso da atención primaria, na que as tarefas das profesionais se incrementaron dun xeito abismal ao asumir estas unha importante carga burocrática pola propia limitación da presencialidade ou polo seguimento dunha boa parte das pacientes, tanto das pacientes que foron positivas pola infección coma dos seus contactos.

E a respecto disto último quixera facer unha mención, porque é a atención primaria quen está a soportar a maior carga destes seguimentos. A Central de Seguimento de Contactos é un ente que non está a funcionar ben, que en moitas ocasións non detecta os contactos de cada paciente positiva, que non envía os resultados que lle corresponden ou que directamente funciona excesivamente lenta. E isto todo acaba por redireccionarse ás médicas de atención primaria, que son as que avalían contactos, as que atenden as dúbidas e preocupacións de moitas pacientes que non teñen claro cando son contacto, nin que medidas teñen





que tomar en cada caso. Son estas médicas as que piden as PCR, as que chaman para dar o resultado e as que fan o seguimento durante os dez días de illamento. Toda unha carga laboral que deixa ás profesionais sobrepasadas e a atención primaria ao bordo do colapso.

E neste sentido, e ligado ao contido desta iniciativa, pronunciouse tamén o Consello de Bioética de Galiza hai unhas semanas. Cito textualmente: «Darlle prioridade á patoloxía covid repercutiu de xeito negativo na atención integral propia da atención primaria, en especial a dos pacientes con patoloxías crónicas, pois relegou a atención doutras enfermidades, suprimiu procesos asistenciais que se consideraron menos prioritarios e retrasou actividades de certa urxencia co risco de causar efectos colaterais graves para a saúde das persoas».

A Organización Mundial da Saúde xa advertiu en agosto do pasado ano como a interrupción na asistencia sanitaria que supuxo a pandemia podería levar consigo un aumento da mortalidade por causas diferentes á covid tanto a curto, como a medio, como a longo prazo. Interrupción, ademais, con consecuencias importantes no caso de patoloxías crónicas como a cardiovascular, de enfermidades respiratorias crónicas, diabetes, cancro ou patoloxía mental; nas que en todas elas diminuíron os diagnósticos como tamén os tratamentos. Por exemplo, no caso do cancro, hai xa varios estudos que sinalan o importante descenso que se produciu na detección temperá das neoplasias e tamén na diminución dos propios diagnósticos. Segundo a Sociedade Europea de Oncoloxía Médica, a terceira parte dos tratamentos oncolóxicos de toda Europa víronse interrompidos. Debatenos xa nesta Cámara acerca deste tema, da baixada dos diagnósticos oncolóxicos que se estaba a producir e da alarma que debera suscitar. E esta diminución non se produce porque a enfermidade, efectivamente, diminúa, senón porque non somos quen de detectala no seu estadio máis precoz, e cando se detecta en estadios máis avanzados, o tratamento é menos eficaz, con maiores efectos secundarios e con menores taxas de curación.

Hai menos diagnósticos porque hai menos consultas, porque estamos facendo unha medicina que, se ben pode servir puntualmente para evitar unha crise, non pode prolongarse indefinidamente. Non podemos permitir que a sanidade deste país continúe operando de xeito telemático, con pacientes que moitas veces non consultan porque non entenden como teñen que facelo, como teñen que pedir as citas, que non se achegan aos centros de saúde porque teñen medo ou porque non queren molestar, xa que coñecen a complexidade da situación. E oxalá fose unha frase feita, pero creo que das cousas máis dramáticas que se poden escoitar é: «non quero achegarme porque xa sei que estades moi mal».

Todo isto ten consecuencias claramente palpábeis. Mais non falamos só de cancro, falamos de pacientes diabéticas que non están realizando os controis periódicos e que acoden con úlceras nos pés que teñen moi difícil curación; falamos de cardiópatas que están descompensadas porque non se auscultan periodicamente; falamos de pacientes con EPOC ás que non se lles fan as espirometrías de control que precisan, que non se auscultan tampouco cando empeoran e que están recibindo moitas veces un tratamento antibiótico, por se acaso, moi por riba do que debera ser asumíbel; falamos de enfermidades mentais, de inicios de trastornos depresivos ou ansiosos que non se están atendendo debidamente, porque a consulta telefónica non crea unha relación médico-paciente debidamente digna para a atención.



E toda esta patoloxía non vai desaparecer. Os expertos levan advertindo desde o comezo da pandemia que despois da morbimortalidade inmediata pola covid veñen outras ondas ás que haberá que dar resposta: por unha parte, as pacientes urxentes non covid que foron demoradas pola restrición de recursos, tamén o impacto na interrupción da atención das patoloxías crónicas e, dun xeito moito máis notorio e moito máis mantido no tempo, a atención á saúde mental —tamén a saúde mental das profesionais—, e o impacto da crise socioeconómica e as desigualdades na saúde. Sabemos que está acontecendo, hai evidencia científica abonda xa ao respecto, e por iso é importante comezar a funcionar canto antes, e nesta liña vai a nosa iniciativa.

Precisamos saber en que terreo nos estamos a mover, cal é a situación de toda esta patoloxía que non se está atendendo, e precisamos destinar recursos para atendela. É necesario un plan de continxencia para atender a saúde da poboación, para atender todas as patoloxías, tanto as da covid como as da non covid.

O sistema sanitario atópase no día de hoxe nunha situación verdadeiramente complexa como para poder permitírnos o luxo de que nos volva pillar por sorpresa, cando xa non hai oco para ningunha sorpresa, polo que agardamos contar co apoio das demais forzas desta Cámara para sacar adiante esta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Iria Carreira.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Bo día, ou bo mediodía a todas e a todos.

Dende o Grupo Socialista imos apoiar esta iniciativa; é indiscutible. Plantexa unha mellora, un reforzo duns recursos materiais e humanos, que é algo que vimos demandando durante anos e que é evidente que é necesario neste sistema sanitario que temos, que funciona ben grazas aos profesionais, pero a pesar dos dirixentes, e plantexa información que... ¡Que ordinario é que teñamos que ter asumido como habitual vir ao Parlamento a demandar información! Cando aquí se fala ou se pretende dar discursos sobre denigrar ou enriquecer o parlamentarismo, hai que pensar en que hai que vir facer iniciativas para pedir información, que ademais son votadas en contra, normalmente.

En fin, ao fío disto que podería ser un debate tan sinxelo e tan directo que non ten aparentemente máis contido, en realidade estaríamos falando dunha situación dramática. Polo tanto, dende o noso grupo tamén queremos compartir algunhas reflexións, en particular despois da atroz comparecencia hoxe do presidente, que dixo unha sarta de barbaridades inasumibles, ¡inasumibles!



Miren, a situación é difícil, moi complicada. Gobernar neste escenario é un exercicio difícilísimo de xestión, e todos os gobernos, todos, independentemente da súa cor, do seu nivel de responsabilidade, afrontan unha situación moi difícil na que é comprensible incluso errar moitas veces. E a todos se lles presupón —e tamén a este, ¿como non?— o mellor intento de resolver a situación. Iso é innegable. Aínda que non parece que todo o mundo o acepte, é innegable. Todos os gobernos teñen unha situación moi difícil, ¡moi difícil! O que pasa é que un non pode pretender ser sempre o máis guapo e, ademais, asistir permanentemente a que en todas as circunstancias o premien pola rúa e lle tiren pétalos de rosa e lle digan: «Eres un fenómeno, eres un crack. Alberto, te sigo desde siempre». Non pode ser. (*Aplausos.*) ¡Non pode ser! É que non están para iso os gobernantes; ás veces si, e moi ben, pero non agora.

Para facer un pouco máis profundo o debate —e de verdade, con toda sinceridade, ímolo facer; de verdade, con toda a honestidade da proposta—, temos que dicir que, cando dicimos que todos os gobernantes cometen erros, é certo. Plantexo algo: cando o meu compañeiro —sobre o que teño unha profunda admiración, e é un gran xestor—, o presidente de Extremadura, di, sobre a non posta de todas as vacinas, que houbo algunhas dúbidas ao principio na súa eficacia, equivócase. E cando algúns, creo que xa excompañeiros, se vacinaron fóra de lugar —alcaldes e alcaldesas creo que en Valencia—, equivócanse, e é lamentable. Non pasa nada, si, equivócanse. Cando na Comunidade Valenciana —que preside un compañeiro polo que tamén teño unha grande admiración, Ximo Puig— se toman algunhas decisións máis flexibles sobre as normativas, antes do Nadal, pois é probable que se equivoquen. Os gobernantes equivócanse. Agora, un non pode vir aquí exacerbado, exaltado, a botarlle a culpa á oposición de que lle digan que algunhas veces se pode equivocar, e moito menos cando esta oposición —e falo en nome do meu grupo, con todo o convencemento— levamos dende sempre dicindo que os gobernos están nunha situación difícil e que respectamos profundamente as decisións que se toman. (*Aplausos.*)

E o que non se pode, ademais, é enganar sobre a situación. As decisións que se toman son políticas. Está ben, é fantástico que exista un comité de expertos, pero as decisións son políticas, porque os comités de expertos non escriben o DOG, por algo o presidente e os medios que ten a Xunta advirten, anuncian e adiantan as decisións que se van tomar moitas veces o día antes. Tamén é para facilitar o traballo dos medios de comunicación. E fano antes de que se reúna o comité, porque as decisións son políticas. Son políticas tamén cando se toman como as do luns pasado, que son durísimas, e somos conscientes de que tivo que ser moi duro tomar esas decisións. Tamén era posible tomalas o 20 de decembro. Polo tanto, dicir despois «O Goberno de España obrigoume a facer non sei que...» é absurdo e ten un cualificativo demasiado feo como para dicilo nesta tribuna.

Cando se sobe aquí dicir, por parte dalgún voceiro, que se tratou de marxinar o efecto da cepa británica, é mentira. Ou se mente porque un só se informa por *OKDiario* ou se mente porque se seguiu a comparecencia e méntese a sabendas, que é peor. Non se dixo nunca iso, díxose algo que din os datos: que o impacto da cepa británica no Nadal foi marxinal —e foino— e que agora é maior —que o é—.

Cando se discute que o problema é o toque de queda ou o estado de alarma polo nome, hoxe, aínda hoxe, coa maior saturación que temos dende o inicio da pandemia nas UCI, miren, dá



igual que se chame toque de queda, estado de alarma, baile rexional ou bocadillo de tortilla; o problema non é o nome, o problema é que temos esas ferramentas. *(Aplausos.)*

Cando se sobe aquí, como o presidente, a dicir que trouxo o Goberno aquí unha proposta de lei, traballada cos asesores da Xunta, cos avogados e cos técnicos xurídicos da Xunta e é mentira porque a trouxo o Partido Popular, o que se está dicindo é que se usaron as institucións fraudulentamente para traballar ao servizo do PP. E non pasa nada por recoñecer que é un erro. Cando se critica por cambiar un ministro do Ministerio de Sanidade, despois de ter cambiado en dous meses, sen formar goberno, en medio da pandemia, o conselleiro de Saúde, o conselleiro de Sanidade, o xerente do Sergas, a conselleira de Educación, o director xeral de Maiores... Dous meses para cambiar un goberno e agora criticábase que se cambie un ministro dun día para outro. Entón, estamos sendo falaces, mentireiros, trampulleiros. ¡É triste!

Cando as comunidades autónomas, o 23 de decembro, asinan, pactan, acordan o plan de vacinación, acordan tamén a distribución, e cando hoxe di aquí o presidente que nos expliquen os criterios, menten, porque el sabe os criterios e porque está introducindo inseguridade por un interese de calculadora electoral, xa que está contando votos permanentemente. *(Aplausos.)* El sabe cales son os criterios. Os criterios van distribuídos en porcentaxes pola poboación obxectivo de cada fase. Iso é o que está pasando. Cando se di aquí «nós levamos poñendo a sexta dose dende o primeiro día» —e eu non vou utilizar as conversas en privado, e iso que non está a señora Montse Prado, que tamén participaba, nin o conselleiro de Sanidade, pero está a señora Amigo, e participamos en reunións onde falabamos destas cousas, pero non vou dicir o que nos contou o conselleiro antes de empezar a vacinación sobre a quinta ou a sexta dose; non o vou dicir, porque non utilizamos esas conversas—, hai que dicir que o señor Feijóo dixo hoxe aquí iso, pero ¿viu alguén algunha iniciativa, algunha queixa sobre iso en Galicia por parte do Partido Socialista? Non, porque nós non somos o PP de España. *(Aplausos.)*

Nós si asistimos ao que se dixo aquí, nesta tribuna, respecto de que as mascarillas estropeadas do Goberno contaxiaron 73 sanitarios. Díxose aquí algunha vez. Nós non imos facer esas cousas. Tamén hai algunhas acusacións sobre o Hospital da Mariña. ¿Viron algunha iniciativa neste debate ou neste Parlamento por parte do Grupo Socialista sobre iso? Non, porque non se trata de infundir medo sobre iso. Si pedimos explicacións sobre outros lugares, pero nós primeiro tratamos de saber o que pasa e non utilizar a información porque si, pero a culpa é doutro. Agora, cos confinamentos perimetrais e a dificultade, ¿viron alguén facer algunha brincadeira de teatro malo sobre que hai concellos que non poden ir á farmacia porque está no concello do lado? Eu si vin aquí o presidente falar dos Peares e facer bromas: «É que me confinan nunha provincia», e agora, confinando por concellos, que é o que hai que facer, e está ben feito. ¿Viu alguén aquí facer algunha broma sobre iso? Non. Seguimos sen saber dos rastrexadores, pero ¿veu aquí alguén agora facer algunha crítica velada sobre...? Non. É máis, o único que se propón aquí hoxe é as mascarillas. Está ben, se a proposta son as mascarillas, que nos diga o señor presidente cal proposta quere.

Xa lles adianto, o Grupo Socialista —aceptando o que o presidente Feijóo di, que é unha boa medida e que a considera importante— imos presentar unha proposición non de lei neste Parlamento —se cadra, podémola rexistrar hoxe e, se non, mañá— para que, xa que o con-



sidera importante, se lles paguen mascarillas FFP2 a todos os profesionais sanitarios. *(Aplausos.)* E supoñemos que o PP votará a favor, porque antes expulsaban dos cargos, das xefaturas de servizo, a profesionais por iso.

A Feijóo dálle igual a mascarilla —total, el non a pon— dálle igual unha mascarilla dunha cousa ou doutra; é enfrontar co Goberno. A el dálle igual unha mascarilla que unha pota de espaguetis... Total, el non a pon. Entón, non pasa nada tampouco.

O señor Feijóo ten unha relación oblicua coa verdade, e non se trata de facer teatro, trátase de que todos entendamos que os gobernos teñen unha situación difícil e que hai un éxito na vacinación, que é un éxito da ciencia e que é un éxito do noso sistema sanitario, do de toda España e do de toda Europa, que é que conseguimos traer unha vacina o máis pronto que nunca se trouxo unha vacina para resolver un problema gordísimo. E, fronte a iso, o señor Feijóo está contando votos, e hoxe o que estaba é quentando o ambiente para ir o venres a unha xuntanza a confrontar. Así non se pode actuar, porque se pide lealdade, pero a lealdade supón non estar discutindo as medias todos os días; a lealdade supón non estar dicindo se nos parecía mellor ou peor unha cousa; lealdade é comunicar, falar, transmitir, tratar de avaliar e de poñerse na pel do outro, que é o que facemos cando hai cousas, como lles acabo de dicir con algúns exemplos —e hai moitos máis—..., e non traer aquí iniciativas para protestar por calquera cousa. Porque ás veces cométese erros...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...e non é un problema de ser moi malísima persoa. Ser mala persoa é que alguén estea sendo leal contigo e aínda vir aquí pretender darlle leccións. Iso é o que non se pode aturar.

Así é que nós imos apoiar esta iniciativa, pero pedimos por favor que se entenda que, se é difícil —e todos entendemos que é difícil—, que non sexa para que veña aquí ninguén cunhas formas horribles a pretender dar leccións de algo sobre o que, precisamente, non está moi capacitado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, presidente.

Señorías, permítanme, antes de entrar no debate, que aproveite esta intervención para enviar dende aquí un recordo e as miñas condolencias á familia e aos achegados de Xosé Manuel Pazos, alcalde de Cangas, que foi deputado deste Cámara e ao que onte despediron no seu concello natal. Máis alá das diferenzas políticas, tiven unha magnífica relación persoal con el, e hoxe quería ter ese recordo para un home que, dende a discrepancia política, creo que sempre intentou servir lealmente a Galicia. Descanse en paz o señor Pazos. *(Aplausos.)*





Centrándome na cuestión que hoxe nos trae o BNG, eu quero agradecerlle sinceramente que nos dea a oportunidade de poñer en valor a actuación da Xunta de Galicia, presentando unha iniciativa na que solicita que o Goberno galego se comprometa a facer o que o Goberno galego xa se comprometeu a facer. Non pasa todos os días, pero... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dúas peticións nos fixeron. A primeira, que realicemos un informe de mortalidade covid en Galicia dende o comezo da pandemia para presentalo no Parlamento. É incomprendible que se solicite un informe que xa está feito, que é público e ao que temos acceso todos —ou talvez non tan incomprendible, como intentarei explicar logo—.

Despois, pídesenos que activemos —ou que active a Xunta— un plan de continxencia para a atención sanitaria ordinaria e extraordinaria derivada da covid; un plan de continxencia que xa foi acordado cos sindicatos. O Servizo Galego de Saúde pacta con Comisión Obreiras, Satse e CSI-CSIF o Plan de continxencia covid; un plan que, fundamentalmente, o que aporta é un recoñecemento profesional nos termos, por certo, nos que os grupos desta Cámara o solicitan habitualmente: maior estabilidade laboral e mellores condicións profesionais; e fíxose dialogando e chegando a acordos cos sindicatos, coa inmensa maioría dos sindicatos. É sorprendente que se nos pida que fagamos e que comprometamos o que está feito e comprometido.

Señorías, eu creo que resulta obvio que a sanidade galega e o conxunto das sanidades de practicamente todo o mundo están sendo sometidas ao máximo nivel de exigencia polo menos da súa historia recente. Creo que isto debera resultar obvio. E igualmente deberá resultar obvio que nesta situación non podemos falar de normalidade, que é o que nos traslada hoxe o BNG na súa iniciativa.

Mire, a sanidade pública galega está pasando o maior test de estrés a cargo desta covid con mellores datos que a maioría. Eu creo que apporto algúns, porque hoxe se piden datos. O primeiro, descenso de transplantes —que se coñecía esta semana—. En Galicia baixaron un 7 % os transplantes, e no resto de España, de media, un 19 %. A espera en cirurxía —que aumentou, por suposto— en Galicia é 50 días menos que a media española. A espera media nas consultas máis graves é de 27 días menos que no conxunto do resto do Estado. As agardas superiores a 6 meses, que no 2019 eran do 0,9 %, e no resto de España eran do 20 %, actualmente en Galicia subiron, por mor da covid, 11,9 puntos para situarse no 12,8, e en España subiron 14 puntos para situarse no 34 % de media.

Eu creo, sinceramente, que estes datos avalan que a sanidade galega está resistindo mellor o impacto da covid que outras, o que pasa é que aquí se intenta soste algo que é insostible. O que se intenta soste é que temos mellores datos, pero peor sanidade. A explicación que se dá é que estamos nesta situación grazas ao persoal sanitario galego, no que eu deposito a miña máxima confianza, dígoo de verdade. Pero, claro, entón, ¿que é o que explica o que está pasando noutros gobernos onde vostedes teñen a responsabilidade de xestionar? ¿Que pasa, que o persoal sanitario das outras comunidades é moi malo? Eu non o creo, e creo que teremos que colixir —e deberíamos de estar de acordo— que nin hai boa sanidade sen bos profesionais, nin pode haber bo traballo profesional sen unha boa xestión sanitaria, e esa é a que se está facendo en Galicia.

Mire, resulta imprescindible activar un plan de continxencia covid, por iso está acordado cos sindicatos e xa se está implementando. E resultará imprescindible activar un plan de re-



cuperación da actividade poscovid, que, evidentemente, se intentará acordar igualmente e se porá en marcha unha vez superada a pandemia; é que, ademais, xa foi comprometido polo conselleiro nunha comparecencia aquí, en sede parlamentaria, onde vostedes o piden. E, claro, mentres tanto, ¿que facemos? Pois tomamos medidas. Grazas a ese plan de continxencia, xa se efectuaron máis de 1.000 contratos a sanitarios en Galicia.

Máis medidas e máis persoal —en primaria falábase de 87 prazas máis—. Máis Telea, máis teleasistencia, iso que vostedes, señores do BNG, cualificaban de inútil e que, ao final desta pandemia, duplicou os pacientes aos que se lles facía seguimento —no día de hoxe máis de 5.000—. ¡E vostedes dicían que era inútil! Máis e mellor teleasistencia, (*Murmurios.*) máis videochamadas. Claro que sabemos que hai problemas e que hai que melloralas, por suposto que si, pero dicir, como se dixo hoxe aquí, nesa comparecencia que se dedicou a comentar o señor Torrado, que a teleasistencia non é útil —o seo voceiro, literalmente, pode ver a gravación, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)—, nunha pandemia que basicamente o que fai é penalizar o contacto persoal, é pouco serio. ¿Que hai que melloralas? Por suposto, coincidimos.

Máis orzamento sanitario. Estamos de acordo, 475 millóns de euros máis no orzamento deste ano. Máis infraestruturas sanitarias, estámolo comprobando: máis hospitais, máis centros de saúde, máis urxencias, máis quirófanos. E máis diálogo para un plan de recuperación da actividade, que, como lle digo, xa foi anunciado polo conselleiro de Sanidade. E, por certo, para implementar estas medidas e que non vaian de boquilla, está prevista, ademais, a dotación correspondente orzamentaria, que son 115 millóns do Fondo covid. Iso é planificación, iso é seriedade e iso é do que tiñamos que debater hoxe, e non dedicarnos a comentar un debate que tivo lugar pola mañá. Eu teño que dicirlle, señor Torrado, que, sinceramente, entendo que vostede confirmou hoxe que non acabou satisfeito da actuación do seu voceiro durante ese debate, e enténdoo, pero, ¡home!, paréceme que facerlle unha emenda á totalidade, como fixo vostede aquí, tampouco ten moito sentido. Non sei se ten algo que ver a proximidade do Congreso do PSdeG. (*Murmurios.*) Non o sei, non o sei, que o valore o señor Caballero. (*Aplausos.*)

A outra petición que nos fan é certamente curiosa, porque a verdade é que vostedes, ante a realidade dos datos obxectivos que se lles ofrecen sobre a xestión da sanidade galega, se debaten entre dúas posibilidades: ou ignoralos ou negalos. E a verdade é que vostedes habitualmente, se a realidade dos datos non coincide co seu relato, elixen normalmente desbotar a realidade antes que mudar o relato. É unha cuestión curiosa, pero é o que fan.

Por iso hoxe nos solicitan un novo informe, que esperan que sexa máis favorable —entendo— ás súas teorías. O problema é que o informe que solicitan xa existe: «Informe MoMo, de monitorización da mortalidade.» (*O señor Pazos Couñago mostra o informe.*) Informe realizado polo Instituto Carlos III e informe que se nutre dos datos que se recollen das inscricións que se realizan nos rexistros civís. Polo tanto, debía ser unha cuestión incontrovertida. A miña pregunta é: ¿por que non miran este? ¿Que elixeron, ignoralo ou negar os seus datos? Porque os datos son claros, e amosan tres realidades.

Mire, mortes por covid declaradas en España —data do último informe—, 49.824; mortes do informe MoMo, 70.982; 21.000 mortes máis sen explicar. En Galicia, mortes declaradas



por covid, 1.335; diferenza de exceso de mortalidade recoñecida no MoMo, 524; 811 menos. ¿E iso que significa? Pois significa tres cuestións, tres datos irrefutables:

O primeiro, que en España se está ocultando o número real de falecidos pola covid; ¡estase ocultando o número real de falecidos pola covid! En Galicia, non, recoñécense todos, estanse sumando incluso a aquelas mortes por covid que se solapan con enfermidades que normalmente causan a mortalidade por complicacións con respecto á situación previa dos pacientes. E non hai mortos por falla de diagnósticos, porque están todos recollidos nesa estatística que fai o seu goberno. Non son datos do Sergas, son datos do Goberno de España.

O segundo dato que é incuestionable é que en España hai falecementos por falta de atención sanitaria, ben por falta de diagnose de casos covid, ben por complicacións como aquelas das que se falaba antes nas patoloxías ordinarias que non poden ser atendidas con normalidade debido ás complicacións xurdidas da pandemia. Pero en Galicia os datos non reflicten esa situación. Non, non, en Galicia dáse a situación contraria e, polo tanto, esa afirmación que vostedes fan non se corresponde cos datos reais, que os obteñen dos falecidos inscritos nos rexistros civís de España, e concretamente de Galicia. Polo tanto, eu teño que dicilo: en España faltou transparencia para explicar certas cousas, e en Galicia o Goberno foi completamente transparente, e os datos así o reflicten. (*Murmurios.*)

Poden facer todos os chascarrillos ou comentarios *polo baixini* que queiran, pero os datos —volvo repetir— son os de mortalidade do Ministerio de Sanidade, do Instituto Carlos III, do Goberno de España. ¿Tamén van discutir estes datos? (*Murmurios.*) ¿Estes tamén?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Señorías, eu pediríalles que fosen serios. Cando marchamos de aquí no Nadal, fomos escoitando críticas ás decisións que tomaba a Xunta, dicindo que eramos moi laxos. Poñían dous exemplos que eran para vostedes o paradigma do bo facer, que eran Valencia e Portugal. Hoxe Valencia supera, na incidencia, o dobre a Galicia, e Portugal —hoxe mesmo coñecemos— está pedindo trasladar enfermos dos seus hospitais a hospitais galegos para que os poidamos atender.

E vostedes, para poñernos un bo exemplo do que debe de ser, na nosa contorna, unha boa xestión sanitaria, recorreron a unha illa do Pacífico. Pídlles un pouco de seriedade, e pídlle, señor Torrado, que, ademais de postular aquí o que debe ser a lealdade, de vez en cando teña o san costume de practicala. Hoxe, unha vez máis, non o fixo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Iria Carreira.



**A señora CARREIRA PAZOS:** Grazas de novo, señor presidente.

Antes de nada, quero trasladarlle o agradecemento ao Grupo Socialista polo seu apoio a esta iniciativa.

E despois, xa falando un pouco máis en concreto do proposto neste texto, gustaríame analizar un pouquiño a intervención do deputado do Grupo Popular.

O certo é que ninguén falou de normalidade, cando non hai oco para a normalidade nesta situación. O que non pode ser é que levemos un ano correndo, xestionando, improvisando ás prásas e —non sei— sacando medidas un pouco de debaixo da alfombra. Un exemplo de boa xestión non poden ser unhas axendas en atención primaria de 40, de 50 ou de 60 pacientes. Iso non é unha boa xestión, (*Aplausos.*) iso é mala calidade asistencial. (*Aplausos.*)

E como imos referirnos tamén a informes, quero poñer outra vez enriba da mesa o elaborado polo Consello de Bioética de Galiza, que se publicou —se mal non recordo— o día 8 de xaneiro deste mesmo ano, onde salienta que a deterioración na accesibilidade pon en grave risco a calidade asistencial prestada no conxunto do Sistema público de saúde de Galiza. Temos unha sanidade que non está respondendo verdadeiramente ás demandas da poboación, e non é que o diga eu nin que o digan as miñas compañeiras de grupo, dino tamén os expertos, os profesionais.

O señor Fandiño, coordinador das Urgencias da Coruña e presidente galego da Sociedade de Emerxencias e Urgencias, que di: «Chega xente a Urgencias tras moitas consultas telefónicas. Debe volver a atención presencial», salienta como na primeira onda baixaron as asistencias a Urgencias por problemas cardíacos ou por ictus e que agora xa non diminúen esas asistencias e xa non son quen de facerlles fronte nin sequera ás súas secuelas.

E tamén, ligado un pouco co que dicía agora das cifras de mortalidade, hai que dicir que eu creo que hai un pequeno erro conceptual. Cando se fala na iniciativa de realizar un estudo acerca do nivel de «mortalidade e de morbilidade», quero dicir que a morbilidade é a enfermidade, as pacientes que están vivas e que están soportando as secuelas de enfermidades que non se diagnosticaron a tempo. A covid non é só a infección polo SARS-CoV-2; a pandemia da covid ten moitas variantes: ten pacientes que non se están consultando porque teñen medo, ten pacientes que son consultadas telefonicamente, que non se ven e que se consultan erroneamente... As profesionais de atención primaria están soportando —e saliento as de atención primaria porque son as que maior carga telefónica teñen— un nivel de incerteza nos seus diagnósticos que non pode ser asumible. A situación da sanidade galega é moi complexa e non se limita só ás porcentaxes, e quero que quede máis que explicitado que non é só pola covid, é porque xa estaban nunha situación débil.

Mencionei na miña intervención anterior que o mes pasado debatemos tamén sobre a necesidade dun informe que avaliasse a situación, en concreto, dos servizos de oncoloxía e as posibles demoras no diagnóstico; iniciativa á que o Partido Popular votou en contra. Por iso, non me queda claro cal vai ser o sentido do voto nesta iniciativa que debatemos hoxe.



E, para rematar, quixera facer unha pequena alusión que agradecería que lle trasladasen ao señor presidente acerca da súa intervención desta mañá. Xa non me vou meter en todo o que manifestou a voceira nacional, Ana Pontón, senón que é un pequeno detalle. É necesario o rigor científico cando falamos desta situación. Falar, equiparar inmunidade natural a pacientes que superaron a infección por covid é un erro, e é un erro grave; e ademais é un erro que se contradí cos seus propios protocolos; o protocolo do 12 de xaneiro contempla as reinfeccións por covid. Eu sei que é moi difícil comunicar nun tema no que non se é experto, pero é imprescindible que cando un está ocupando un cargo de semellante responsabilidade o rigor científico sexa extremo. *(Aplausos.)*

Nada máis. Déixoo aquí. *(Aplausos.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Iria Carreira.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

En novembro do ano 2014, no primeiro pleno que celebramos aquel mes, esta Cámara debateu unha iniciativa —que tamén trouxen eu como membro do Grupo Parlamentario Popular— na que se lle solicitaba á Administración Tributaria Estatal que tivese en conta unha cuestión que xa distintos pronunciamentos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia puxeran en evidencia, que é que a Administración Estatal Tributaria estaba considerando equivocadamente que a natureza xurídica da transmisión *mortis causa* que se facía ao abeiro dos pactos sucesorios previstos no dereito civil de Galicia estaba suxeita ao imposto sobre a renda. Dado que o transmitente non morría, entendían que era *inter vivos* e tributaban como unha garantía patrimonial no imposto sobre a renda das persoas físicas, que é moi gravoso sexa cal sexa a tributación no imposto das sucesións.

Ben, evidentemente, aquela iniciativa foi apoiada —había máis grupos nesta Cámara— por unanimidade. Estabamos defendendo a vixencia do dereito civil de Galicia; outra lei tamén apoiada por unanimidade nesta Cámara. E pese a que todo isto foi denunciado tamén por colectivos de profesionais como os notarios, que foron tan importantes historicamente na fixación do dereito civil propio de Galicia, a Axencia continuou excedéndose na súa actividade e finalmente o tema chegou ao Supremo.

O que estaba facendo a Axencia Tributaria —dígoo para explicar brevemente cal era o mecanismo— era que se un ben era dun pai e estaba adquirido desde hai moito tempo, actualizaba





o valor ao darllo ao fillo, pagaba polo imposto de sucesións; e se o fillo o vendía despois, como estaba xa o valor actualizado, aí non había ganancia patrimonial. Entón, Facenda o que dicía era que o pai llo daba ao fillo para que o vendera e así aforrar a ganancia patrimonial, porque, no fondo, o que se quería era vender e non darlle unha herdanza a un fillo.

Bueno, isto —como digo— chegou ao Supremo. Un galego individualmente —Juan Manuel, é o nome, reservando o dereito da intimidade que di a sentenza— conseguiu que o Tribunal Supremo se pronunciase nunha sentenza dura, que di: «*El hecho de que se pueda utilizar esta figura de la apartación para facilitar posibles fraudes fiscales resulta un argumento ajurídico e inútil para ayudar a la interpretación del artículo de la Ley del impuesto de la renta, puesto que en la mano de los responsables está el evitarlo mediante los servicios de inspección*». É dicir, o que lle está dicindo a Facenda o Tribunal Supremo é: como en calquera outro acto xurídico, nun negocio xurídico, pode haber fraude, vostede persígaos cos medios habituais que ten e non pense que sempre que un pai lle dá un ben a un fillo e o fillo vende ese ben está defraudando a Facenda para evitar a ganancia patrimonial. Ben, isto quedou resolto.

Xa sabemos todos que, ademais, isto permitiu un auxe moi importante en Galicia dos pactos sucesorios —sobre os que despois algo terei que dicir—, pero, sorprendentemente, unha vez máis, desde a Administración —supoñemos que é desde a Administración Estatal Tributaria; non quero converter isto nun debate de intencións políticas porque persoalmente penso que non o é—, supoño que desde a Administración Estatal Tributaria, se pretende de novo volver a aquela situación que interpretaba esta Axencia a través dunha reforma legal que se está a realizar no Congreso e que ademais é unha reforma legal dirixida de prevención e de loita contra a fraude fiscal. Aí modifícase o artigo 36 da lei do IRPF, non seguindo o consello do Tribunal Supremo, que dicía que, no caso de que se queiran facer prevencións contra a fraude, que se fagan na propia norma foral e que non se fagan na normativa estatal. E aí o que se fai é nada menos que establecer unha presunción *iuris et de iure*, é dicir, que non admite nunca proba en contrario, pola cal se o beneficiario dun pacto sucesorio en vida transmite os bens recibidos antes da morte do causante, este —o herdeiro— subrógase na situación do causante respecto do valor e data da adquisición dos bens. É dicir, que se o fillo vende o ben que recibiu do seu pai non se computa o valor de adquisición por *mortis causa* do fillo, senón que se computa o valor de adquisición por parte do pai. E ademais sen proba en contrario, que é o máis grave desta cuestión. Facenda, como non quere aceptar que haxa pactos sucesorios que non sexan fraude, supón que, sempre que se produce isto, estamos ante unha fraude fiscal.

Señorías, eu creo que é innecesario nesta Cámara falar da importancia social histórica dos pactos sucesorios en vida, porque é de todos ben coñecida. É certo que é unha disposición que está baseada na liberdade de quen dispón dos seus bens cando falece, pero o certo é que en Galicia están cumprindo unha función social moi importante, especialmente os pactos de mellora. Se falan cos operadores xurídicos que normalmente traballan con estas cuestións, diranlles que a realidade na inmensa maioría dos casos obedece a estas circunstancias. O pacto de mellora recórdolles que é aquel polo cal se convén a favor dos descendentes a sucesión en bens concretos, facendo ou non a entrega do ben —porque normalmente pode ir acompañado do usufruto—, e tamén se pode pactar nese acto sucesorio que o mellorado polo ben asuma determinadas obrigas; obrigas que normalmente son coidados, cando un é



maior, coidados na terceira idade, coidados mentres non falece e está máis impedido para traballar a terra ou coidados da terra da que un é propietario.

É certo que o réxime tributario actual en Galicia do imposto de sucesións favoreceu que hoxe en día —van a 20.000 por ano, segundo nos informa a Axencia Tributaria de Galicia— 20.000 galegos por ano recibisen, por estes instrumentos do dereito civil, bens herdados dos seus maiores. E iso, efectivamente, está constituíndo unha importante axuda social, porque moitas persoas conseguen que os seus fillos os coiden; pero tamén está xerando unha importante actividade económica nun momento especialmente difícil, porque, efectivamente, o que están facendo os pais é capitalizar, dalgunha maneira, os fillos; moitas veces son axudas para que poidan independizarse, ter unha vivenda, ou son axudas que teñen que ver con emprender un negocio, etc. Polo tanto, ten unha grande importancia.

Eu quero precisar, chegados a este punto, que, evidentemente, non estamos en contra da persecución da fraude fiscal e que, certamente, se hai alguén que utiliza os pactos sucesorios para defraudar a Facenda, debe de ser perseguido —insisto— como calquera outra acción ou actividade que se faga por parte dos contribuíntes. E nin sequera estamos falando dun problema de se está moi alto ou moi baixo o imposto de sucesións, porque isto sería así fose cal fose a tributación no imposto de sucesións, que —insisto—, a efectos desta tributación sempre vai ser máis baixa que no imposto da renda como unha ganancia patrimonial. E, como xa dixen antes, tampouco creo que esteamos a falar dun conflito político.

Polo tanto, no que estamos é nun debate que afecta a esencia do autogoberno porque se nos está cuestionando a capacidade normativa en materia de dereito civil, que está na Constitución e no Estatuto; e estáenos, ademais, cuestionando a capacidade tributaria de Galicia. Porque no fondo, se iso fose así, aínda que houberse aquí un imposto de sucesións, o que se lle estaría é extraendo unha base tributaria da Xunta ao imposto de sucesións para que fose unha base tributaria da que é responsable o Estado no imposto da renda.

Todo isto, ademais, tivo un agravante especialmente desagradable, porque o presidente da Organización de Inspectores de Hacienda del Estado fixo unhas declaracións en decembro do pasado ano nas que a prensa lle preguntaba por este cambio. E, entón, dixo: «*Sí, exactamente, la fiscalidad de los pactos sucesorios, pero es que detectamos que en muchos casos eran operaciones fraudulentas...*» —en muchos, nin sequera di que en todos, aínda que isto llelo aplicaría a todos— «*Por eso considero que es una modificación muy justa, aunque quizá dé rabia a los gallegos, porque teníamos ahí una forma de no pagar impuestos*». Ben, eu creo que o mínimo que se lle pode dicir a este señor é que o que nos dá rabia aos galegos é que os inspectores de Facenda non fagan ben o seu traballo, (*Aplausos.*) que necesiten un subterfuxio legal para o que é unha operación histórica, recollida no noso dereito civil, e que sexa considerada sistematicamente, sen proba en contrario, unha operación fraudulenta.

Quero engadir, ademais, que isto sería retroactivo xuridicamente. Se alguén recibiu no pasado un ben por esta vía e aínda o conserva, de aprobarse esta lei, no momento da venda, aplicárase; polo tanto, isto ten un efecto social bastante grave, porque, ademais, é inxusto, xa que se un fillo recibe cartos polo mesmo valor dun piso e outro recibe o piso, o que recibe os cartos non tería que estar suxeito a esta tributación adicional, en cambio, quen recibe o piso si.



Eu creo que todo isto, en fin, é unha cuestión vergoñenta en todos os sentidos e que hoxe, como en 2014, deberíamos de poñernos de acordo na Cámara para que se retire isto vía emenda. Xa hai grupos que anunciaron emendas. Ao Grupo Popular do Congreso nós pedímoslle que a presentaran e xa a presentaron, polo que teño visto na prensa, e tamén o Bloque Nacionalista Galego.

Creo que todos deberíamos de apoiar que se retire isto e que, ademais, se respecte a nosa autonomía competencial en materia tributaria e xurídica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Francisco Rivera.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Grazas, presidente.

Bo día a todos novamente.

En relación co que citaba o señor Puy, coa sentenza do Tribunal Supremo do 2016, eu discrepo no que lle vou dicir. A sentenza do ano 2016 do Tribunal Supremo, efectivamente, recolle, ratifica as sentenzas do TSJ, que xa viñan avaladas polas audiencias tamén. E o que di exactamente, o que vén ratificar, é que a apartación é unha institución do dereito civil galego, un pacto sucesorio; polo tanto, unha transmisión patrimonial *inter vivos* por causa de falecemento e, en consecuencia, discute o criterio da Axencia Tributaria, que mantiña que a apartación non era un pacto sucesorio. Iso era o que estaba en discusión. Polo tanto, dicía que se tiña que tributar semellante a unha doazón e que, se había ganancia patrimonial, había que tributar.

Eu creo que a iniciativa que trae vostede hoxe aquí non ten nada que ver con isto, non ten nada que ver. Eu lín a iniciativa e intentei descubrir se, efectivamente, aquí, na modificación técnica desta norma do IRPF introducida a través da Lei de prevención de medidas e loita contra a fraude fiscal —que, ademais, traspón unha directiva europea do ano 2016 en relación co combate da elusión fiscal— se atacaban os pactos sucesorios galegos ou se había un ataque á institución civil propia de Galicia, como é un pacto sucesorio. E teño que dicir que non, teño que dicir que non. Teño que dicir que eu non vexo absolutamente ningún ataque á autonomía financeira de Galicia neste asunto; se acaso o que vexo nesta iniciativa é todo o contrario, é dicir, a posición política do Partido Popular en relación coa política fiscal da Xunta de Galicia, unha política ultraliberal onde, en fin, todo o que dependa da Xunta non se tributa, todo o que dependa da política fiscal se exime de tributación ou, cando menos, se intenta eximir o máximo posible.

Eu, se quere, dado que vostede puxo un exemplo e entendemos que este é un tema complexo, pónolle outro. Se o suxeito A —que pode ser calquera de nós— transmite un ben a través



dun pacto sucesorio, tributa no imposto de sucesións. E, polo tanto, en Galicia se a transmisión se produce entre ascendentes, descendentes ou cónxuxes, ao ser a base imponible exenta dun millón de euros, non tributa. Por tanto, non tribuna máis que no imposto de sucesións e, neste caso, non se pagaría absolutamente nada se o ben inmueble non ten un valor de máis dun millón de euros.

Se o suxeito é o que adquire o ben, pode facer dúas cousas: mantelo no seu patrimonio, en cuxo caso tampouco tributa —salvo que o alugue, que tería que tributar polos rendementos, evidentemente—, ou transmitirllo a un terceiro, en cuxo caso parece lóxico que, nesa transmisión a un terceiro, se tribute pola ganancia patrimonial.

Ata aí é ata onde chega o alcance da reforma que está na orixe da súa iniciativa, porque a vostede lle faltou unha coletilla, efectivamente, cando leu, o artigo que é obxecto de modificación na Lei do IRPF; é dicir, cando se transmite un ben a través dun pacto sucesorio e de adquirentes, subrógase en la fecha y en valor del bien que tenía inicialmente en el causante. Pero faltoulle a coletilla: «*siempre que el mismo se transmita antes del fallecimiento del mismo*». Iso non o dixo vostede, señor Puy.

E, por tanto, nesta cláusula, que é unha cláusula que, segundo o Consello de Estado, pretende evitar a elusión fiscal e a defraudación, porque o propio Consello de Estado no seu informe o acaba de establecer —en fin, vostede probablemente leu o informe do Consello de Estado e, polo tanto, non llo vou ler—, reflicte que do que se trata, precisamente, é de evitar, coa institución dos pactos sucesorios, unha fraude que se pode producir, efectivamente, se o suxeito que ten o ben neste momento, que o adquiriu a través dun pacto sucesorio, o vende por un importe superior. É dicir, eu, se transmito un ben, podo pórle un valor superior, dado que en Galicia hai unha exención dun millón de euros na base imponible do imposto de sucesións, se llo transmito ao meu fillo, ao meu pai —ascendente, descendente ou cónxuxe—, e este pode vendelo incluso por un prezo real, que non ten que ser o prezo que eu lle transmitín, pode ser menor; polo tanto, prodúcese unha perda patrimonial. Pois aí está a clave da reforma —entendemos nós— da modificación técnica do artigo 36 da Lei do IRPF.

Polo tanto, nós entendemos que este é o espírito da modificación técnica. Non hai, neste caso, un ataque ás institucións de dereito civil galego, non hai un ataque á autonomía financeira de Galicia, e do que se trata é de evitar un abuso intolerable —ao noso xuízo e ao xuízo tamén do Tribunal Supremo— que se produce neste tipo de cuestións. Por tanto, é unha cláusula técnica antielusión fiscal, antifraude fiscal.

Eu, cando lin a iniciativa, vin que dicía que, de aprobarse esta norma, se produciría unha evidente discriminación ao restrinxir a capacidade de disposición do herdeiro en vida, que tería que agardar ao falecemento do causante para dispoñer do ben. ¡Falso! Isto é falso. O adquirente pode dispoñer dos bens cando lle dea a gana, cando estime oportuno. Evidentemente, se os transmite e obtén unha ganancia patrimonial, ten que tributar por ela.

Di tamén que desvirtúa a natureza dos pactos sucesorios contemplados no dereito civil de Galicia. ¡Absolutamente falso! Os pactos sucesorios son unha institución de dereito civil de Galicia, evidentemente, que, como calquera outra institución de dereito civil, ten consecuencias



tributarias no ámbito especialmente da transmisión inmobiliaria. Porque aquí do que estamos a falar é de inmobles que se venden despois de que son herdados e, como tal, hai que evitar a fraude fiscal. Vostede coñece —e ademais citouno— que do que se trata, fundamentalmente, é de impedir ou de prever o uso ilexítimo da norma tributaria con actos notoriamente artificiosos co fin de producir aforro fiscal, que é o que di a Lei xeral tributaria no artigo 15.

Polo tanto, en relación a que se xera unha gran incerteza xurídica, dado que non se prevé un réxime transitorio, é absolutamente falso, e vostede sábeo perfectamente. Isto é o que di vostede na iniciativa, pero eu dígolle que é falso, porque o feito impoñible se produce no momento da venta posterior e, nese momento, grávase conforme a lexislación vixente no momento da transmisión. Polo tanto, non hai ningunha incerteza xurídica porque non se prevé un réxime transitorio.

E logo di na propia iniciativa que afecta a autonomía de Galicia, tanto no que atinxe ao desenvolvemento do seu dereito civil propio como ao exercicio da autonomía financeira da Comunidade Autónoma, que utiliza de acordo coa Constitución e o Estatuto. Eu creo que isto é falso, ademais por duplicado. Galicia ten autonomía lexislativa e autonomía financeira en uso das súas competencias. A medida non afecta en ningún caso as competencias da Xunta de Galicia nin compromete ningún tipo de ingreso, máis ben ao revés...; en fin, comprometidas na medida en que o deixa de recadar, neste caso, porque a Xunta de Galicia recada, ten cedido polo Estado, o 50 % do IRPF.

Por tanto, eu creo que non é así, que non é ese o espírito da norma. E aínda que vostede non lle dea un carácter político á iniciativa que vostede plantexa, que esta sexa unha cuestión dende a Facenda e que non vexa tintes políticos dende o Goberno, eu direille que tampouco, e como o vexo dende un punto de vista técnico, eu entendo —aínda que podo estar equivocado— que esta é unha norma, unha modificación, que ten como obxectivo, basicamente, evitar a elusión fiscal, evitar a fraude.

Ademais, Galicia non ten competencias en materia de IRPF na determinación das fontes de renda. Polo tanto, as competencias da Xunta en materia de IRPF están limitadas no ámbito do tramo autonómico que ten cedido a través da recadación do 50 %.

Por tanto, pódese cuestionar a redacción do artigo e da modificación, pódese cuestionar a súa redacción, pero eu creo que non constitúe nin exemplo do que pasou no ano 2014 neste Parlamento —que se puxo como exemplo— nin constitúe, nin é obxecto de simplificación a través da sentenza do ano 2016, que non ten nada que ver con isto, porque aí o que se gravaba, precisamente, ou se eliminaba era a capacidade de entender que a apartación é unha institución de dereito civil galego e, por tanto, que non debía tributar máis que no imposto de sucesións, se é que, efectivamente, o ben transmitido a través da lexítima superaba o millón de euros. Iso é o que di a sentenza do ano 2016. Polo tanto, neste sentido...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** ...entendemos que a modificación técnica que se fai aquí, mellovable desde outro punto de vista, non ten nada que ver co ataque á autonomía financeira de Galicia, e menos co ataque ás institucións de dereito civil galego, como son os pactos sucesorios.





Nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Bo día —ou xa case tarde— a todas e todos.

Comezando xa polo final, tal e como avancei xa no debate orzamentario, no que saíu esta cuestión a colación, desde o Bloque Nacionalista Galego estamos de acordo co sentido da proposición non de lei que achega o Partido Popular; está en sintonía tamén co traballo que temos nós feito no Congreso e, de feito, tamén o remitimos a este propio Parlamento, aínda que non tivemos ocasión de traelo a debate aínda á Comisión 3ª, que estivo, como saben as súas señorías, interrompida no seu funcionamento ordinario pola tramitación orzamentaria, pero que, desde logo, vai neste sentido.

A diferenza do que dicía o voceiro socialista, nós si cremos que neste asunto, nesta cuestión, hai un problema técnico, hai un problema evidente de redacción do texto que foi redactado por parte do Goberno central para remitir ao Congreso das Deputadas e dos Deputados. Entendemos que aí está parte do problema, pero tamén pensamos que hai un problema político, porque esta cuestión, cos seus matices, xa aconteceu, e nós pensamos que seguramente volverá acontecer, porque ese centralismo do que nos laíamos desde os grupos nacionalistas en moitas ocasións respecto dos diferentes gobernos ten unha translación tamén no que son as estruturas do Estado, e seguramente nesta cuestión hai un sesgo importante do centralismo que se practica en diferentes foros, que non están a dar o estudo ou a importancia que merecen a ámbitos como é o caso do dereito civil galego. En todo caso, o señor Puy falaba de que non había unha intención política nesta cuestión. Nós entendemos que hai unha reminiscencia política, aínda que nos parece que non hai unha maldade, ou que seguramente non hai unha aleivosía. E eu agradecería tamén un pouco de respecto. Xa sei que ao Partido Socialista non lle gusta escoitar estas cousas, pero non é o meu problema; agradecería un pouco de consideración, igual que eu a tiven co anterior voceiro.

Entendemos que non se tenta, seguramente, no obxecto da redacción, na intención ou na concreción que se remitiu ao Congreso, ir contra esta cuestión, pero, desde logo, cremos que no resultado final si que se tenta. Nestes momentos estase tramitando esa lei que xa foi citada, que é unha transposición, ademais, dunha directiva europea contra a elusión fiscal. Nós entendemos que é importante esa transposición, pero a cuestión é que a proposta inicial que envía o Goberno central entendemos que é unha evidente e constatable intromisión na nosa soberanía económica e fiscal e nesas figuras propias do dereito galego. Ese foi o motivo polo que, diante desta tramitación, o deputado galego do Congreso máis citado nesta Cámara, o señor Rego, transmitiu en nome da nosa organización dúas emendas que nos pare-



cen fundamentais: por unha banda, entendemos que isto se solucionaría suprimindo o artigo 3, que modifica o artigo 36 da Lei 35/2006, e, por outra banda, complementando cunha emenda tamén de supresión no artigo 4, de modificación da Lei 29/1987, do imposto sobre sucesións e doazóns, por unha serie de razóns moi evidentes. O dereito civil de Galiza recollido na nosa Lei 2/2006 contempla esa posibilidade dos actos de entrega de bens en vida do causante —a contada herdanza—. Polo tanto, son actos que deben ser cualificados e considerados, a todos os efectos, e tamén o fiscal, como *mortis causa*.

Nós pensamos que un dos problemas fundamentais é que aquí estamos falando de cuestións *mortis causa* coma se fosen *inter vivos*. É que non é a cuestión. Polo tanto, non se pode facer unha presunción de culpabilidade. En último caso, a Administración debера ter a capacidade de practicar fiscalizacións selectivas ou aleatorias para poder auditar a posibilidade de calquera fraude. En toda posibilidade legal hai un risco sempre de fraude ou de vulneración do sentido para o que se arbitran esas normas, pero nós entendemos que non se dan as condicións de consideralo todo como presunción de fraude. Estas transmisións das que estamos falando —os pactos sucesorios—, realizadas antes da morte do causante, deberían tributar, efectivamente, como se dicía aquí, a través do imposto de sucesións. Desde logo, a reforma invade as competencias da Comunidade Autónoma respecto desa consideración do dereito civil galego, e con independencia de que noutros foros, cando falamos doutros aspectos, deste tipo de actos, teñamos discrepancias co grupo do Goberno, como quedou evidenciado no debate orzamentario, onde unha das disensións clásicas é respecto do imposto do patrimonio, respecto do imposto de sucesións, neste debate orzamentario o certo é que non acaprou tanto tempo de debate como na lexislatura anterior, onde se incrementou ese tramo de exención, pero segue estando aí e quedou manifestado a través das emendas.

Pero aquí falamos doutra cousa, que supón un tratamento entendemos que discriminatorio desde o punto de vista fiscal. É que, ademais, o problema é que con esta reforma, no caso de que a persoa herdeira reciba os bens antes da morte da persoa causante e proceda a súa enaxenación, entendemos que se vai incorrer en ter que asumir uns gastos que non corresponderían, e sería inxusto considerar un acto que é lexítimo —baixo o noso punto de vista— da nosa autonomía, do noso autogoberno, no dereito civil galego coma se xa fose directamente unha fraude.

Ademais, nós entendemos tamén que neste contexto económico hai que ter en conta outras circunstancias que non podemos ignorar e que tamén vimos ao longo da anterior crise económica, como que en moitas ocasións estes pactos están tendo unha importancia entre as familias para poder axudar a membros da familia que necesitan algún tipo de soporte económico. Falaba aquí o voceiro do Partido Popular do número que facilitaba a Axencia Tributaria galega. Non sabemos que parte desas transmisións teñen por obxecto ese soporte económico, pero, polo menos, a intuición fainos pensar que é un número importante. Ademais, vimos durante a anterior crise económica como este tamén era un mecanismo para que as propias familias se blindasen á hora de que a persoa causante, mediante este mecanismo, xa non asumía responsabilidades doutro tipo para dar un soporte económico, por exemplo, aos fillos e fillas e que puidesen asumir as contías dun crédito ou os compromisos cunha entidade bancaria e, nun momento dado, eles, ao ser avalistas co seu propio patrimonio, ter algún tipo de problema ou non ser quen de correspondelos. Desta forma, ao facelo



mediante a axuda e o soporte económico familiar, adiantando o que sería o resultado dunha herdanza *post mortem*, xa tiñan unha maior seguridade á hora de facelo.

Nós entendemos, como xa avanzaba ao comezo da miña intervención, que seguramente detrás deste resultado o que hai é unha intención de mellorar a regulación para intentar evitar un fraccionamento intencionado da figura das doazóns e que por esa vía a xente poida evitar tipos impositivos máis altos, nese tipo de gravames, pero, desde logo, a proposta orixinal do texto é errática, é ambigua e confunde. Pensamos incluír os pactos sucesorios, que deberan estar excluídos, pois non son obxecto desa práctica de evasiva fiscal, xa que non son, como dicía, actos *inter vivos*, como xa se explicou, e, polo tanto, non ha lugar a esa presunción de fraude. E parécenos importante nesta cuestión, habida conta das discrepancias que temos desde o punto de vista fiscal e tamén desde o punto de vista —¿por que non dicilo?— moitas veces da reclamación que se fai desde o Goberno galego de aspectos que coliden coa nosa soberanía neste ámbito. Pero desde logo, na cuestión concreta que se formula, non podemos máis que estar de acordo, porque, como xa dicía, temos emendas presentadas tamén nese mesmo sentido e pensamos con sinceridade —e intentando ser tamén respectuosa coa intención filosófica que seguramente se ten desde o ámbito, tanto máis técnico, desde Axencia Tributaria do Estado, como desde o ámbito máis político do propio Goberno central— que esa intención filosófica fonda de persecución da fraude fiscal e de buscar novas vías de incrementar os recursos das arcas públicas colide cunha figura que é propia do noso dereito, colide co noso autogoberno e colide, entendemos tamén, con cuestións que deberan ser básicas e defendidas por esta Cámara.

De verdade, eu lamento que non vaia ser así, porque é lóxico que na tramitación dunha lei se vexan cuestións que non funcionan ou cuestións que coliden con outros ámbitos. Desde logo, eu respecto que o grupo propoñente fora respectuoso á hora de non intentar levar esta cuestión a debates doutro tipo, pero lamento sinceramente que non poidamos ter un pouco máis de altura de miras.

E, xa digo, nós confiamos en que durante a tramitación esta cuestión se poida corrixir, pero a verdade é que tamén nos gustaría que este Parlamento puidera ter un posicionamento unánime nesta cuestión. Non creo que ninguén nos poida acusar de ter un modelo fiscal semellante e compatible pero, desde logo, nesta cuestión, non nos cabe ningunha dúbida, e non imos deixar de apoiala.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Puy Fraga.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

Eu quero agradecer a posición do Bloque Nacionalista Galego. Nós xa anunciamos estas cuestións antes do Nadal, e, efectivamente, pouco despois, tamén vimos que o Bloque facía algo seme-



llante. Creo que estamos na mesma liña. E, ademais, é chamativo —dado que o PSOE sempre soe dicir que aquí estamos con tal...— que o plantexamos como unha cuestión do que é, que é a defensa das nosas institucións do dereito civil e da nosa autonomía competencial.

Señor Rivera, sabe que lle teño moito aprecio e consideración, pero, desgraciadamente, quedo sorprendido polo seu argumento. Eu desde o primeiro momento dixen que, evidentemente, estamos contra a fraude e que toda a lei que beneficie a loita contra a fraude é ben recibida polo noso grupo, non teña a menor dúbida. Pero cinguir isto a unha cuestión técnica, paréceme que é un argumento bastante excesivo.

Vostede di que non deturpa o dereito civil galego, que di que se pode herdar en vida con plena disposición dos bens que un herda. Iso é o que di o dereito civil galego —perdoe, iso é o que di o dereito civil galego—. E vostede di que se pode seguir herdando, pero que un pode vender ou non, que ten capacidade de disposición. Se está vivo o causante —por exemplo, o meu pai; se está vivo o meu pai—, entón, teño que pagar o imposto da renda, pero, se morreu, non teño que pagar nada. ¡Home!, unha sociedade na que os que herdán en vida estean desexando que morra o pai para poder dispoñer dun ben é unha sociedade ben curiosa, esa que vostedes deseñan, porque o que fai a lei é dicir que sempre que viva a persoa causante se entende que é imposto da renda e ten que pagar, e, se non o fai, considérase defraudador.

Pero, ademais, di que non deturpa a competencia autonómica. Imaxinemos —porque pode ocorrer— que a transmisión en vida tribute polo imposto de sucesións, efectivamente, porque non está no mínimo exento que hai no tributo español, no tributo galego —cousa que podería ocorrer, por exemplo, cando gobernen vostedes, que queren subir e reducir a base exenta do imposto de sucesións—. Entón, esa persoa tributa polo imposto de sucesións, pero, de acordo con esta norma, se vende antes de que faleza o causante, tamén ten que tributar; dobre imposición sobre unha materia. E, ademais, como lle dixen antes, resulta que se eu teño a sorte de que recibo os cartos do meu pai en líquido, pero, en cambio, o de en fronte ten a mala sorte que recibe o mesmo valor económico pero nun ben moble que hai que vender, eu non teño que tributar, en cambio, o que ten vender o ben moble ten que tributar. Mire, isto é un desastre.

Se vostedes estivesen un pouquiño ao tanto da realidade social, saberían como está funcionando isto no país. E isto —díxoo tamén a deputada do Bloque— é un mecanismo de solidariedade interfamiliar, e fundamentalmente no medio rural, polo que moitas persoas garanten, entre outras cousas, o coidado aos maiores. Vostede púxome un exemplo; eu voulle poñer o mesmo exemplo. Vostede di: un pai ou unha nai transmítelle a un fillo ou a unha filla un ben. Fano por pacto de mellora e dise que teñen a condición de coidalo ata que faleza. O fillo recibe o ben, pero resulta que o pai ou a nai ten a desgraza de ter unha enfermidade difícil, unha enfermidade longa, que require o internamento nun centro onde sexa debidamente atendido. O fillo non ten cartos e quere vender a casa, porque os necesita para atender o pai, polo trato que fixo hereditario, pois vostede dille a ese fillo que é un defraudador e que ten que pagar no IRPF por unha ganancia patrimonial. ¿Isto non deturpa a institución do dereito civil de Galicia? (*Aplausos.*)

Mire, señor Rivera, eu dicíalle ao principio unha cuestión. (*O señor Francisco Rivera pronuncia palabras que non se perciben.*) Sobre isto, neste Parlamento, sempre houbo consenso: sobre o



dereito civil, sobre a autonomía fiscal, mesmo por parte daqueles que queren moita máis autonomía fiscal. Pero, polo menos, a que temos, defendámola ¿non? É a primeira vez que o Partido Socialista abandona este consenso; un consenso que nesta Cámara mantivo sempre o Partido Socialista de defensa das institucións de dereito propio de Galicia, do dereito civil e de defensa da capacidade autonómica, fiscal do noso autogoberno.

Hoxe vostede..., non vostede, o Partido Socialista de Galicia, dá un paso realmente lamentable, realmente contrario ao Estatuto, realmente contrario a todo o que significou o Partido Socialista de Galicia na construción do Goberno autonómico. Eu lamento moitísimo que lle tocara a vostede facer este papel. Nós tamén confiamos, como a portavoz do Bloque —porque isto afecta máis comunidades autónomas; non somos os únicos que temos estes pactos hereditarios en vida no noso ordenamento xurídico; Baleares tamén o ten, e cónstame que tamén hai deputados de Baleares que están traballando na mesma dirección—, en que isto se arranxe no Congreso, porque, se non, efectivamente, teremos que ver nos tribunais, posiblemente dentro de moitos anos e despois de causados moitos prexuízos aos máis de 100.000 galegos que son titulares de bens herdados en vida, que se está vulnerando algo que está recollido na Constitución, que está no Estatuto e que estaba no consenso que esta Cámara sempre mantivo a favor do noso dereito civil e da nosa autonomía fiscal.

Grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Puy.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa achega da Administración autonómica ao servizo de axuda no fogar ordinario, así como co copagamento das persoas usuarias**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*<<O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:*

*1. Revisar os criterios de financiamento do Servizo de axuda no fogar (SAF) para incrementar o prezo/hora que achega a Xunta de Galiza para aquelas usuarias e usuarios que teñen recoñecido o servizo a través da Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. A aportación da Xunta de Galiza axustarase ao custe real e efectivo do ser-*





vizo tendo en conta, entre outras cuestións, os dereitos laborais das traballadoras e a dispersión poboacional.

2. *Dirixirse ao Goberno español para instar á modificación da Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, especialmente o artigo 33 sobre a participación dos beneficiarios no custe das prestacións e reclamar o cumprimento dos criterios de financiación que existen ao estado a achega do 50% do investimento en materia de dependencia.»)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Ortega Otero.

**A señora ORTEGA OTERO:** Grazas, presidente.

O servizo de axuda no fogar está dirixido a persoas ou familias en situación de risco ou dependencia, e ten por obxecto previr e atender situacións de necesidade, prestando apoio de carácter doméstico, social e educativo, rehabilitador ou técnico. O servizo préstase a través de auxiliares de axuda a domicilio, que son aquelas profesionais que ofrecen servizos integrais e polivalentes dirixidos a persoas maiores, enfermas ou dependentes que precisan supervisión e coidado especial para que poidan realizar todas as actividades básicas da súa vida diaria que non son capaces de realizar por si mesmas.

O servizo de axuda no fogar, ou SAF, é un dos piares do noso Estado do benestar; é un dos servizos máis emblemáticos dos servizos sociais. O SAF é ese recurso do que todo o mundo escoita falar, pero que, na realidade, é un gran descoñecido. O SAF ten que ser posto en valor, e hai que trasladarlle á cidadanía a pedagogía precisa; temos que ser conscientes de cales son as súas funcións e obxectivos e de que precisa dunha coordinación necesaria cos coidados familiares non profesionais.

O 11 de abril a Xunta de Galicia anunciaba un servizo de axuda no fogar extraordinario para responder ás situacións de emerxencia durante o tempo de alerta sanitaria causada pola covid-19. Durante o SAF extraordinario, a Xunta de Galicia comprometeuse a que asumiría o custo do copago dos usuarios e a que mesmo aumentaría a súa cota por hora a 12 euros. Estamos nun momento excepcional, nunha crise sen precedentes, motivada por unha pandemia sen precedentes. ¿Por que non trasladar as condicións do SAF extraordinario ás do ordinario? ¿Por que non liberalo dunha carga económica, como é, neste caso, o copago dos usuarios de dependencia? ¿Por que non aumentar a cota que corresponde ao Goberno galego, se somos conscientes de que o prezo do servizo de axuda no fogar subiu na última década e de que as arcas municipais o están asumindo?

Mentres na última década o prezo do SAF se incrementou, pasou de custar apenas 12 euros a hora aproximadamente a custar entre 18 e 22 euros a hora —je ollo que aquí está a cuestión!—, a Xunta, pese a ese incremento do custo do SAF, segue a poñer a mesma cantidade que hai máis dunha década, máximo 9,7 euros a hora, polo que o resto o están a aportar os concellos e usuarios.

Esta é a clave na que temos que afondar e onde debemos modificar. Vou poñer un exemplo logo, porque é verdade que o Goberno galego, ademais, sae dando titulares, como que regala



horas do SAF aos concellos e veciñanzas, cando en realidade se está manipulando a opinión pública. O que se está practicando nos concellos —sempre o digo— é o método de «eu convidado e ti pagas», e vou poñer un exemplo das mesma web oficial da Xunta de Galicia, que di, por exemplo —é un dos moitos exemplos—: «A Xunta outorga máis de 63.000 horas anuais para a axuda no fogar para dependentes no concello de Pontevedra, así como nos de Marín, Poio, Portas, Barro e Bueu.» Lendo isto, ¿quen parece que paga? ¿A Xunta, verdade? Pois non é así, non paga a Xunta. Paga a Xunta, pero a maior parte do custo do servizo estano asumindo os concellos. (*Aplausos.*) Polo cal, este é un exemplo de como se pode facer publicidade enganosa. Deixen a un lado este tipo de publicidade enganosa. Isto é coma se eu collo unha persoa aquí, agora mesmo, e lle digo que a invito a comer, e cando imos pedir a conta no restaurante dígolle que poña máis da metade. ¿Iso é invitar ou non é invitar? Para que poñamos as cousas claras, porque os concellos estano pasando moi mal.

Polo tanto, é urxente para o bo funcionamento do servizo de axuda no fogar en Galicia, primeiro, ter en conta o tipo de financiamento, e para iso só cabe que a Xunta aumente a aportación que lle corresponde e libere os concellos dunha carga inasumible para as propias arcas municipais, ademais, tendo en conta, por suposto, o esforzo que os concellos fixeron, asumindo competencias impropias en moitos casos para que ninguén quedara atrás nunha crise de tal envergadura.

A Fegamp —a Federación Galega de Municipios e Provincias— fixo un balance, mediante un estudo, do que supuxo para os concellos esta crise, e as conclusións son as seguintes: en termos xerais, durante o confinamento, os concellos galegos rexistraron un aumento de máis de 17.000 novos usuarios ou demandantes de axudas nos servizos do fogar municipais.

Segundo os datos aportados polos concellos, a tradución en termos económicos deste aumento de demandas dos servizos sociais tería suposto uns sobrecostos mensuais dos servizos sociais de case seis millóns de euros ao mes respecto ao mensual de base.

Neste escenario, as maiores dotacións económicas dos concellos seguiron correspondendo claramente ao SAF, preto do 60 %, nada máis e nada menos. Pero antes da crise a aportación entre a Administración local e o Goberno galego xa estaba descompensada, e este gráfico (*A señora Ortega Otero mostra un gráfico.*) amosa como dende o ano 2010 ao ano 2018 a maior aportación, ao principio no 2010, a facía a Xunta de Galicia e como agora a están asumindo os propios concellos; agora está descompensada, non só xa falando neste contexto de crise, senón xa antes.

Polo tanto, é fundamental que afondemos e cambiemos esta situación. Tanto as auxiliares de axuda a domicilio como as coordinadoras e coordinadores do SAF, ambos colectivos, puxeron en común deficiencias dun sector que está, e debe de seguir estando, en auxe. Isto vai na liña que defendemos desde o noso partido e que versa en que o novo modelo non só cabe a través dun novo modelo residencial, senón que debe englobar todo o sector da atención e coidados de maiores de persoas dependentes, e o SAF é un pilar evidente dentro dese modelo. Non se lle está dando o lugar que merece. O propio colectivo alerta de que é preciso un refinanciamento aumentando a cota dende a Administración autonómica, e así mesmo a Lei 39/2006, fai responsable á Xunta de Galicia na planificación xeral do servizo de axuda no fogar.



Polo tanto, hai que ter en conta un informe de coordinación do sector do servizo de axuda no fogar, que indica textualmente o seguinte: «Debemos ter en conta que a achega da Xunta para o servizo de axuda no fogar é como máximo de 9,7 euros a hora. Sendo insuficiente e que o peso da achega local non é asumible para moitos, na planificación xeral do SAF será necesario de forma urxente o incremento do prezo e hora por parte da Administración autonómica». Non o estamos dicindo nós, estano dicindo as propias traballadoras e traballadores do sector, señorías do Partido Popular.

Partindo de resolver esta premisa, podemos dar o paso a reformular e mellorar o servizo de axuda no fogar, primeiro, revisando e mellorando as condicións laborais das traballadoras —isto é moi importante—, establecendo claramente aos usuarios as funcións das traballadoras, blindando a seguridade de ambos colectivos a través dunha rede de supervisión e profesionalización e incorporando novos profesionais da psicoloxía e educación social, entre outros, que permitan optimizar a supervisión social e outras cousas como o seguimento e a función rehabilitadora dirixida pola coordinación do servizo. E, sobre todo —e isto é moi importante—, hai que establecer un diálogo claro, directo e constante co proio sector para poder dotalo de recursos non só cuantitativos senón cualitativos. Neste contexto de pandemia, o SAF é unha das profesións esenciais que manteñen a vida no noso país. As traballadoras e traballadores do sector falan da falta de protocolos claros ao respecto e de falta de medios, que os levou en moitos casos a un estado de estrés laboral inasumible que repercutiu en moitos casos na súa propia saúde.

Propoñemos neste eido que de xeito urxente se estableza unha persoa como enlace por provincias —ao igual que se fai nos centros de atención residencial— que posibilite cribados periódicos para as traballadoras, para protexelas así a elas e aos nosos maiores. Tamén que se facilite por protocolo dende a Xunta de Galicia material de protección. Pedía antes aquí o señor Feijóo mascarillas FFP2, pero creo que é importante que llelas facilite ás propias traballadoras que están en primeira liña, que non o están facendo, e hai que ser coherentes e sinceros coa cidadanía. Mesmo, por poñer un exemplo, estas traballadoras, dentro das súas funcións, poden ter bañar un usuario, ou mesmo afeitalo, e nese momento, loxicamente, o usuario non ten a mascarilla posta; entón, quedan totalmente desprotexidas. Entón, é moi urxente isto.

Polo tanto: impulso e reforzo do servizo de axuda no fogar, non só coa suma de horas sen coordinación nin diálogo cos axentes sociais e a Administración —que para iso pagan, por certo—; actualización do copago do Goberno da Xunta nun reequilibrio e financiamento do servizo que evite o agobio económico dos concellos; reformulación do servizo con máis profesionais e dentro dun novo concepto global de atención aos nosos maiores e persoas dependentes; formación para a incorporación de máis profesionais ao servizo e mellora das súas condicións laborais; e, no contexto da pandemia, cribados e material de protección para o sector. Volvo apelar á empatía, coma onte, de todos e todas. Cun pouco de sorte chegaremos a maiores e é máis que probable que precisemos deste servizo. Hoxe falamos dos nosos maiores. Mañá seremos nós. O tempo pasa rápido, impulsemos o SAF, innovemos, coidémolo, coidemos as traballadoras e traballadores do sector e, por suposto, os nosos maiores e persoas dependentes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Ortega.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día, ou boa tarde, a todas e a todos.

Vaia por diante desde o BNG que nós concordamos coa reflexión que facía a señora Ortega agora na intervención; de feito, non hai moito tempo traíamos tamén unha iniciativa a esta Cámara que xiraba en boa medida na mesma idea: na necesidade de reforzar e, sobre todo, mellorar o deseño e o sistema de financiamento do servizo de axuda no fogar como unha peza fundamental dese sistema de atención á dependencia e de garantía do dereito á autonomía persoal do conxunto das galegas e dos galegos que así o necesitan. É, ademais, un dos servizos máis demandados polo conxunto da poboación do noso país. Atende moitísimas persoas, máis de 24.000 persoas no noso país, e entendemos que, ademais —e falaremos desta cuestión desde o BNG nesta sesión parlamentaria, non a moito tardar—, é unha peza clave nese sistema de organización dos coidados que é necesario repensar, ou mudar, se queremos mellorar ou saír mellores —por dicilo dalgunha maneira— desta crise na que estamos inmersas.

Concordamos nese sentido, e cremos que un elemento central é o do financiamento e o da aportación que fai a Xunta de Galiza a este servizo, que, como se indicaba, hai máis de dez anos que se mantén nesa aportación de 9,7 euros como máximo e que queda lonxe do custo real e efectivo na prestación do servizo, que oscila —depende un pouco dos concellos, como xa temos falado noutras ocasións— entre os 18 e os 23 euros, de acordo cos datos que ten facilitado o Colexio Oficial de Traballo Social do noso país, despois dun estudo moi pormenorizado das distintas ou dos distintos modelos de prestación que hai do SAF actualmente no noso país.

Nós concordamos en que a aportación da Xunta ten que achegarse máis á prestación dese servizo na realidade, e ademais ten que ter en conta cuestións que encarecen a prestación do servizo no noso país. Fálase moito, por exemplo, de que o acceso aos fondos do Estado, como son a dispersión poboacional, que ten un sobrecusto a respecto de prestar o servizo nunha cidade —porque hai, por exemplo, un custo de transporte das propias traballadoras, das auxiliares de axuda no fogar—, non ten que ser asumido en exclusiva polos concellos, que teñen que desenvolver un enorme esforzo económico en moitísimos casos para manter na máxima calidade este servizo. Nós tamén na emenda quixemos matizar algunhas cuestións da proposta que formula o Partido Socialista. Unha é a necesidade —e eu quero pensar que todas as forzas estamos aí de acordo— de que o Estado español teña que asumir o que pon a súa propia lei. Eu xa non sei como dicilo. A Lei de dependencia —que aquí se nomeaba—, a 39/2006, fixa desde hai moitísimos anos que a achega ao financiamento de todo o sistema de axuda á dependencia, da autonomía persoal, ten que ser financiado nun 50 %



pola Administración xeral do Estado. Estamos moi lonxe. Nunca desde a aprobación da lei ningún dos gobernos —e pasaron varios e de distintas cores, tanto do Partido Socialista como do Partido Popular— fixeron esa achega que está a obrigar tamén á propia Administración galega, ao propio Goberno galego, a ter que asumir un custo aínda maior para prestar o conxunto de servizos que xiran ao redor desa autonomía persoal e desa atención á dependencia. Esa é unha das partes que nós incorporamos a través desa emenda que presentamos a esta iniciativa.

Nós cremos que se o esforzo e a participación que a Administración do Estado español fosen o que deben ser —porque así o marca, insisto, a lei orgánica, a lei estatal—, a situación sería hoxe tamén ben distinta, sen eximir —insisto— que a Xunta de Galiza ten que actualizar a aportación que fai, porque o servizo mudou moito, tanto no perfil das persoas que son usuarias del como no despregamento da propia atención ás persoas dependentes; non pode estar, despois de máis de dez anos, no mesmo valor deses 9,7 euros máximo. Insisto en que está lonxe, ademais, de cubrir o que custa realmente prestar o servizo.

E outra cuestión. Vostede facía agora, señora Ortega, referencia a esa outra parte, que é o de modificar a participación das persoas usuarias no financiamento da prestación do servizo. Nós introducimos un matiz, e é que esa modificación hai que facela sobre a lei estatal, porque o artigo 33 desa Lei de dependencia do ano 2006 é o que fixa que as persoas usuarias teñen que ser tamén copagadoras ou cofinanciadoras da prestación do conxunto de servizos de axuda á dependencia e á autonomía persoal. Fana en función —ademais así o establece— do tipo de servizo, do seu custo de prestación e da capacidade económica persoal que teña a persoa usuaria. E iso regulouse aquí, en Galiza, na orde que regula o servizo de axuda no fogar, no artigo 18, en función do IPREM, até o punto de que as persoas usuarias no noso país, en función da súa renda e patrimonio, poden facer un cofinanciamento, un copago do servizo, que vai ou oscila, en función da súa capacidade económica, entre un 10 % e un 65 %. Nós cremos que isto é importante. A nós parécenos ben que se eleve ao foro que corresponda e que debatamos sobre se ten que eximirse por completo a todas as persoas, independentemente da súa renda, no cofinanciamento deste servizo. Parécenos un debate, desde calquera punto de vista, interesante e importante. Pero tamén cremos que o máis urxente agora é reforzar por parte das administracións, tanto do Estado como da Xunta de Galiza, o propio servizo.

Vostede mesma dicía, señora Ortega, que necesitamos ir non só a máis número de persoas usuarias atendidas no servizo de axuda no fogar, senón a mellorar con moito o número de horas nas que se atenden as persoas que o necesitan e que teñen recoñecido pola Lei de dependencia o dereito de acceso ao SAF. Hoxe estamos con que unha persoa grao 3, que é o máximo que se pode alcanzar nos niveis de dependencia establecidos pola lei, pode ter 4 horas e media á semana como máximo de servizo de axuda no fogar. É moi pouco, moi pouco, se o que queremos ou ao que aspiramos como país é a dar e a garantir as maiores cotas de benestar social; e sobre todo se queremos ir a un modelo de coidados de longa duración que teña como obxectivo despregar unha rede de servizos públicos forte que nos permita quedar o máximo tempo posible non só nas nosas casas, senón nas nosas contornas familiares, de amizades, e alí onde desenvolvemos o noso proxecto de vida. Máis horas e tamén un mellor e unha maior atención que vaia —como dicía a señora Ortega— tamén no sentido de ofrecer uns servizos máis completos, máis profesionalizados, que cubran e aten-





dan máis necesidades, e non simplemente a nosa vida diaria. Pensemos que, tal e como está deseñado, xa hoxe pouco máis que vai a auxiliar pola mañá, érguete da cama, aséate, cámbiate de roupa, dáche o almorzo e xa non volve. E unha persoa ten que afrontar un período de tempo, que non son as 24 horas do día —porque quero pensar que a maior parte podemos ou deberíamos durmir 8 horas—, pero necesitamos unha atención moitísimo máis ampla e moitísimo máis completa, co obxectivo —insisto— de chegar a un modelo de coidados que nos permita ter a maior cota, o maior grao de benestar social nos nosos domicilios durante o maior tempo que sexa posible.

Entón, nese sentido van as nosas emendas. Concordamos. Nós temos defendido aquí desde o BNG que é necesario revisar esa aportación da Xunta de Galiza, que hai que ir a unha aproximación desa aportación, que se axuste máis ao custo real do servizo, que non poden ser os concellos, co seu enorme esforzo —moitísimos, e sobre todo os do rural, que é onde vive máis poboación, ademais maior de 65 anos e máis persoas dependentes—, quen teñan que asumir ese sobrecusto que se está xerando no día de hoxe. Pero tamén cremos que hai que reclamarlle ao Estado español que cumpra o que pon a súa propia lei, que non o fixo nunca desde o ano 2006, e despois tamén que, en todo caso, se se quere revisar esa participación ou aportación económica das persoas usuarias, que se faga modificando a lei estatal, que é agora mesmo quen o rexe.

Máis nada de momento e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Pazos Couñago.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, presidente.

Señorías, a un dálle ganas de preguntar aquilo de *¿quo vadis* PSdeG? De verdade, eu levo escoitado moitas cousas hoxe neste pleno que realmente resultan sorprendentes.

Vou empezar por dicir que creo, sinceramente, que o PSdeG trae hoxe aquí a este pleno unha proposta que está improvisada, que é inxusta e que é incluso ilegal. É unha medida que, sinceramente, creo que non busca solucionar os problemas reais que ten a xente, senón que aspira unicamente a conseguir un titular de prensa baseado na habitual demagogia do Partido Socialista de Galicia, ou, mellor dito, do actual socialismo galego, que é realmente sorprendente.

Miren, señorías, Galicia ten este ano 2021 o orzamento máis alto da historia da comunidade autónoma; é o orzamento máis social da historia da comunidade autónoma: 4.582 millóns para sanidade, 2.631 para educación, 371 para [...] e 956 millóns —o máis alto da historia dunha consellería de Política Social galega— para política social; 8.540 millóns en total. Bueno, pois 24 horas despois de aprobar o orzamento máis social da historia de Galicia, o PSdeG tráenos aquí as propostas. ¿As propostas das emendas que defendeu no orzamento?



Non, ¡das emendas que non presentou! ¡É unha cousa sorprendente! Vén vostede pedir aquí que aumente a contía da aportación da Xunta de Galicia e que desaparezan os copagos. E emendas do PSdeG para o aumento nos orzamentos da Xunta do gasto do servizo de axuda no fogar, cero emendas, cero euros. ¡É que é sorprendente, señora Ortega!

Menos sorprendente é se escoitamos as súas reiteradas intervencións; por exemplo, a de orzamentos, na que nos dixo que o fundamental para superar esta crise era atender as pensións, atender a xuventude, atender o reto demográfico, para o cal presentou vostede cero emendas e pediu cero euros. Iso si, insistiu tamén en que era fundamental que apoiáramos as asociacións que se estaban encargando de atender a pobreza e demais. E aí non é que presentara unha emenda con cero euros, ¡quitoulles 250.000 euros das axudas que reciben da Xunta! ¡É que é sorprendente! E eu preguntome se nesas xuntanzas que ten vostede coas traballadoras do SAF lles conta estas cousas. *(A señora Ortega Otero nega coa cabeza.)* Non, xa, xa imaxinaba que non, pero é sorprendente.

Case tan sorprendente como que, bueno, vén vostede hoxe pedirlle á Xunta de Galicia que asuma a facilitación de mascarillas FFP2 «que teñen que obrigatoriamente facilitarlles as empresas ás traballadoras». Pero, ¿estamos falando en serio? ¡É que é unha cousa moi sorprendente!

Continúan vostedes na liña tamén do mantido nos últimos plenos, é dicir, propoñendo —na miña opinión— a adopción de medidas socialmente inxustas. Primeiro fixérono co SAF extraordinario. Vostede quería manter o servizo, a pesar de que se producira a reapertura dos centros de día. Polo tanto, duplicáronse servizos para uns usuarios, e, como o orzamento, señora Ortega, non é infinito, evidentemente, detrae recursos para outros. Evidentemente, non atendemos esa petición.

E agora vén e ocórreselle que unha medida que se arbitrou nun momento de emerxencia máxima —como o que estabamos vivindo naquel momento polo peche dos centros de día— a atribúe universalmente ao conxunto do servizo de axuda no fogar, a eliminación do copago neste servizo. E eu pregunto: namentres, ¿vostede mantería o copago noutros servizos igualmente importantes, sen valorar a capacidade económica do usuario de cada un dos servizos? ¿Por que? A miña pregunta é sinxela, porque eu entendo que non hai un plantexamento lóxico que xustifique isto, máis alá de..., non sei, sacar o tuit ou o titular, a foto ou que vostede queira. Pero ¿por que un usuario do SAF con alta capacidade económica debería estar exento de copago e o usuario con menor renda, que desfrute dun centro de día ou dunha residencia, ten que facer o copago? ¿Por que? ¿Cal é a lóxica racional disto? ¡Non a ten! É a habitual demagogia socialista de criticar unha cousa cando están na oposición e practicar a contraria cando están no Goberno.

Están en contra da privatización do servizo de axuda no fogar. A min paréceme ben, pero é que en todos os concellos onde gobernan privatizaron o servizo de axuda no fogar. E, ademais, agora pide que a Xunta asuma os EPI das empresas —¡cousa sorprendente!—.

Critican a privatización dos centros de día, pero alá onde gobernan privatizaron vostedes a xestión dos centros de día municipais e provinciais, entre outros. Afirmen vostedes que se



fai negocio coas residencias, pero alí onde xestionan as residencias vemos que están en mans das mesmas multinacionais que vostedes critican aquí, no Pleno do Parlamento de Galicia. Por certo, que son moi malas, e pide vostede mellora para os traballadores. Dígalle —a ver se hai sorte— a quen xestiona a residencia de Trabada se lles paga o que lles debe aos traballadores. Digo alá, na Deputación de Lugo, na que gobernan vostedes; é bo que llo recorde.

E veñen aquí e acusan as empresas de mercadear coa saúde dos maiores, pero onde gobernan contratan as mesmas empresas, supoño que tamén para mercadear vostedes, pero no seu propio criterio, non no meu, que eu non comparto esa opinión.

Entón, a pregunta é evidente: ¿vostedes van eliminar os copagos alá onde gobernan? Eu creo que é bastante coherente pedir isto. Se nos piden que eliminemos os copagos, eu preguntolle: ¿alá onde goberna o PSOE vai eliminar os copagos? Porque, claro, se a proposta do PSdeG é que o servizo de axuda no fogar —e non sei se o conxunto de servizos asistenciais do noso país— sexa universalmente gratuíto para todos os usuarios, independentemente da súa capacidade económica, ¡home!, creo que podemos sentar a estudalo, pero antes debería de contestar vostede dúas preguntas. A primeira formuloulla xa a señora Rodil —coa que coincido nalgunha das cousas que dixo na súa intervención—, pero ¿está disposto o Goberno do señor Sánchez a pagar o 50 % do financiamento do Estado que establece a Lei de dependencia? Porque vostede vén hoxe aquí e, despois do que escoitamos neste pleno, di: non, é que vostedes invitan e os concellos pagan. Mire, no pleno de hoxe, eu preguntolle: cando confinaron vostedes todo o Estado, ¿no Real decreto do estado de alarma que aprobaron ían as medidas de apoio aos comercios, aos autónomos ou ás pemes? ¿Verdade que non? Porque esas medidas... Vostedes confinan, pero que paguen as comunidades autónomas. Cando pecharon a hostalería nocturna —que leva pechada meses, precisamente dende ese real decreto—, ¿vostedes puxeron axudas para a hostalería nocturna? Non, ¡que as poñan as comunidades autónomas!

Pero é que incluso onte lle escoitamos ao señor Caballero que a bonificación das autopistas estatais se faga con cargo a fondos da Xunta. E vostede vén hoxe aquí e di que a Xunta invita e os concellos pagan. Non, non, ¡invitan vostedes dende o Estado e somos os demais os que estamos pagando todos os días, en dependencia tamén! Porque, claro, teremos que facer un esforzo todos por atender a situación que estamos vivindo actualmente. Eu creo que niso concordamos todos.

Mire, o que creo que é razoable é que fagamos todos ese esforzo conxunto, e que o fagamos todos de maneira sincera e sen mentir. Vostede non pode dicir aquí o que dixo, porque é falso. Vostede dixo literalmente: «O maior custo do SAF asúmelo os concellos». E, mire, gasto xustificado do servizo de axuda no fogar: Xunta de Galicia, 67,59 %; usuarios, 15,42 %; concellos, 16,98 %. Eses son datos xustificados, ¡eh!, que aquí non estamos falando de oídas. Eu non sei de onde saca vostede as gráficas. Estes son datos xustificados; pagamentos e efectivos.

¿Cando van poñer vostedes o 50 %? Porque nesta lexislatura xa nos dixo o vicepresidente que non, que, como máximo, o que van alcanzar é o 34 %. Eu quero velo, pero din que o 34 %.



Os presupostos xerais do Estado, no seu apartado de gastos, creceron este ano un 20 %, un 19,4 %. ¿Sabe canto subiu a aportación á Lei de dependencia do Estado? Seis puntos, están no 26 %. Un 20 % creceu o orzamento; vostedes subiron 6 puntos. ¡Home!, se imos falar de gratuidade, primeiro paguen o que deben e, se non, non veña aquí dicindo que uns invitan e outros pagan.

A outra pregunta que teño que facerme é a que lle fixo a señora Rodil: ¿van modificar vostedes o articulado da Lei de dependencia? Porque resulta sorprendente que vostede veña aquí pedirnos algo que é ilegal. «Artículo 33. La participación de los beneficiarios en el coste de las prestaciones. Los beneficiarios de las prestaciones de dependencia participarán en la financiación de las mismas según el tipo y coste del servicio y su capacidad económica personal». Xa non lle digo que revisen o artigo 12, que tamén fala da participación neste sistema das administracións locais. ¿Pero que broma é esta? É que está vostede aquí presumindo permanentemente da Lei de dependencia. ¿Pero lérona? ¿Ou é que cando están aquí na oposición piden que a Administración, nomeadamente a Xunta, se faga cargo de todo, pero cando lexislan, estando vostedes no Goberno, son vostedes os que imponen os copagos? ¡É que, de verdade, é unha tomadura de pelo!

A señora Rodil fixo aquí unha serie de valoracións. Eu coincido con unhas, pero non con outras. Eu creo que a orde de prioridades é distinta, o primeiro que hai que facer é estender o SAF a todos aqueles concellos que o precisen e despois xa poderemos falar de mellorar financiamentos. E é certo que os concellos agora mesmo si teñen eses recursos, pero non grazas ao Partido Socialista...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...que lle ía regalar 15.000 millóns de euros de remanentes ao Goberno central, iso si, a cambio de 5.000; regalaban 15.000 a cambio de 5.000. Non, non, os remanentes están nos concellos e vostede sabe que hai moitos concellos que están dicindo que teñen moitas dificultades para facer tramitación e sacar adiante eses remanentes. Para o SAF, non, e para iso son prioritarios, para atender as necesidades sociais. ¿Hai outra necesidade social maior neste instante que esta? Non, non a hai. Por iso eu...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...o que lle pido é un pouco de seriedade, o que lle pido é que fagan un pouco de autoexame e o que lle pido é que, cando traian unha...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...iniciativa aquí, traian un certo traballo detrás, que sexa un pouco máis xusta socialmente e, dende logo, pídlle que non sexa ilegal.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Pazos, xa rematou o seu tempo.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)



*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Ortega Otero.

**A señora ORTEGA OTERO:** Grazas, presidente.

Señor Pazos, eu non sei se está ao tanto do que fai o seu propio goberno, pero o copago xa o eliminou no SAF extraordinario, non sei por que non se pode eliminar agora. Entón, pregunte, consulte coa Consellería de Política Social, e seguramente llo poden explicar.

Pero ben, vamos ver, se este é o presuposto máis social de toda a historia de Galicia, entón, señor Pazos, señorías do Partido Popular, será xusto asumir e aumentar a aportación que fai a Xunta de Galicia no SAF, ¿non? Se este é o presuposto máis social... ¿Non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non queren apostar polas persoas, como dicía noutra ocasión? Pois asuman o custo, reequilibren o que pagan os concellos e o que paga a Xunta de Galicia. Sexan xustos. Píden xustiza ao Goberno central, pois pidan tamén xustiza e sexan empáticos coas administracións máis pequenas, como son os gobernos das administracións locais, señor Pazos. *(Aplausos.)* Sexa coherente e xusto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**A señora ORTEGA OTERO:** Vexo que lle falta sinceridade coa cidadanía, e está falando para o pobo galego. E, se non, pode copiar de Mariano Rajoy, que, polo menos, foi sincero coa cidadanía e dixo que a dependencia non era viable antes de facer os propios recortes. *(A señora Ortega Otero mostra unha noticia de prensa.)* Foi sincero, recortou por completo e fixo unha sangría de recortes coa dependencia, pero, polo menos, miroulle á cara á xente e díxolle a verdade, non coma vostedes. *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A arma letal do Goberno do Partido Popular contra a Lei de dependencia —se falamos do servizo de axuda no fogar, temos que falar de dependencia— foi o título III do Real decreto 20/2012, do 3 de xullo. Principais recortes: redución na contía establecida para a prestación económica por coidados na contorna familiar. ¿Van reverter iso? Suspensión do convenio especial do sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais, que tivo que chegar o Goberno central de Pedro Sánchez e reverter eses recortes. E, por certo, falando de copago, tamén este goberno estatal eliminará o copago farmacéutico. Así que, aplíquense o conto, señorías do Partido Popular.

Fala de redución da aportación da Administración xeral do Estado. Iso que tanto lles molesta, díganllo a Rajoy, díganllelo aos seus compañeiros do Partido Popular, que foron eles os que o implantaron. ¿Non se dan conta de que están criticando os seus propios gobernos do Partido Popular? *(Aplausos.)* ¡Por favor!, é que é de coherencia. Á parte destes recortes —que, por certo, esta redución chegou a un nivel mínimo que supuxo recortar...—, nunca máis se recortou o nivel de cartos que proviñan do Goberno central e que se transfería ás comunidades autónomas. Reduciron as horas de prestación de axuda a domicilio. Si, vostedes, o Partido Popular, nos graos 3. *(Murmurios.)* Eran axudas ás que tiñan dereito os graos 3, que son as persoas máis dependentes —por se non o sabe—, e tiñan dereito a 90 horas ao mes —insu-





ficientes, por certo, como di a representante do nacionalismo—. Pero, ademais, recortaron de 90 horas a 70 mensuais, e iso fixérono vostedes. Aquí comezou a sangría de recortes que fixeron nunha soa lexislatura —que estiveron máis—; nunha soa lexislatura estableceuse un recorte de 2.865 millóns en dependencia.

E agora vou ler un comunicado da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais —non sei se os coñece—, e non o digo eu, dino eles.

19 de xaneiro, 2021: «O Plan de choque do Goberno de España reverte os recortes en dependencia. 623 millóns de euros para 100.000 dependentes da lista de espera e 25.000 novos postos de traballo. Recupérase o nivel acordado con 283 millóns de euros e increméntase o nivel mínimo nas contías mensuais. Recupéranse os recortes do ano 2012». ¿Quen gobernaba no ano 2012 no Estado?

O tempo de espera medio en Galicia é o dobre do que marca a lei, ¡o dobre do que marca a lei! Poñan as pilas e traballen. Con 623 millóns de euros pódese conseguir eliminar a lista de espera en once comunidades este ano e reducila considerablemente no resto. Os gobernos autonómicos que invisten por debaixo da media nacional deberán incrementar o seu presuposto propio. ¿Saben a quen vai dirixido isto, señorías do Partido Popular? A Galicia, a segunda comunidade autónoma que menos inviste por habitante de toda España en dependencia; esa é.

Pero, miren, falan da aportación do Estado, e mesmo o informe dos directores e xerentes de servizos sociais o deixa moi claro: Galicia, 45 millóns. Pero outros exemplos: Cantabria, 11; Canarias, 16; Asturias, 15; País Vasco, 4; A Rioxa, 6; Galicia, 45 millóns de aportación para a dependencia. ¿Que van facer con estes millóns? ¿Van reverter os recortes?, ¿van axilizar o tempo de espera? ¿Que van facer?

O Estado do benestar é moi difícil construílo, custa moito esforzo por parte dunha sociedade. O SAF é un dos servizos que se atopa en auxe, pero debemos coidalo. Non serve de nada se as condicións dos usuarios e traballadores non son óptimas...;

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora ORTEGA OTERO:** ...non serve de nada aumentar horas sen financiamento por parte da Xunta.

Poñan á disposición do SAF un enlace provincial con sanidade para facer cribados e axilizar os rastrexos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Aporten o material e protección ás auxiliares de axuda á domicilio. É inaceptable que traballen sen a protección necesaria. Despois desta crise e das competencias que tiveron que asumir os concellos, porque a Xunta de Galicia non asumiu, é xusto que por parte do Goberno da Xunta de Galicia aporten o que teñen que aportar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** ...aos concellos, que levan sen actualizar a cota máis de dez anos.



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** Sexan xustos e fagan o traballo pola cidadanía.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Silencio! Tranquilos, con tranquilidade todos, que aínda queda moito traballo aquí.

**Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D. José Manuel Rey Varela e seis deputados/as máis, sobre as actuacións da Xunta de Galicia relativas ao pazo de Meirás e á súa cesión e xestión**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Pablo Arangüena Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-000805, doc. núm. 7581).

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar o punto 1 da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*<<1.- Solicitar da Administración Xeral do Estado a cesión do Pazo de Meirás, para o momento en que se acade a firmeza da sentenza ditada polo Xulgado de Primeira Instancia número un da Coruña, así como a colaboración no financiamento dos custos derivados do seu mantemento en condicións e da súa apertura ao público para darlle os usos que se acorden no seo da comisión técnica, priorizando sempre aqueles relacionados coa memoria histórica democrática.>>*

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar o primeiro parágrafo do punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*<<2.- Acordar no seo da comisión técnica, integrada polos membros do Goberno do Estado, da Xunta de Galicia, da Deputación da Coruña e do Concello de Sada, a fórmula de xestión durante o período previo a sentenza definitiva e un plan de usos que, priorizando sempre os usos relacionados coa memoria histórica democrática, posibilite e compatibilice.>>*



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-000805).

*Emenda de adición.*

*Engadir dous novos puntos co seguinte texto:*

«3.- Na previsión dunha sentenza definitiva favorábel, defender o uso central de Meirás como espazo da memoria histórica democrática galega e da loita antifranquista.

4.- Desenvolver unha Política pública sobre a memoria histórica fundamentada na defensa dos dereitos humanos, e especificamente do dereito á Verdade, á Xustiza, á Reparación e ás Garantías de non repetición. Esta política pública terá carácter transversal e dependerá organicamente da Presidencia ou da Vicepresidencia da Xunta de Galiza».)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas.

É unha casualidade. Afortunadamente, os dous representantes do Grupo Parlamentario Popular que intervimos nestas horas estamos ben dotados de reservas, pero o certo é que é unha hora un pouco complicada para debater sobre calquera cuestión. E, ademais, esta cuestión está debatida. No último pleno do período de sesións anterior tratamos o tema de Meirás cunha proposición non de lei que trouxo o Bloque Nacionalista Galego. Naquel debate, eu creo que —a min, polo menos, gústame sempre sacar algunha cousa positiva— houbo unha coincidencia xeral na Cámara, primeiro, sobre a importancia da sentenza do 2 de setembro do ano pasado do Xulgado de Primeira Instancia da Coruña. Eu creo que é unha sentenza que, efectivamente, en termos de todo o debate que ten que ver coa nosa historia, é histórica. E, en segundo lugar, creo que, ademais, hai motivos de satisfacción conxunta, e ademais tamén coincidimos na expresión de agradecemento aos que loitaron durante todo este tempo reivindicando a propiedade pública do pazo de Meirás.

Este, polo menos, é un punto de partida positivo, e, precisamente, nós intentamos, tendo tantas cousas en común, chegar a acordos co Bloque Nacionalista Galego, porque basicamente o que queríamos era apoiar a parte esencial e máis ampla da súa iniciativa. É certo que o Bloque presentou unha autoemenda e, precisamente, foi un punto desa autoemenda o que propiciou que non nos deixaran nin apoiar o texto orixinal na súa meirande parte, nin votar por puntos tamén para incluír unha parte da autoemenda. O certo é que, ao final, o Parlamento non se pronunciou sobre a cuestión de Meirás, polo menos formalmente.

Entón, nós consideramos que isto sería bo, especialmente no momento actual —tamén o argumentamos no último debate—. Sería bo que socialmente se dese un consenso ao respecto na sociedade galega, especialmente para os que menos aceptan esta situación que nós compartimos como boa de recuperación do pazo de Meirás. Creo que é bo politicamente porque toda a sociedade, politicamente, ten que ter algúns puntos de acordo, especialmente



cando atinxen ao seu pasado. E, ademais, ata creo que é bo estratexicamente, pensando en termos xurídicos. Xa sei que os xuíces aplican a xustiza e o Supremo vai fallar de acordo coa lei, pero tamén é certo que as leis, como di a propia norma que interpreta as leis, deben interpretarse de acordo co sentido e coa realidade de cada tempo e do seu tempo.

Pois ben, nós traemos hoxe isto facendo nosos argumentos que inicialmente estaban na proposición non de lei do Bloque precisamente para procurar alcanzar un acordo de mínimos sobre aquilo que compartimos:

Primeiro, que se ceda o pazo á Xunta. Eu creo que isto, se hai que precisalo, porque o Partido Socialista entende que hai que esperar a que a sentenza sexa definitiva, nós non temos ningún obstáculo para incluílo no texto final da proposición non de lei que se someta a votación.

Segundo, para que haxa unha fórmula de xestión conxunta que, a través da comisión técnica, sexa participada pola Administración xeral do Estado, pola Administración autonómica, pola deputación e polo concello de Sada.

En terceiro lugar, que se posibiliten e compatibilicen os usos, sen graduar —quero despois facer unha pequena mención disto—, sobre a figura de Pardo Bazán, creadora de *As Torres de Meirás* e, polo tanto, persoa vencellada ao ben, que, precisamente, por estar alí e ser construído por ela, é un ben de interese cultural, os usos normais da cidadanía de Sada e os de todos os que se queiran acercar por alí, de calquera tipo, cultural, mesmo lúdico, para aproveitar os xardíns e, por suposto tamén, para a memoria histórica, cun programa sobre o réxime franquista e o espolio dos bens por parte da familia e do ditador, que cremos que debe ser, ademais, permanente —calquera que vaia a Meirás debe saber o que pasou alí—, así como tamén sobre a loita social, política e institucional pola recuperación que tivo lugar nas últimas catro décadas e que ademais debe centrarse na superioridade dos valores democráticos. De feito, neste texto, incorporamos unha das engádegas que se autoemendou o PSOE no último debate, porque nos pareceu que era de xustiza e unha idea magnífica que o primeiro acto que se fixese con carácter público no pazo de Meirás fose unha homenaxe ás persoas, entidades memorialistas e institucións que nas últimas catro décadas protagonizaron a reivindicación. Cremos que é de xustiza, que o merecen e, ademais, creo que, se se fai, verían con bos ollos que fose unha homenaxe promovida por unanimidade desta Cámara.

Desde aquela houbo unha única variación na cuestión de certa relevancia. A comisión técnica volveuse reunir, tomou algunhas decisións sobre o acceso ao pazo, fundamentadas no estado do propio pazo, e todas estas cuestións que probablemente vostedes coñecen, ben directamente por membros da comisión como polas novas que se publicaron na prensa, e delas é salientable que as catro administracións alí presentes decidiron nomear un grupo de expertos para determinar cales serán ou deberían ser os usos do pazo no futuro. Nesa comisión todos os membros —un grupo técnico— designaron expertos. Eu creo que ninguén pode discutir sobre a categoría intelectual, os coñecementos e a capacidade que teñen todos os integrantes desa comisión para determinar esta cuestión.

Polo tanto, nós engadimos ao texto orixinalmente presentado —que basicamente traía o que presentara o Bloque no seu momento—, asumir que son os expertos propostos polas catro



administracións os que deben graduar os usos dos espazos que desde unha perspectiva estritamente museística —é dicir, pensando en transmitir ben a mensaxe que alí se quere dar—, loxicamente, teñen que dar ou mesmo teñen que variar ao longo do tempo. É dicir, calquera que saiba un pouco de museos, sabe que unha cousa enlatada, que é permanente, non muda e queda para sempre; é dicir, ten un pouco de éxito ao principio, pero queda para sempre esquecida e collendo telarañas. Polo tanto, hai un grupo de expertos nomeados polas catro administracións que teñen que determinar os usos, e nós con esta emenda o que dicimos é que, sendo os usos propios os que estaban na PNL orixinal, que mantemos nesta, que sexan os expertos os que determinen, de acordo coas catro administracións, os usos específicos que se lle dean ao pazo de Meirás.

Pois ben, creo que isto é un punto de acordo bastante razoable que lle daría, insisto, bastante relevancia ao traballo dos expertos, e, sobre todo, manteríamos unha importante mensaxe para a sociedade. Acabo de dicir que non hai inconveniente en que se manteña a propiedade estatal ata que sexa definitiva a sentenza.

E con respecto ao resto das emendas, evidentemente, hai un grupo de expertos. As catro administracións deben establecer cales son os usos, e eu creo que, delimitando os catro usos, son eles os que deben determinar as proporcións, porque, no fondo, ás veces, hai debates que se definen así respecto de se se escoita un pouco máis o baixo ou un pouco máis o agudo, e non se trata diso, eu creo que hai cousas máis importantes que nun momento determinado se escoite máis o baixo que o agudo. Pero iso que o digan os expertos, non nós.

Tamén o Bloque o que nos pide —que ten relación, pero é moito máis ambicioso— é que se faga unha política sobre a memoria histórica máis xeral. Eu voulle dicir algo atípico, porque un portavoz normalmente fala en nome do grupo: no meu foro interno, creo que é necesaria esa política en Galicia. E estou seguro —agora xa volvo falar como portavoz— de que se damos un primeiro paso en algo no que estamos en síntese e basicamente de acordo en materia dos usos do pazo de Meirás nos termos desta proposta —que é basicamente a que presentou o Bloque— facilitará que iso tamén poida converterse nun consenso nun futuro próximo, porque un consenso sobre a memoria histórica, sobre a superioridade da democracia e sobre a defensa non presente dos valores que a nosa democracia representa sería bo para o país e sería bo, sobre todo, para as xeracións que nos sucedan.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, o señor Arangüena.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Señor presidente, señorías.

Señor Puy, celebramos que vostedes celebren a Sentenza do Xulgado de primeira instancia número 1 da Coruña.





E respecto da súa apelación ao consenso, nós, dende logo, somos partidarios dun consenso, pero dun consenso con base na reivindicación e na defensa da memoria histórica democrática como prioridade, sen prexuízo da súa compatibilidade con outros usos, entre outras cousas, porque a memoria histórica democrática é central e prioritaria nunha sociedade democrática. Isto é básico e fundamental, non é unha cuestión musical, se lle entendín ben a alusión aos baixos ou aos agudos —ao mellor, dicíao por outra cousa—; en todo caso, non é unha cuestión de gusto, é unha cuestión de centralidade dunha cuestión absolutamente fundamental nunha democracia que pretenda reivindicarse e definirse como tal.

E non me cansarei de repetilo: o proceso xudicial que desembocou nunha sentenza histórica que permitiu a recuperación —provisional, iso si— do pazo de Meirás impulsouno o Goberno progresista de España, non a Xunta, que non tivo nunca a menor vontade política de facelo ata que houbo un goberno socialista en Madrid, por moito que aparentase que se pregaba á presión social. Repito e reitero: non habería recuperación do pazo de Meirás sen a firme vontade política dun goberno progresista que buscou e rebuscou a través da Avogacía do Estado ata que atopou, a principios de 2019, a escritura notarial que permanecía oculta no arquivo de protocolos notariais da Coruña e que desmontou a fraude maquinada polo ditador. Sen esa escritura, non habería sentenza; sen a vontade política do Goberno progresista de España, non habería sentenza.

E agora vén o PP a pedir a cesión do pazo de Meirás por parte do Estado e a dicir qué quere que se faga co Pazo. Bueno, pois nós non nos opoñemos a pedirlle ao Estado que ceda o ben, a pesar de que haberá que agardar a que a sentenza sexa firme; polo tanto, «verdes las están segando». E non nos opoñemos, obviamente, a que se consensúen os usos do pazo —que poden ser múltiples, dende logo— entre as distintas administracións, sempre e cando se teña ben claro que o uso prioritario e central debe ser o estudo e difusión da memoria histórica democrática; (*Aplausos.*) cousa que desvirtúa esta proposición do PP. E non imos amparar que se trate de desvirtuar o que pasou no pazo durante décadas e onde estivo cadaquén no proceso de recuperación, porque iso sería tanto como branquear o franquismo, que é o que lles gustaría a algún, e no que estiveron durante décadas —e dubidamos de que non sigan estando, por moi revisionistas que se poñan—.

Por certo, nos orzamentos da Xunta de Galicia hai cero euros para a memoria histórica democrática. ¡Cero euros, señorías! (*Aplausos.*) Foi o Goberno bipartito de Emilio Pérez Touriño o que declarou o pazo ben de interese cultural, que foi o primeiro paso para a súa recuperación. Non foi o Goberno do señor Fraga, vicepresidente polo señor Feijóo; foi o Goberno progresista bipartito. En troques, o que si fixo no 2011 o Goberno do señor Feijóo foi pactar coa Fundación Franco para abrir o pazo catro días ao mes, e iso permitiu que durante anos a Fundación Franco fixese apoloxía da ditadura nesas visitas. Chegaron vostedes a un acordo coa Fundación Franco para permitir que alí se fixese unha lamentable apoloxía da ditadura durante anos. Esa é a súa traxectoria na cuestión do pazo de Meirás antes de que a presión social os desbordase.

E aínda, por certo, quero ver o día no que o señor Feijóo suba a este estrado a dicir que Francisco Franco —ao que ten por costume chamar «o xeneral»— foi un golpista traidor, un ditador sanguinario e un auténtico corrupto. Eu quero ver ese día, aspiro a que chegue ese día e gustaríame que chegase ese día.



A nosa traxectoria e a actitude neste tema foi sempre oposta á do Partido Popular; non o digo eu, está posto branco sobre negro na páxina 394 da sentenza, cando indica que en febreiro de 1978 se fai pública unha proposta do Partido Socialista para a restitución ao seu lexítimo dono e a súa conversión en sede do futuro Goberno autonómico. É dicir, en febreiro de 1978, meses antes de que fose aprobada a propia Constitución, 42 anos antes desta sentenza, corenta anos antes de que o Parlamento de Galicia instara a recuperación do pazo, o Partido Socialista xa demandaba a recuperación dese ben e incluso propoñía que fose a sede do futuro Goberno autonómico, (*Aplausos.*) mentres os devanceiros políticos dos deputados e deputadas do PP andaban —e vou ser aquí moi conciliador— noutras cousas.

Con base en todo o anterior, a nosa proposta, que fixemos por vía de emenda, é que se prioricen os usos relacionados co estudo da memoria histórica democrática, algo moi sinxelo que pode asumir calquera demócrata, e, se non o asume, permítame dubidar do seu talante democrático. Poden facerse moitas cousas no pazo de Meirás, pero priorizando sempre os usos relacionados coa memoria histórica democrática. Non temos absolutamente nada en contra do estudo e da reivindicación de Emilia Pardo Bazán, que foi unha gran escritora, ademais dunha muller coruñesa e galega que despuntou nun mundo de homes, pero o caso é que Emilia Pardo Bazán, que pode ter alí todos os usos e todo o recoñecemento, toda a reivindicación e o estudo que faga falta —porque hai espazo para iso—, xa ten un museo, que está na que foi vivenda da escritora, na rúa Tabernas, 11 da Coruña, compartindo local coa Real Academia Galega.

E a memoria de Emilia Pardo Bazán está xa reivindicada, fomentada e protexida, a diferenza da memoria histórica democrática, un concepto que, se fose por vostedes, temo que nin sequera existiría. E dígollo coa máxima claridade. Vostedes usan a coartada de Emilia Pardo Bazán para tratar de rebaixar a memoria histórica democrática. Tratan de diluír a memoria histórica democrática, usando a Emilia Pardo Bazán, e adican cero euros nos orzamentos da Xunta de Galicia, como xa lles dixeran, á memoria histórica democrática.

E por moito que algúns queiran escapar desa memoria histórica democrática e diluíla é palmar, indiscutible, insoslayable, claro e meridiano que a historia máis significativa do pazo está asociada ao feito de que Francisco Franco foi un corrupto, ademais dun golpista ditador que, cos seus actos, causou a morte de centenaes de milleiros de vítimas no noso país, o exilio doutros tantos e a represión de moitos máis; un corrupto que obrigou a cidadanía de Galicia, sinaladamente da comarca coruñesa, a pagar para regalarlle o pazo de Meirás e simular operacións xurídicas para poñer o ben ao seu nome. Un corrupto que, segundo o historiador Angel Viñas, amasara xa en 1940 unha fortuna equivalente a 400 millóns de euros de hoxe a base de mangonear ese Estado que dicía defender.

O presidente da Xunta presume de que o pazo se abriu ao público baixo o seu mandato; incluso se permitiu criticar a esquerda por non telo feito cando estivo á fronte da Xunta; unha mostra máis do seu enorme cinismo, que quedou acreditado, outra vez máis, por enésima vez, esta mañá, dado que foi o Goberno bipartito quen declarou o pazo como ben de interese cultural e o que estableceu o pertinente réxime de visitas públicas. Os Franco recorreron esa decisión, que non puido ser legalmente executada ata 2011, gobernando xa o PP, pero reitero que foi o Goberno bipartito quen posibilitou a apertura do pazo público a través da súa declaración como ben de interese cultural.



E a Xunta do señor Feijóo non moveu un dedo para evitar que a Fundación Francisco Franco se fixera co control da promoción pública do pazo, a pesar de que esa fundación se adica a facer apoloxía do franquismo, que é, precisamente, o seu obxecto social.

E os feitos traizoan unha e outra vez as palabras do PP neste tema, dado que hai anos o Pleno da Deputación da Coruña aprobou unha moción para instar que a Xunta impedise que en Meirás se fixese apoloxía do franquismo, e o PP abstívose; e outra na que se pedía ao Goberno galego que se integrase na Xunta pro Devolución do Pazo, como xa estaba a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, a propia deputación, a Universidade da Coruña, e concellos e formacións políticas, e o PP novamente abstívose, e así sucesivamente.

Por tanto, non avogamos por permitir inxenuamente que se poña o pazo alegremente en mans de quen querería facer nel un parque temático no cal se omitise e se desvirtuase a memoria histórica e democrática, porque a súa memoria histórica é ben distinta da que poidamos ter outros e outras. Non permitamos que se use a estimable figura de Emilia Pardo Bazán para que se preste menos atención ao episodio máis negro da historia de España, que foi a ditadura, que parou o reloxo da historia neste país durante corenta anos.

E reitero, señoras e señores do PP, cero euros para a memoria histórica nos seus orzamentos deste ano. E reitero tamén a nosa disposición para que, se se acepta a nosa emenda —que, por outra banda, é perfectamente lóxica e asumible— saia adiante esta proposición.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Arangüena.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Boa tarde.

Señor Puy, fixo vostede aquí un exercicio de desdoblamento de personalidade. Entón, a verdade é que non sei se teño que debater co señor Puy persoa, que eu entendín que estaba disposto a apoiar a nosa proposta de que Galiza teña unha política pública de memoria, por fin, ou se teño que debater co señor Puy portavoz do Partido Popular, que supostamente ten unha postura distinta.

De todas maneiras, queremos agradecerlle desde o BNG que traian aquí este tema e que, dalgunha maneira, se autoemenden, porque durante moitos meses tivemos que escoitar que, nunha gravísima crise sanitaria e económica, como se nos ocorría traer a debate no Parlamento este tipo de cuestións.

A nós parécenos que si, que hai que debater estas cuestións, que son debates moi bos para a saúde democrática e que son debates edificantes e tamén clarificantes. E sobre isto teño



que matizar o que dixo vostede a respecto do consenso, porque eu creo que o consenso está sobrevalorado. O consenso está sobrevalorado, e realmente o mundo non avanzou polos consensos, o mundo avanzou polos conflitos; entón, haberá que ter a dose de consenso, pero tamén a dose de conflito, de confrontación democrática e dialéctica de modelos e de posturas e a partir de aí avanzar, e agora o debate está, precisamente, aí.

Este tema de Meirás aprendeunos moitas cousas ao longo de todos estes anos que o debatemos aquí, e tamén asistimos a un proceso histórico, exemplar, neste país, que foi toda a loita pola recuperación do pazo de Meirás, que aínda está inacabada, pero quedou un grande avance, porque ninguén podía soñar en 2005, cando un grupo de persoas —moi pouquiñas, moi pouquiñas— se plantaron diante do pazo de Meirás para pedir a recuperación, que podíamos chegar ata aquí. Iso é unha mostra de esperanza de todo o que se pode conseguir aínda neste ámbito e en todos os que nos propoñamos; é a forza da mobilización da xente máis comprometida e máis xenerosa que pode ter un pobo.

E tamén nos ensinou doutros comportamentos; ensinounos tamén que hai oportunistas, que hai equilibristas, que hai «aprovechateguis» —ou, dito nunha expresión máis galega, «comenencias»— e tamén que hai moito converso. E quixera citar aquí unha frase que dixó Carlos Babío, un dos grandes protagonistas da recuperación do pazo de Meirás, moito máis que ningunha autoridade, ningunha fiscalía, ningunha avogacía, moito máis ca ninguén, que dicía nunha entrevista: «*Sorprenden os conversos, que insultaron por defender a devolución de Meirás, e agora atribúense os méritos.*» (Aplausos.)

Unha das grandes leccións que nos deu toda esta batalla, chamada «batalla de Meirás», é tamén a importancia de quen loitou todo este tempo cando non había moitas veces nin focos nin cámaras. E miren, ¿saben para que fixeron iso? ¿Por que loitaron tanto tempo? Pois loitaron para recuperar un ben para o patrimonio público e para convertelo no gran espazo da memoria democrática galega. Loitaron para iso, non para outra cousa, que algúns agora pretenden que teña prioridade.

A min gustaríame facerlles unha pregunta: cando toda esta xente se mobilizaba, ¿onde estaban vostedes? ¿Onde estaban vostedes cando Carlos Babío deixou literalmente as coronarias —e moitos cartos, por certo— investigando en arquivos e bibliotecas? ¿Onde estaban vostedes? ¿Onde estaban, por certo, todos eses *pardobazanistas*, que agora xorden como cogumelos por todas partes? ¿Onde estaban en todas esas loitas para recuperar o pazo de Meirás? ¡Non os vimos por ningún lado! Benvidos e benvidas sexan agora a este tema.

Mire, voulle dicir onde estaban vostedes, porque estes debates teñen que ser como dicía, clarificadores. Vostedes no ano 2007, no 2005, no 2006, cando se manifestaba toda esta xente, estábanse opoñendo, por voz —xa llelo dixemos moitas veces— do seu presidente e portavoz parlamentario, o señor Núñez Feixóo, á declaración do pazo de Meirás como BIC, que estaba sendo promovida nese momento polo BNG desde a Consellería de Cultura e desde o Concello de Sada. Vostedes opuxéronse, porque seica había aí un tiquismiquis de que se non era un pazo, que eran unhas torres... En fin, ridículo.

E vostedes durante todo este tempo o que fixeron foi financiar a familia Franco, que é a maior indecencia da que se pode falar nesta materia en todo este tempo. 44.200 euros de fondos públicos



da Xunta de Galiza para a familia Franco para abrir o pazo de Meirás nos anos 2011 e 2012, que o tiñan que facer por lei, cando, ao mesmo tempo, estaban aniquilando, literalmente, todas as políticas públicas, porque xa houbo, señor Puy, políticas públicas de memoria en Galiza durante os anos 2005 a 2009, que vostedes laminaron e que vostedes aniquilaron a partir do ano 2009.

Entre a aniquilación estivo asfixiar literalmente, quitándolle todo tipo de axudas, o proxecto *Nomes e voces*. Mentres facían iso —si, non diga que non—, o proxecto *Nomes e voces* sobreviviu co que tiña no peto, co millón de euros co que foi financiado polo Goberno galego, do que eu formaba parte. E vostedes pecháronlle a billa a partir do 2009. ¿Sabe por que? Por sectarismo, ¡por sectarismo! (*Murmurios.*) Pero o proxecto sobreviviu uns anos grazas a unha subvención da Deputación de Lugo, na que estaba o BNG, e desapareceu, pechou as portas, no ano 2013. É dicir, que mentres vostedes lle daban 21.000 euros no 2012 á familia Franco, estaban pechando o proxecto *Nomes e voces*. Esta é a súa aportación a esta cuestión durante moito tempo, e hai que dicilo, señor Puy.

Miren, vostedes con esta PNL, ademais dun exercicio de filibusterismo parlamentario —que é o que fan vostedes aquí traendo unha proposta do BNG tamén convenientemente modificada sibilamente, porque ten algúns cambios que non son secundarios—, o que fan é unha apelación á unidade política e ao consenso como unha fortaleza coa que debe saír este tema deste debate parlamentario. Pero confúndense vostedes nunha cuestión, e é en que xa non estamos nese momento do debate; como dixo vostede, xa estamos noutro momento.

Pero, ademais, esta iniciativa só ten unha xustificación, que é que vostedes fracasaron nesta tentativa de impoñer a súa versión e a súa visión do que debía ser Meirás, que é este proxecto, (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) que foi derrotado maioritariamente en todos os debates que houbo, entre eles o da comisión creada para o efecto. Entón, vostedes tiveron que repregar velas con esa proposta pardobazanista, que non era unha proposta para ensalzar a figura de Parzo Bazán, porque, se quixeran ensalzar a figura de Pardo Bazán, tiñan aí durante moito tempo a casa museo —que non lles importou nunca— e tamén tiñan o seu programa de goberno do ano 2020 para poñer a Pardo Bazán. E Pardo Bazán brilla pola súa ausencia no seu programa de goberno, como brilla pola súa ausencia Meirás; non aparece a palabra Meirás no seu programa de goberno, nin aparece, por suposto, a memoria histórica. Porque vostedes son antimemoria, utilizan a Pardo Bazán e o feminismo, efectivamente, como unha antimemoria, como unha maneira de eliminar, de intentar diminuír, como fixeron, ademais —como xa lle dixemos no anterior debate—, con San Simón.

Polo tanto, neste momento do debate, cando xa está claro cal vai ser o modelo de xestión, porque ademais xa se aprobou aquí —tanto a transferencia como esa xestión compartida xa se aprobaron neste Parlamento—, agora o debate é realmente que vai pasar con Meirás no caso de que haxa unha sentenza definitiva. E vostedes queren aproveitar e utilizar este Parlamento para gañar o que están perdendo no debate público e o que están perdendo tamén nos debates que hai nesa comisión, porque a maior parte das institucións —e a ver que di a Comisión de Persoas Expertas— están por que Meirás teña un uso central dedicado á memoria histórica, cousa que vostedes non queren e estiveron intentando boicotear con esa operación perversa de de repente converter a Pardo Bazán na gran figura histórica de Galiza,





na gran figura do feminismo galego e na gran figura antimemoria. É dicir, están utilizando o Parlamento e utilizando tamén a Pardo Bazán, porque nunca lles interesou.

E, chegados a este punto, o que queremos dicir é que non conten con nós para ningunha operación antimemoria. O BNG e a maioría das institucións, colectivos e persoas que foron protagonistas da loita pola recuperación do pazo de Meirás queren que Meirás teña como uso central a memoria histórica democrática.

O problema que teñen vostedes é que os traizo a o subconsciente; é que teñen un problema sen resolver, que é o problema da historia, o problema do pasado. Teñen moitas ataduras aí, teñen un pasado incómodo detrás co que teñen que romper, e sobre todo teñen que reparar todo o mal que se fixo, teñen que axudar a reparar todo o mal que se fixo, e iso non se fai cunha condena retórica do franquismo, iso faise desenvolvendo políticas públicas de memoria democrática galega, antifascista e antifranquista —como lle propoñemos na nosa emenda—; faise exercendo o dereito á verdade, á xustiza e á reparación, como nos manda o dereito internacional.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, presidente.

Antes de responder, un pequeno detalle, señor Bará, porque niso tiven algo de intervención eu. O proxecto *Voces e nomes* tiña un contrato bianual, que vostede asinou por dous anos — 2008 e 2009—, coa Xunta de Galicia. Iso foi co que nos atopamos cando chegamos ao Goberno. Vostede recordará que no ano 2009 a Xunta, de repente, se encontrou con que tiña que devolver 2.100 millóns menos de euros, e ademais con que había 700 millóns de euros orzados que non daban nin para pagar a sanidade, nin a educación, nin todo isto... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* —grazas por respectarme, coma eu o respecte a vostede; agradezollo—. Ese ano —o 2009— pagouse integramente o proxecto *Voces e nomes*. Polo tanto, non diga que laminamos cousas que non fixemos. Mantivémolo nun momento financeiramente moi complicado, e dígoo simplemente como información, señor Bará.

Señor Arangüena, está moi ben que teña moito interese en poñer como central a memoria democrática, pero o que sería bo é que, polo menos, tivera un pouco de memoria recente. A avogada do Estado recoñeceu a importancia que tivo o informe que se elaborou a petición desta Cámara por iniciativa do Grupo Popular para que a demanda saíse para adiante. Vostede segue querendo colgarse todas as medallas... Bueno, pois, moi ben, ¡fágao!, pero, polo menos, respecte os feitos. É dicir, esta Cámara aprobou unha comisión que fixo un informe que a propia avogada do Estado di que foi a base para presentar unha demanda gañadora. *(Aplausos.)*



E xa que falamos de que o subconsciente traizo: unha cousa é pedir a xestión e a transferencia de Meirás e outra cousa é non o opoñerse á xestión de Meirás. E non vou dicir máis porque, precisamente, do que se trata é de que quen pagou o pazo, que foi o pobo de Galicia, recupere o pazo. Vostede di: non se opoñen; bueno, pois nós pedímolos.

Fala tamén da traxectoria —xa o leva dito varias veces—. A min faime moita graza que diga que no ano 1978 o PSOE —que gobernou do 1982 ao 1996, do 2005 ao 2011, e leva gobernando agora dous anos— pedira que Meirás fose a sede da Xunta. Bueno, pois ben, iso, evidentemente, dálles a vostedes unha lexitimidade —despois de todos os anos no Goberno sen facer nada— tamén moi grande. (*Aplausos.*) Pero vostede insista e siga con esa cuestión. O que si lle pido é que non dubide do noso talante democrático, porque ese o temos sobradamente demostrado. Eu, pola miña parte, cada vez dubido menos do seu talante, non teña a menor dúbida. (*Risos.*)

Por suposto, nós non somos antimemoria; nós do que estamos en contra é de utilizar a memoria para crear divisións falsas alí onde non existen. E a traxectoria desta propia PNL desde o anterior pleno a este así o demostra, que é xusto o que vostedes acaban de demostrar hoxe. Vostedes non están por buscar consensos; vostedes están por utilizar todo aquilo que soe a posible elemento de confrontación contra o Partido Popular para confrontar contra o Partido Popular. Parece que non é posible o consenso. E vai ser curioso ver que o Bloque vai votar en contra —polo que se anuncia— do mesmo que eles pedían que nós votáramos hai catro días. Ben, pois moi ben, ¿que lle imos facer?

E por suposto que nós evolucionamos. Igual que o PSOE antes pedía que fose a sede da Xunta, pois nós entendemos que agora hai que darlle un uso que nin sequera determinamos. Vostede di que van gañando. Pois, mire, se lle estou ofrecendo que sexan eses onde di vostede que van gañando os que decidan os usos do pazo..., pero nin sequera iso lles parece ben. Hai cambios, por outra banda —despois de estar no debate dos pactos sucesorios, onde por primeira vez o Partido Socialista non defende o dereito civil de Galicia— que son lamentables.

O señor Bará dixo unha cousa que ratifica todo o que estou dicindo: que está en contra do consenso. Di que se mellora mellor, que se avanza máis, sen consensos. Bueno, isto non é o que pedía a señora Pontón esta mañá, evidentemente, cando falaba co presidente, pero, en todo caso, poñámolo un pouco en dimensión histórica. A consensuada Constitución americana —consensuada e aceptada por todo o pobo americano durante 200 anos— fixo unha das potencias democráticas, económicas e sociais máis potentes do mundo. Xa vimos o outro día o que pasa cando hai confrontación, en vez de haber consenso, sobre as institucións. Bueno, pois iso é xustamente ao que vostedes están xogando, á confrontación, onde pode haber consensos.

Quizais co tempo se poida ver quen nesta Cámara, nestes debates, procurou achegarse e buscar consensos e quen utilizou, precisamente, estas posicións para buscar a confrontación.

Nós, desde logo, imos votar a favor desta PNL, loxicamente, desde a convicción da superioridade dos valores democráticos e do consenso sobre calquera outra cuestión.

Moitas grazas. (*Fortes aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Agora que rematamos cos debates das proposicións non de lei, comezamos as votacións.

En primeiro lugar, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co investimento da Xunta de Galicia en I+D+i e as condicións laborais do persoal investigador.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e tres deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego de axudas directas para o sector dos autónomos e pemes ligadas directamente ao sector da hostalaría.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Iria Carreira Pazos.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co aumento do nivel de mortalidade e morbilidade en Galicia desde o inicio da pandemia da covid-19.*



*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Marina Ortega Otero.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa achega da Administración autonómica ao servizo de axuda no fogar ordinario, así como co copagamento das persoas usuarias.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Pedro Puy Fraga.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Evidentemente, acéptase a autoemenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.



*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Rey Varela e seis deputados/as máis, sobre as actuacións da Xunta de Galicia relativas ao pazo de Meirás e a súa cesión e xestión.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 33.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

### ***Declaración institucional***

**O señor PRESIDENTE:** Agora vou dar lectura a unha declaración institucional que me fan chegar os grupos —que chegaron a un acordo— sobre o Día da conmemoración anual en memoria das vítimas do Holocausto, que di:

«O 1 de novembro de 2005 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na súa sesión plenaria, reafirmou que o Holocausto, que tivo como resultado que un terzo do pobo xudeu e innumerables membros doutras minorías morreron asasinados, será sempre unha advertencia para todo o mundo dos perigos do odio, do fanatismo, do racismo e dos prexuizos.

E tamén decidiu designar o 27 de xaneiro, en recordo da liberación polas tropas soviéticas aliadas do Campo de Exterminio de Auschwitz-Birkenau o 27 de xaneiro de 1945, como Día Internacional de Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto, todas elas vítimas do nazismo, entre as que se contan tamén galegos e galegas.

O Holocausto é o resultado dun programa de persecución, encarceramento e exterminio levado a cabo polo nazismo, que asasinou máis de seis millóns de persoas. Tivo a súa orixe no intento de eliminación da disidencia política, da ideolóxica, e derivou nun xenocidio que contou coa colaboración da Ditadura franquista e que perseguíu miles de homes e mulleres que fuxiron do Estado español despois da derrota da República en 1939 e tras a instauración dun réxime fascista.

En particular, este Parlamento quere lembrar os máis de dez mil republicanos españois que terminaron deportados nos campos nazis pola colaboración do ditador Francisco Franco co nazismo alemán e o fascismo italiano. Segundo algunhas fontes historiográficas, preto de 200 deles eran orixinarios de Galicia e morreron alí ou foron liberados, pero nunca puideron regresar, porque a Ditadura franquista, que lles retirara previamente a nacionalidade, lles negou o dereito a regresaren ao seu país de orixe.

Por todo isto, o Parlamento de Galicia fai súa a declaración da Asemblea Xeral das Nacións Unidas na que rexeitou toda negación, xa sexa parcial ou total, do Holocausto como feito histórico. E condenou sen reservas —condena que tamén este Parlamento fai súa— todas as manifestacións de intolerancia relixiosa, incitación, acoso ou violencia contra as persoas ou comunidades baseadas na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas, e teñan lugar onde teñan lugar. Chama a Xunta a traballar arreo contra os posibles brotes de racismo, xenofobia, an-





tisemitismo e outras discriminacións baseadas na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas, e os cidadáns e as súas organizacións a permaneceren vixiantes para que nunca máis un réxime como o que produciu o Holocausto poida asentar entre nós nin en ningún lugar do mundo.» Santiago de Compostela, 27 de xaneiro deste ano. *(Apróbase por asentimento.)*

Moitas grazas pola súa atención.

Agora continuamos coa orde do día; neste caso, interpelacións.

**Interpelación de D<sup>a</sup> María do Carme González Iglesias e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no sector da hostalaría**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Daniel Pérez López.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Presidente.

O motivo desta interpelación é que a Xunta informe sobre a política do Goberno galego con relación ao impacto da covid-19 no sector da hostalaría.

Convén recordar que estamos a falar dun sector que emprega directamente máis de 60.000 galegas e galegos e que inflúe na creación de miles de empregos indirectos a través de sectores como o da alimentación, as bebidas, distribución e maioristas. Un sector que supón nada máis e nada menos que o 20 % do produto interior bruto galego, e que a día de hoxe perdeu 11.000 empregos directos, segundo estimación das propias asociacións do sector.

Os datos de desemprego de decembro son malos porque aumentou en termos absolutos un 14,69 % respecto de 2019, cifra de parados que é maior en Galiza ao cerre do ano dende o ano 2016. E o paro, por sectores, onde máis medrou foi, precisamente, no sector servizos, no que se encadra a hostalaría: 18.302 parados máis na Galiza ata cerrar o ano cun total de 131.281.

A situación do sector da hostalaría, dos autónomos e pemes do sector é crítica, e o gran problema é que esa situación, absolutamente desesperada, lévana arrastrando dende os primeiros meses da pandemia, nos que se adoptaron medidas sanitarias, por parte do Estado e despois da Xunta, de restrición da actividade hostaleira.

¿Con que se atoparon os hostaleiros coas limitacións de actividade adoptadas para intentar controlar a pandemia? Con que nin o Estado nin a Xunta articularon liña algunha de axudas directas para compensar os gastos correntes que se seguiron devengando a pesar de ter res-trinxida total ou parcialmente a súa actividade.

E non nos vale, nin a nós nin ao sector, que a Xunta intente xustificar esa falta de axudas directas para poder seguir pagando alugueres, recibos e gastos de mantemento, que seguen caendo mes a mes, recorrendo a que dende o Estado non se articularon axudas. Se non o



fixo o Estado, mal, pero se non o fixo a Xunta, que se debe a todos os galegos e as galegas, aínda peor. Sobre todo, cando case a totalidade dos gobernos autonómicos xa vai pola terceira quenda de axudas directas, e a Xunta tardou máis de nove meses en articular as primeiras. É dicir, que de marzo a novembro a Xunta fixo deixamento do seu compromiso cos sectores afectados e, nomeadamente, co sector hostaleiro. Esa é a única e irrefutábel lectura.

Isto levou o sector a unha situación límite, xa que o plan de rescate da cultura e do turismo de abril non contiña nin unha soa liña de axudas directas para eses gastos correntes. Outras liñas abertas dende a Xunta, como a do financiamento para a instalación de terrazas en novembro, foron un fracaso. E volvo dicilo, foron un fracaso, pero vouno matizar porque creo que antes ou non me expliquei ben ou non me entenderon. Foron un fracaso en termos de rendemento empresarial inmediato; porque esas medidas serían acaídas para, por exemplo, Tenerife, pero non para Galiza, por climatoloxía e porque moitos negocios non dispoñen da posibilidade de montar terrazas.

Igual que non funcionaron as liñas de crédito brandos por supoñer, precisamente, un endebedamento cando o futuro do sector é tan incerto.

E tamén en novembro lanzou a Xunta un pretendido plan de rescate que non era tal pola dotación do mesmo. Axudas estas que non poden definirse máis que como parches, que non compensaron nin de cerca a falta ou diminución drástica de facturación debido, precisamente, aos peches sanitarios, durante os cales se seguían devindicando os gastos correntes. E os requisitos exixidos para acceder a esas axudas impediron que gran parte do sector puidese acceder a elas. E agora, neste momento, están negociando co sector cando, en relación con esas novas axudas, precisamente pola presión do sector, falan de flexibilizar os requisitos exixidos. Pero o problema é que para máis de 2.000 negocios en Galiza xa é tarde. Para moitos negocios, como dixemos, estas axudas en novembro chegaron tarde e o peor é que os propios datos do desemprego, que en decembro no sector dos servizos deron uns datos terribéis —18.302 parados máis— amosan a ineficacia das medidas adoptadas para o sector, que aínda hoxe segue mobilizándose. Porque o problema que está a afogar o sector é, precisamente, a falta de liquidez, xa non só para manter a flote os seus negocios, senón incluso para poder levar algo de cartos ás nosas casas para manter a familia.

E vou máis aló, o problema xa non é só de liquidez senón tamén de solvencia. A banca está endurecendo as concesións de créditos porque os negocios na actual situación xa non son un aval na maior parte dos casos, e a situación no sector é dramática.

E despois de todas estas axudas da Xunta, incluídas as de novembro, o sector séguese considerando insuficientes. E neste contexto, hai escasamente unha semana, o Grupo Parlamentario do BNG acadou un apoio unánime dos grupos, incluído o PP, a unha iniciativa nosa na que se instaba a Xunta a pór en marcha un plan de axudas directas extraordinario, urxente e inmediato, compatíbel con calquera outra axuda que puidese chegar doutras administracións.

Despois de ter rexistrado o BNG esa iniciativa, un par de días antes da comisión, que foi o 20 de xaneiro, a Xunta anunciou na prensa que estaban a negociar co sector a creación dun fondo de cooperación para canalizar axudas futuras, no que a Xunta aportaría, como mínimo,



50 millóns; nese momento foi o que se dixo. Partindo disto, a Xunta poría o 50 % da cantidade total das axudas; as deputacións, o 30 %, e os concellos, o 20 %, o que se coñece como modelo valenciano.

E insisto, como xa fixen na miña intervención de pola mañá: dende o BNG consideramos que é o momento de que todas as administracións arrimen o ombreiro, e por iso nas reunións co sector, que nós tamén as mantemos, amosámoslle a nosa total disposición a chegar a un acordo.

Estamos de acordo en que os concellos e as deputacións colaboren nun plan de axudas a tres bandas coa Xunta, que quede moi claro. Pero, claro, creo que todo o mundo entende que o esforzo orzamentario de cada administración debe ser o mesmo en función do seu orzamento, e que ese acordo ten que ser necesariamente negociado. E convén recordar que a Xunta ten un presuposto de 11.600 millóns; as deputacións, en conxunto, 450 millóns; e os concellos, en conxunto, 1.200 millóns. E ese fondo de cooperación ten que ser negociado, como dixen, porque a proposta da Xunta lanzada nos medios de comunicación supón que dende a Xunta se intente forzar un acordo que compromete seriamente o orzamento das deputacións e dos concellos para este ano 2021.

E cando falamos de igualar o esforzo orzamentario, referímonos a que cada administración aporte a mesma porcentaxe do seu orzamento. Se a Xunta compromete a este fin o 1 % do seu orzamento, os diferentes concellos e as deputacións aportarían a mesma porcentaxe do seu.

O da proporcionalidade, atendendo ao orzamento, si que sería un plantexamento xusto e equilibrado, asumíbel por todas as administracións involucradas, que se rexería, precisamente, por ese principio de proporcionalidade. E con este plantexamento o sector podería contar cun fondo de cooperación cun mínimo de 165 millóns, despois da declaración de pola mañá do presidente da Xunta na que aumentaba a cantidade que a Xunta estaba disposta a aportar de 50 a 75 millóns. Isto si que sería —eses 165 millóns— un auténtico plan de rescate, que é o que reclama o sector, ampliable, ademais, se as circunstancias e a evolución da pandemia o exixise. É dicir, se as restricións sanitarias afectaran total ou parcialmente a actividade, ampliaríase ese fondo.

Deste plan de 140 ou 165 millóns para axudas entre a Xunta, concellos e deputacións é do que estamos a falar, e isto é o que se vai negociar. Entendo que ou se está negociando neste momento ou se vai negociar hoxe pola tarde.

O esforzo orzamentario das administracións debe rexerse por ese principio de proporcionalidade, a contribución de cada administración debe se proporcional ao orzamento de cadaquén. Creo que é un enfoque xusto, do que ademais sairía beneficiado o sector, e isto é o verdadeiramente importante. Pero a Xunta insiste, polo menos ata agora, nesa repartición 50-30-20, no modelo valenciano, que nós seguimos a dicir que non é extrapolable no sentido estrito.

O presidente da Xunta falaba hai dous días de que dispoñían de 50 —agora parece que son 25 máis, serían 75— para ese fondo. E que *con independencia de lo que hagan otras administraciones, la Xunta seguirá poniendo dinero*.



A posición intransixente da Xunta en canto a aumentar a súa aportación para ese plan de rescate, xustificándose en axudas anteriores, manifestamente insuficientes ata o de agora, segundo o propio sector, non se sostén por varios motivos. O principal é que a situación extrema do sector precisa dun auténtico rescate, as axudas articuladas ata o de agora foron insuficientes, e para mostra é a mobilización do sector na rúa.

Tampouco se sostén ese enroque da Xunta ante a vontade clara, manifestada polas outras administracións, nomeadamente concellos —a través da Fegamp— e das deputacións, de sumarse a ese rescate. E a administración que conta cun orzamento máis expansivo da historia é a Xunta de Galiza. E, sobre todo, por unha simple cuestión de cantidades. Coa proposta das deputacións e da Fegamp, o plan de rescate para o sector chegaría, como mínimo, aos 165 millóns de euros, fronte aos 75 que a Xunta está disposta a aportar, haxa ou non acordo.

Eu, se son hostaleiro —e iso que eu son de letras puras— e me dan a elixir entre unha axuda de 75 millóns e un plan de rescate de, como mínimo, 165, non tería dúbida algunha.

Todos os partidos políticos da Cámara acordaron instar á Xunta para pór en marcha un plan de axudas directas, extraordinario e urxente para a hostalería. Fágano xa, pero, sobre todo, publíqueno no DOG, porque o problema é a inmediatez e a situación de afogo no que se atopa neste momento o sector.

Non frustren a posibilidade de que se materialice ese fondo de cooperación para canalizar axudas futuras por unha mestura de protagonismo político, racanismo económico ou estra-texia partidista. Todo loor e toda gloria para vostedes pero, por favor, acepten esa proposta da Fegamp e das deputacións ou, polo menos, consensúen e cheguen a un acordo, porque os que poderán respirar serán os autónomos e pemes do sector da hostalería.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pérez López.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Dicía o señor Pérez López, ao principio da súa intervención nesta interpelación, que quere que o Goberno da Xunta de Galicia lle informe da xestión que está facendo e das axudas que está proporcionando á hostalería e, supoño que en xeral, a todos os sectores especialmente castigados polas circunstancias sanitarias desta pandemia.

Ben, esta mañá, efectivamente, eu estaba presente, xa falamos deste tema e vostede estaba tamén, interveu en nome do seu grupo.



Eu agardo que esta interpelación non sexa como á mañá. O que presentaba a PNL, que era representante do Grupo Socialista, nunha mostra —e alégrome de que estea presente— de, se mo permite, como mínimo de descortesía, por non chamalo doutra maneira, para demostrar que se mentía con todo o que dicía. El dicía que non se daban axudas á hostalería, que todo o que estaba contando a Xunta era mentira. Citaba, sen el sabelo, a un compañeiro deputado, compañeiro tamén del e tamén compañeiro meu, do Grupo Popular. Citábo polo nome e dicía que lle preguntara el se era verdade que a Xunta pagaba axudas, porque era mentira. Pois pregunteille e ¿sabe que me dixó? Que a cobrou o 29 de decembro, e non el, o seu fillo, nin sequera se estaba referindo a el. Polo tanto, señor Rivera, se todo o que contan é así, o mellor é deixar de falar. Polo menos entérese ben das cousas antes de nomear a xente e contar esas mentiras. (*Aplausos.*)

Porque, claro, se imos empezar así, por moito que eu diga, vai ser o mesmo. É tan fácil dicir «iso é mentira», cada vez que damos unha cifra, que é certo, e o dicía o presidente da Xunta de Galicia, datos de Intervención Xeral da Xunta, datos de axudas pagadas... Claro, o recurso fácil é dicir aquí nesta tribuna tranquilamente: «é mentira». Sen falar con ninguén, sen comprobar, ¡que máis dá!

Pero isto non axuda a ninguén. Dende logo, non axuda os que están esperando estas axudas e os que as están recibindo. Polo tanto, a min se me pregunta, en nome da Xunta de Galicia, que estamos facendo, señor Pérez López, e eu quero comentarlle —e ademais agradézolle a ocasión de poder facelo— que está pechado o primeiro plan. Vostedes presentaron esta interpelación o día 3 de novembro. Supoño que o feito de presentala o 3 de novembro e non metela nun pleno ata que estea rematando xaneiro, non respondía a que vostedes isto o fixeron por se acaso e pensaron que nestes tres meses non pasou absolutamente nada e, polo tanto, non había de que preocuparse. E cando o tema volviera preocuparlles ou volviera poñerse no *candelero* dos medios ou os hostaleiros protestaran moito, pois xa estarían vostedes alí meténdoo outra vez no pleno. Mentres, durante tres meses, de brazos cruzados. Menos mal que nós non fixemos o mesmo, e xa cando vostedes presentaron esta interpelación e a meteron no Rexistro do Parlamento e despois se esqueceron absolutamente, porque non era un tema que lles merecía demasiada atención ata hoxe, nós puxémonos a traballar; vostedes rexistrando unha interpelación, ese é o seu traballo, e nós falando cos hostaleiros, moitas veces escoitando moitas cousas duras, porque é un colectivo que, certamente, non o está pasando nada ben. As medidas sanitarias aféctanlles moi directamente, golpéanos, non lles deixan traballar, teñen unha baixada de ingresos brutal, e, polo tanto, queren que as administracións lles axuden, e nós intentando botarlles unha man. E pensamos que valía a pena traballar e traballar rápido.

Reunímonos moitas veces, como xa lle digo, e discutimos, pactamos, chegamos a acordos e arbitramos un plan de 86 millóns de euros, que se convocaron no mes de novembro. As axudas estaban convocadas a finais de novembro. E a día de hoxe están pagadas na súa práctica totalidade, señor Pérez López. Entre decembro e xaneiro pagáronse moitos miles de axudas a moitos empresarios e empresarias, autónomos, pemes, en definitiva, moitísima xente que as necesitaba porque non estaba podendo traballar ou estaba traballando moi por debaixo das súas posibilidades reais se non houbera restricións sanitarias.





Eu alégrome de que pasaran estes días de negar o plan, absolutamente —esta mañá volvérono facer, quedando absolutamente en evidencia, polo menos o señor Rivera—, e pasaron de dicir que non existía o plan a dicir —xa escoitei hoxe— que era insuficiente, que non era cantidade dabondo. Estamos totalmente de acordo. Por iso quixemos escoitar os propios hostaleiros, que nos dixeron: «A ver se somos capaces de convencer sobre todo as administracións, especialmente deputacións, non todas, é certo, pero si que a Deputación de Pontevedra e a Deputación de Lugo, que non teñen posto un can a día de hoxe, nin un só euro de axuda directa». E preguntoullo un hostaleiro o outro día na reunión directamente, e non foi capaz o representante da Deputación de Pontevedra a dicir: «Si, efectivamente». Pois menos mal que non contou ningunha mentira nese momento, e recoñeceu que non puxera un euro de axuda directa, a día de hoxe, aínda, a ningún hostaleiro da provincia de Pontevedra. A ver se somos capaces agora, diso vai este plan. Diso vai este intento de reunir a todas as administracións. Porque por moito que poña a Xunta de Galicia, non vai ser dabondo, necesitan cantidades moi importantes. Por iso fixemos este primeiro esforzo de 36 millóns de euros e por iso fixemos outro esforzo máis de 75 millóns de euros. E agora falarei, aínda que a negociación vai ser inmediatamente despois desta interpelación, falarei de cal quere ser a postura da Xunta, que ao final é a postura de intentar axudar.

Falaba vostede en nome de todos os concellos de Galicia, ¡sorprendente, por certo!, xa sabe o que van facer todos os concellos, ¡alégrome!, porque o outro día o presidente da Fegamp non foi capaz de dicirnos nada de cal é a postura dos concellos. Agardo que hoxe veña con máis concrecións, porque é necesario tirar para adiante. Vostede dime que os concellos están dispostos a aportar unha cantidade, ¡perfecto!, pero se iso é o que queremos.

Dime tamén que as deputacións veñen coa mellor vontade de negociar. Cambiaron dende o luns, pero ogallá sexa así. Nós xa dixemos que temos unha cantidade para poñer. Nós xa dixemos que queremos arrancar canto antes. Non se dan conta de que, mentres estamos discutindo, a xente que está esperando as axudas está tamén esperando a que nos poñamos de acordo porque quere a maior cantidade; e é lóxico, pero tamén quere telas canto antes; e non valen de nada discusións e máis reunións. Imos ter unha reunión hoxe porque nos pediron o luns dous días para reflexionar, a ver canto podían poñer as deputacións, a ver se poden chegar a máis cantidade da que inicialmente ofreceron, ogallá que sexa así. Ogallá que sexamos capaces de poñernos todos de acordo e arbitrar un plan rápido. A Xunta xa sabe como se fai. En menos de dous meses están as axudas pagadas e é o que queremos facer agora. Polo tanto, como vostede me preguntaba: ¿que fixo a Xunta de Galicia ata o de agora?, ¿cales foron as axudas pagadas? Voulle dar agora mesmo —porque creo que é o que teño que facer nesta interpelación, polo menos nesta primeira intervención— un resumo do que fixemos. Para que quede claro e non hai ningunha dúbida, señor Rivera. Dígoo para que non volva vostede meter a pata. Vostede aludiu hoxe a un deputado, concretamente, negando que recibiron axuda. Polo tanto, agora terá que entender que eu lle teña que dicir que non se poden dicir esas cousas, non se pode negar... Claro, é fácil dicir «non estou agora no debate», cando pola mañá mete un compañeiro para dicir unha mentira, señor Rivera. A lealdade parlamentaria pasa tamén por non dicir certas cousas cando non son verdade. E agora terá que escoitar isto. (*Aplausos.*) Terá que escoitar isto. E, polo tanto, un plan de rescate con tres liñas de axuda: 86 millóns de euros. Logrou atender, este plan de rescate, o cen por cento das solicitudes que reunía os requisitos: 34.000 solicitudes atendidas. As axudas che-



garon xa o 90 % dos beneficiarios que cumprían cos requisitos. Na hostalaría, 24.000 solicitudes pagadas a máis de 21.000 en menos de dous meses, insisto. 40 millóns de euros, 68 % dos hostaleiros de Galicia obtiveron algunha axuda directa; directa, que é o que están pedindo da Xunta de Galicia, en menos de dous meses. A maiores do apoio específico á hostalaría, a axuda mínima que percibiu un hostaleiro foi, como dixemos dende o principio, 1.500 euros. Ese é o que menos percibiu. 35 % dos hostaleiros que tiveron que pechar accederon, ademais, ás axudas ás que tiñan dereito tamén os autónomos, como vai ser neste segundo plan. É dicir, se estiveron un mes pechados, por poñer un exemplo, percibiron importes entre 2.700 e 3.500 euros, o 35 % dos hostaleiros, en menos de dous meses. 25 % dos hostaleiros accederon tamén a axuda por ser microempresa de menos de 10 traballadores. Polo tanto, 5.500, entre 5.500 e 6.500 euros. E o 20 % —case—, o 18 % beneficiáronse das tres liñas. É dicir, ata 9.000 euros. ¿Quere máis exemplos concretos?

—Concello de Vigo: 2.163 axudas, máis de 4 millóns de euros.

—Concello de Pontevedra: case 1.000 axudas, máis de 1,5 millóns de euros.

E dígoo por citar dous concellos onde, contrariamente ao que me di o señor Pérez López —espero que agora cambiasen de opinión—, a día de hoxe non recibiron un só euro, en axuda directa dos concellos, os hostaleiros nin de Pontevedra nin de Vigo.

—Concello de Lugo: 1.000 axudas, máis de 1,5 millóns de euros.

¿Sabe que recibiron das deputacións de Pontevedra e de Lugo a día de hoxe? Nada de nada de nada.

Fronte a estas cifras, xa me gustaría a min estar competindo con deputacións que puxeron tanto que provocaron que a Xunta teña que poñer aínda moitísimo máis; e poñemos o máximo que podemos poñer, porque hai que seguir entre todos e chegar a máximos históricos. Ademais, xa está ben de dicir... Di vostede que hai comunidades autónomas que xa van pola terceira quenda de axudas directas. ¡Oia, eu dígo lle que veña aquí e que me diga cales! Porque eu falo cos meus compañeiros, falo coas comunidades autónomas e somos a segunda comunidade autónoma que, a día de hoxe, xa pagou axudas directas, xa están pagadas. Vostede dime que todas as comunidades autónomas van pola terceira quenda. Dígame cales, porque eu mañá chamareinas e direille que está equivocado cando as chamo e me din que aínda están deseñando o primeiro plan de axudas. ¡E que é tan fácil chegar aquí e falar en xeral, sen datos concretos, pensando que ninguén llos vai contrastar, e isto deixarllo á opinión pública, que iso nos alonxa moito dun debate rigoroso, que é o que piden os hostaleiros! Polo tanto, eu deixo aquí, nesta primeira intervención, e remato xa, señor presidente, o balanço do primeiro plan de axudas da Xunta de Galicia:

—Provincia de Pontevedra: 7.622 axudas concedidas, 13.982.000 euros, ¡pagados!

—Provincia da Coruña: 7.685 axudas concedidas, 14.811.000 euros, ¡pagados!

—Provincia de Lugo: 2.083 axudas concedidas, 4.297.450 euros, ¡pagados!



—E provincia de Ourense: 2.315 axudas concedidas 5.150.075 euros, ¡pagados!

Estas son as cousas que hai que facer. Disto espero discutir hoxe coas deputacións, e todo o demais é vir aquí para contar calquera cousa, pensar que todo o teñen que facer os demais e non exixirlle nada a quen vostedes lle poden exixir.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado)*

Réplica señor Pérez López.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Grazas.

Presidente.

Señor Rueda, por puntualizar, eu en ningún momento dixen que a Xunta non articulase unha liña de axudas directas. Eu só dixen, e volvo repetilo, que o fixeron nove meses despois do inicio da pandemia. Durante ese tempo devengáronse gastos correntes por todos estes negocios do sector que tiveron restrinxida ou totalmente limitada a súa actividade, e iso é algo incontestábel.

En todo caso, dicía tamén que non nos mereceron atención até hoxe. Dende o primeiro momento en que eu estiven, desde que empezamos este período parlamentario, mantivemos, como mínimo, catro ou cinco reunións con diferentes sectores e asociacións da hostalaría. E sorpréndeme que vostede me diga iso. Porque se se está reunindo co sector, coas asociacións, esas mesmas asociacións estaban tamén reuníndose con nós. E nese momento sabían que era así. Ou vostede non lles preguntou ou tamén vén simplemente aquí a soltar por esa *boquita* o primeiro que lle vén a cabeza. ¡Non poña en dúbida o noso traballo parlamentario, non o poña! *(Aplausos.)*

Respecto ás axudas directas doutras comunidades, levante o teléfono; fágao, porque se non o fixo, mal feito. Porque iso tamén é responsabilidade súa.

En segundo lugar, ¿sabe de que nos fala o sector nas diferentes reunións ata o de agora? Fálanos de improvisación e falta de planificación, de desánimo no sector, de resistencia por parte do sector, de que o Nadal foi malo para eles, de perdas no ano 2020 que poden chegar ao 80 %, e que fixan as súas esperanzas no verán. Pero, claro, de aquí ao verán vai moito tempo. E ¿sabe o que piden? Inmediatez. Se dende o Goberno do señor Feijóo se decreta un peche dun sector, encuberto ou non —encuberto foi o anterior e con estas medidas xa é explícito—, o que ten que facer automaticamente, cando sae no DOG esa limitación de actividade, é publicar axudas para compensar ese peche; porque a situación do sector é desesperada.

Se foi ao Cluster do turismo, ¿sabe tamén de que se fala nas reunións que mantemos no sector? De falta de liderado, e da necesidade de que sexa a Xunta a que exerza ese liderado,



cousa que non fixo en máis de nove meses. Porque se foi o Cluster de turismo e non a Xunta o que convocou unha reunión de administracións públicas para falar dunha proposta coordinada e de resposta a unha crise económica de tal magnitude como a que temos, moito liderado por parte da Xunta non se está a amosar. Sobre todo, cando algunha deputación, como a da Coruña, dende o 4 de abril, por carta e logo moitas veces, solicitou coordinación por parte da Xunta e manifestou a súa predisposición colaboradora sen ánimo ningún de protagonismo. Polo ben do sector, deben reconsiderar a súa proposta de 75 millóns en solitario, porque o que precisa o sector é un rescate e non liñas de axuda como as que levan sacando até o de agora —as do DOG, non as outras—.

No que si coincidimos é que a xestión dese fondo único ten que ser áxil e rápida, cun criterio claro e transparente, que estea rexido pola lealdade institucional e que poña en valor o esforzo de todas as administracións que colaboran. E para iso sería necesaria unha mesa de traballo.

E creo que é o comprensíbel por case todos que non se acepte a proposta do modelo valenciano, porque as administracións implicadas non contaron con tempo suficiente para analízalo e discutilo. Iso creo que é algo claro. En Valencia levan negociando ese modelo dende xuño. ¿Estiveron negociando vostedes isto coas deputacións e cos concellos dende xuño? Non. Non levantaron o teléfono para nada.

Hai que entender que a realidade económica do sector, neste caso do sector en Valencia, non ten nada que ver coa nosa, pero esas xa son cuestións distintas. A fórmula da proporcionalidade, en todo caso, consideramos que é a máis xusta, xa que fai referencia a cantidades absolutas. No modelo valenciano, falábase dun 50-30-20, pero, dende logo, xa foi matizado e agora o que está hoxe en vigor xa non é ese. A día de hoxe, o Consell anunciou un fondo de 340 millóns denominado *Resiste*, dos cales a Generalitat achega 280 millóns de euros.

Vamos ver, hai que entender que a Xunta de Galicia ten capacidade orzamentaria para chegar máis de 75 millóns —se ao final se materializan eses 25 millóns de euros a maiores para aportar a ese fondo único—, porque o que precisa o sector é un rescate e non liñas de axuda. E claro que debe aportar máis, máxime cando hai partidas no orzamento, como pode ser o do Xacobeo, que son 112 millóns para o ano 2021. E vendo a situación previsíbel da evolución da pandemia, que aínda no mellor dos escenarios a situación non se normalizará ata o verán —desexo que sexa antes—, dedicar 112 millóns do Xacobeo que se deberían executar nun poucos meses, paréceme case ofensivo para moitos sectores que o están a pasar moi mal. Polo tanto, non digan que a Xunta non ten capacidade para darlles outra dirección aos orzamentos.

Por último, reproducir as palabras literais do presidente da Xunta en relación ao fondo de cooperación para a hostalaría e para outros autónomos: «*Nos corresponde asumir responsabilidades y no las vamos a condicionar a que otras administraciones también respondan a las solicitudes del sector.*». Se tivese esta posición durante os nove meses en que o sector estivo sen axudas directas, outro galo cantaríaa. Independentemente que dende o Estado non chegaran as axudas. Iso si que sería ter sido responsable e ter traballado como un verdadeiro presidente da Xunta de Galiza en defensa dos intereses dos galegos e das galegas.



Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pérez López.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Para o peche da interpelación, o señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Pérez López, eu xa sei que ao BNG non lle gusta nada o Xacobeo; xa mo dixeron na miña comparecencia —cando foi a de orzamentos— e por vostedes podía desaparecer dos orzamentos, podía non haber Xacobeo, pero, mire, é que as partidas que estamos adicando estes seis meses —porque, ¡home!, algo intelixentes somos, e sabemos que non se van poder facer actos— son para acondicionar os camiños, e telo todo preparado para cando o Xacobeo poida ser normal. Polo tanto, a nós os profesionais pídennos que o fagamos e, por moito que vostedes se empeñen, vai haber Xacobeo en Galicia e vai ser unha oportunidade para Galicia, por moito que non lles guste nada. (*Aplausos.*)

Mire, xa sei que se están reunindo cos hostaleiros —¡claro que mo din!— ¿e sabe o que me contan? Que lles din a vostedes o mesmo que nos piden a nós: «¡axudádenos!», e lévanllo dicindo dende o principio. E salvo a Deputación da Coruña —que eu recoñezo que xa arbitrou axudas— e a Deputación de Ourense, as outras dúas, e moitísimos concellos que vostedes gobernan, miran para outro lado, e dinlles que iso é cousa da Xunta: «¡Non! A Xunta é quen toma as determinacións, a Xunta é a que ten que axudar, ou sexa, é a que ten as competencias». Cóntalles o rolo das competencias, póñense de perfil, vanse de alí e quedan cun palmo de narices.

Tamén falan con nós despois e nolo contan: que vostedes non están dispostos a axudalos, e que todo llo derivan á Xunta de Galicia, que din que é a que ten a responsabilidade. Vostedes non teñen por que facer ningún sacrificio, non teñen por que facer ningún esforzo, e este é un sector que está moi ben para botar encima dos demais, pero non para axudalo.

Eu agardo que isto se acabe; eu agardo que nos deamos conta de que así non se pode seguir. Vólvollo dicir: toda a axuda que se lle dea agora mesmo ao sector da hostalería, ao sector das pemes, dos autónomos, do comercio... vai ser pouca e, polo tanto, imos intentar facelo. Non foi, por certo, capaz de dicirme... díxome que descolgara o teléfono. Xa o descolguei, e dixen: «dígame aquí a ver que comunidades autónomas deron máis axudas que Galicia». Non foi capaz nin de dicir nin a primeira; son todas, pero non foi capaz de nomear expresamente ningunha. ¡Que casualidade! ¿Por que? (*Murmurios.*) Porque non é así, porque estamos agora mesmo... despois do País Vasco... é a segunda comunidade —e mire que hai diferenza na Facenda dunha e doutra— que máis está axudando, e se mo permite dicir, xa axudou —porque as outras aínda están deseñando plans— o seu sector hostaleiro e o seu sector de micropemes e autónomos, porque é o que temos que facer.





Dicíame que xa variou o Plan Valencia. ¡Si, si!, está publicado dende onte —non o debe de saber— no *Diario Oficial da Comunidade Valenciana*. ¿Sabe como quedou o plan Valencia? Efectivamente, asumiu máis cantidade a Comunidade Autónoma. Nós xa o sabemos e dixemos o outro día na reunión que tivemos coas deputacións que estamos dispostos a asumir esa maior porcentaxe. O plan Valencia son 160 millóns de euros. ¿Sabe canto pon a Generalitat?: 100 millóns; ¿sabe canto poñen as deputacións?: 36; ¿sabe canto poñen os municipios?: 24. ¿Sabe canto poñerían as deputacións coa proposta que vostedes fan, de 160?: 5 millóns de euros; de 32 a 5. Ao final, aquí do que se trata é de aforrar cartos á custa dos hostaleiros, e hai que empezar a dicilo claramente, porque xa está ben. (*Aplausos.*) ¡Xa está ben! Porque se as deputacións teñen capacidade nun sitio, e teñen tres, facendo as proporcións non pode ser que nun sitio teñan moita capacidade e non pode ser que noutro sitio non teñan ningunha. E non pode ser que vostedes veñan facer o cálculo dos orzamentos da Xunta de Galicia, dicindo que o 1 % é o 1 % sen ter en conta nin o gasto sanitario, nin o gasto social, nin o gasto educativo, que é o 70 % dos custos da Xunta de Galicia.

Dinnos: «¡non, non!, ¡iso non o toquen!; ¡Arrégleno doutra maneira, saquen do resto!». ¿E iso non o poden facer os demais? A día de hoxe —levamos case un ano de pandemia—, o Concello de Pontevedra, a Deputación de Pontevedra e a Deputación de Lugo... ¿non foron capaces de dicir: «¿esta partida —aínda que foran 100, 200, 300 euros, 1.000, 5.000— está á disposición para axudar directamente os hostaleiros?». Parece ser que é imposible, que non hai nada, que é unha cousa só da Xunta de Galicia, que non se pode axudalos; e si que se pode axudalos. Nós acabamos de facelo: 86 millóns de euros, máis 75 agora: 1,4 %. ¡Se quere falamos de porcentaxes! É que estamos cómodos falando de porcentaxes de investimento. Xa levamos o 1,4 %. Vostede rise, señor Bará, pero en Pontevedra cero de axudas directas e non se lles baixa nin sequera os impostos municipais. ¡Nada de nada de nada! (*Aplausos.*)

Iso os hostaleiros sábeno perfectamente. E ¡claro!, cando van falar con vostedes é unha risa dicirlles: «¡non, isto non é cousa nosa! Nós non podemos prescindir dos ingresos, porque fan falta para loitar contra a pandemia. Non como a Xunta de Galicia, que parece ser que non está loitando contra a pandemia e, polo tanto, está obrigada a axudar, axudar e axudar». Pois si, estamos obrigados e imos facelo: 86, máis 75 millóns; todo en apenas dous meses. A ver que pasa esta tarde, a ver con que disposición veñen, a ver se non hai deputacións de 180 millóns de euros de presuposto que din que están dispostas a aportar 1 millón, 1,5 millóns e non poden facer nada máis, no mellor dos casos. Iso sempre e cando a Xunta aporte moitísimos millóns de euros.

A ver se somos serios. A ver se nos damos conta, como fixeron en Valencia, de que este é un esforzo de todos e que o temos que facer. En todo caso, se non, a Xunta vaino facer. A Xunta ten 75 millóns, máis 86 que acaba de poñer, e quere sacalo xa, e tampouco quere perder o tempo, porque os hostaleiros non están para perder o tempo. E se non hai acordo hoxe, o que rapidamente faremos será sacar o noso plan de axudas e axudar a quen o necesita. E vostedes sigan facendo política da mala, política de quen non paga e ve a xente que o está pasando mal e lles bota a culpa aos demais.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rueda.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Interpelación de D<sup>a</sup> Olaia Rodil Fernández e dous deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os integrantes, os plans e o tratamento de residencias, fogares e centros de día en relación co Comité Asesor Sociosanitario**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta interpelación ten a palabra a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde, conselleira.

Hoxe, desde o BNG, traemos esta interpelación, como noutras ocasións, para falar de vida, para falar de coidados e, tamén como comentabamos neste Pleno na xornada de onte, de benestar social e de benestar colectivo, que é tamén falar de impulso demográfico. Facémolo ao fío da creación do Comité Asesor Sociosanitario. Creo que ademais tiñan unha reunión hoxe... *(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)* —vai accidentada esta interpelación *(Risos.)*. Vale, perdón. Vale, nada, non pasa nada—... Digo que o facemos ao fío da creación por parte da Xunta do Comité Asesor Sociosanitario que creo, se non entendín mal na entrevista que lle facían hoxe na Radio Galega, que se reunía hoxe, e do anuncio por parte da Xunta de Galiza no seu conxunto, concretamente da súa consellaría, de que están a deseñar un novo modelo de residencias.

E o primeiro que lle queremos preguntar é, precisamente, quen integra, quen compón ese comité asesor, que persoas, que entidades, e por que non se optou por que esa análise e esa reforma das residencias de maiores do noso país non se abordase no Consello Galego de Benestar Social que, como sabe e como recolle a Lei de servizos sociais de Galiza, é o órgano superior consultivo e de participación do Sistema galego de servizos sociais. Presídeo vostede e está composto por representantes —entendemos, á espera tamén de ver cal é a composición dese comité asesor—, por unha serie de entidades, de institucións e de representantes que permite abordar na súa complexidade, tamén na súa ampla dimensión, todo o que ten a ver co modelo de coidados. Ese Consello Galego de Benestar Social está composto pola Federación Galega de Municipios e Provincias, organizacións empresariais, sindicais, organizacións profesionais agrarias, entidades prestadoras de servizos sociais, asociacións de persoas usuarias dos servizos sociais, as universidades galegas —que nos parece unha peza chave en todo o que ten a ver co novo deseño do modelo de coidados— e, tamén, entre outros, polo colexio ou colexios profesionais representativos das entidades e disciplinas que traballan día a día nos servizos sociais do noso país.

Ese Consello Galego de Benestar Social ten, ademais, a encomenda, entre outras, de avaliar, de planificar as políticas públicas en materia de servizos sociais e propoñer tamén ao Goberno, á Xunta de Galiza, liñas de actuación e iniciativas, mesmo lexislativas, que impulsar nesta materia.



Nós cremos que este sería o espazo lóxico, tal e como prevé a nosa lexislación, para abordar esta cuestión, pero —insisto— preguntámoslle por ese outro organismo.

Ao longo deste ano de pandemia —case ano de pandemia—, as residencias de maiores convertéronse nun dos principais focos de contaxio da covid-19 e concentraron, entre as súas usuarias e usuarios, o 40 % das persoas falecidas con coronavirus no noso país. Aínda hoxe vemos, con todo o tempo transcorrido, como continúan a rexistrarse contaxios masivos como os que coñeciamos, e aínda seguen activos, nas residencias de Vimianzo, Carballo, Pazos de Borbén, Sarria, Tui ou Ribeira, por poñer algúns exemplos. E tamén aproveitamos para amosar todo o noso apoio ao persoal que traballa nestas residencias, e tamén ás familias e persoas usuarias das mesmas.

No BNG temos claro —dixémolo tamén moitas veces neste Pleno— que é necesario abordar outro modelo de residencias no noso país; que a covid fixo visible o que non se quería ver e, sobre todo, o que non se quería falar antes da pandemia, que é o resultado dun modelo privatizado, baseado en grandes centros, en ratios de persoal absolutamente insuficientes e, ademais, reguladas por unha orde no noso país de 1996 — hai vinte e cinco anos— que non se corresponde, ou está moi lonxe de ser acaída para atender as necesidades da Galiza do século XXI. Logo falaremos, ademais, dos datos, de por que digo que é un modelo absolutamente privatizado.

As consecuencias tamén fixeron visible a ausencia da Administración, non só como proveedora —digo en base a eses datos que logo darei da privatización do sector—, senón tamén como responsábel máxima, independentemente do modelo de titularidade ou xestión destes servizos públicos, da fiscalización das entidades privadas que xestionan esas residencias.

*E deses polvos estas lameiras.* Entre outras cousas, tamén lle queremos dicir hoxe neste Pleno que seguimos agardando polos expedientes das residencias DomusVi e das demais entidades, aos que non se nos está dando acceso como grupo parlamentario nesta Cámara.

Pero cremos —e ese é o enfoque desta interpelación— que sería un erro que, dada a situación actual, o momento no que nos atopamos, calquera mudanza sobre o modelo ficase reducido, ou única e exclusivamente centrado, nas residencias de maiores. Nós cremos que esa reforma do modelo de residencias ten que ser abordada, pero que non pode ser o único servizo que se deba modificar dentro do conxunto de servizos que están destinados á autonomía persoal e á atención á dependencia. Nin as residencias, nin o servizo de axuda no fogar, nin a teleasistencia, os centros de día ou os servizos sociais comunitarios poden ser concibidos como compartimentos estancos ou elementos illados. Son un todo, son un conxunto e, polo tanto, o que se deba abordar de cara ao futuro esixe unha visión integral de todos e cada un deles no seu conxunto.

Nese sentido, presentamos esta interpelación por se acaso —anticipándonos, ou se o quere ver así, poñendo a venda antes da ferida— a Xunta tivese a tentación de crer que apenas reformando o modelo de residencias imos cambiar os problemas estruturais que arrastra o noso país en materia de servizos sociais ligados á dependencia.

Nós cremos que necesitamos abordar o modelo de coidados no seu conxunto, e superar esas carencias e eivas estruturais que arrastramos.



Eu dicía ao comezo que estamos diante dun modelo absolutamente privatizado. Recentemente, saía un estudo dos máis completos, publicado polo Instituto Galego de Estatística, que volvía poñer enriba da mesa esas carencias. Primeiro, que oito de cada dez prazas de residencias de maiores no noso país son privadas. Imaxinemos como sería a sociedade deste país se oito de cada dez camas de hospitais fosen privadas. ¿Por que asumimos como válido ese modelo para a atención das persoas dependentes, pero non o consideramos —ou espero que non se considerase— para o conxunto da poboación? Ademais, arrastramos, no que ten a ver coas residencias de maiores, un déficit de prazas públicas, concertadas e privadas, que nos sitúan moi lonxe da ratio recomendada pola Organización Mundial da Saúde, que fixa en cinco prazas por cada cen maiores de 65 o recomendable. E en Galiza sumando todas —insisto—, tanto prazas públicas, privadas como concertadas, non chegamos nin ao 3 %.

Estamos, por suposto, moi lonxe desa ratio recomendada pola OMS. E iso o que fai é blindar, primeiro, o lucro e o negocio que teñen as entidades privadas que xestionan a inmensísima maioría das prazas no noso país, pero tamén está a servir para negar un dereito do conxunto da poboación galega, que é acceder en tempo e forma a este recurso.

Hoxe temos unhas listas de agarda para acceder a unha praza pública en residencias no noso país que está moi por riba do establecido na lexislación vixente, e isto, entre outras cuestións —insisto, porque Galiza é a comunidade autónoma con menos prazas con financiamento público por habitante—, supón a cifra máis baixa de todo o Estado, tamén nun informe publicado recentemente pola Asociación Estatal de Direccións e Xerencias de Servizos Sociais: 1,16 por cada cen persoas maiores de 65 anos.

Pero non é, única e exclusivamente, as prazas de residencias de maiores o que escasea no noso país, senón tamén outros servizos de proximidade que son fundamentais, non só para a atención das persoas dependentes, senón tamén para a conciliación das súas familias.

E aquí tamén queríamos facer moita énfase, desde o BNG, porque moitas veces vemos todo o que ten a ver coa autonomía persoal e coa atención á dependencia desde o enfoque da persoa que é receptora deses coidados, porque ten, ademais, dereito a eles. Pero necesitamos incorporar esa outra perspectiva de quen é a que cuida nos fogares galegos.

A inmensísima maioría das persoas dependentes no noso país non está institucionalizada, non está en residencias de maiores, senón que está nos seus fogares. ¿E cal é o perfil da persoa que asume case por enteiro e en exclusiva o coidado desas persoas? Pois indícanolo ese informe marabilloso —eu xa me declaro seguidora absoluta dese informe do Observatorio Demográfico de Galiza— que nos sinala e describe o perfil desa persoa cuidadora: a maior parte das persoas son membros do fogar e son mulleres de entre 45 e 64 anos; iso que se coñece como a Xeración *Sándwich*. Pensemos, se esas mulleres un día fixésemos —e este 8 de Marzo estamos chamadas outra vez a unha folga, non só produtiva senón de coidados— unha folga de brazos caídos, o que representaría para o sostemento da vida ese traballo non remunerado e tantas veces ninguneado e desprezado polo conxunto da sociedade. Hai unha escaseza de prazas de centros de día; tamén hai moito que falar —e falaremos, estou segura— do servizo de axuda no fogar; e tamén, como lle indicaba no debate da Lei de impulso demográfico, un grao de cobertura de servizos que teñen que ser esenciais a futuro, como é a despregadura da



teleasistencia, que fai que a práctica totalidade das persoas dependentes do noso país non teñan acceso a este recurso.

Por iso, o que lle preguntamos hoxe é en que sentido está a traballar a Xunta de Galiza dentro dese comité asesor sociosanitario; e para nós, o máis importante, se apenas se vai abordar a reforma do modelo de residencias ou, como pedimos desde o BNG, se se vai abordar o novo modelo de coidados cunha visión integral e non compartimentada. Porque foi, precisamente, esa visión —e con isto remato—, desde o noso punto de vista absolutamente miope, de crer que os servizos podían ser concibidos de maneira isolada e non como un todo, o que nos trouxo até aquí. Así que, de aquí en diante, cremos que o que debe imperar é precisamente esa outra visión integral para abordar no seu conxunto o que son os dereitos sociais dunha parte importante: o 25 % da poboación do noso país.

De momento, máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Señor presidente.

Deputadas e deputados.

Señora Rodil, moi boas tardes.

Estamos a vivir un dos peores momentos desta pandemia. O cansazo acumulado está a facer mella en moitos galegos e en moitas galegas, e aínda, desgraciadamente, quedan esforzos por facer. A crise sanitaria chegou nun momento en que ningún país do mundo estaba preparado e cunha agresividade que apenas dá tregua.

Hoxe, cerca dun ano despois, somos conscientes de que o que temos por diante é un dobre desafío. O primeiro deles é inmediato: dar resposta ás necesidades que xorden desta pandemia, tanto as que se derivan directamente dela como as que existían e esta situación de pandemia sanitaria as agravou. O segundo reto é de longo prazo: aprender do vivido e extraer as leccións que nos axuden a reforzar e a adaptar os nosos servizos sociais.

As residencias de maiores son, sen dúbida, as que sufriron, e aínda están a sufrir, con máis virulencia as consecuencias desta pandemia. Por iso —e non foi así en todos os lugares—, aquí en Galicia foron os primeiros en recibir a vacina, tanto os residentes como os traballadores, xunto tamén co persoal sanitario, ao que lle quero, unha vez máis, agradecer o seu esforzo por facer posible o coidado das persoas maiores en momentos tan e tan difíciles como estes.

Por iso, unha das liñas fundamentais da Consellería de Política Social para esta lexislatura é tamén a de traballar nese novo modelo de prestación da mellor atención sociosanitaria. E





como dixemos dende o primeiro momento, este modelo abrangue non só os centros residenciais, senón tamén todos aqueles centros que axudan cada día os nosos maiores e as persoas con discapacidade a continuar vivindo de xeito independente tanto nos seus fogares como fóra deles. Nestes últimos meses, preservar a saúde dos nosos maiores foi a prioridade para todos e para cada un de nós; cada un dende o seu ámbito. E agora toca, tamén, adiantarse ás necesidades do futuro.

No futuro, se algo parece claro é que a integración do ámbito social e do ámbito sanitario xa é unha realidade, está aquí e veu para quedar. A débeda pendente que Galicia tivo durante anos con ambos os sectores está saldándose grazas á creación da Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria, encargada de que os ámbitos social e sanitario non deixen xamais de mirarse á cara.

O pasado 21 de decembro creouse o Comité Asesor Sociosanitario —como vostede ben dicía—, que ten por diante a renovación do actual modelo de residencias, entre outros moitos retos. Un comité que, logo dun primeiro encontro inaugural, se vén de reunir esta mesma mañá na súa primeira sesión oficial de traballo. O Goberno galego entendeu, dende o primeiro momento, que estamos ante un reto conxunto; ante un reto no que non caben cores nin caben bandos; ante un desafío para o que, como todos os que cren e confían no futuro do noso país, a resposta debe de ser sempre consensuada, integradora e participativa.

Por esta mesma razón creouse e púxose en marcha un órgano no que están representados todos os axentes implicados no sector residencial: persoal médico e persoal de enfermaría, incluídos, por suposto, os xerontólogos e os profesionais sanitarios que traballan directamente nos centros residenciais; directores e traballadores non sanitarios de todos eses centros; académicos e investigadores; arquitectos e, naturalmente, tamén familiares de usuarios. É a experiencia, a capacidade e o talento de todos estes expertos os que nos guiarán nos aspectos a mellorar en cada campo, porque estamos convencidos —e así o demostramos en todas as nosas decisións— de que o único xeito de avanzar é a través do diálogo, nunca da imposición. Así, todas as decisións sanitarias nas residencias sempre se tomaron co visto e prace do comité clínico. Agora que miramos cara ao futuro de Galicia tamén queremos contar, unha vez máis, cos expertos.

Este novo modelo de residencias apoiarase en tres piares fundamentais: apostar polas potencialidades que nos ofrece a tecnoloxía e poñela ao servizo da calidade de vida das persoas usuarias; en segundo lugar, explorar melloras estruturais e arquitectónicas que permitan optimizar a atención en todas as circunstancias, e que o fagan sempre dende o realismo e tamén orientadas á máxima eficacia; e o imprescindible avance na coordinación do ámbito social e do ámbito sanitario para garantir que en todo momento, nas residencias de maiores e de persoas con discapacidade, se conte cunha atención sanitaria de máxima calidade, como a desfrutan todos e cada un dos galegos e das galegas.

Para acadar este obxectivo, o primeiro paso é analizar e avaliar a situación de cada centro residencial de Galicia e a implicación ou o impacto que tivo a pandemia neles. E a partir deses datos que obteñamos, revisarase a tipoloxía das residencias en función do perfil de cada usuario; definiranse diferentes áreas en función do seu uso; a situación e a distribución



das residencias será, por suposto, un factor importante para favorecer sempre a integración dos usuarios; e tamén se analizará o tamaño óptimo de cada un dos centros. Unha vez extraídas as conclusións, garantirase un período de tempo para actuar en todos os centros residenciais de Galicia para cumprir cos novos requirimentos.

Señorías, estamos a traballar neste novo modelo de residencias do futuro, sen esquecer en ningún momento os retos que temos no presente. A claridade das nosas prioridades conseguiu que hoxe as residencias de maiores e de persoas con discapacidade sexan os lugares máis protexidos de Galicia. Foron os primeiros que recibiron a vacina, tanto residentes como traballadores; situáronse no máximo nivel de alerta dende o día seguinte despois do Nadal para protexer os seus residentes, sen privalos nunca das visitas dos seus familiares; e tamén contan coa maior frecuencia diagnóstica, grazas aos cribados que se fan cada tres días, aos tests de antíxenos, aos tests de saliva, e a todos estes tipos de tests que teñen permanentemente á súa disposición, sen ningún tipo de límite; e intensificáronse, por suposto, as inspeccións e as auditorías en todos estes centros.

Señorías, como poden ver, levamos xa moito camiño andado, pero tamén sabemos que, nestes momentos, a todos os traballadores —ou a moitos traballadores— as forzas lles fraquean e lles resulta complicado ver o final do túnel. Pero os froitos da experiencia e o proxecto de futuro que estamos a construír entre todos irase revelando co paso do tempo. En primeiro lugar, cando logremos deixar atrás definitivamente esta crise social e sanitaria, que está a atravesar un dos seus peores momentos. Máis adiante, cando vexamos o resultado dun traballo que cambiará para sempre o concepto que temos das residencias. Porque xuntos conseguiremos facelas máis humanas, conseguiremos facelas máis acolledoras e máis funcionais para responder ás necesidades dos nosos seres máis queridos: aqueles que o deron todo sempre para construír a Galicia que temos agora.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Para a rolda de réplica ten a palabra a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Grazas tamén, conselleira, pola resposta.

Eu estaba revisando agora cales eran exactamente as preguntas que tiñamos na interpelación, pero só falou das residencias. Nós, desde o BNG, é tamén o medo que temos: que compartimentemos outra vez os servizos e que se revise o modelo de residencias.

Podemos estar máis ou menos de acordo coas tres cuestións, os tres eixos nos que vostedes están traballando; tamén non somos quen de que saian de aí, da enunciación desas tres ideas. Dixémosllo tamén na comparecencia que tivo na Comisión de reactivación ao director



xeral de Atención Sociosanitaria: que non somos quen de que profunden un pouco máis en cara a onde camiñan, aínda que só sexa como a propia idea do Goberno. Eu estou convencida de que o Goberno ten unha idea de cara a onde quere camiñar, máis alá das aportacións, achegas e apuntamentos que fagan distintas persoas, entidades e institucións ao redor dese consello asesor que vén de crearse. Pero o medo que nós temos, desde o BNG, é que se vexa desde esa perspectiva compartimentada a atención e o modelo de coidados que ten que impulsarse neste país de aquí en diante.

O medo que nós tamén temos é que se intente cambiar algo para que todo siga igual. Nós cremos que, despois de todo o que levamos vivido neste país, no conxunto do planeta, no conxunto do Estado español, da Unión Europea... pero a nós, que nos toca afrontar a nosa propia realidade, aquí en Galiza, ao redor de todos os servizos de atención á dependencia, de coidado das persoas maiores, pensar ou abordar desa maneira illada os distintos sectores e os distintos servizos que xiran ao redor, precisamente, dese sistema de apoio e de atención ás persoas dependentes é un erro. E non nos podemos permitir saír —sempre o dicimos— pola mesma porta que entramos, despois de todo o que levamos vivido neste país.

Nós, coa nosa moción —tamén llo adianto—, sempre coa vontade coa que traballamos desde o BNG, que é traballar por este país, mellorar e achegar propostas, arrimar o ombro —se se quere ver así— para construírmos un país mellor para todas e para todos, o que imos é, precisamente, introducir esa perspectiva e esa óptica integral no novo modelo de coidados que se ten que se desenvolver neste país. E eu tamén lles pido que no traballo ou no plan de traballo que desenvolva ese comité asesor e o propio Goberno galego non vexan as residencias única e exclusivamente de maneira illada, porque se cara a algo temos que camiñar neste país, ademais de dotarnos de residencias públicas que sexan un servizo público que acabe coa distorsión absolutamente inasumible de que oito de cada dez prazas sexan privadas, é cara a un modelo máis próximo, que fixe ou centre —digamos— toda a despregadura dos servizos públicos tendo o fogar —a casa da propia persoa— como referencia; un modelo de coidados que sexa —insisto— público; que teña esa vocación universal que recolle o ordenamento xurídico deste país como dereito —aínda que sexa moitas veces papel mollado—; que se dote dunha cobertura suficiente —por iso eu facía referencia anteriormente aos datos, por exemplo, do Foro Económico, que nos din que unha cuarta parte das persoas maiores de 74 anos no noso país non ten ningunha praza de residencia pero tampouco unha praza de centro de día no seu concello nin na súa comarca—; que blinde ese carácter público e que teña a equidade como bandeira en dous ámbitos: no territorial —para acabar cunha fenda que hai neste país entre o eixo atlántico e a parte oriental de Galiza— pero tamén que teña unha vocación de equidade en materia de xénero —polo que comentaba ao principio, polo perfil das persoas que, en ausencia dunha rede de servizo público, están asumindo por enteiro e practicamente en exclusiva o coidado e a atención das persoas dependentes—. Algo que sinala —que eu, por exemplo, non sabía e o recoñezo— ese informe do Observatorio Demográfico é que, canto máis dependente é a persoa que debe ser atendida, máis persoas están na casa e son atendidas por familiares. Isto quere dicir —a ver se son capaz de explicarme— que aquelas persoas que necesitan —digamos— un grao de atención máis profesionalizada non están nin nun centro especializado nin reciben principalmente o coidado dunha traballadora profesional de parte da rede de servizos públicos que temos, senón que son, moitas veces, as propias mulleres, as fillas ou as noras as que asumen ese coidado.



Eu creo que hai que acabar con iso. Primeiro, porque temos que camiñar a un modelo de coidados que sexa público, que sexa colectivo, do conxunto da sociedade e o máis profesional posible; e despois, que recoñeza tamén o inmensísimo valor —dicíao ao comezo— dese traballo de coidados tantas veces invisibilizado. E iso son mellores condicións de traballo para quen traballa no ámbito sociosanitario e tamén mellores condicións salariais, que hoxe non teñen.

Nós formularemos así esta moción, porque —insisto— creo que cometeríamos un erro colectivo enorme como país se saímos pola mesma porta que entramos, co mesmo modelo de coidados co que entramos nesta crise. Necesitamos abordar unha realidade como a nosa —insisto— onde cada vez imos vivir máis anos —e iso é motivo de orgullo—, pero temos que aspirar a facelo non só en número de anos, senón tamén en condicións e calidade de vida.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Moitas grazas, presidente.

Señora Rodil, na miña primeira intervención eu falei de que o comité sociosanitario que acabamos de constituír se vai encargar, entre outros retos, da creación dese novo modelo de residencias. Por suposto que tamén se van revisar o resto dos recursos e o resto dos servizos que lles prestamos aos galegos e ás galegas no ámbito dos coidados.

Vostede facía referencia ao número de prazas públicas que temos aquí en Galicia para as persoas maiores. Pois un bo dato é que é un 44 % máis que cando o Bloque Nacionalista Galego gobernaba en Galicia.

Un 25 % da nosa poboación supera os 65 anos de idade. Por suposto que temos que continuar creando cada día máis prazas públicas, e por iso estamos a construír as sete grandes residencias nas principais cidades de Galicia, para que a nosa comunidade conte con noventa e nove novas prazas públicas máis nos vindeiros anos, que poñeremos á disposición das persoas maiores.

Pero tamén hai que facer, señora Rodil, unha reflexión —que sei que a vostede lle gusta reflexionar—. Non todas as persoas maiores teñen ou queren acudir a unha residencia; non teñen por que estar institucionalizadas. Cando lle preguntamos a unha persoa maior: «¿Vostede onde quere pasar esta etapa da súa vida?», a maioría das persoas maiores dinnos: «Eu quero quedar vivindo na miña propia casa». Pois se esas persoas maiores queren continuar vivindo nas súas propias casas, as distintas administracións temos que ser quen de achegarlles os recursos alá onde as persoas residan. Por iso Galicia é a comunidade líder a nivel nacional no servizo de axuda no fogar, para que vaia unha persoa, un determinado número de horas ao día, coidar esa persoa maior na súa propia casa.



Galicia continúa cada día abrindo máis prazas públicas en centros de día; Galicia continúa abrindo cada día máis casas do maior —que son cen por cento gratuítas— no rural galego. Porque todos eses maiores que viven no noso rural tamén teñen esa necesidade e ese dereito de contar cun minicentro de día cen por cento gratuíto que estea permanentemente á súa disposición. En definitiva, señora Rodil, Galicia continúa creando cada día máis prazas públicas, máis servizos públicos, e ponos á disposición de todas as persoas maiores de Galicia.

Pero o Goberno galego tamén continúa a traballar cada día para continuar atendendo máis persoas con discapacidade. Por iso, nestes momentos contamos cun 25 % máis de prazas públicas de atención ás persoas con discapacidade, e moitas delas son xestionadas polas nosas tan queridas, tan prezadas —e ás que o Goberno galego lles está moi agradecido—, entidades sociais, que traballan sen descanso os trescentos sesenta e cinco días do ano para coidar, para atender e para mimar as persoas con discapacidade. *(Aplausos.)*

Mire, como pode comprobar, señora Rodil —como lle dicía eu—, temos moito camiño andado, pero é certo que aínda nos queda un gran camiño por percorrer. Pero tamén é certo —e temos que recoñecelo— que agora estamos máis preparados e que temos máis coñecemento ca nunca sobre o impacto do coronavirus. Eu sei que non é un reto doado ao que nos enfrontamos, pero estamos intentando vencer un virus que muta constantemente, que medra en agresividade e que se coa por cada oco que atopa por pequeno que sexa. Un descoido ou un exceso de confianza supón un perigo para moitos galegos.

Pero a prevención funciona. O inmenso coidado, o inmenso cariño e o traballo impagable, con total profesionalidade, que realizaron todo o persoal sociosanitario e o persoal sanitario durante estes difíciles meses de pandemia deu os seus resultados. Traballamos sen descanso as consellerías de Sanidade e de Política Social, da man do comité clínico de expertos, elaborando todos os protocolos que permitiron que moitas persoas maiores non perdesen a súa vida. Non deixaremos nin un minuto de traballar para salvagardar a vida e para mellorar os coidados das persoas maiores.

Unha vez máis, quero darlles as grazas a todos os traballadores e ás traballadoras das residenciais de Galicia polo seu incalculable esforzo. Hoxe, a pesar de ter o triplo de casos activos entre a poboación xeral que no pico do mes de abril, nas residenciais de maiores rexístranse a metade dos casos. Isto significa que se conseguiu evitar que o virus entrase nestes centros en maior medida ca antes, pero non pararemos ata que esta ameaza abandone todas e cada unha das residenciais de Galicia por completo.

Teñan por seguro que ata ese momento non pararemos de traballar nin un só minuto, non deixaremos de traballar día e noite, para continuar salvagardando a vida e tamén garantindo o benestar e os coidados que necesitan as persoas maiores.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos agora ao seguinte punto da orde do día, o punto 6, de preguntas ao Goberno.





**Pregunta de D<sup>a</sup> María Leticia Gallego Sanromán e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a partida orzamentaria relativa ás axudas para o pequeno e mediano comercio**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** Grazas, presidente.

Boas tardes, vicepresidente segundo; boas tardes, deputados e deputadas.

A crise económica xerada como consecuencia da expansión da covid-19 está a supor un forte impacto económico para o comercio local. Esta crise foi o derradeiro golpe para moitos pequenos e medianos comercios. Parte deles foron morrendo, ou vivindo día a día durante moito tempo, e outros non foron capaces de sobrevivir á parálise da economía.

Esta crise ten como consecuencia que o sector do pequeno e mediano comercio non poida facer fronte aos gastos fixos, e está ao límite de perder a súa liquidez. A situación estase volvendo insostible desde o punto de vista económico e está afectando a supervivencia dun sector con forte implantación en Galicia.

Son as administracións locais as que están promovendo actuacións enfocadas á dinamización do sector co fin de incrementar o consumo e de xerar emprego nos seus concellos. Os gobernos locais son conscientes da situación crítica do comercio, non sendo así no caso da Xunta de Galicia. O Goberno autonómico do Partido Popular amosa unha despreocupación total polos nosos comerciantes nesta etapa que estamos a vivir, polo que cómpre apremar o Goberno que vostede representa a activar medidas económicas cun maior orzamento para que este sector poida salvar a súa liquidez.

O Goberno autonómico é quen ten as competencias en comercio interior e non os concellos; establéceo así o Estatuto de autonomía. Os concellos non teñen competencia en comercio, pero si a Xunta de Galicia.

As medidas previstas polo Goberno galego resultan totalmente insuficientes, incluso ínfimas, para os 30.000 comerciantes rexistrados na nosa comunidade autónoma. O pequeno comercio de Galicia está inxustamente desatendido. A realidade que está xurdindo nestes meses debido á pandemia da covid semella complicada para o sector do pequeno e mediano comercio. A metade das baixas dos autónomos son do comercio. Este dato pon de manifesto o que está a pasar este sector. O Goberno galego ten que acompañar as restricións anunciadas debido á pandemia de apoio económico a todos os sectores afectados, especialmente o do comercio. Por iso, este sector vén reclamando axudas directas ao Executivo autonómico, así como un maior fincapé en campañas de apoio á compra neste sector.

Señor vicepresidente segundo, ¿vai a Xunta de Galicia dotar unha partida orzamentaria suficiente para garantir axudas directas ao sector do pequeno e mediano comercio para que así poida facer fronte aos gastos fixos e salvar a súa liquidez?



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Gallego.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Gallego, efectivamente, o sector do comercio precisa da axuda de todos: de todas as administracións, tamén de toda a cidadanía e, por suposto, dos propios comerciantes e do seu labor vinculado con ese esforzo para a súa dixitalización e para seguir transmitindo confianza e seguridade ao cidadán. Polo tanto, creo que estamos no momento de agradecer o traballo conxunto que se está desenvolvendo por parte de todas as administracións para afrontar os retos. Tamén é o momento para agradecer o sacrificio que o propio sector do comercio está asumindo para facer fronte á pandemia, coas consecuencias que está tendo sobre este sector. E, dende logo, a todos, señoría, nos move o mesmo obxectivo, que é superar a pandemia e velar pola saúde dos galegos ao tempo que temos que traballar xuntos para consolidar un comercio galego que sexa forte, que sexa innovador e, sobre todo, que sexa sostible.

É un esforzo colectivo, e os datos que temos, dende o punto de vista de vendas do comercio retalista en Galicia, están demostrando que está resistindo mellor os efectos da pandemia que no conxunto de España. Á espera de coñecer os datos oficiais de decembro, somos, señoría, a segunda comunidade autónoma con mellor evolución das vendas en España, cunha caída do 2,8 % entre xaneiro e novembro do ano 2020 fronte a unha caída do 7,4 % da media nacional. É dicir, en Galicia as vendas do comercio retalista están caendo un 60 % menos que no resto de España e, polo tanto, é unha mostra clara dese esforzo dentro da dificultade.

Por suposto, a nosa vontade e o noso obxectivo, dentro das nosas competencias e cos recursos que ten a Comunidade Autónoma, é estar ao lado do sector. Estivemos dende o primeiro momento, señoría. Lamento que nesta Cámara vostede obvie o informe que o Goberno trasladou á Comisión de Reactivación, con todas as axudas directas e todos os apoios que a Xunta de Galicia, dentro do Plan de reactivación, trasladou ao pequeno comercio, dende as medidas para adaptar as súas instalacións, as plataformas de dixitalización, un plan de rescate de 84 millóns de euros, do cal o comercio tamén foi beneficiado con axudas directas, ata tamén a través dos diferentes préstamos e axudas á dinamización do comercio. Un apoio, señoría, de 70 millóns de euros en axudas directas e en préstamos que xa temos trasladado hoxe a comerciantes para que poidan facer fronte a esta pandemia. E seguiremos; seguiremos con ese segundo plan de rescate, tamén con axudas directas e tamén cunha axuda da que...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** ...o comercio se vai poder beneficiar nas próximas semanas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Grazas.

Réplica, señora Gallego.

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** Grazas, presidente.

Vicepresidente segundo, quedo un pouco como estaba.

O Goberno autonómico, do que vostede forma parte, dedica escasos recursos ao comercio, tendo en conta as urxentes necesidades deste sector. Isto tamén o podemos comprobar nos orzamentos deste ano, que só aumentaron sete millóns a partida en comercio. «O maior orzamento da historia de Galicia, 11.500 millóns», dixo o seu grupo onte e hoxe unha e outra vez. ¿Pero de verdade que non son capaces de garantir máis axudas directas para o pequeno e o mediano comercio?, ¿de verdade que non?

Mire, a Federación Galega de Comercio estima que entre o 20 % e o 25 % dos negocios poderían pechar ao longo deste 2021, e logo das reunións que mantivemos con diferentes federacións de comercio, a conclusión é a mesma: necesitamos máis axudas directas, non queremos máis préstamos, estamos ao límite. Non máis préstamos; si axudas directas. ¡Si, axudas directas! *(Aplausos.)*

As axudas da Xunta de Galicia chegan tarde e non son suficientes, nin tan sequera para cubrir os gastos fixos. Isto non o di esta deputada, dino os comerciantes; os comerciantes cos que nos reunimos. E sirva como exemplo, por exemplo, o comercio de Tui, que xa non pode soportar o peche perimetral, o illamento no que leva tres meses inmerso. Pero isto é un exemplo. En todas as vilas e cidades o comercio está nunha situación moi similar: non poden máis, señor vicepresidente.

E as últimas medidas anunciadas pola Xunta para conter a terceira onda durarán polo menos ata mediados de febreiro, e o comercio ten que pechar ás seis da tarde; outro mes de seca para as huchas do negocio local, ¡outro mes de seca! Por iso, os comerciantes pídenlle ao Goberno galego unha compensación económica proporcional ás restricións que entran hoxe en vigor...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Gallego. Terminou o seu tempo.

*(A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o tempo.

Para o peche da pregunta, o señor vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Señor presidente.



Señora Gallego, efectivamente, o comercio está a pasar unha situación difícil. Ninguén o dubida, e, dende logo, precisa da colaboración de todos, e moi especialmente de todas as administracións. Creo que a Xunta de Galicia, dende o primeiro momento, estivo e seguirá estando ao lado do comercio, e esperamos que a ese esforzo tamén se unan o resto das administracións, nomeadamente as deputacións e os concellos, neste segundo plan de rescate.

Trasladeille axudas directas, señora Gallego, dende o primeiro momento para que puideran facer investimentos vinculados coa seguridade dos seus negocios, axudas para a súa dixitalización e axudas directas para facer fronte aos gastos fixos nese primeiro Plan de rescate de 84 millóns de euros, do cal o comercio tamén era beneficiado.

E trasládolle que, no segundo plan de rescate que estamos deseñando, con eses 75 millóns de euros que vai aportar a Xunta de Galicia e que esperamos que se poidan incrementar coa aportación do resto das administracións, imos seguir apoiando esas axudas directas e eses gastos directos.

É certo que o pequeno comercio ten que asumir un sacrificio importante reducindo o seu horario para pechar ás seis da tarde, pero, dende logo, a Xunta de Galicia non lle vai fallar ao comercio. Axilizaremos aínda máis os apoios para chegar antes e a un maior número de empresas, poñeremos menos requisitos para que as axudas cheguen a máis persoas e tamén faremos complementario este segundo plan de rescate co primeiro plan de rescate. E, unha vez máis, as tres liñas que compoñen o plan van ser acumulables.

En definitiva, seguiremos apostando polo comercio de proximidade; somos plenamente conscientes do sacrificio que está desenvolvendo. A Xunta está trasladando e seguirá trasladando axudas directas ao comercio e seguiremos apostando tamén pola dixitalización e polas diferentes vías de comercialización para que o pequeno comercio poida competir tamén en igualdade de condicións que o resto do comercio.

Polo tanto, seguiremos, como digo, facendo fronte, conxuntamente co sector, tanto á pandemia sanitaria como á propia reactivación do sector, con axudas directas e tamén con axudas vinculadas á dinamización do comercio, e, dende logo, non teña ningunha dúbida de que este goberno é plenamente consciente da realidade e da importancia que ten o pequeno comercio, e, igual que non lle fallou dende que xurdiu a pandemia, non lle fallará neste tramo de dificultade. Unha vez máis, o pequeno comercio está demostrando a súa capacidade para facerlle fronte a isto e para axudar tamén a que o resto dos galegos o poidan facer fronte á pandemia sanitaria. Dende logo, nós axudaremos a esa recuperación e á reactivación económica.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, vicepresidente.

**Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonso, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os plans da Xunta de Galicia para evitar unha crise sen precedentes na comarca de Ferrol**

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Boa tarde.



Señorías da Xunta, conselleiros e conselleiras, presidente Feixóo, ¿pensan vostedes facer algo para evitar o desastre económico e social na comarca de Ferrol? Dirán vostedes: xa sabemos que é todo culpa do Goberno estatal e do PSOE. E non imos dicir nós que o Goberno de España non teña responsabilidade na situación da comarca de Ferrol. Efectivamente, o Goberno de España ten responsabilidade no peche de Endesa, pero ¿cal é a proposta ou contribución da Xunta de Galiza, do noso Goberno, para solucionar o problema que esta decisión provoca? ¿Como pode ser que leven un ano agardando polos resultados das probas dos biocombustíbeis sen ter un plan B? Porque, efectivamente, o Goberno de España é responsábel tamén de restrinxir a actividade de Navantia na ría de Ferrol ao mercado militar; unhas restricións que están na orixe da crise —xa estrutural— do emprego e demográfica que vive Ferrol desde que estas restricións se nos impuxeron, pero son unhas restricións coas que vostedes comungaron durante os moitos anos que tiveron o Goberno español e coas que a Xunta convive pacificamente, como demostra a súa renuncia a estar no Consello de Administración de Navantia.

Así que digan, señorías da Xunta, se teñen pensado facer algo para solucionar a falta de carga de traballo en Navantia, ría de Ferrol.

Tamén é certo que ten algunha responsabilidade o Goberno de España no peche da fábrica de Siemens-Gamesa, nas Somozas, porque renuncian a condicionar a instalación de parques eólicos a que traian proxectos industriais asociados. Pero os parques de menos de 50 megavatios de potencia son competencia do Goberno galego, e as políticas industriais son competencia do Goberno galego, e non fan vostedes nada para evitar que en pleno *boom* eólico peche na Galiza unha das poucas fábricas de compoñentes que quedan.

É certo tamén que o Goberno de España é titular de varias administracións e de varias infraestruturas que condicionan a supervivencia e a saúde da ría de Ferrol, pero a competencia en pesca e marisqueo é da Xunta, é do Goberno galego, e non fan nada para rexenerar e salvar a ría e o sector que depende dela. Dous anos dixo a conselleira que levaba esperando a que o Goberno de España cumprira co seu compromiso de realizar un estudo integral da ría. ¡Dous anos esperando! ¡Deus lle conserva a paciencia!

Como non temos moito tempo, señorías do Goberno, agradecería que centren a súa resposta no que teñen pensado facer vostedes para que a comarca de Ferrol supere este tsunami que nos vén enriba e que deixen para o congreso as discusións e as acusacións sobre o que debe facer o Goberno de España. Preocúpense tamén en Madrid dos problemas da Galiza, porque dá a impresión de que para o Partido Popular os problemas galegos non son susceptíbeis de seren tratados nas institucións españolas. Dá a impresión de que os deputados e deputadas que envía o Partido Popular a Madrid cos votos galegos perdesen a memoria e a identidade camiño da capital do reino.

Máis nada.

Obrigado, señor presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Alfonso.





Para a resposta, o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández, é curioso que vostede se poña na atalaia do nacionalismo que destrúe industria e que pretende destruír industria en Galicia intentando trasladar e sendo xuíz das actuacións das diferentes administracións. A min o que me gustaría saber é onde está o BNG, onde se sitúa o BNG cando se fala dos conflitos que xorden en Navantia co sector naval, en Endesa coa central das Pontes, ou nas Somozas.

Señoría, a Xunta sabe moi ben onde está. En primeiro lugar, ao lado dos traballadores, e traballando conxuntamente cos traballadores, porque estamos facendo unha fronte común co comité de empresa de Navantia, co comité de empresa das Pontes e co comité de empresa das Somozas. E verá que o Goberno, a Xunta de Galicia, está traballando conxuntamente cos traballadores e que, dende logo, a Xunta de Galicia está asumindo as súas competencias e está axudando os diferentes proxectos para afrontar a súa realidade.

É certo que nos falta, efectivamente —vostede teno trasladado—, o apoio do Goberno, pero tamén o que me gustaría saber é onde está o BNG. En ningún momento o BNG está a apoiar a posición dos traballadores de Navantia, dos traballadores das Somozas e dos traballadores de Endesa. Polo tanto, creo que o Bloque Nacionalista Galego seguramente debería de reflexionar sobre se o que busca é un oportunismo político cando quere falar de industria ou se realmente está ao lado dos traballadores.

Falemos, se quere, de Endesa. O BNG non está pedindo a continuidade do funcionamento da central das Pontes. Mañá hai unha reunión da Mesa das Pontes, e a Xunta de Galicia vai trasladar o seu compromiso e a súa disposición para que poida continuar funcionando a central da Pontes. ¿Onde está o BNG? ¿Vostedes apoian que se poida dar continuidade á planta das Pontes co uso de biocombustibles? A Xunta de Galicia, si; iso é o que defenderemos mañá. Gustaríame saber onde está o BNG.

A Xunta de Galicia defende, no caso de Navantia, algo moi sinxelo: o compromiso do Goberno dende o ano 2018. O presidente da Xunta o primeiro que lle pediu a Pedro Sánchez na súa primeira reunión foi carga de traballo para Navantia. Dous anos e medio máis tarde, despois de moitos compromisos, non existe esa carga de traballo. ¿Onde está o BNG? Dígollo eu: reclamando construción civil, non militar. Pois aí non atopará tampouco a Xunta de Galicia. O que me gustaría saber é se vostede defende a construción militar en Navantia ou non.

En definitiva, a Xunta de Galicia sabe moi ben onde está e, lamentablemente, o Bloque Nacionalista Galego está en contra da industria en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.



Para a réplica, o señor Fernández Alfonso.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Señor vicepresidente, espere catro anos para interpe-larme. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Polo de pronto, as acusacións que vimos escoitando entre PP e POSE, entra a Xunta de Galicia e o Goberno de España, de pasar a pelota dun tellado para outro, sen resolver absolutamente nada, deixan en evidencia a indefensión de Galiza que o actual modelo territorial do Estado español provoca; unha falta de competencias, unha falta de capacidade do pobo galego para tomar decisións, para decidir e poñer en marcha políticas e plans en función dos nosos propios intereses, das nosas prioridades, das nosas fortalezas e das nosas urxencias. A falta de autogoberno aparece como denominador común de todos estes graves problemas que padecemos e que doutro xeito serían, con toda certeza, obxecto de atención preferente por parte dun goberno galego merecente de tal nome. Precisamos competencias e instrumentos para impulsar a nosa economía, pre-cisamos autogoberno, e o que é máis importante, vontade de exercelo. Son vostedes, e o seu sucursalismo político para cos intereses estatais —unhas veces partidarios, case sem-pre económicos—, o principal atranco para que Galiza, o noso país, poida desenvolver todo o seu enorme potencial.

E créanme que lamentamos que non vaian vostedes desmentirnos con feitos, porque iso sig-nificaría resolver os problemas, iso significaría que temos futuro, pero cada vez somos máis os que tememos que o seu papel aquí, que a función que están vostedes dispostos a xogar para con este país, non sexa máis que o de apagar a luz cando marche o último.

Por iso, desde o BNG celebramos a convocatoria dunha folga na comarca de Ferrol, porque iso significa, cando menos, negarse a naturalizar, negarse a asumir con normalidade o actual estado de cousas; significa un principio de rebeldía, de confianza en que as cousas poden ser diferentes, e si, isto si é motivo de esperanza para todos e todas nós.

Señorías da Xunta, solucións para Ferrolterra, traballo digno na nosa terra.

Obrigado. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Alfonso.

Para o peche da pregunta, o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNO-VACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández, ¡que discurso tan vacío de contido! (*Risos.*) Seguramente para o Bloque Nacionalista Galego, a quen non lle interesa a industria, en clave interna, é un discurso moi loable, pero eu laméntoo enormemente, e creo honestamente que o Bloque Nacionalista Ga-lego se equivoca ao non respaldar a Xunta de Galicia, porque, ao non respaldar a Xunta de Galicia, o que está facendo é non respaldar os traballadores nin de Navantia, nin de Endesa, nin tampouco das Pontes. (*Aplausos.*)



Se aquí vén facer oportunismo político —como fan a menudo, que van facer fotos nos diferentes conflitos, e agora quere aquí trasladar o seu apoio á folga do 25 de febreiro—, que saiba que o Partido Popular tamén defende esa fórmula, por suposto que si. (*Murmurios.*) Porque estamos nun goberno no que, efectivamente, está tanto Podemos como o Partido Socialista, e, por certo, goberno que vostedes apoian... É que vostedes son a contradición permanente en materia industrial. Vostedes apoian o Goberno de Pedro Sánchez en materia industrial, un goberno que está traballando en contra de Navantia, en contra de Endesa e en contra das Somozas. Polo tanto, señor Fernández, aí non vai encontrar este goberno.

Eu lamento que vostede non respondese ao compromiso que eu lle pedín cos traballadores das Pontes. Queda claro que vostedes non apoian a continuidade da planta da central das Pontes. Que saiba que este goberno si a apoia, e así quedará reflectido na reunión da Mesa das Pontes que terá lugar mañá. Igual que queda reflectido, non só nesta pregunta parlamentaria, senón no acordo que vostedes asinaron co Partido Socialista de lexislatura, que vostedes non apoian a construción militar con Navantia, porque a única preocupación que tiñan nese acordo era falar de construción civil, e eu lamento profundamente que o Bloque Nacionalista Galego siga sen apoiar a Navantia dende o punto de vista da construción militar, que todos sabemos que é o seu futuro.

Con respecto a Siemens, unha vez máis o Bloque Nacionalista Galego ten un discurso errático. Vostedes non apoian o desenvolvemento do sector eólico, e agora pretenden poñer en tea de xuízo o labor que se está desenvolvendo por parte deste goberno para defender os traballadores das Pontes. Pois, dende logo, aí si lle podo asegurar que imos defender a posición dos traballadores das Somozas para que se poida continuar alí a produción industrial. Imos pedirle ao Ministerio de Traballo que incida na mala fe que está tendo Siemens na posición das Somozas e imos exixir que o Goberno, dende o punto de vista industrial, dea unha solución na transición xusta para que o futuro industrial das Somozas sexa unha realidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para apoiar a actividade industrial na planta de Siemens-Gamesa nas Somozas**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Calvo.

**O señor CALVO POUZO:** Grazas, presidente.

Quero empezar amosando o noso respaldo aos máis de 200 traballadores e ás súas familias de Siemens-Gamesa, nas Somozas; compartimos a súa preocupación polos seus empregos. O caso de Siemens-Gamesa é un caso claro de deslocalización dunha multinacional que traslada os seus centros produtivos de España a outros países. Asistimos en xuño do ano 2020 ao peche da súa factoría en Navarra, e agora á intención de pechar a das Somozas e a de Cuenca.



Siemens-Gamesa non se vai só de Galicia, vaise de España, e vaise a Portugal, buscando unha fiscalidade e custos laborais máis fáciles para eles, ou determinados. Esta marcha contradí o discurso do Goberno socialista da aposta polas renovables e da transición ecolóxica, e dende o Grupo Parlamentario Popular levamos un ano apoiando o comité de empresa.

Hai exactamente un ano, en xaneiro do ano 2020, xa nos reunimos co presidente do comité de empresa porque estaba preocupado pola falla de pedidos. En xuño agrávase porque cerran a planta de Navarra, e despois do verán os pedidos seguen sen chegar e a preocupación vai en aumento.

En setembro deste mesmo ano, señor conselleiro, este que lle fala e o portavoz de Industria, o señor Tellado, fixemos unha visita á planta das Somozas. Tivemos dificultades para levar a cabo a visita, pero finalmente levouse a cabo, e a dirección da planta asegurábanos que non había motivos de preocupación.

No pleno de outubro, o primeiro pleno despois do verán, quixemos aprobar unha declaración institucional de apoio aos traballadores similar á que se estaba aprobando en todos os concellos da comarca. Sen embargo, nesta ocasión, a negativa do Partido Socialista non fixo posible a aprobación desa declaración institucional.

O anuncio do peche vén no peor momento para Ferrolterra: a difícil situación do sector naval, onde se esgota a carga de traballo, onde se retrasa o comezo das F-110 e onde non se compromete a facer un buque ponte, como si se fai nos estaleiros de Navantia en Andalucía; o peche da central térmica das Pontes, porque quere o Goberno de España; e a situación das electrointensivas, que afecta esta comarca e a autoridade portuaria de Ferrol-San Cibrao.

Na comarca de Ferrol temos que pelexar por que esta planta de Siemens-Gamesa non peche, non só polas 215 persoas que traballan alí, senón tamén polo emprego inducido.

Sabemos da súa preocupación, señor Conde, tamén sabemos da preocupación do presidente, e é certo que hai moitas xestións que se fan e que non se publican todos os días, ou que non se contan todos os días, pero si somos conscientes de que o comité de empresa ten debida conta de todas e cada unha delas.

A min gustaríame que nos comentara cal é o traballo que está a levar a Xunta con respecto ao peche anunciado de Siemens-Gamesa nas Somozas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Calvo.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.



Señor Calvo, efectivamente, levamos moitos meses traballando conxuntamente co comité de empresa de Siemens, nas Somozas, precisamente, para buscar un futuro industrial para esta planta e sobre todo para reclamar ante Siemens e ante o Goberno que ese futuro poida ser unha realidade.

Lamentamos enormemente a actitude de Siemens, non parece razoable, e, dende logo, a súa reputación quedará en entredito se non retira o expediente de regulación de emprego e non paraliza o período de consultas mentres se pode negociar nunha mesa de traballo conxunta entre o Goberno, a Xunta de Galicia e o propio comité de empresa.

Nós volvémoslle reclamar que poida reverter esta decisión, que é unha decisión inxusta, porque deixou desenvolver unha planta sen garantir a súa competitividade, e, sobre todo, porque estamos a falar dun momento histórico para o desenvolvemento das enerxías renovables.

Siemens sabe perfectamente que dende Galicia estamos presentando unha candidatura que opta aos fondos europeos *Next Generation*, onde o sector eólico ten un protagonismo especial. Siemens tamén sabe que se lle ofreceron alternativas e apoio para continuar coa actividade nas Somozas e Siemens sabe que, dende logo, a participación dos proxectos relacionados coas enerxías renovables pode ser unha oportunidade para darlle contido e carga de traballo á planta das Somozas.

Polo tanto, á Xunta de Galicia parécenos ilóxico que Siemens poida falar de pechar a fábrica ao mesmo tempo que pretende aproveitarse das oportunidades que se abren para as renovables en Galicia. Esa presentación a semana pasada dun proxecto de dixitalización de Siemens con Navantia e con Pymar non parece que teña coherencia co peche dunha fábrica nas Pontes, máxime cando a empresa está a obter uns beneficios de 121 millóns de euros e máxime tamén cando a mesma empresa en Francia, cun contexto similar de desenvolvemento de renovables, está construíndo unha fábrica de pas para cumprir cos seus compromisos de produción.

En definitiva, dende logo, a Xunta de Galicia vai seguir traballando, xunto co comité de empresa, e ímoslle trasladar ao Goberno, tanto ao Ministerio de Traballo como ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, que podemos traballar conxuntamente para poder reverter esta situación, tanto para poder demostrar a mala fe de Siemens dentro do proceso de negociación do ERE como tamén co Ministerio de Transición para buscar esas alternativas dende o punto de vista industrial.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica, o señor Calvo.

**O señor CALVO POUSO:** Señor vicepresidente, é certo que a nosa comarca é unha comarca sufridora. Desgraciadamente, estamos afeitos a moitos despedimentos e a moitos peches.





Comezaron coa reconversión industrial nos anos oitenta, decisión do Goberno socialista do señor González. Nunca máis volvemos ser os que eramos industrialmente.

Pero é certo que tamén estamos cansos dalgunhas empresas que só pensan en maximizar os seus beneficios e non nos efectos que producen nos traballadores ou nalgunhas comarcas, e tamén de políticas que presumen e non pensan nos efectos micro, que teñen moita importancia.

Quixemos ser os primeiros en levar a cabo unha transición ecolóxica e pechar as térmicas, pero iso ten consecuencias. Pregúntenlle á xente das Pontes se ten consecuencias, e á xente de Meirama. Tamén quixemos apostar polas renovables, pero pechamos as empresas que se adican a isto.

En resumo, as decisións políticas teñen consecuencias. Nós, dende o primeiro momento, trasladamos todas as inxedanzas do comité de empresa aos distintos membros do Goberno. Por exemplo, ao principio, estaban preocupados porque nunha estrada, a estrada pola que saen as pas cara ao porto exterior, había unha curva onde as pas de maior tamaño non poderían saír. Ben, hoxe esa obra está en expropiación, licitarase antes de mediados de ano, e a finais de ano probablemente xa estará feita.

Estivemos sempre en disposición de colaborar e de sacar adiante calquera proxecto, e eu agradézolle, señor Conde, a súa predisposición tamén co comité e coa empresa para intentar ter futuro para todos estes traballadores.

Pero remato. Antes non lle contestaron onde estaban. Tamén estamos cansos na comarca de que moita xente só saiba situarse detrás da pancarta, porque detrás da pancarta se está moi a gusto, nunca hai que tomar decisións e quedas ben con todos, (*Murmurios.*) e ademais, cando teñen a oportunidade de facer entrar en razón ou de cambiar as decisións do Goberno en Madrid, o que fan é claudicar e apoiar sempre o Goberno socialista; fano en máis de 40 concellos na provincia da Coruña, fano na Deputación da Coruña e, cando Sánchez buscaba os apoios, alí estaba o Bloque sempre como colaborador necesario do Goberno socialista. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Calvo.

Para o peche da pregunta, o señor vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Calvo, coincidimos con este plantexamento de que, efectivamente, a situación pola que están atravesando os traballadores das Somozas é unha situación inxusta; inxusta e xerada por unha decisión dunha empresa que simplemente está plantexando unha deslocalización por motivos puramente económicos. Tamén é unha decisión inxusta por parte dun goberno que está plantexando unha transición enerxética, pero que esa transición debe garantir, para ser xusta, un futuro industrial, e máis nun sector como é o sector eólico, onde as oportunidades que van ter as empresas son evidentes.



Polo tanto, resulta difícil de entender esta situación, e por iso nós imos exixir á empresa, en primeiro lugar, que retire ese expediente de regulación de emprego, que paralice o período de consultas mentres se produce unha negociación coas dúas administracións e tamén co comité de empresa e, ao mesmo tempo, imos pedirlle ao Goberno de España, en primeiro lugar, máxima contundencia dende o punto de vista da autoridade laboral, a través do Ministerio de Traballo, sobre ese proceso de negociación do ERE, e identificar se realmente Siemens está actuando de boa ou de mala fe. Polo tanto, ese é o labor que lle corresponde ao Ministerio de Traballo, e imos trasladarlle que se actúe con toda a contundencia, igual que lle imos trasladar ao Ministerio de Transición Ecolóxica que realmente poidamos identificar oportunidades para darlle continuidade a esta planta a través dun plan industrial que poida estar vinculado á transición xusta.

Hai unha decisión que ten que tomar o Goberno de España sobre os nudos de transición nas Pontes. Téñense que subastar 1.500 megavatios en concorrencia competitiva, e hai unha oportunidade para vinculalo a plans industriais. A pregunta é: ¿por que non vinculalos tamén á situación que teñen os traballadores das Somozas, ademais de á situación que existe nestes momentos na comarca das Pontes?

En definitiva, somos plenamente conscientes de que no caso da planta de Siemens, nas Somozas, a máxima responsabilidade é da empresa; somos conscientes. A falta de compromiso da empresa, máxime tendo en conta as expectativas de crecemento que hai vinculadas ás renovables nos vindeiros anos, así o acredita, pero ao mesmo tempo esa responsabilidade da empresa ten que vir acompañada dun compromiso por parte do Goberno de España para darlle unha solución a unha situación que non é xusta, e hai mecanismos para que a planta das Somozas poida ter ese futuro industrial. Polo cal, a Xunta de Galicia vai traballar conxuntamente co comité de empresa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as continuas variacións do prezo da electricidade e as medidas que activou a Xunta de Galicia para apoiar as familias máis vulnerables**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra dona Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Parlamentario Popular.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Moitas grazas, presidente.

Señor vicepresidente, boa tarde.

Lamentablemente, temos que falar hoxe aquí do elevado prezo da electricidade que estamos a padecer todos os consumidores no que vai de ano 2021. Vou lerlle unha serie de declaracións sobre o tema —abro comiñas—: «Disparar la factura de la luz un día como hoy sólo demuestra la codicia de las eléctricas; si el Gobierno lo consiente será cómplice», «Bajaremos la factura



*de la luz poniendo firme a las grandes eléctricas», «La subida de la luz del 8 % prueba el fracaso de la reforma eléctrica del Gobierno y alerta del riesgo de más gente sufriendo pobreza energética», «Esta Navidad la luz tendrá un precio un 10 % superior a la del año pasado; miles de familias no podrán mantener sus casas a temperaturas adecuadas, lo que repercutirá gravemente en la salud de los que menos tienen. Ningún gobierno decente debería tolerarlo».*

Pensará, señor vicepresidente, que estas son declaracións dos partidos da oposición ao Goberno do Estado neste último mes, pero non, son todas declaracións do presidente do Goberno actual, o señor Sánchez, do vicepresidente social de Podemos, o señor Iglesias, e do ministro de Consumo de España, o señor Garzón. Isto era o que dicían cando Rajoy gobernaba en Madrid e a luz subía un 8 %. Neste último mes, cando a luz sobe un 30 % para todos os consumidores, no medio dunha pandemia, en plena ola de frío e cunha crise económica nunca antes vista, o Goberno máis social da historia di que a luz subirá só uns euros, que a suba é conxuntural e que cando chova e faga vento baixará o prezo. E ¿como non?, que o IVE da luz non se pode tocar porque Europa non nos deixa; unha falacia máis, como tantas ás que este goberno do Estado nos ten acostumbrados. O que non din é que unha vez máis os españois vemos como temos que pagar moito máis pola luz que a maioría dos nosos veciños europeos. Ao longo do ano 2019 o mercado eléctrico diario foi un 26,5 % máis caro, e o alemán, un 20,9 % , máis caro que o francés.

A caída da demanda da electricidade durante o ano pasado pola covid-19, coincidindo coas medidas de confinamento adoptadas polo Goberno, supuxo un certo alivio para o prezo diario da electricidade, pero pouco a pouco se foi disipando ata situarse no mes de novembro do ano 2020 só nun 0,6 % menos que o ano anterior. Esta tendencia á alza intensifícase nos primeiros días do ano 2021, polo que a factura eléctrica dos consumidores se incrementou en máis dun 20 %, chegando nos últimos días a acadar subas de ata un 34 %.

En Galicia, señorías, ademais temos que ver como a falla de tecnoloxía renovable tivo que activar varios grupos da central das Pontes, parada por unha transición enerxética inxusta levada a cabo polo Goberno do Estado. A diferenza do que ocorre noutros países como son Alemaña e Francia, nos que vemos como cobren o oco de renovable con tecnoloxías de carbón ou nuclear respectivamente, que alixeiran os custos de factura, en Galicia vemos como non se aposta por manter a central das Pontes aberta como central de respaldo.

Neste ránking do ecoloxismo no que o Goberno central quere colocar a España cara a galería, vemos con resignación como no ano 2019 España incrementou nun 600 % a compra de enerxía a Marrocos procedente dunha central térmica de recente construción. Unha vez máis, señor vicepresidente, incoherencias dunha transición enerxética extrema que, lamentablemente, vai ser moi inxusta con moitos traballadores galegos.

Por todo o exposto, o Grupo Popular...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** ...queremos preguntarlle: ¿como... (A señora Nóvoa Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Nóvoa.

Grazas. Xa coñece a pregunta o señor conselleiro

Grazas.

*(Aplausos.)*

Reposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Nóvoa, efectivamente, o pasado 8 de xaneiro o prezo da electricidade no mercado ao por maior rozou os 115 euros megavatio/hora en España, unha cifra récord que non se acababa dende o ano 2010. Un prezo máximo que, xunto ás fortes subas rexistradas ao longo da primeira quincena de mes, lamentablemente, vai levar a que as familias teñan que pagar un 25 % máis no recibo da luz.

É certo que o tirón da eólica nos últimos días, derivado da climatoloxía e da propia estabilización do mercado do gas, ten atenuado o incremento do prezo da produción eléctrica. Pero todos sabemos que o problema subsiste e todos sabemos que non se trata dunha suba conxuntural. Detrás estamos ante unha transición enerxética desordenada e unha planificación enerxética precipitada que marcou como obxectivo pechar as centrais térmicas sen ter ningún tipo de tecnoloxía de substitución o suficientemente maduro. Dixémolo nesta Cámara. Non parecía razoable pechar a central térmica e depender única e exclusivamente do gas como tecnoloxía de respaldo. E o tempo estamos dando, lamentablemente, a razón.

Por iso, señorías, lamentamos o silencio neste caso dos grupos da oposición, que no seu momento non apoiaron a Xunta de Galicia cando quixo defender unha transición xusta, centrada tamén nunha central das Pontes que era a pía de España. Lamentablemente, estase a demostrar que con esta situación se está xogando un papel importante, ata o punto de que a central térmica das Pontes entrou en funcionamento precisamente para poder salvar a cara do sistema eléctrico nos momentos de apuro vividos neste mes.

En definitiva, precisamos que o Goberno vele por unha subministración eléctrica competitiva; pídenlolo os cidadáns porque as familias teñen que facer fronte a un custo enerxético enormemente elevado. Cando o Partido Socialista e Podemos estaban na oposición, presumían de que con eles o prezo da luz baixaría e que non volveríamos sufrir picos como os dos últimos días. E parece que non se vai conseguir porque, efectivamente, a transición que se estaba plantexando non era razoable.

O Goberno de España, polo tanto, debería ser sensible a esta realidade e, polo tanto, adoptar as medidas ao seu alcance neste contexto para aliviar a factura da luz, como pode ser a baixa do tipo impositivo do IVE do 21 % ao 10 %, que, como vostede ben sinala, outros estados



membros da Unión Europea o están a facer, polo que non cabe pensar que haxa ningún impedimento para que en España non se tome tamén esta medida.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Nóvoa.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidente.

A verdade é que, señor vicepresidente, lle resultará incomprendible, coma min, o silencio, o silencio cómplice desta oposición, que nun pleno coma este non foi capaz de dicir nada sobre o prezo da electricidade, incluso onte cando se debateu unha iniciativa relacionada coa enerxía. En plena pandemia da covid-19 e no momento estacional no que máis se necesita subministración enerxética, vemos como o prezo da luz alcanza en España unha subida nunca antes vista. Un incremento do prezo da luz e do gas que se produciu no medio dunha intensa ola de frío, afectando gravemente a economía das persoas e familias máis vulnerables, e tamén a competitividade de pequenas e medianas empresas e autónomos.

Ante esta situación, as declaracións da ministra para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, restando importancia á subida do prezo da luz ou a inacción do ministro de Consumo, de Podemos, denotan un cambio de discurso do actual Goberno de coalición socialista e de Podemos respecto de cando eran oposición e prometían unha baixada do prezo da luz.

Nunha situación de extrema necesidade no medio da pandemia da covid-19, en pleno inverno, é fundamental a axuda ás familias máis vulnerables. Como dicía vostede, non se trata dunha subida conxuntural, o elevado prezo da luz é un mal sistémico. É que uns euros de subida —como dixo a ministra do ramo— é un esforzo inasumible para moitos consumidores neste momento en España. Neste senso, cómpre recordar que a Xunta de Galicia leva dende o ano 2014 co ticket eléctrico e dende o 2017 co bono eléctrico galego, posto en marcha a raíz da Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas de eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade e enerxía eléctrica, apoiando os consumidores galegos máis necesitados e que complementa o bono social do Estado.

E xa para rematar, señor vicepresidente, gustaríanos que na súa resposta nos dese máis detalles de que medidas se activaron por parte da Xunta de Galicia para apoiar as familias máis vulnerables. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Nóvoa.

Para o peche da pregunta, o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.





Señora Nóvoa, efectivamente, cando falamos de transición xusta, temos que identificar esa transición xusta tanto cos traballadores como coas familias. Os traballadores non teñen que ser os culpables e os damnificados dunha transición inxusta, e, por suposto, as familias tampouco. E as familias, lamentablemente, están a sufrir nos últimos días a evidencia de que esa transición non está sendo xusta. Por iso, as administracións teñen que actuar, e neste caso o Goberno de España ten que actuar para, precisamente, corrixi-la esta situación. E dende a Xunta de Galicia temos que ter tamén ese compromiso de apoiar as familias que máis o necesitan, e sobre todo os fogares que non poden facer fronte ao recibo da luz.

Galicia, como saben, foi unha comunidade pioneira coa posta en marcha do ticket eléctrico, ao que seguiron as axudas para evitar cortes de subministración dende o ano 2016. Dúas medidas que, señorías, xa teñen beneficiado máis de 12.500 familias entre o ano 2014 e o ano 2017, atendéndose todas as solicitudes que cumpriron os requisitos, máis dun millón e medio de euros.

Galicia, como saben, tamén foi pioneira no ano 2017 coa aprobación da Lei de eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica, e foi a primeira comunidade autónoma en completar o bono social do Estado a través do bono eléctrico galego. Somos, señorías, a única comunidade autónoma que conta cun mecanismo destas características; a única comunidade autónoma que ten este mecanismo, precisamente para garantir a complementariedade do bono social do Estado. Dende entón, concedemos 9.752 axudas por algo máis de 3 millóns de euros, que está garantindo que a estas 9.752 familias non se lles corte a subministración. De aí que Galicia, señorías, se sitúe por debaixo da media estatal en pobreza enerxética, segundo os datos da enquisa de condicións de vida do Instituto Nacional de Estatística.

O noso obxectivo, en definitiva, é garantir o acceso a unha necesidade tan básica como é a enerxía eléctrica e que, dende logo, non se produzan cortes no servizo. E por iso xa temos convocado neste ano 2021 as axudas deste ano, cunha dotación de 1.300.000 euros, que, como todos os anos, adaptaremos dende o punto de vista orzamentario para cubrir todas as axudas que se poidan presentar ás necesidades, polo tanto, dos consumidores máis vulnerables.

Por iso, señoría, cremos que o Goberno central —igual que están facendo outros países da Unión Europea— ten que tomar medidas, e neste caso entendemos que dende o punto de vista fiscal hai marxe para que neste contexto se reduza o IVE para estas familias e, polo tanto, que poidamos pasar do IVE do 21 % ao 10 %.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as políticas que vai pór en marcha a Xunta de Galicia para intervir sobre o parque de vivenda baleira**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra dona Alexandra Fernández Gómez, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** Grazas, presidente.

Señora conselleira, hai tres problemas estruturais no parque inmobiliario en Galiza que son absolutamente irrefutables: o primeiro é que a vivenda en propiedade pública é absolutamente nula; en segundo lugar, que existe neste momento unha burbulla nos prezos de alugueiro que, ademais, nin ten freos en tempo de pandemia; e, en terceiro lugar, que existe un parque construído excesivo, hai máis de 300.000 vivendas baleiras. Somos a comunidade autónoma con maior número de vivenda baleira de todo o Estado.

Hoxe queremos traer a debate, precisamente, ese tema, o da vivenda baleira, pero tamén sen perder de vista os outros dous graves problemas, porque cunha intervención certa no parque de vivenda baleira podemos contribuír a resolver os outros dous graves problemas, que son o do parque público e os prezos.

Pero, antes de apuntar as solucións, quero sinalar que este, evidentemente, é un problema multicausal; polo tanto, que hai distintos tipos de vivenda baleira. Hai unha parte da vivenda baleira que ten que ver co despoboamento rural e hai unha parte que ten que ver coa dinámica de construción indiscriminada de vivenda das últimas décadas. Só un dato: nos últimos trinta anos descendeu a poboación en algo máis de 100.000 habitantes, e incrementouse o parque construído en máis de medio millón de vivendas. E dese parque de construción indiscriminada hai unha parte que ten que ver cun parque de vivenda baleiro de tipo especulativo, que está en mans de entidades financeiras, inmobiliarias e especulativas, especialmente despois da crise de 2008, e que utilizan ese parque de vivenda baleira para controlar os prezos a través de reter esas vivendas.

Por todo isto, traémolles dúas propostas de solución. En primeiro lugar, poñer en marcha unha estratexia para transformar vivenda baleira en vivenda pública. A Xunta debe dedicar un esforzo investidor importante a adquirir vivenda en desuso para despois rehabilitar e reformar, se fose necesario, e incorporala ao parque de vivenda público en alugueiro. Porque o que están facendo na actualidade é comprar, rehabilitar e despois vender; e iso é política de terra queimada. Principalmente póñena en venda, e iso serve para dinamizar a construción, serve para dinamizar o sector inmobiliario, pero non serve para ter respostas de política pública de vivenda.

En segundo lugar, medidas de presión fiscal sobre as vivendas baleiras, sobre todo sobre aquelas de tipo especulativo, das que falabamos que están principalmente en mans de entidades financeiras ou en mans de entidades especulativas. Hai que poñerlles un imposto para que deixen de especular con esas vivendas; un imposto que faga mobilizar esa vivenda, que se incorpore ao parque de vivendas, de forma que aumente a oferta e baixen os prezos. E, ademais, esta é unha medida —a do imposto— que permitiría ter máis ingresos para facer outro tipo de políticas públicas de vivenda.

Ata o de agora o que fixeron vostedes é absolutamente nada, por iso o que lle traemos aquí hoxe son dúas propostas para resolver tres problemas estruturais.

Así que a pregunta que lle fago, señora conselleira, é: se vostede ten unha alternativa mellor...



**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** ...defénda aquí e, se non...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Alexandra Fernández Gómez.

*(A señora Fernández Gómez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):**  
Moitas grazas, presidente.

Boa tarde.

Señora Fernández, vén vostede cos mesmos tópicos, dá igual o mes e dá igual que cambiemos de ano, e a verdade é que trae poucas propostas ou, se trae propostas, veñen ser o copia e pega do que xa está facendo a Xunta de Galicia.

Un dos tópicos son as 300.000 vivendas que di vostede que están baleiras e que supostamente hai en Galicia. O que non di é que estes non son datos reais; o que non di é que isto é unha estatística de hai unha década; e o que vostede non di é que levamos pedíndolle reiteradamente as comunidades autónomas ao Goberno central que defina o que é unha vivenda baleira. Porque sabe vostede que dentro destas 300.000 vivendas hai moitísima vivenda en ruína e, polo tanto, non serían habitables, e iso non se pode dicir que sexa un párking de vivenda baleira.

Por outro lado, si coincido con vostede en que hai vivendas que están baleiras, en que hai vivendas que están en ruínas, que están en zonas do rural, pero xusto onde habería esa capacidade de mobilización, onde temos que mobilizar e onde, ademais, se precisa vivenda é nas cidades. E aí é onde estamos traballando. Pero, mire, hai que mirar para o futuro e non estar continuamente falando do pasado.

¿Que está facendo a Xunta de Galicia? Pois acabamos de asinar o Pacto social pola vivenda 2021-2025. É un ambicioso documento, un documento traballado dende hai moitos meses, grazas ao persoal, que é persoal que está ao pé de rúa coas distintas sensibilidades e que forma parte do Observatorio da Vivenda, que leva funcionando tres anos en Galicia.

Queremos mobilizar 1.080 millóns de euros, pero tamén queremos chegar a 70.000 fogares. E pensamos dende o punto de vista social, tamén dende o punto de vista económico e dende o punto de vista da sostibilidade. É un pacto no que consensuamos co sector as prioridades para os vindeiros anos, pero, sobre todo, cos consumidores. Un aval con nove entidades diferentes: os concellos, a través da Fegamp, o Colexio Oficial de Arquitectos, os axentes da propiedade inmobiliaria, os apareladores e arquitectos técnicos, o Consello Galego de Consumidores e Usuarios, o Colexio Oficial de Administradores de Fincas, a Asociación Galega de Cooperativas de Vivendas, a Federación da Construción e tamén os promotores. Con este pacto



o que facemos é poñer en marcha un novo proxecto de país ao que en materia de vivenda se refire e contamos co compromiso de todos os axentes implicados. Eu agardo, ademais, contar co compromiso de todo o Parlamento. É un pacto social que eu vin explicar aquí hai un tempo, onde falabamos de medio cento de medidas, das cales doce eran totalmente innovadoras, e onde, ademais, cualificabamos aquelas que non tiveron os froitos que deberían ter, como é o caso da mobilización das vivendas baleiras, pero sempre falando de realidades...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...e non de...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o seu tempo.

*(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Non hai aplausos? *(Risos.) (Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, é que non me acostumaba, téñenme que perdoar. Escapoume así dun xeito espontáneo, porque estou acostumado a que sempre haxa, despois de cada intervención, un aplauso. Non ten ningunha maldade, perdón. *(Murmurios.)*

Réplica da señora Alexandra Fernández.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** Señora conselleira, ¿como pode ter vostede a cara de falar de datos de vivenda baleira, cando hai cinco anos que vostedes fixeron un censo de vivenda baleira no que se recollen cales son as vivendas en mans de entidades de crédito e en mans de entidades de xestión que teñen oculto? ¿Como pode vostede falar de datos de vivenda baleira? *(Aplausos.)*

Pero, é máis, nós queriamos falar de cal é a estrutura do parque inmobiliario, pero vostede vén aquí, co seu minuto de propaganda, falar dese Pacto social da vivenda, que, de social, non ten nada. Pois ben, imos desmontar en que consiste ese pacto de vivenda.

Programa de mobilización de vivenda baleira. Consiste en axudas para os propietarios destas vivendas de 8.000 euros a fondo perdido, bonificación en tributos, axudas complementarias e incluso plantexan outras posibles bonificacións. ¡Axudas estratosféricas!, ademais, indiférentemente do tipo de propietario. O máis grave é que falan especificamente de darlles este tipo de axudas ás entidades de crédito, ás súas filiais inmobiliarias, ás entidades de xestión de activos e incluso á Sareb. É dicir, que ao tipo de vivenda baleira do que falaba antes, ese de carácter especulativo sobre o que puñamos o foco e que nós propomos intervir cunha política de presión fiscal, vostedes danlle a volta e din que, precisamente a estes, o que hai que facer é darlles as subvencións máis grandes aínda, porque cada unha destas axudas é por vivenda.

Pero é que, ademais, para axudar a este tipo de entidades a que se poidan desfacer dese patrimonio excedente que acumularon, propoñen colaborar con elas para colocarlles estas vi-



vendas aos menores de 35 anos mediante o réxime de alugueiro con dereito a compra, cunhas condicións lamentables; unhas condicións nas que as entidades sempre gañan e o público e os mozos son os que quedan indefensos, asumindo os custos e os riscos. É indecente e, por se fose pouco, (*Aplausos.*) vostedes plantexan que se desfagan esas entidades deses activos inmobiliarios mediante o Rexistro de Demandantes de Vivenda Pública. Propoñen que o Rexistro de Demandantes de Vivenda Pública, en vez de dar vivenda pública, aporte vivendas destas entidades especulativas. Isto é indecente.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Fernández. Terminou o seu tempo. (*A señora Fernández Gómez pronuncia palabras que non se perciben.*) Grazas. (*Aplausos.*)

Para o peche da pregunta, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

Indecente é que vostede nin sequera se pare a ollar, a ler, a analizar o Pacto social pola vivenda e encima que poña en entredito non só á Administración —que pode facelo— senón todas as entidades. Estamos falando dos consumidores, que están aquí representados, señora Fernández. (*A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, amosa un documento.*) Polo tanto, bóttelle un ollo porque eu creo que sería bo, e despois, cun mínimo de humildade, empece a ver cada unha das accións, e incluso pode facer contribucións; pero como nunca se poden facer contribucións é facendo descualificacións.

Cincuenta accións están recollidas neste Pacto pola vivenda: 433 millóns de euros, en catro anos, de investimento público e unha mobilización de 1.083 millóns. E claro que pensamos nos xoves, pero tamén pensamos nesas persoas que poden ter unha vivenda baleira. É que vostedes seguen co mesmo mantra e, polo tanto, falan de especulación e máis especulación. Pois, mire, non, a xente o que necesita é seguridade xurídica. Hai persoas que teñen unha vivenda a maiores da súa, pero que non a queren poñer no mercado por inseguridade, e, escoitándoa a vostede falar, esa inseguridade aínda é maior.

Polo tanto, ¿que vai dar a Xunta de Galicia? ¿Cal vai ter o seu programa específico de mobilización de vivenda baleira? Vai dar seguridade xurídica aos propietarios, pero tamén llela vai dar aos arrendatarios: rendas limitadas e axudas a inquilinos con dificultades para persoas entre 1 e 3,5 veces o IPREM, que son as persoas, as familias, nas que primeiro estamos pensando.

Efectivamente, queremos dar 8.000 euros a aquelas persoas que poñan á dispoñibilidade da Xunta de Galicia unha vivenda baleira para que despois fagan o alugueiro, co fin de que arranxen esa vivenda —que pode que leve dous, tres, catro ou cinco anos—, e cando alguén ten dereito, aínda que os seus recursos sexan poucos, a esa vivenda digna, tamén ten que ter un lugar digno. Por iso damos os 8.000 euros, e non imos espallando 8.000 euros por aí aos bancos, ese mantra que vostedes din unha e outra vez.

Polo tanto, a Xunta apostou polo Programa de vivendas baleiras, e vostedes, que gobernan en cidades como pode ser o caso de Pontevedra, díganme que se fixo. ¿Pero é que acaso non





teñen competencia os concellos e as cidades dentro do ámbito da vivenda? Pois claro que teñen, e aí estamos coa vivenda pública. Pero resulta que en Pontevedra o Concello ten parcelas cedidas por parte da Xunta que nin sequera as está utilizando para vivenda; fixo un aparcamento. ¿A vostede iso parécelle normal?

Ben, eu simplemente lle poño iso como un exemplo e quérolle dicir que claro que as adquirimos...;

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira. Terminou o seu tempo.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...estamos a adquirir vivendas, e farémolo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. *(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vazquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)* Terminou, grazas.

*(Aplausos.)*

**Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o compromiso adquirido pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para poñer en funcionamento un conservatorio profesional de música no concello de Begonte**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Na actualidade, no concello de Begonte, funcionan dous colexios: o CEIP Virxe do Corpiño, en Begonte, que ten 65 alumnos, e o CEIP de Baamonde, en Baamonde, que conta con 30 alumnos. É importante, señor conselleiro, ter en conta esta cifra: 30 alumnos no caso do CEIP de Baamonde.

Por parte do señor alcalde deste concello preténdese pechar o CEIP de Baamonde cos seguintes argumentos, que, por certo, non os invento eu, constan por escrito no que o propio alcalde deu en denominar como Plan de impulsión da educación no concello de Begonte; nome certamente rechamante, con tinguiduras megalómanas, cando, en realidade, é un plan de impulso inverso; ou sexa, de retroceso.

Mire, di o señor alcalde: «Os nenos do colexio de Baamonde, polo seu número, teñen que estar agrupados en tres aulas, xuntándose cursos inmediatos, dificultado o traballo dos profesores e imposibilitando que a educación que un colexio pode ofrecer sexa óptima». Por certo, ¿que ten que dicir vostede a esta afirmación de que nas aulas agrupadas a educación non é óptima? Supoño que o paso seguinte será nomear o señor alcalde de Begonte asesor pedagóxico da Consellería de Educación.



E di, ademais, que as instalacións que agora ocupa o colexio de Baamonde serían transformadas para poder convertelas nun conservatorio, ao que non só poderían acudir como ata agora rapaces e rapazas dos concellos de Begonte, Rábade, Outeiro de Rei e da capital da provincia, senón zonas limítrofes para as que Baamonde sería un punto estratéxico pola súa excelente situación e vías de comunicación.

Tamén di o señor alcalde que ten o seu compromiso de investir 900.000 euros para a mellora das instalacións do CEIP Virxe do Corpiño e a conversión do CEIP de Baamonde nese suposto conservatorio.

Atopámonos, señor conselleiro, ante un caso inédito en Galicia —e probablemente en España— dun alcalde que quere pechar un colexio con máis de 30 alumnos, cando precisamente a batalla que se dá sempre é en sentido contrario; é dicir, manter os centros educativos en funcionamento aínda con moitos menos alumnos. E sabe que é así, posto que son debates que se repiten cada inicio de curso. Por iso é moi rechamante que se pretenda pechar un centro que conta con cinco veces os alumnos mínimos cos que vostedes pechan un centro.

Señor conselleiro, resulta moi relevante que en Galicia haxa só 7 conservatorios que dependen directamente da Consellería e que están situados nas principais cidades de Galicia e que haxa outros 27 que dependen dos concellos, que me é imposible citar neste momento porque non me daría tempo.

Sabe vostede que o decreto de creación de conservatorios prevé dúas modalidades: que sexa a propia consellería ou que sexan os concellos.

¿Señor conselleiro, ten o señor alcalde de Begonte o compromiso da Consellería de Educación de construír un conservatorio profesional de música dependente da Consellería nese municipio? ¿Ten o compromiso da Consellería de investir 900.000 euros en distintas reformas?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez. *(Aplausos.)*

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor deputado, obviamente, a Consellería coñece o interese manifestado polo alcalde de Begonte neste asunto; coñéceo por conversas informais —se se pode dicir dalgún xeito— co propio alcalde, como se teñen habitualmente con moitos outros alcaldes, e tamén temos constancia de que acaba de aprobarse no Pleno deste concello un acordo moi recentemente onde se plantexa unha reorganización educativa dentro do termo municipal que pasa pola agrupación de dous centros —vostede dí—: un centro que está en Baamonde e outro centro que está en Begonte. Un ten 30 alumnos e o outro ten sobre 70 alumnos, e a súa proposta, a



proposta do Concello, é agrupalos nun, nun só centro, e o edificio que queda vacante adicalo a un conservatorio, a un conservatorio profesional —como hai moitos, vostede díxoo—, de natureza —entendo— absolutamente municipal, impulsado por un colectivo que está facendo un labor moi boa nesa zona, que é a Asociación Crisanto, que, como vostede sabe, aglutina unha banda. É unha moi boa experiencia, e dá cobertura a tres concellos, a Begonte, a Outeiro de Rei e a Rábade, e crear, evolucionar, dende esa escola de música. Dinme que aproximadamente hai 150 chavales estudando música nesa escola. É un conservatorio que, obviamente, impulsará e desenvolverá o Concello e que nós, dende a nosa perspectiva, apoiaremos, co recoñecemento que hai que darlle. Parécenos unha boa iniciativa.

Dito isto, creo que non convén xerar un alarmismo innecesario ou intentar xerar un falso debate. Aquí non se plantexa un peche, como vostede di, coma se fose un abandono educativo destes alumnos; están a escasos minutos. Obviamente, isto hai que estudalo, hai que avalialo e hai que ver diferentes elementos que poidan axudar a tomar a decisión. Por iso é moi importante que se avalíe, que se estude, que se vexa a proposta e que se tome a decisión, tendo en conta, fundamentalmente, un criterio, e ese criterio é mellorar a calidade educativa dos alumnos e das alumnas deses centros, e ser capaces, se é posible con base nese estudo, de mellorar tamén a oferta educativa integral dese concello e tamén do conxunto da comarca.

Obviamente, pídesenos, neste acordo municipal, neste plan, que é sobre o centro de Baamonde, que sexa desafectado por parte da Consellería e que sexa acondicionado para desenvolver unha actividade musical; unha actividade educativa musical vencellada a esta escola de música, que, como digo, ten unha implementación moi significativa nesa zona e é a que subministra música a unha banda tan significativa como a que acabo de dicir.

En todo caso, hai que estudalo con detalle, hai que analizalo, hai que velo, pero, obviamente, imos adoptar a decisión...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...que dea unha maior cobertura, que dea unha maior calidade ao ensino... *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Ten outro turno despois.

Grazas.

Para a réplica, o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, señor presidente.

Andamos algo despistados cos aplausos. A ver se estamos un pouco máis atentos. *(Risos.)*  
*(Aplausos.)*



Señor conselleiro, algo avanzamos, e agradézollo moitísimo. Evidentemente, o alcalde de Begonte non ten o compromiso da Consellería de Educación de crear un conservatorio profesional de música que dependa da Consellería. Ergo, dependerá no seu momento —caso de que se autorice— do propio concello de Begonte; un concello que, por certo, ten un orzamento para o ano 2021 de 2.770.000 euros. Xa me gustará a min saber como asume o custo do funcionamento dun conservatorio profesional, cousa que si fan, por exemplo, os concellos de Viveiro, de Monforte ou de Vilalba, no caso da provincia de Lugo. Pero, bueno, iso será unha cuestión que terá que afrontar o señor alcalde.

Señor conselleiro, non inicie vostede esa dinámica. Este grupo parlamentario pediu en numerosas ocasións neste Parlamento que se fixese unha comisión, unha mesa de estudo —ou chámelle vostede como queira—, na que houbera un consenso, porque é unha cuestión de país, para redefinir a rede de centros desta comunidade autónoma. Non permita vostede, señor conselleiro, que os alcaldes do PP lle organicen a rede de centros á Consellería de Educación. Esa é unha decisión moi importante que debe ser avaliada, como vostede dixo. O pintoresco é que vostede acaba de dicir que coñece o interese, que hai conversas informais, que hai que estudalo... Hai que, hai que, hai que... ¿Sabe o que non hai que? Non hai que pechar o colexio de Baamonde, (*Aplausos.*) porque pechar o colexio de Baamonde, señor conselleiro, para dar satisfacción a un ataque de megalomanía dun alcalde como o do concello de Begonte, supón iniciar unha dinámica que sabe vostede que non ten retorno, e van vostedes iniciar esa dinámica por dar satisfacción a este alcalde. Señor conselleiro, non o fagan, non pechen ese colexio. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Para o peche da pregunta, o señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** É sorprendente que se acuse de megalomanía a un alcalde que quere facer evolucionar unha escola de música que funciona moi ben, cara a un conservatorio profesional, conxuntamente cun colectivo que xestiona unha escola de música e que xestiona unha banda de música, unha agrupación musical. Eu creo que aí non hai ningunha megalomanía, simplemente hai un interese de dar un servizo, de mellorar un servizo para os xoves, para os nenos desas comarcas, que tamén teñen dereito, como os das cidades ou doutras vilas, a ter unha formación musical de nivel como pode ser a través dun conservatorio, que o pode xestionar, sen dúbida, un concello. Creo que son cuestións absolutamente diferentes.

Vostede intenta mesturar interesadamente todo isto nunha especie de reorganización que vai prexudicar os nenos. Eu creo que en ningún caso. Ao longo da historia prodúcese moitas agrupacións de centros educativos, moitísimas. ¿Ou é que hai moita diferenza pedagóxica, educativa e en metodoloxías entre un centro de 70 e un centro de 100 alumnos? Eu creo que non a hai; sinceramente, non a hai. Creo que van ter a mesma calidade educativa, a non ser que vostede estea dicindo que no colexio de Begonte, no caso hipotético que se leve a cabo esta acción, pois haxa unha mala calidade educativa.

Mire, eu creo que hai que tomar as cousas con moito sentidiño, que hai que avaliar con moito sentidiño estas decisións e que hai que velar, fundamentalmente, polo máis im-



portante, e aquí o máis importante é, sen dúbida, o interese dos alumnos, a mellora dos alumnos, dos nenos e das nenas deste concello, e a mellora dos servizos educativos. Diferente do que vostede di é que o alcalde de Begonte fai unha aposta valente porque sabe que estas apostas sempre xeran certo prexuízo ou certa utilización torticeira dende o punto de vista político. Pero el pensa no futuro e propón ao órgano democrático dese concello, que é o Pleno, unha proposta de futuro que nós estudiaremos. Estou seguro de que tomaremos a decisión que mellor conveña, na nosa perspectiva, ao sistema educativo e aos nenos e ás nenas que hai neste concello e nesta comarca. E creo que iso é o que hai que ter en conta.

Vostede sabe que neste caso tamén se plantexa usar as instalacións deste centro desde a perspectiva de uso público para os propios veciños, para os propios nenos de Baamonde, e o que se busca fundamentalmente é unha reorganización. Non se perde ningún servizo educativo; ao revés, coa proposta do alcalde gáñase un servizo educativo, que é un conservatorio que, como xa dixen, é a evolución natural dunha escola de música que funciona ben e que ten unha agrupación musical que realmente é moi significativa no senso de que agrupa compoñentes de tres concellos. Creo que esa é a liña de traballo: sumar, non dividir; buscar sinerxías e buscar puntos de encontro.

En definitiva, creo que, unha vez que analicemos con...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...detemento isto, tomarase a decisión que máis...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o tempo.

Grazas.

*(O señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Xa está entendido. Grazas.

**Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as liñas de traballo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para impulsar e consolidar a investigación científica e universitaria en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Rodeiro Tato.

**O señor RODEIRO TATO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor conselleiro, boas tardes.





A investigación é un dos obxectivos máis importantes que perseguen os profesionais que traballan nas tres universidades que conforman o Sistema universitario de Galicia. Estes centros de coñecemento avanzado veñen desenvolvendo un gran labor neste campo, conscientes da necesidade de proporcionar á sociedade galega ferramentas e recursos que permitan maiores cotas de benestar e crecemento económico e social. Para un bo funcionamento do sistema universitario, é preciso contar cunha folla de ruta como o Plan de financiamento universitario, que ten demostrado ser útil porque dá seguridade ás institucións académicas. No marco do Plan de financiamento universitario, cómpre salientar que nos últimos anos o Sistema universitario de Galicia marcou un récord no que a financiamento se refire. Galicia é a terceira comunidade en porcentaxe de financiamento universitario en relación co seu produto interior bruto. Por cuarto ano consecutivo márcase unha nova cifra histórica de transferencias ás universidades, sumando neste ano 451,4 millóns de euros; un 2,5 máis que o ano anterior, o que supón 10,4 millóns de euros máis que o ano 2020.

Galicia mantén blindado un financiamento estable das universidades, cunha repartición transparente de fondos, nos que se prima a eficiencia na xestión e a aposta pola investigación. Nesta tarefa, a Administración autonómica non é allea ao proceso necesario e imprescindible de colaboración e cooperación entre os centros de formación, coñecemento e investigación das nosas universidades. No día de hoxe Galicia conta cun modelo baseado en estruturas creadas dentro das universidades e que dende a Xunta de Galicia se está apoiando e incentivando mediante as axudas a contratos en formación de investigadores nas universidades e as axudas ao funcionamento das distintas estruturas de investigación. Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria, reforzar a captación de talento, consolidar os centros de investigación universitaria, son obxectivos que deben ser compartidos pola Administración autonómica, as propias universidades e a sociedade en xeral.

Por todo o exposto, señor conselleiro, gustaríanos preguntar por parte deste grupo parlamentario cales son as liñas de traballo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para impulsar e consolidar a investigación científica e universitaria en Galicia.

Máis nada, señor presidente, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodeiro.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor deputado, como vostede ben sabe, a política de I+D+i da Xunta de Galicia está organizada, e estamos implicados diferentes departamentos. No ámbito da nosa competencia, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, facémolo a través do apoio á investigación universitaria, que, sen dúbida, é o maior axente de investigación de Galicia, xa que o 60 % do persoal investigador de Galicia —aproximadamente unhas tres mil persoas— se agrupa en grupos de investigación vencellados ás universidades e financiados en gran parte



pola Xunta de Galicia. Un exemplo é que dende o ano 2009 aportamos para esta cuestión máis de 500 millóns de euros.

Por suposto, temos un gran compromiso por fortalecer a investigación universitaria, por crear estruturas estables, por crear e apoiar grupos competitivos, grupos de referencia, por fomentar a avaliación de resultados, a calidade do proceso investigador e, por suposto, por impulsar centros de referencia que poidan ser competitivos dentro do marco da investigación. Para iso, é moi importante garantir un financiamento estrutural aos grupos de investigación, e esta consellería, este goberno, faino. Por certo, practicamente é das únicas comunidades autónomas de España que o fai, cun investimento no ano 2021 de 15,4 millóns de euros, que posibilita que os grupos de investigación teñan un financiamento estrutural que posibilite a súa organización interna.

En segundo lugar, tamén vemos que é moi importante apoiar os centros de investigación acreditados. Creamos unha rede con oito grandes centros acreditados, os coñecidos como CiQUS, CiMUS e CiTIUS —e outros que non nomearei—, dentro dun selo de calidade para poder competir no mundo da investigación cos referentes doutras comunidades autónomas, como pode ser Cataluña, País Vasco ou Madrid; competir en bo e con bos resultados.

Tamén somos unha comunidade autónoma que temos un programa completo de formación investigadora único, a nivel autonómico, dentro de España. Temos convocatorias para contratos predoutorais, posdoutorais e de retención de talento. Estes últimos incorporáronse neste último ano, no ano 2020, cun orzamento de 5 millóns de euros, que posibilitaron captar 15 investigadores excelentes que se van consolidar proximamente no ámbito da investigación universitaria.

En definitiva, para a Xunta de Galicia, a investigación, —por suposto, a investigación universitaria— é unha prioridade, e somos tremendamente conscientes da súa importancia e da súa relevancia, tanto para o presente como tamén para o futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Para a réplica, o señor Rodeiro.

**O señor RODEIRO TATO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, un dos piares fundamentais no marco da investigación universitaria e que xoga un papel moi importante son as axudas á formación da carreira investigadora. Nesta liña, Galicia, como ben dicía, conta cun programa pioneiro no marco do Estado español en colaboración coas tres universidades galegas; un programa de axudas aos contratos de formación da carreira investigadora, desde as etapas formativas iniciais —os denominados contratos predoutorais—, continuando coa formación posdoutoral —os contratos posdoutorais— e que se completa con contratos para investigadores distinguidos cunha traxectoria recoñecida e afianzada.



En canto a este programa, gustaríanos preguntar en que situación se atopan as convocatorias de axudas e de apoio á formación predoutoral e posdoutoral. Neste momento, tamén dada a polémica xurdida con estas axudas, gustaríanos que nos dixese, se pode concretar, que adaptacións fixo a Xunta de Galicia para dar resposta, no actual contexto sanitario, e facilitar as estancias de traballo dos investigadores no estranxeiro, se foron adaptacións dialogadas coas universidades e que fórmulas tamén utilizaron a nivel do Estado para resolver esta situación.

Máis nada, señor presidente, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodeiro.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas.

Hai poucos días, o Consello da Xunta aprobou unha convocatoria conxunta entre esta consellería e tamén a vicepresidencia segunda para convocar algo que é único e que é referente en España, que son os contratos pre e posdoutorais. Adícanse 17,6 millóns de euros nesta orde conxunta e plantéxanse un total de 175 contratos de formación para investigadores. Unha das modalidades das posdoutorais xa foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* o pasado xoves; outras, curiosamente, publícanse hoxe, as predoutorais —eu fun predoutoral na miña época máis moza—, e tamén outra das modalidades dos contratos posdoutorais.

Estamos ante a maior convocatoria da Xunta feita nunca para fomentar a investigación universitaria e para apoiar os investigadores. Estamos a falar, como xa dixen, de 175 contratos este ano con esta convocatoria. Anteriormente falabamos de 167; incrementamos un 5 % o orzamento respecto do ano anterior. Estamos a falar de 17,6 millóns de euros. En predoutorais, falamos de 8,2 millóns e 102 contratos, e en posdoutorais, de 9,4 millóns. Son 73 contratos divididos en dúas modalidades, a denominada anteriormente modalidade A —49, 3 anos— e a modalidade B —24 contratos—.

A única diferenza con respecto a outros anos, ademais do incremento orzamentario, é a estrutura da repartición do pagamento aos investigadores. Nestes contratos, na anterior convocatoria, había unha obrigación de que o investigador, na modalidade A, tiña que estar dous anos no estranxeiro para poder posteriormente, no terceiro, incorporarse a Galicia. Obviamente, na actual situación, isto podía prexudicar e xerar moitas problemas aos investigadores, por iso se flexibilizou a convocatoria e se pasou de dous anos continuados a un mínimo de 6 meses e á posibilidade posterior de repartir o conxunto dos 24 meses, se así se quería, entre os tres anos do contrato da modalidade A.

Deste xeito, hai un cambio, un cambio na forma de repartir os fondos, pero en ningún caso hai unha baixada de soldos; non se reducen os salarios. A mesma acción desenvólta nos anteriores contratos, recíbese a mesma cantidade económica nestes anos, e, ademais, estes pactos non son arbitrarios, foron pactados e rubricados coas tres universidades pensando, sen dúbida, que beneficiaban e flexibilizaban unha situación para os investigadores que



podía facer moi difícil que estes fosen ao estranxeiro a formarse para capacitarse e posteriormente seguir investigando en Galicia.

Creo que esta foi unha medida positiva, é positiva; máis alá de certas interpretacións, e...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

*(O señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Rematou o tempo.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da Xunta de Galicia para abandonar o Padroado da Fundación Sargadelos apenas un mes despois da súa entrada nel para impulsar a marca**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela... *(A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Ah! É que aquí pon Noa Susana... *(A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.)* Ben, entón, de D<sup>a</sup> Noa Díaz Varela.

Ten a palabra a señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Boa tarde, señor conselleiro.

A nosa pregunta de agora é ben sinxela, e ademais vostede seguramente saiba respondela sen ningunha dificultade, xa que é un dos protagonistas. O que temos que facer é comezar polos feitos, que teñen certamente unha curta, moi curta, cronoloxía.

Logo de anos —especialmente estes últimos— de incerteza —digamos, por chamarlle dalgunha maneira— da empresa Sargadelos —en parte salvada pola inxección de diñeiro público; din que esa cantidade rolda o millón de euros; iso si, axudas condicionadas á salvagarda do cadro de persoal, unha condición que, como saben, non se cumpriu—, de incerteza pola deriva empresarial dun proxecto que é, lembremos, emblema do noso país, hai uns meses, o pasado 26 de outubro, o Goberno galego anunciaba aos catro ventos a súa entrada no padroado da fundación para —e cito textualmente—: «Impulsar a marca como gran referencia cultural de Galicia e dar así un novo paso na reactivación do legado cultural de máximo nivel dunha das firmas máis simbólicas do país».

O propio conselleiro dicía —tamén con comiñas—: «Cremos que é unha oportunidade fantástica para pór en valor, impulsar e promocionar a innegable transcendencia de Sargadelos na cultura galega».



Ademais, aproveitábase ese anuncio nese acto para comunicar un ambicioso proxecto autonómico de reactivación do complexo de Cervo, que sería recollido nunha folla de ruta na que a Xunta de Galicia estaría implicada —emprego o tempo condicional porque xa dubidamos de se ese proxecto vai continuar ou non—.

Para máis inri, este anuncio facíase coincidindo coa conmemoración do centenario do nacemento do seu fundador, o prezado e admirado Isaac Díaz Pardo. Nós preguntámonos que pensaría el hoxe de todo isto. A sorpresa xorde cando o 9 de decembro, exactamente un mes e catorce días despois da entrada no padroado, coñecemos que a Xunta de Galicia decidira a súa saída «hai uns días» —tamén comiñas, e cito literalmente porque as únicas referencias das que podemos facer uso hoxe aquí son da prensa—.

Claro, ¿como o soubemos? ¿Como soubemos desta noticia? Porque así o explicaban algúns xornais de pasada —iso si, de pasada— nas informacións sobre a fichaxe dunha nova asesora externa en Sargadelos.

Ata aquí o relato obxectivo; eses foron os feitos. Pero, claro, quedan as explicacións, porque quizais sería conveniente que a sociedade galega soubese por que tanto a Xunta de Galicia como o conselleiro de Cultura deciden marchar do padroado un mes despois de entrar, cando a loable finalidade desa entrada era nin máis nin menos que impulsar Sargadelos como gran referente da cultura galega.

Así é que, dende aquí preguntámoslle, señor conselleiro: ¿cales foron as verdadeiras razóns de marchar inexplicablemente, pola porta de atrás, do Padroado da Fundación Sargadelos apenas mes e medio despois de ter ingresado? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Varela.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Alégrome, señora Díaz, de coincidir con vostedes en algo, no senso de que, sen dúbida, Sargadelos é un emblema do noso país, é unha referencia cultural de Galicia e un dos símbolos máis importantes da nosa cultura. Por suposto, parte da nosa identidade vencéllase a Sargadelos. ¿Que galego non ten nas súas casas unha peza de Sargadelos? E cando a vemos e a identificamos, sabemos que estamos vendo Galicia. Creo que iso é moi importante.

Hai un gran legado cultural no que, obviamente, dende a Consellería de Cultura, levamos tempo traballando, apoiando e potenciando, e difundimos na medida das nosas posibilidades toda a forza cultural de Sargadelos.

Efectivamente, o ano pasado recibimos unha invitación da fundación para incorporarnos ao padroado. Isto foi polo verán, e pareceunos unha oportunidade moi significativa para poder seguir traballando a favor do legado cultural de Sargadelos. Nese momento, a finais do verán, prodúcese un feito que, obviamente, non estaba contemplado inicialmente, que foi que a compañía introduce, ou ficha, unha profesional de recoñecido prestixio no sector privado;





unha decisión de absoluto carácter empresarial. Pbviamente, nós démonos conta —e hoxe é unha constatación— de que esta acción privada podía ser utilizada dende a perspectiva política dun xeito malintencionado ou dun xeito torticero para poñer en perigo ou para minusvalorar o legado cultural de Sargadelos.

Precisamente, para evitar calquera tipo de cuestionamento, calquera mala interpretación, calquera tacticismo político ou calquera uso torticero, decidimos non completar a nosa introdución dentro do Padroado da Fundación Sargadelos e tomamos unha postura de mutuo acordo coa fundación para non facelo así. Puxemos, por suposto, por riba dos intereses partidistas —cousa que parece ser que non se fai noutros casos—, os intereses culturais ou as referencias culturais de Sargadelos, xa que non queremos que se ataque a nosa cultura, que se ataque a Sargadelos pola nosa presenza neste padroado.

Se vostede me pregunta se imos seguir apoiando a Sargadelos, á Fundación Sargadelos e ao legado cultural de Sargadelos, a resposta é: rotundamente, si. O noso compromiso cultural e de apoio segue absolutamente intacto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Si, eu enténdoo. Cheguei aquí sabendo que esta era para vostede unha cuestión incómoda —tamén o sería para min—, pero o certo é que agradezo moitísimo esta resposta, porque, ao final, efectivamente, acabamos de comprobar que a entrada de Eva Cárdenas como asesora externa da firma Sargadelos foi o que, dalgunha maneira, motivou a saída da Xunta de Galicia do padroado. ¡É unha mágoa! Francamente, é unha mágoa. Eu agardo, realmente, que ese ambicioso proxecto do que falaban continúe.

Claro, hai unha cuestión aquí que a min me incomoda especialmente, como a vostede probablemente tamén esta pregunta, e é que teñamos que traer esta pregunta precisamente a esta comisión parlamentaria. O máis lóxico sería que do mesmo xeito que se anunciaba aos catro ventos nese acto público esa entrada no padroado, pois tamén, dalgunha maneira, se tivese explicado por que se saía. E así, ademais, probablemente non daría lugar a tanta especulación e probablemente eu hoxe aquí non estaría tampouco facendo esta pregunta.

Pero, claro, facémolo porque, tal e como escribía o xornalista Luís Pardo, na revista *Luces*, a propósito desta cuestión: «*A sensación é de que marcharon tan ás présas que o cigarro que deixaron sobre a mesa aínda estaba botando fume*». Esa é, realmente, a sensación que quedaba. (*Murmurios.*)

Coincidirán comigo en que esa fugaz permanencia no padroado contrasta co ambicioso proxecto e coa oportunidade fantástica que anunciaban días antes. Aquí a única realidade que agora xa sabemos é que a Xunta de Galicia marchou porque esa persoa foi contratada, e, como digo, gustaríanos que no seu día tamén fose explicado así e non que aparecese unha liña de



soslaio e que parecía que non se podía dicir a principal motivación; tendo en conta, ademais, que entendo que a decisión desa contratación non sería cuestión de tres días —porque todos aquí coñecemos un pouco como funciona o mercado laboral— e que, probablemente, xa antes, no momento da entrada na fundación, vostedes xa coñecían que se ía producir.

En todo caso, tamén me gustaría que me explicasen en que consiste ese proxecto que ían poñer en marcha na fundación.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz.

Para o peche da pregunta, o señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas.

A verdade é que, vistas as argumentacións, vistas as insinuacións e vistas as conclusións que fai a señora deputada, non cabe a menor dúbida de que tomamos a decisión adecuada, *(Murmurios.) (Aplausos.)* a máis adecuada para preservar o legado cultural de Sargadelos e para non interferir nunha decisión privada dunha empresa que ficha unha profesional de recoñecido prestixio. Creo que, nese sentido, non deberían de estar os intereses partidistas por encima da defensa do legado histórico e cultural de Sargadelos. Non o entendemos. A verdade é que nos ratificamos en que fixemos ben, en que foi a decisión adecuada, cando a tomamos, para evitar malas interpretacións e usos torticeros con outras motivacións, que son as que aquí se plantexan.

A verdade é que o noso apoio, o noso respecto, a nosa consideración e a nosa admiración cara a Sargadelos e todo o que significou historicamente creo que é indiscutible. Sen ir máis lonxe, acabamos de pechar unha grandísima exposición na Cidade da Cultura —comisariada, por certo, polos fillos de Isaac— referente ao traballo histórico que fixo Isaac dende as súas orixes culturais e a todo o desenvolvemento que fixo tamén dende a perspectiva empresarial para consolidar e converter Sargadelos no que é, no que segue sendo e no que queremos que siga sendo.

Imos seguir traballando, apoiando as iniciativas culturais de Sargadelos; ímolo facer, por suposto, no museo de Cervo, na antiga casa de Isaac, imos seguir desenvolvemento proxectos que poidan potenciar a cultura, potenciar o legado cultural de Sargadelos e, en definitiva, creo que, ao final, a decisión que tomamos, visto o uso malintencionado que se plantexa e visto que non importa prexudicar este legado cultural con debates, ao final, absolutamente estériles, foi a acertada para preservar e para protexer o legado cultural de Sargadelos e, por suposto, para respectar unha decisión empresarial da empresa Sargadelos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.



A vidreira que preside este Parlamento é de don Isacc Díaz Pardo. Dígo por se alguén non o sabía.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a constitución inmediata dunha unidade especializada en xeriatria no hospital de Ourense**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro, permítame que as miñas primeiras palabras sexan para enviar todo o alento deste grupo cara ás profesionais e tamén cara ás persoas que están a loitar neste momento contra a covid-19, e, singularmente, ás que o están a facer desde o Complexo Hospitalario de Ourense. E permítanme tamén transmitirle a nosa preocupación como grupo parlamentario pola situación, a preocupación pola evolución da ocupación das cama UCI e tamén polas declaracións e denuncias que facían nesta mesma semana tanto a Comisión de Centro como o propio Colexio de Enfermeiras e Enfermeiros de Ourense, denunciando falta de persoal, pedindo máis medios de protección, reforzo de persoal e pedindo tamén melloras nos itinerarios e nos protocolos de urxencia. Denuncian que se estaban a mesturar persoas doentes de covid-19 con persoas que non estaba recoñecido se tiñan aínda ou non esa enfermidade. Polo tanto, quero pedirle tamén que, no ámbito das súas competencias, tomen medidas para subsanar esta situación e para reforzar, na medida do posible, tanto a UCI como o persoal, que está —como vostede seguramente sabe— exhausto.

Pedímoslle tamén que melloren a situación no hospital de Ourense respecto á carteira de servizos. A saúde dun hospital non se mide só por aquilo que vai perdendo, senón tamén por aquilo que non vai gañando. E nós entendemos que esta demanda que traemos hoxe a esta Cámara, que se constituía unha unidade específica de xeriatria e xerontoloxía no hospital de Ourense, sería un avance importante, porque a carteira de servizos dun hospital non pode ignorar a sociedade que ten que atender. Sabe vostede que somos a cuarta rexión de Europa máis avellentada —xa non do Estado ou de Galiza—. Polo tanto, tendo máis do 31 % de poboación que supera os 65 anos, tendo tamén a media de idade máis alta de Galiza, entendemos que este sería un servizo importante. Isto foi algo tamén demandado durante a primeira parte da pandemia pola propia Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria, que criticou que non houbera unha unidade deste tipo e que avanzou que sería importante contar con este servizo tamén neste tipo de circunstancias, no sentido de que debería de ser unha ponte coa atención primaria e unha ponte tamén coa atención sociosanitaria. E se de algo serviu esta crise foi para ver a necesidade de servizos coma estes.

Nós somos conscientes, desde o Bloque Nacionalista Galego, de que desde que rexistramos esta pregunta, esta petición, ata incluso o momento de hoxe, ou o momento no que foi incluída a debate, as súas urxencias, as urxencias que están enriba da mesa do Goberno, son moitas. Pero pedímoslle hoxe un compromiso, e por iso lle preguntamos se está na axenda do Goberno galego crear unha unidade específica deste tipo para o hospital de Ourense, que é o hospital que está na capital da zona do país máis avellentada.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señora Presas, a nosa comunidade, efectivamente, conta cun dos índices de envellecemento máis elevados de toda España. Esta non é unha situación nova e dende a Consellería de Sanidade e dende a unidade de Ourense, dende logo, traballouse sempre con esa perspectiva. E os nosos servizos, tanto a nivel autonómico como a nivel da provincia de Ourense, están perfectamente adaptados a estas circunstancias.

Aínda que a especialidade de xeriatria nace para poder atender os pacientes de máis idade e con pluripatoloxías, é certo que é unha especialidade relativamente recente. É unha especialidade que se creou no ano 1978 cando, por exemplo, só a había en Inglaterra e en Irlanda. Empezou paseniño, paso a paso e, aínda que agora hai 74 prazas MIR acreditadas que se ofertan cada ano, é certo que o ritmo de implantación destes servizos nos distintos hospitais de España e, en particular, de Galicia, é máis lento do que en xeral nos gustaría a todos. Con iso foi e é difícil establecer unidades de xeriatria en todos os centros hospitalarios. Como vostede sabe, en Galicia unicamente están no hospital de Vigo, máis concretamente, no Hospital do Meixoeiro —que segue sendo a unidade docente acreditada—, e no hospital de Lugo. Por iso, non só os pacientes maiores deixan de ser atendidos en Ourense, en Vigo —na outra parte da área sanitaria— na Coruña, en Pontevedra ou en Ferrol. É dicir, que non haxa servizo de xeriatria non significa que os doentes de máis idade non se atendan; como tampouco pasa no Hospital Universitario de Salamanca, ou no Hospital Central de Asturias, ou no mesmo 12 de Octubre, ou en toda a rede asistencial dos hospitais do País Vasco.

Como dicía, é unha especialidade nova que compite, ademais, con outra especialidade moi potente e moi prestixiosa, e con moito que aportar no coidado das persoas maiores —como ben sabe vostede—, que é a de medicina interna. Estes profesionais, os de medicina interna, contan con moitos coñecementos, que lles permiten abordar, coa colaboración doutras especialidades, o tratamento destes pacientes. E ademais, en concreto, moitos deles contan cunha formación específica para persoas maiores.

Podería vostede pensar que se os especialistas de Medicina Interna atenden os maiores, estarán saturados; pois o certo é que non, porque no crecemento destes servizos fóronse adaptando á cobertura deste tipo de pacientes. Por poñer un exemplo: no hospital de Ourense hai 31 médicos internistas, e no hospital de Lugo, entre internistas e xeriatras, hai 34. Como pode ver vostede, son números bastante similares, con matices de xente que fai gardas ou non fai gardas, pero, como ve, números moi parecidos. Polo tanto, teña seguro que o hospital de Ourense está perfectamente dotado para atender as persoas maiores que ten no seu ámbito; o de Ourense, o de Verín e o do Barco de Valdeorras. Ben é certo que é unha especiali-



dade que terá que ir pouco a pouco introducíndose —como dicía— en todos os ámbitos, seguramente non como unidades de asociación convencional, como podemos pensar en interna, senón máis como consultores. De feito, en Ourense durante un tempo houbo en Hado —un servizo importante tamén— xeriatras. Pero o camiño, máis que de servizos clásicos, é o de apoio multidisciplinar, e, dende logo, se temos ocasión, iremos avanzando nesta liña.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas pola súa resposta, señor conselleiro, pero a verdade é que non me satisfai.

Gustaríanos desde o grupo parlamentario que houbese un compromiso máis forte e máis garantista por parte da Administración galega, e, se é posible, tamén respecto de prazos. Porque sabemos bastante de doentes de Ourense que son desprazados a Vigo e, polo tanto, creo que esa comparación non é afortunada. Pero, en todo caso —tomando o guante da cuestión que vostede explicaba—, precisamente temos que preguntarnos: se, a estas alturas, Vigo xa ten unha unidade deste tipo, ¿por que non Ourense? Porque a demografía é unha desculpa ou foi unha desculpa durante estes anos para que vostedes retiraran servizos como o de Cirurxía Pediátrica, e nós non compartimos ese argumento.

Pero indo ao seu propio argumento da demografía e da importancia do peso da poboación maior, desde logo, é un claro argumento a favor de que hai que desenvolver unha unidade deste tipo en Ourense, formato máis clásico ou formato máis innovador. Nós, desde logo, apostamos —efectivamente, como reclama a Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría— por que iso teña un papel activo e conectado tanto co mundo sociosanitario, coa situación das residencias e outros soportes de atención aos maiores, como tamén coa propia atención primaria, que, ao final, ten que ser un ámbito fundamental de atención aos nosos maiores máis do que é na actualidade. Pero, desde logo, non queremos ver falta de compromiso, porque entendemos que, se nun sitio ten que apostarse pola implantación deste servizo, ten que ser en Ourense. E, precisamente, a experiencia que se irradie desde o CHUO tería que ter un papel fundamental co hospital de Valdeorras e co hospital de Verín para ter unha mellor atención, e, máis aínda, nun momento de pandemia.

Hai outras urxencias enriba da mesa, pero somos conscientes tamén de que a pandemia non rematou, de que seguramente teñamos outras vagas e de que teñamos tamén consecuencias respecto da poboación maior e da poboación en xeral. Polo tanto, apostar por unha unidade deste tipo daríanos tamén máis capacidade de afrontar as consecuencias no futuro.

Polo tanto, reclámolle máis contundencia no seu compromiso e tamén que non desatenda as outras cuestións que eu puña enriba da mesa...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.





**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** As denuncias que hai esta semana...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas.

*(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas, señora Presas. Terminou o tempo.

*(Aplausos.)*

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Moitas grazas.

En primeiro lugar, quero insistir nunha mensaxe de tranquilidade —que estou seguro de que vostede non pretende o contrario— para todos os familiares de pacientes ingresados no hospital de Ourense, no de Verín, no do Barco de Valdeorras, no de Salamanca, ou no da Coruña ou no de Vigo..., onde non hai xeriatras. Que estean totalmente tranquilos, porque os seus familiares están perfectamente atendidos polos internistas que dende anos están facendo ese labor. Isto non é unha discusión de se internistas ou xeriatras, pero, por favor, non traslademos a máis mínima dúbida sobre a atención que reciben os nosos maiores nestas residencias, nos centros sanitarios.

Como tampouco entendo a comparación de trasladar de Vigo a Ourense. Evidentemente, ningún paciente de Ourense se traslada a Vigo para estar atendido polo xeriatra —repito—, porque hai internistas perfectamente dotados e facilitados no hospital de Ourense para que iso non sexa necesario. Trasládanse, como vostede ben sabe, outras cousas, e non se trasladan para cirurxía pediátrica porque en Ourense, de momento, segue habendo cirurxía pediátrica, aínda que vostede diga que non.

Evidentemente, todo é mellorable. E, como dicía eu, máis que en servizos clásicos de medicina interna ou de xeriatría, temos que avanzar noutro formato de atención multidisciplinar. E, nese sentido, tanto en Ourense como no resto de áreas sanitarias, temos que traballar por esa integración de especialistas específicos para certas tarefas. Pero —repito— a atención sanitaria, especialmente nos pacientes covid ou non covid nas patoloxías máis prevalentes —quero insistir en que no hospital de Ourense e en todos os da rede galega, que son todos menos dous, que é onde hai xeriatras—, está perfectamente garantida polos especialistas de Medicina Interna. Repito, estamos abertos —estase agora a estudar o novo modelo de residencias sociosanitarias— a traballar a integración con atención primaria, e, repito, esa abordaixe multidisciplinar, onde os xeriatras, se os houbera, porque tamén —como dicía— agora mesmo hai 74 unidades especialistas de xeriatría que compiten en todo o Estado. Eu tiven a experiencia de contactar con varios deles, pero Cataluña, por exemplo, foi moito máis atrac-



tiva que Galicia para vir. E non lle digo nada de levar un xeriatra a Verín ou ao Barco de Valdeorras, onde é francamente difícil conseguir un internista; unha interinidade, por exemplo.

Polo tanto, digo que non é fácil, que non é doado, acadar esa superespecialización —que é do que estamos a falar— en hospitais deste tipo; pero, dende logo, imos intentalo dentro dese novo modelo, e, se é posible incorporar xeriatras nos equipos multidisciplinares, que manexan mellor, se cabe, as patoloxías máis prevalentes dos anciáns da nosa comunidade —non só de Ourense, repito, senón de toda Galicia—, farémolo, por suposto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Queda unha interpelación, que saben que tivemos que aprazar ata esta hora, e ímola substanciar agora.

### **Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a intensificación da campaña de vacinación para a covid-19**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

E boa tarde a todas e a todos, que dende a mañá non saudei.

Hoxe trasladamos unha cuestión que nos parece importante sobre o Plan de vacinación porque probablemente sexa o debate máis importante agora mesmo da organización do sistema. A ilusión moderada e fundamentalmente controlada da situación ao fío do Plan de vacinación merece tamén que poidamos ter un debate, unha conversa e incluso unha proposta que teremos no próximo pleno, para traballar sobre isto.

En primeiro lugar, no noso grupo queremos celebrar —se é que nestes tempos se pode dicir isto, «celebrar», pero enténdase a prudencia— o éxito que supón a colaboración entre administracións diversas, distintas, a distinto nivel, de distintos modelos sanitarios, e a colaboración entre as administracións e a ciencia —digamos— para facer realidade a posibilidade de que hoxe se estea vacinando xente. E, por suposto, para nós é importante aquí, en Galicia, pero tamén en toda España, en toda Europa e en moitas partes do mundo. É un éxito da ciencia e das administracións, e eu creo que tamén é bo poñelo na diana porque hai un cabreo notorio sobre a función das administracións nesta pandemia —explicable perfectamente por moitas razóns—, pero tamén é bo poñer enriba da mesa algunhas cuestións, e eu creo que é un éxito. Na medida en que este goberno tamén estivo implicado nesa cuestión, tamén ten os noso parabéns; todas as administracións implicadas. A verdade é que sempre é unha alegría poder celebrar que a ciencia ten avances. A ciencia avanza que é unha marabilla ultimamente, e incluso coa incorporación de moitísimas probas distintas... Están



en China incorporando tests novos de PCR, con tests anais que teñen unha capacidade e unha eficiencia enorme. Quero dicir que a ciencia avanza que é unha cuestión indescribible.

Tamén está ben, sobre este debate, mencionar —porque aquí, ás veces, hai debates interesantísimos para os leigos na materia sobre o mercado— como foi o impulso das administracións públicas, como foi o investimento público, o que puxo en valor e puxo en prioridade a fabricación dunha vacina, e como é o interese propio do mercado desregulado o que está poñendo un problema agora na difusión, no transporte e na distribución desa vacina. En definitiva, como diría Rodrigo Rato: «*es el mercado, amigos*». Pois nin as farmacéuticas nin Rodrigo Rato parece que vaian ser modelos de éxito para que un sistema sanitario poida funcionar correctamente. E estamos véndoo agora coas vacinas. Probablemente estea algunha empresa vendéndoas por detrás a terceiros países, nunha cuestión de subasta absoluta do que tivo un investimento público potentísimo. E nós aí respaldamos que a Comisión Europea sexa firme e sexa dura coa exixencia dos contratos.

Tamén está ben, e é importante destacar, como destacamos o valor da ciencia e falamos de vacinación —e hoxe falouse disto e respondeu a unha cuestión o conselleiro de Educación—, que, se falamos de vacinación e do avance da ciencia, hai un problema cos investigadores neste país. Aquí en Galicia temos un problema porque non estamos financiando. Hai grupos de traballo sobre vacinas e tratamentos alternativos contra a covid-19 que non reciben nin un só céntimo de euro da Xunta de Galicia; investigadores públicos aquí en Galicia, nas universidades, que non reciben ningunha axuda directa, ningunha colaboración da Xunta de Galicia.

Hai unha política industrial que permitiu que unha empresa potentísima, con capital galego, con persoas, con investigadores e investigadoras galegas, traballadores galegos acabe indo para Portugal. E seguro que vostedes lle van votar... Esta vez non sei quen terá a culpa, seguramente tamén Pedro Sánchez, Gonzalo Caballero, ou Matteo Renzi ou Putin. Nunca o Goberno galego; iso é seguro que non a vai ter.

E é certo que, ademais, temos investigadores galegos nas fundacións biomédicas que traballan sobre cuestións importantísimas aínda sen convenio, e a Xunta ofrécelles contratos rácanos, míseros para a formación e a capacidade que teñen. Iso tamén é I+D, e iso tamén é importante para traballar sobre as vacinas e sobre os futuros problemas, porque sempre, ao final, nos vai sacar a ciencia do asunto. Polo tanto, non teñamos diante dos fociños as cousas, unha solución para o problema do mañá que empecemos a resolver mañá. Empecémolo a resolver hoxe e contratemos ben os nosos investigadores.

No Plan estatal de vacinas é importante aclarar unha cousa. Eu, evidentemente, non son un tremendo experto no Plan estatal de vacinas, fíome do que din os expertos, que son os que saben. Escoitei, recentemente, xa non sei se hoxe ou onte —neste pleno maratoniano que temos, perdín un pouco a referencia—, a Federico de Montalvo, presidente do Comité de Bioética de España, que dicía que temos o plan de vacinación máis robusto de Europa. Eu non podo asegurar se é certo ou non, pero danme fiabilidade as persoas que os especialistas consideran referentes para presidir os comités. Dígoo porque se escoitan algunhas cousas de xente que di que hai que escoitar os expertos, pero resulta que el é un experto en todo e



non escoita a ningún. O presidente do Comité de Bioética de España di que temos o plan de vacinación máis robusto de Europa.

E a Xunta de Galicia presumiu notoriamente de que había algún membro no grupo de traballo estatal que se incorporou pola proposta da Xunta de Galicia; e está ben, celebrámolo. Celebrámolo porque, ademais, é parte dese grupo que propuxo un acordo para o Consello Interterritorial do 23 de decembro, que as comunidades autónomas aceptaron —e vouno repetir, que as comunidades autónomas aceptaron e ningunha se queixou—, sobre a distribución das vacinas, sobre cando chegarían, como, os grupos que había que vacinar primeiro... Todas as normativas e todo o marco foi definido. Iso si, o da lealdade despois hai que practicalo un pouco, porque cando vén aquí o presidente queixarse do Plan de vacinación que o 23 de decembro aceptaron vostedes alí, nese consello interterritorial, é moi difícil de entender. Nós cremos que é moito mellor evitar esas tensións innecesarias.

Non vou entrar —entrei á mañá e mencioneino, e, descúlpeme, señor conselleiro, que non estaba vostede— sobre esa afirmación do señor Feijóo, que veu hoxe un pouco alterado de máis a presumir de que dende o primeiro día estaban poñendo a famosa sexta dose. E, como dixeron —e repito e non imos entrar niso—, eu estiven. Vostede, en bo ton e en bo labor, informa os grupos parlamentarios dalgunhas cuestións que van avanzando, e nós falamos desa cuestión dende o principio. Nós falamos desa cuestión e hoxe o presidente dixo o que dixo, e ímolo deixar aí seguramente.

O problema está en que parece que hai unha certa egolatría incómoda. Parece que a algún presidente autonómico —non vou dicir quen— lle molesta o Plan de vacinación porque avanza. Porque hoxe veu dicir practicamente —e isto si que non o imos aceptar—, que tiña razón —e non pasa nada por ter un erro— cando dixo que as vacinas chegarían no segundo trimestre deste ano, porque, en realidade, que «o que estaba chegando agora, non era vacina ningunha». Díganllo á xente que se está vacinando. «Non, pero o de agora non é... Xa verán vostedes como chegan en abril». En abril chegarán tamén, pero levamos dende decembro xa vacinando. E, por tanto, creo que é importante destacar que hai que transmitir confianza e seguridade no procedemento, non xerar tensións e non alimentar... ou, por non recoñecer un erro, ter que poñer en dúbida todo un plan; plan que, ademais, vostedes aceptaron.

¿Hai erros no Plan de vacinación? Si, e é bastante natural que existan cando hai un número de vacinados moi amplo. Algúns son explicables. Como tamén trasladei esta mañá, hai algúns que se coñecen, que son públicos, e hai denuncias públicas feitas, pero que tampouco imos entrar niso, porque temos a capacidade —ou intentamos tela— de consultar, de saber e de saber cando hai realmente informacións reais detrás que merezan ser estudadas e cando non. Algún erro non o estamos destacando porque cremos que é explicable, se é que foron erros, como algúns sindicatos denunciaron, nalgún punto da xeografía. Algúns outros, si. Non entendemos como hai acusacións de que 200 persoas se vacinaron en Pontevedra, e o único que temos é un xerente que fixo de *youtuber* para dar unha explicación. Entón, o que está mal, está mal, fágao quen o faga. E, por tanto, hai que explicar por que esas acusacións si teñen algún fundamento.

Sobre o persoal da vacinación, quero dicir que nós plantexamos que é necesario máis persoal. ¿É necesario máis persoal hoxe? Non porque alguén aprendera a sumar ou a multiplicar



nunha calculadora e dixese con tanta facilidade que podemos poñer 100.000 vacinas nun día, ou algo así, ou 9.000... Díxoo alguén o outro día nalgunha rolda de prensa, 9.000 nun día. Si, 9.000 nun día, baixo ese cálculo que vostede tamén transmite de que 45 vacinas postas nun día por enfermeira, se hai 200 enfermeiras, son 9.000. Claro, ese é un cálculo razoable, pero a cuestión está en plantexarse un pouco máis alá da rolda de prensa e do titular fácil.

Primeiro, se se poden poñer 9.000 vacinas ao día, ou 100.000 nunha mañá, como se dixo hoxe practicamente, ¿por que nun plan de vacinación da gripe, que normalmente vacinan nun ano estándar —non neste, que foi excepcional— 250.000 persoas, máis ou menos, se tarda meses? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque non é tan fácil.

¿E por que fai falta persoal para o que vén diante? Porque ata o de agora estabamos vacinando en lugares concentrados, como nunha residencia. E alí entrábase e vacinábase a dez minutos por persoa, e entrábase nun hospital e vacinábase, pero a partir de agora vai haber que ir ás casas, vai haber que citar, coas lentitudes que iso ten, porque a xente vén ou non vén en hora, hai xente que non pode nuns días e vén noutros... Non é tan rápido vacinar agora, cando a xente ten que vir ou hai que desprazarse a onde ela está, como cando están concentrados. Isto é unha cuestión de loxística natural. E se, ademais diso, imos ter moitas máis vacinas —conforme pase o tempo, imos ter máis vacinas; oxalá o de AstraZeneca se resolva e chegue pronto, e a de Janssen; oxalá todas esas empecen a resolverse—, necesitamos máis persoal para poder vacinar a esa velocidade que imos necesitar.

En definitiva, nós plantexamos esta interpelación para saber realmente se este plan de incorporar máis persoal que vai ser necesario está visto pola Consellería e para plantexar que é importante superar a tensión, e non facer disto un combate, como está facendo algún político ou líder político en Galicia, que está alimentando unha tensión innecesaria. Hai que abandonar a tensión, hai que xerar confianza e hai que evitar certa dose de partidismo ou de frontismo, que hai algún que cada vez que ve diante a alguén doutro partido parece que se pon moi nervioso e necesita dicir: «¡que guapo son, que bo son, e, ademais, se vou a Madrid, van ver onde estou eu!». Non se trata diso, trátase de alimentar o feito de que é un éxito e de que podemos facelo mellor. Faise ben, pero podemos facelo mellor, e hai algunhas cousas que nós queremos plantexar sobre iso.

Polo de agora, máis nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Grazas, presidente. Moi boa tarde.

Boa tarde, señorías.





Señor Torrado, grazas por formular no pleno esta interpelación e por poder trasladar de novo, como xa se fixo recentemente na Comisión 5ª, o traballo realizado en Galicia nun dos momentos clave desta pandemia, que é o da vacinación.

E tamén quería darlle as grazas a vostede e a todas as súas señorías por ter sido flexibles na acomodación do horario, porque, en principio, hoxe estaba previsto o Consello Interterritorial, que, finalmente, teño que dicir que non se celebrou a esa hora da mañá, pero non valía a pena volver cambiar a hora. Repito, grazas a todos por iso.

Sen dúbida, estamos afrontando un dos días cos datos máis duros, e non só con datos, con xornadas moi duras, en todos os hospitais da nosa comunidade, polo que quero trasladarlles dende aquí o meu recoñecemento a todos os profesionais que se esforzan todos os días para combater a covid-19.

E tamén quero recordar, non podemos deixar de facelo, a todas as galegas e galegos que faleceron durante esta pandemia.

Antes de nada, non quixera deixar de contestarlle, en primeiro lugar, ás tres preguntas que vostede formulaba na interpelación. A primeira era por que Galicia non intensificaba a campaña de vacinación contra a covid-19 ata chegar ao máximo posible de doses aplicadas. O motivo —penso— é coñecido por todos. Nós aplicamos todas as doses que nos chegan e, se tivéssemos máis doses, máis persoas vacinadas teríamos.

Pregunta, ademais, se hai intención por parte do Goberno de ampliar a contratación extraordinaria de profesionais sanitarios para a campaña de vacinación. Como vostede sabe, nós recrutamos 200 enfermeiras de atención primaria fundamentalmente —algunha delas da especialidade de familia comunitaria, pero basicamente todas do ámbito da atención primaria— para poder conformar eses equipos que se ían desprazar inicialmente polo territorio para administrar a vacina. Formámolas de xeito creo que adecuado, démoslle a dotación tamén correspondente, o seu teléfono móbil e os seus portátiles; e comezaron, como vostede ben sabe, a desprazarse neste caso para vacinar de xeito prioritario ao chamado grupo 1, que non son outros que os residentes das institucións sociosanitarias, e tamén os seus traballadores.

Quero dicir e destacar que Galicia creo que foi das poucas comunidades que se centrou especificamente neste grupo, porque, ademais, así estaba consensuado no plan, cando puídemos ver que outras comunidades autónomas empezaron tamén a vacinar a persoal sanitario, cousa que nos pareceu ben, pero nós —repito— axeitámonos estritamente ao establecido e empezamos especificamente con este primeiro grupo.

A estas enfermeiras hai que sumarles para as seguintes fases os profesionais dos servizos de Medicina Preventiva e de Medicina do Traballo dos hospitais das sete áreas sanitarias e dos 400 centros hospitalarios. E, por suposto, contamos, como non podía ser doutro xeito, coas 2.000 enfermeiras de atención primaria, que, como vostede ben dicía, teñen experiencia dabondo na vacinación, por exemplo, da campaña da gripe, na que este ano, moi recente, se vacinaron máis de 850.000 persoas; e fixérono nun período de tempo axeitado, primeiro, porque é unha vacina que se pon con bastante antelación —a campaña empezou o 13 de ou-



tubro e rematou o 31 de decembro, aínda que o ampliamos, como ben sabe, ata o 15 de xaneiro—. O tempo, neste caso, non era un factor crítico, pero, efectivamente, cremos que estas profesionais son as persoas que máis experiencia teñen na vacinación da gripe e que máis acostumadas están a facelo.

Vostede dirá: ¿onde está a contratación extraordinaria? Como tamén vostede sabe, esas 200 enfermeiras que recrutamos, substituímos con outras 200 enfermeiras. Co cal o incremento de plantilla do Servizo Galego de Saúde nas enfermeiras de atención primaria é do 10 %. Pode parecer moito ou pouco, pero a nós parécenos bastante razoable.

Con este grupo de enfermeiras, tanto coas 200 primeiras como coas 2.000, se é necesario, cremos, efectivamente, que temos capacidade para vacinar no contexto dunha chegada masiva de vacinas, que oxalá suceda. Se non sucede, ou mentres non sucede, por suposto cremos que, cos recursos que temos agora mesmo, temos capacidade suficiente.

Tamén preguntaba vostede se se ían ampliar os horarios e días habilitados para a vacinación de cara a optimizar o volume das doses aplicadas. A resposta é non; non podemos amplialos máis porque se vacina todos os días posibles, sábados, domingos e tamén festivos, se fose necesario. Creo que temos perfectamente axeitada a nosa capacidade de vacinación ás vacinas que agora recibimos.

Evidentemente, teño que dicir que en Galicia facemos todo o posible para que, canto antes, todas as persoas que poidan, poidan recibir esta vacina.

O Plan galego de vacinación ten demostrado —cremos— que é unha ferramenta axeitada, e agradezo as súas palabras de recoñecemento. Creo que, ademais, é un mérito de todos, especialmente deste grupo de enfermeiras, que deron ese paso, que son voluntarias e que están a facer este enorme traballo. E tamén do persoal das residencias sociosanitarias, que nesta primeira fase colaborou con elas en facer fluído este proceso, sen que tiveramos ningún incidente de ningún tipo nas residencias. Tampouco houbo reaccións adversas notables, máis que as habituais e leves. Polo tanto, quero dicir que é un gusto poder dicir isto e, sobre todo, é mérito deste colectivo de profesionais aos que tamén quero engadir, por suposto, todas as persoas que traballan no aspecto loxístico, que non é doado.

Polo tanto, dende a Xunta de Galicia creo que fixemos un esforzo para poder dispoñer o antes posible dun plan de vacinación fronte ao coronavirus adaptado non só ás características tan singulares da vacina —contamos, en primeiro lugar, coa de Pfizer, neste caso—, senón tamén adaptado á realidade galega. Por iso contamos cun único centro de almacenaxe e distribución, cunha redistribución diaria da vacina, dende o que inicialmente se desprazaron as doses a máis de 556 centros nese grupo 1, as residencias de maiores e de discapacidade, onde se vacina os seus usuarios e tamén os traballadores; aos que houbo que sumar na seguinte fase os centros hospitalarios e os centros de saúde. Temos vacunado xa o persoal de todos os centros de saúde da comunidade autónoma e tamén os profesionais do grupo 2, neste caso, os sanitarios de primeira liña, na meirande parte das áreas sanitarias. Levamos ata o de agora —datos da páxina web do Ministerio de onte— 70.324 vacinas administradas. Falan dun 102 % das doses recibidas, evidentemente, con ese aspecto que vostede comentaba



da sexta dose, do que creo que non temos por que ocultalo, e xa o dixemos ademais dende o principio.

Concretamente, nas residencias levamos dispensadas un total de 46.680 doses e xa hai 12.000 persoas que teñen a súa pauta completa, a segunda dose. E no ámbito dos profesionais sanitarios de primeira liña, estamos xa por preto dos 26.000. Por iso quero destacar a boa posición que acadou Galicia respecto da administración da vacina fronte ao coronavirus, este bo traballo que lle corresponde á planificación —dicía antes— e sobre todo a ese equipo de profesionais cos que contamos.

Tamén mantivemos colaboración, como vén sendo habitual, co Ministerio de Sanidade, como non podía ser doutro xeito, con ese técnico que vostede mencionaba que forma parte da Ponencia de Vacinas, e, por suposto, en todas as reunións do Consello Interterritorial nas que se plantexou os temas de vacinación, sempre levamos o noso consenso respecto aos grupos diana de vacinación, por exemplo, e á súa priorización. Non temos ningunha dúbida ata o de agora respecto a iso. É certo que estamos, como dicía, nos grupos 1, 2, 3 e 4, e estamos aínda discutindo o grupo 5.

Si que tivemos discrepancias —e así se manifestaron publicamente— na proporción de doses que recibiamos nese primeiro grupo, porque non foron coñecidos. Nós non sabemos máis que os datos das que recibimos, pero non o criterio obxectivo nin os números que o Ministerio fixou para iso. Iso pediuse, e ademais reclamouse, no Consello Interterritorial. Por se acaso volve pasar, tamén o reclamamos de cara a ese suposto grupo 5 —que aínda non está pechado, por certo—, que é o dos maiores de 80 anos. Nós pedimos, como parece lóxico, que se finalmente o grupo 5 é a poboación de máis de 80 anos, Galicia reciba as doses correspondentes á poboación de maiores de 80 anos que ten —esperemos—. Así nolo dixo o ata onte ministro de Sanidade, que dixo que o tería en conta, e esperamos que sexa así. E se non o é, como non o foi a primeira vez, ou non sabemos por que non foi a primeira vez, volveremos dicilo, porque creo que é a nosa obriga.

Dicía que, neste caso, o primeiro grupo fixado nesta estratexia foi o de usuarios e traballadores de residencias, que —como vostede tamén sabe— xa iniciou a vacinación da segunda dose o 17 de xaneiro, na residencia Porta do Camiño, onde se iniciou a vacinación en Galicia o 27 de decembro. E o martes 13 de xaneiro comeza a vacinación do segundo grupo diana da estratexia, os profesionais sanitarios de primeira liña, rematando a comezos da semana pasada a administración da primeira dose nese grupo.

Con estes datos, estou intentando afirmar que Galicia está levando a cabo un proceso de vacinación coa maior dilixencia, e iso non sería posible, como dixeran antes, sen o persoal que voluntariamente se ofreceu para conformar o noso corpo de elite: esas 200 enfermeiras expertas en vacinación e que administraron a vacina por todo o territorio galego. Dende aquí quérolles mostrar o meu agradecemento, así como a todos os profesionais sanitarios que loitan contra a pandemia.

Quero destacar unha cuestión fundamental, fixada no Plan galego, no que temos previsto a denominada «loxística inversa», que permite que tanto os residuos derivados da vacinación



como os viais sobrantes, de ser o caso, se recollan nos puntos de vacinación e sexan trasladados posteriormente ao centro de almacenamento, garantindo a conservación da cadea de frío.

Aquí gustaríame facer un inciso e aclarar que Galicia, xa dende o primeiro momento, como dicíamos, si que puido sacar esta sexta dose e que un par de semanas despois, neste caso Pfizer, modificou a ficha técnica, e incorporouno nela.

Polo tanto, administrar esas 18.500 doses era o compromiso inicial de doses, e o que nos remitía xeralmente o Goberno central. Administramos 22.126 doses; é dicir, podemos vacinar un 20 % máis de poboación.

O feito de que Galicia empregara xa dende o primeiro momento as xiringas máis axeitadas demostra a previsión coa que se traballaba na Consellería e a eficacia do noso plan. Isto —repto— permítenos vacinar un maior número de persoas no menor tempo posible; iso si, dentro do límite das doses que recibimos. Con isto, despois de que a chegada de vacinas diminuíra nos últimos días, estamos en disposición de rematar a vacinación nas residencias de maiores e de discapacidade a vindeira semana; un total de 24.000 residentes e de 7.500 traballadores. Creo que isto é un logro importante, e nesa mesma semana —como dicía antes— comezaremos a vacinación da segunda dose deses profesionais de primeira liña, deses máis de 26.000 profesionais.

Se as nosas previsións se cumpren e non se ralentiza máis o ritmo de chegada —que parece ser que non, pola última información que nos deu Pfizer—, poderíamos vacinar na segunda semana os grupos 3 e 4; é dicir, o resto de profesionais sanitarios, e os denominados grandes dependentes.

Para isto, estamos traballando cos colexios profesionais, para que nos remitan as listaxes dos seus membros, e tamén traballamos coa Fegamp e con Política Social para poder reunir información do persoal sociosanitario que traballa especialmente nos servizos de axuda no fogar, e, neste caso, en política social, nos centros de día.

O seguinte é que, despois de que o Ministerio anunciase o venres que seguía a vacinar o grupo 5, o de maiores de 80 anos, traballamos, por suposto, para coordinar a súa vacinación.

Comprométome aquí, señor Torrado, a que en Galicia esteamos preparados para administrar todas as vacinas que recibamos. De feito, agardamos recuperar o ritmo de chegada de vacinas canto antes para poder cumprir eses prazos que anunciamos. En Galicia contamos con todos os medios materiais e humanos dispostos a afrontar o reto da vacinación, e, mentres non podemos vacinar a poboación xeral, temos que seguir traballando na prevención e no diagnóstico precoz co que poder diagnosticar canto antes a todas as persoas contaxiadas e poder cortar así a transmisión comunitaria.

A Xunta de Galicia actuou en todo momento con celeridade para facerlle fronte a esta pandemia, iniciando incluso procedementos que, dalgún xeito, foron pioneiros...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.



**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** ...como o covid-auto ou os tests de saliva.

Estamos vivindo, por suposto, un momento clave na pandemia, o comezo da vacinación, grazas a que moitas persoas, das máis vulnerables fronte ao virus, recibiron a pauta completa de vacinación, e que supón un pequeno raio de esperanza nesta pandemia que vivimos dende hai practicamente xa un ano. Non debemos esquecer o cumprimento das medidas que por parte de todos temos que adoptar, tanto as restritivas como as medidas hixiénicas. É fundamental para que canto antes poidamos rematar coas terribles consecuencias que esta pandemia ten ocasionado en España e en Galicia, non só sanitarias, senón tamén as económicas e sociais.

Quero rematar facendo un agradecemento a todo o persoal que participa na campaña de vacinación e tamén a todo o persoal de todos os ámbitos da sanidade galega que, con vocación, afrontaron estes meses de pandemia e que, sen dúbida, colaborarán coa recuperación de tantos e tantos galegos.

Dende Galicia seguiremos traballando para rematar canto antes con esta pandemia. Debe ser un esforzo colectivo. E a Xunta de Galicia seguirá garantindo que se vacine sempre segundo os grupos estipulados, o máis axiña posible e o maior número de persoas posible.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Para a réplica, o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Eu alégrome de que vostede non faga ese frontismo que vemos noutras ocasións por parte dalgún compañeiro seu de gabinete, e celébroo; creo que é importante.

Non me respondeu nada sobre algúns pequenos erros no proceso de vacinación, ou que, polo menos, se advirte que poden ser erros. Nós primeiro queremos coñecer as explicacións, e digo que alguén quixo que o xerente ao que lle correspondía, polo menos, dera as explicacións que lle corresponden a el. Nós cremos que é máis cuestión de que se deran dende o Goberno, aínda que parece que deu algunhas que non coinciden coa realidade advertida, nalgúns casos, como dicimos, pero estaría ben.

Afirmaba vostede que temos xa, con ese persoal incorporado, esas 200 enfermeiras, capacidade para vacinar todo o necesario no caso que teñamos diante, sexa cal sexa — polo que entendín — o volume e o ritmo que recibamos. Non o temos tan claro. E argumentamos de novo, basicamente. ¿Por que? Porque agora — aínda que agora, evidentemente, o ritmo, digamos, é máis liberado — non o están facendo, nin moito menos, ao ritmo máis extremo que se pode facer, pero é certo que a situación que imos ter é moi distinta. Quero dicir, vai





haber un volume grande de vacinas. Non é cuestión de se mañá ou pasado, pero vainas haber, máis cedo que tarde. E, cando existan, e ademais os grupos de vacinación sexan máis dispersos, é máis difícil, loxisticamente, vacinar. E non temos esa capacidade con 200 persoas. Vostede xa advertiu que existen profesionais no sistema que poden vacinar. Claro, pero, entón, xa estaremos retirando a eses profesionais do seu labor ordinario para vacinar. Nós o que plantexamos é: ¿non é este o momento tan claro para facer as cousas de maneira tan eficiente como para que poidamos contratar máis profesionais se fan falta? Porque nós cremos que van facer falta.

Fíxese vostede, hai 200 enfermeiras vacinando, e hai 52 sacerdotes no Sergas. Temos un sacerdote por cada catro enfermeiras que vacinan. Igual algún sacerdote pode vacinar, xa sabe o que dixo Ayuso: «Todo aquel que poida pinchar...». Eu tampouco os vexo. *(Aplausos.)* Eu, se se pode escoller —a min cando me toque, que me tocará moi tarde—, prefiro unha enfermeira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Home!, mire se sairán baratos que falan un montón de conselleiros e non lle aplaudiron a ningún. Non sei se sairán baratos. Eu prefiro unha vacina dunha enfermeira, non sei... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En fin...

**O señor PRESIDENTE:** Un pouco de orde. Estamos nun debate serio...

**O señor TORRADO QUINTELA:** É Churchill...

**O señor PRESIDENTE:** Serio, e ademais de transcendencia.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ¡Claro!

**O señor PRESIDENTE:** Á xente este debate interésalle moito porque está en xogo a vacinación. Polo tanto, pídolle que sexamos serios nisto.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Estou de acordo, señor presidente.

Eu insisto, creo que se o Sergas ten ese volume de contratación comparado de enfermeiras e de sacerdotes, eu creo que sería mellor investilo en enfermeiras por completo. Supoño que non hai ningún sacerdote vacinado no Sergas; supoño, pero agradeceríame que mo aclarara. Eu dou por feito que non, e estou convencido de que non. Pero, agora que vexo tanto rebumbio, non vaia ser que un... En fin, agardo que non, pero non está de máis que nolo diga.

A cuestión está en que, como dicía, se collemos profesionais doutros servizos, desatendemos. E isto, se o sabemos de antemán, é dicir, se xa temos a previsión de que é posible ter que necesitar algúns extraordinariamente ou circunstancialmente, doutros servizos, e se os collemos e os poñemos, entón imos prever a cuestión e contratamos máis; total, ao final, dentro desta circunstancia, non hai ningunha posibilidade de que ninguén interprete mal, nin teña ningunha percepción negativa, ao contrario, de contratar profesionais aínda que sexa para isto, como diría aquel. É o momento máis claro; aquí todos imos estar absolutamente de acordo, e pídolle que o valoren porque cremos que é importante.



Sobre a distribución, dígolle que está axustada —e vostedes sábena— aos grupos que se van vacinar. É fácil o argumento: temos máis maiores e, polo tanto, chégannos menos vacinas para os nosos maiores. Xa, pero estamos vacinando sanitarios. É dicir, o argumento de que, como temos máis maiores —non digo que fora o que deu vostede agora—, que nos dean máis vacinas para vacinar sanitarios... Isto é como aquilo das peras e das mazás de Ana Botella... Non vai así. Se temos menor porcentaxe da que cremos que temos, igual é porque temos menos sanitarios dos que debemos ter. Se tivéssemos máis sanitarios nesta volta, teríamos máis vacinas. E, como di vostede, claramente está ben, evidentemente, o que o Ministerio coordinou con vostedes tamén, que no grupo no que tiñamos máis persoas —que nós temos unha porcentaxe maior de persoas maiores con respecto a outras comunidades autónomas—, teremos máis vacinas, porque nese grupo temos máis peso; van distribuíndo as vacinas que hai que poñer. Dar vacinas en función da poboación, cando non se vai vacinar a poboación xeral, é facer un truco estatístico que non ten sentido. Se imos vacinar sanitarios, deamos en proporción aos sanitarios. Non é tan complicado. Non é tan complicado como que vostedes —que teñen unha persoa dentro dese plan que o deseñou, que o aceptou, e vostedes aceptárono— saben que ese é o criterio, porque acaban de dicir aquí, en medio minuto, primeiro, que non sabemos, e logo, que o Ministerio nolo explicou. É así; polo tanto, parece que é razoable, imos vacinar este grupo.

En todo caso, nós tamén trasladamos: se se vacinou a todos os profesionais dos centros de saúde, ¿vacínouse tamén a todo o persoal de limpeza? Son empresas externas e sabemos que teñen a posibilidade de asumir... Non é persoal do Sergas, pero son persoas que están en contacto con residuos e que teñen un hábito continuo de estar no centro de saúde, e tamén podería ser —aínda que non dicimos que teña que ser— unha cuestión importante; gustaríanos que nos aclarara se están ou non están. Ás veces, nalgúns áreas sanitarias, dise que si e noutras que non, e non sabemos se hai un criterio sobre iso.

En definitiva, nós si plantexamos que é posible ser máis intensos. Vacinamos agora nun día o mesmo que antes na primeira semana enteira; polo tanto, é posible ser máis intensos, e agora o somos máis que hai tres semanas. É posible, é normal, a primeira semana é máis difícil, a operatividade é a primeira vez que se fai, é comprensible; pero que non nos volva pasar dentro de tres semanas que vacinemos nun día despois o mesmo que agora nunha semana, e que non sexa, polo menos, por unha cuestión de persoal.

Nós si plantexamos que o mellor para vacinar son os profesionais sanitarios; cremos que é moi apropiado. Se van ser as enfermeiras, parécenos perfecto, pero que sexan as enfermeiras do sistema público de saúde, que xa sabe que hai comunidades onde este debate existe. E nós, ademais, garantimos o noso apoio completísimo a todas as decisións que sexan incorporar profesionais...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor TORRADO QUINTELA.** ...para vacinar máis, porque imos ter máis dificultades lóxicas xa que a situación vai ser máis difícil e porque hai que ir vacinar de maneira deslocalizada e con maior volume de vacinas.



Polo tanto, apoiaremos iso e agradecemoslle que nolo poida aclarar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado. *(Aplausos.)*

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Peche da interpelación.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Moitas grazas, presidente.

Moitas grazas, señor Torrado.

Fala vostede do ritmo que estamos tendo agora. Primeiro, por sorte —creo que xa o comentamos—, o ritmo que estamos levando agora é o mesmo ritmo que puxemos non o primeiro día, que vacinamos soamente a 150 residentes, pero si a partir do segundo. Temos nese sentido un ritmo constante. Nós o que fixemos foi repartir esas 21.000 doses que nos chegan cada semana —en principio entre estas 200 enfermeiras, e, neste caso, en equipos de dúas para facer máis fácil o traballo e tamén os desprazamentos—. Entón, estamos agora mesmo —coas vacinas que recibimos— ao ritmo axeitado —iso si, para vacinar sábados e domingos e acabar canto antes—. E volvo insistir nese esforzo que están a facer estas enfermeiras.

O número de vacinas, por suposto, esperamos que aumente, e non esperamos que aumente, probablemente —e vou ser claro—, ata finais do mes de marzo —coas previsións que temos agora—. Porque, aínda que as doses de Moderna se incorporaron xa —chegáronos hai dúas semanas 1.800—, ían chegar esta semana. E por motivos seguramente alleos, e só imputables á compañía, esta semana non chegaron. É certo que non contabamos xa moito con elas. Usámolas nese caso, por suposto, con profesionais do ámbito hospitalario, porque teñen as súas características especiais que non facilitan moito o desprazamento aos centros de saúde, por exemplo. Usaremos —cando nos cheguen— as seguintes para garantir a segunda dose, que é un tema tamén delicado que tamén comentamos. A necesidade de garantir sempre esa segunda dose fixo que ao principio fomos máis prudentes e fixeramos a reserva estratéxica, o que despois nos deu bastante oxíxeno cando, por motivos neste caso achacables á repartición de vacinas, non chegaron nunha semana máis que 11 bandexas en lugar das 18.

Pero dicía que, cando no mes de marzo esas doses cheguen, nós imos seguir apostando polas enfermeiras de atención primaria. Agora apostamos por un grupo delas, e pretendemos tamén que estas enfermeiras neste período poidan baixar aos centros de saúde. Estamos falando aproximadamente dunha ratio dunha enfermeira referente por cada dez enfermeiras de atención primaria. Parécenos unha ratio axeitada para coordinar, para dar formación, para colaborar no proceso de vacinación. E cremos que tamén para que, cando chegue ese aumento importante de vacinas que esperamos todos, estas enfermeiras poidan dedicar unha parte importante da súa xornada a vacinar, como fan habitualmente —como vostede ben dicía— durante ese período longo de tempo entre outubro e decembro. Se un dividira o tempo que ten unha enfermeira de atención primaria e vise canto tempo dedica ás vacinas,



probablemente o 20 % do seu tempo en media anual, e nun ano calquera, sexa de vacinación. ¡Oxalá, oxalá necesitemos non un 20 % senón un 80 % das enfermeiras de atención primaria dedicadas a isto!

En todo caso, temos máis recursos. Temos máis recursos porque temos as enfermeiras de atención hospitalaria, como as de medicina preventiva, que, por exemplo, están a vacinar agora a todos os profesionais sanitarios. Das 26.000 vacinas que puxemos estes días no grupo I, 9.150 son en atención primaria, e as restantes 17.000 foron nos hospitais. E fixémoslo nunha semana. Quero dicir que tamén temos músculo nos hospitais.

Pero repito que a nosa idea é seguir contando coas profesionais que cremos que mellor poden facer este traballo, que o levan facendo moito tempo e que están, ademais, en centros moi capilares, moi cerca dos cidadáns, nos centros de saúde. En cada concello de Galicia hai un centro de saúde, e parécenos o sitio axeitado para recibir aí esa vacinación coa súa enfermeira. E se esa enfermeira ten que facer algunha outra tarefa, repito que temos esas enfermeiras de reforzo. E se fan falta máis enfermeiras, por suposto que as usaremos. Oxalá —repito— que teñamos que contratar moitas máis enfermeiras por recibir as doses en moi pouco tempo. Esa sería a mellor noticia para todos.

E estou seguro, ademais, de que, se iso se dera, todo o mundo ía botar unha man, os profesionais sanitarios e incluso —aínda que non sexa a nosa intención, e aproveito a ocasión para dicilo aquí— todos eses colectivos que se ofreceron voluntariamente a traballar na vacinación —nomeadamente os colexios médicos e de enfermaría, que se puxeron en contacto con nós para, no caso de ser necesarios, estar á nosa disposición—. Dixémoslle que de momento, cos datos que temos, e sobre todo coa carencia de vacinas que recibimos semanalmente, non é preciso. Pero se fose preciso, a nosa idea —repito— é usar as enfermeiras de atención primaria, que son as que máis experiencia teñen, e poder así desenvolvela.

Non quería deixar de comentar —e agradézolle, ademais, o ton— os aspectos relacionados con eses erros ou con esas situacións que se puideron dar. Isto non é fácil, porque creo que todo o mundo cre que a súa situación é peculiar. Pero por iso nós fixemos unha instrución que repartimos a todas as áreas sanitarias na que dicíamos claramente o criterio para vacinar nesta primeira fase. E o criterio era tan doado ou tan complexo como que entendíamos que a primeira liña era a daqueles profesionais que traballan, ben con pacientes covid diagnosticados, é dicir, os das unidades covid, por poñer un exemplo, onde hai un señor que ten un diagnóstico e que está nunha área que pon «*unidade covid, no pasar*» —ese que pasa por aí, para min, é un profesional de primeira liña, porque vai traballar directamente cunha persoa infectada— ou aqueles traballadores que manexaban pacientes con alta sospeita —por exemplo, os de urxencias, os de atención primaria ou os das unidades precovid, por exemplo—.

Este era o criterio, e con ese criterio eu teño que defender que unha pinche de cociña que sobe á unidade covid, que abre esa porta que pon «*covid, no pasar*», que entra coa súa bandeja a servir a comida, é de primeira liña. E vacináronse. As traballadoras da cociña das unidades covid vacináronse. E se había unha persoa de cociña fixa, vacinábase esa; e se eran cinco que rotaban, vacinábase as cinco.



Administrativos claro que se vacinaron, nomeadamente os administrativos de atención primaria. Todos os PSX de atención primaria vacináronse, porque falamos de unidades pechadas.

¿Sacerdotes? Non o sei, non coñezo a listaxe. Pero se hai algún sacerdote que abre esa porta e entra a visitar un paciente covid, probablemente teña que vacinarse tamén. ¿Por que non? O concepto que utilizamos foi o de «unidades covid» e o de todo o mundo que entraba aí. (*Murmurios.*) Mirareino e direillo, pero de verdade que non me estrañaría se é unha persoa que entra. Témoslos porque dan auxilio espiritual —de calquera tipo, pero dano—. E se entran nas unidades covid, ¿por que non imos vacinalos? Pero repito que non sei o dato porque non tiven esa inquietude de mirar se estaban vacinados ou non.

Pero repito que o criterio era este. E, fronte a este criterio, o xerente da área sanitaria de Pontevedra, nun xesto que o honra, dixo que se equivocara nunha listaxe. Non é doado, as listaxes xéranse de xeito automático, porque manexamos —dicía— 26.000 persoas nesas listaxes, e é posible que algún erro vaia neles. Por exemplo, erros de xente que non está en activo, xente que está en IT. Temos incidencias de xente que está en IT e di que se quere vacinar. O que lle dicimos é que, cando se incorpore ao seu posto de traballo, se vacinará, por suposto que si. Creamos ademais un buzón de correo electrónico para xestionar esas incidencias.

Creo que, evidentemente, puidemos ter algún erro. Asumímolo e pedimos perdón por ese erro. Pero creo que en xeral neste proceso de vacinación priorizamos as residencias —que volvo insistir en que o dicía a propósito con toda intención—, priorizamos o máis crítico para nós, que eran as persoas das residencias. Fomos vacinalos primeiro e tivemos algunha crítica dalgún sanitario que non entendía por que vacinabamos primeiro nunha residencia que nos hospitais. Mantivemos ese criterio. Fomos primeiro ás residencias, aos traballadores —aos 17.500—, e, ademais de facerlles eses dous tests de antíxenos, de saliva, que lles facemos á semana, vacinámoslos como primeiro criterio. Vacinamos aí e vacinamos os profesionais de primeira liña.

Repito que pode haber algún erro, claro que si, pero creo que ese erro non debe empañar esta campaña, que a fixemos entre todos; especialmente —repito— as traballadoras de atención primaria, que deron ese paso adiante para facelo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Remata aquí o pleno. Boa noite.

*Remata a sesión ás oito e vinte e oito minutos da tarde.*






## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura	(S)	39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
2. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	41. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
4. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	42. Pérez López, Daniel	(BNG)
5. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	43. Pérez López, Noelia	(P)
6. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	44. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
7. Armada Pérez, José Antonio	(P)	45. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
8. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	46. Porro Martínez, María Corina	(P)
9. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	47. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Prado del Río, Paula	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Puy Fraga, Pedro	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Rey Varela, José Manuel	(P)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
18. Cores Tourís, José Manuel	(P)	56. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
19. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	57. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
20. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Fernández Alfonso, Ramón	(BNG)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Fernández Prado, Martín	(P)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	64. Sanz Arias, Cristina	(P)
27. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	65. Seco García, Martín	(S)
28. García Martínez, Fabiola	(P)	66. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
29. González Albert, María	(BNG)	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
30. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	68. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
31. González Vázquez, José	(P)	69. Torrado Quintela, Julio	(S)
32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	70. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
33. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Martínez García, Valeriano	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	75. Vereá Fraiz, Borja	(P)
38. Ortega Otero, Marina	(S)		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

